# PLENO DO PARLAMENTO

***19 de novembro de 2018***
***10.00 horas***

***Fascículo 1***

***Debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019***

# PLENO DO PARLAMENTO

***19 de novembro de 2018***
***10.00 horas***

***Fascículo 2***

***Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas***

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
13 NOV. 2018
Núm. 12227

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 19 de novembro de 2018, ás 10:00 hs., no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 13 de novembro de 2018, a orde do día da sesión é a seguinte:

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 (doc. núm. 39155, 10/PL-000010)**

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 374, do 19.10.2018*
*Publicación de emendas á totalidade, BOPG n.º 382, do 13.11.2018*

**Punto 2. Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (doc. núm. 39156, 10/PL-000011)**

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 374, do 19.10.2018*
*Publicación de emendas á totalidade, BOPG n.º 382, do 13.11.2018*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria a devandita reunión.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 13/11/2018 12:31:42**

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

# RELACIÓN DE MEMBROS DE
# **PLENO DO PARLAMENTO**
POR ORDE ALFABÉTICA

| | |
|---|---|
| Luis Manuel Álvarez Martínez | S |
| María Encarnación Amigo Díaz | P |
| María Ángeles Antón Vilasánchez | P |
| Raquel Arias Rodríguez | P |
| Xosé Luís Bará Torres | BNG |
| Moisés Blanco Paradelo | P |
| Noela Blanco Rodríguez | S |
| María de la Concepción Burgo López | S |
| Marcos Cal Ogando | EM |
| Diego Calvo Pouso | P |
| Francisco Casal Vidal | EM |
| Jaime Castiñeira Broz | P |
| Luca Chao Pérez | EM |
| Francisco José Conde López | P |
| María de los Ángeles Cuña Bóveda | EM |
| Juan Manuel Díaz Villoslada | S |
| Teresa Egerique Mosquera | P |
| Raúl Fernández Fernández | S |
| César Manuel Fernández Gil | P |
| Xoaquín María Fernández Leiceaga | S |
| Martín Fernández Prado | P |
| María Ángeles García Míguez | P |
| Carlos Gómez Salgado | P |
| José González Vázquez | P |
| José Manuel Lago Peñas | EM |
| Abel Fermín Losada Álvarez | S |
| Beatriz Mato Otero | P |
| Flora María Miranda Pena | EM |
| Jacobo Moreira Ferro | P |
| Antonio Mouriño Villar | P |
| María Guadalupe Murillo Solís | P |
| María Isabel Novo Fariña | P |
| Marta Nóvoa Iglesias | P |
| Aurelio Alfonso Núñez Centeno | P |
| Alberto Núñez Feijóo | P |
| Patricia Otero Rodríguez | S |
| Rosa Oubiña Solla | P |
| José Alberto Pazos Couñago | P |
| José Manuel Pérez Seco | S |
| María Luisa Pierres López | S |
| Ana Belén Pontón Mondelo | BNG |
| María Montserrat Prado Cores | BNG |
| Paula Prado del Río | P |
| Jesús Miguel Prado Patiño | P |
| Noa Presas Bergantiños | BNG |

| | |
|---|---|
| Pedro Puy Fraga | P |
| Rosa María Quintana Carballo | P |
| Paula Quinteiro Araújo | EM |
| José Manuel Rey Varela | P |
| José Luis Rivas Cruz | BNG |
| Olalla Rodil Fernández | BNG |
| Marta Rodríguez Arias | P |
| María Julia Rodríguez Barreira | P |
| David Rodríguez Estévez | EM |
| Moisés Rodríguez Pérez | P |
| Matilde Begoña Rodríguez Rumbo | S |
| Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez | P |
| Cristina Isabel Romero Fernández | P |
| Alfonso Rueda Valenzuela | P |
| María Soraya Salorio Porral | P |
| Antón Sánchez García | EM |
| Miguel Ángel Santalices Vieira | P |
| Carmen Santos Queiruga | EM |
| Eva Solla Fernández | EM |
| Miguel Ángel Tellado Filgueira | P |
| María Dolores Toja Suárez | S |
| Julio Torrado Quintela | S |
| Julia Torregrosa Sañudo | EM |
| Gonzalo Trenor López | P |
| Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna | P |
| Sandra Vázquez Domínguez | P |
| Paula Vázquez Verao | EM |
| Daniel Vega Pérez | P |
| Patricia Vilán Lorenzo | S |
| Luis Villares Naveira | EM |

**Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia**
**X Lexislatura**
(actualizada 9 de outubro de 2018)

## Para votación por chamamento

| APELIDOS E NOME | GP | SI | NON | ABST |
|---|---|---|---|---|
| 1. Álvarez Martínez, Luís Manuel | S | | | |
| 2. Amigo Díaz, María Encarnación | P | | | |
| 3. Antón Vilasánchez, María Ángeles | P | | | |
| 4. Bará Torres, Xosé Luís | BNG | | | |
| 5. Blanco Paradelo, Moisés | P | | | |
| 6. Blanco Rodríguez, Noela | S | | | |
| 7. Cal Ogando, Marcos | EM | | | |
| 8. Casal Vidal, Francisco | EM | | | |
| 9. Castiñeira Broz, Jaime | P | | | |
| 10. Chao Pérez, Luca | EM | | | |
| 11. Cuña Bóveda, María de los Ángeles | EM | | | |
| 12. Díaz Villoslada, Juan Manuel | S | | | |
| 13. Egerique Mosquera, Teresa | P | | | |
| 14. Fernández Fernández, Raúl | S | | | |
| 15. Fernández Gil, César Manuel | P | | | |
| 16. Fernández Leiceaga, Xoaquín María | S | | | |
| 17. Fernández Prado, Martín | P | | | |
| 18. García Míguez, María Angeles | P | | | |
| 19. Gómez Salgado, Carlos | P | | | |
| 20. Lago Peñas, José Manuel | EM | | | |
| 21. Losada Álvarez, Abel Fermín | S | | | |
| 22. Mato Otero, Beatriz | P | | | |
| 23. Miranda Pena, Flora María | EM | | | |
| 24. Moreira Ferro, Jacobo | P | | | |
| 25. Mouriño Villar, Antonio | P | | | |
| 26. Murillo Solís, Maria Guadalupe | P | | | |
| 27. Novo Fariña, María Isabel | P | | | |
| 28. Nóvoa Iglesias, Marta | P | | | |
| 29. Nuñez Centeno, Aurelio Alfonso | P | | | |
| 30. Otero Rodríguez, Patricia | S | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 31. Oubiña Solla, Rosa | P | | | |
| 32. Pazos Couñago, José Alberto | P | | | |
| 33. Pérez Seco, José Manuel | S | | | |
| 34. Pierres López, María Luisa | S | | | |
| 35. Pontón Mondelo, Ana Belén | BNG | | | |
| 36. Prado Cores, María Montserrat | BNG | | | |
| 37. Prado del Río, Paula | P | | | |
| 38. Prado Patiño, Jesús Miguel | P | | | |
| 39. Presas Bergantiños, Noa Olalla | BNG | | | |
| 40. Puy Fraga, Pedro | P | | | |
| 41. Quinteiro Araújo, Paula | EM | | | |
| 42. Rey Varela, José Manuel | P | | | |
| 43. Rivas Cruz, José Luis | BNG | | | |
| 44. Rodil Fernández, Olalla | BNG | | | |
| 45. Rodríguez Arias, Marta | P | | | |
| 46. Rodríguez Barreira, María Julia | P | | | |
| 47. Rodríguez Estévez, David | EM | | | |
| 48. Rodríguez Pérez, Moisés | P | | | |
| 49. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña | S | | | |
| 50. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta | P | | | |
| 51. Romero Fernández, Cristina Isabel | P | | | |
| 52. Salorio Porral, María Soraya | P | | | |
| 53. Sánchez García, Antón | EM | | | |
| 54. Santos Queiruga, Carmen | EM | | | |
| 55. Tellado Filgueira, Miguel Ángel | P | | | |
| 56. Toja Suárez, María Dolores | S | | | |
| 57. Torrado Quintela, Julio | S | | | |
| 58. Torregrosa Sañudo, Julia | EM | | | |
| 59. Trenor López, Gonzalo | P | | | |
| 60. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel | P | | | |
| 61. Vázquez Domínguez, Sandra | P | | | |
| 62. Vázquez Verao, Paula | EM | | | |
| 63. Vega Pérez, Daniel | P | | | |
| 64. Vilán Lorenzo, Patricia | S | | | |
| 65. Villares Naveira, Luís | EM | | | |

| DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 66. Quintana Carballo, Rosa María | P | | | |
| 67. Conde López, Francisco José | P | | | |
| 68. González Vázquez, José | P | | | |
| 69. Rueda Valenzuela, Alfonso | P | | | |
| 70. Núñez Feijoo, Alberto | P | | | |
| **DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO** | | | | |
| 71. Burgo López, María de la Concepción | S | | | |
| 72. Arias Rodríguez, Raquel | P | | | |
| 73. Solla Fernández, Eva | EM | | | |
| 74. Calvo Pouso, Diego | P | | | |
| 75. Santalices Vieira, Miguel Ángel | P | | | |

## Reunión do Pleno do Parlamento

**Día: 19.11.2018** **Hora: 10.00**

## Orde do día

2. Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (doc. núm. 39156, 10/PL-000011)

*Publicación da iniciativa, BOPG núm. 374, fascículo 2, do 19.10.2018*

*Publicación de emendas á totalidade, BOPG núm. 382, do 13.11.2018*

# SUMARIO

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

### 1.1.2. Propostas de normas

### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas [- 39156 (10/PL-000011)] 126129

# 1. Procedementos parlamentarios

## 1.1. Procedementos de natureza normativa

### 1.1.2. Propostas de normas

### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

**Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas**

- 39156 (10/PL-000011)
Presidencia da Xunta de Galicia
Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

O Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, xunto coa súa documentación anexa, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia o día 18 de outubro de 2018, tivo entrada no Rexistro do Parlamento de Galicia o día 19 de outubro de 2018 (núm. de rexistro 39156).

A Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces, na reunión do día 19 de outubro de 2018, acordou, ao abeiro do disposto no artigo 111.2 do Regulamento, a tramitación do proxecto de lei, a súa asignación á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, e a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

Sublíñase que, ao abeiro do artigo 68.2 do Regulamento, se declaran hábiles para os efectos parlamentarios os luns e sábados e que a tramitación do Proxecto de medidas fiscais administrativas se someterá, logo do cumprimento dos requisitos regulamentarios, ao seguinte calendario:

| Trámite | Data |
|---|---|
| Cualificación, admisión a trámite e asignación a Comisión: Mesa –Xunta de Portavoces | 19 de outubro de 2018 |
| Publicación BOPG | 19 de outubro de 2018 |
| Remate prazo emendas | 7 de novembro de 2018 |
| Mesa da Comisión 3.ª: cualificación emendas | 12 de novembro de 2018 |
| Publicación emendas á totalidade | 13 de novembro de 2018 |
| Mesa-Xunta de Portavoces para fixar a orde do día Pleno ordinario do 20 de novembro: debate totalidade | 13 de novembro de 2018 |
| Remate prazo prórroga, se é o caso, emendas parciais | 16 de novembro de 2018 |
| Pleno: debate de totalidade | 20 de novembro de 2018 |
| Mesa da Comisión 3.ª: cualificación emendas parciais e convocatoria da Comisión: designación da Ponencia | 23 de novembro de 2018 |
| Publicación emendas parciais BOPG | 26 de novembro de 2018 |
| Comisión: designación da Ponencia | 26 de novembro de 2018 |
| Ponencia | 29 de novembro de 2018 |

| Trámite | Data |
|---|---|
| Mesa da Comisión 3.ª e convocatoria da Comisión | 30 de novembro de 2018 |
| Publicación do informe da Ponencia BOPG | 30 de novembro de 2018 |
| Ditame da Comisión | 11 de decembro de 2018 (pola tarde) |
| Mantemento de emendas | 13 de decembro de 2018 |
| Publicación do Ditame BOPG | 14 de decembro de 2018 |
| Mesa-Xunta de Portavoces para fixar as ordes do día do Pleno orzamentario (18 de decembro) e do ordinario (19 de decembro) | 12 de decembro de 2018 |
| Pleno | 19 de decembro de 2018 |

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2018
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
19 OUT. 2018
Núm. 39156

galicia
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
19 OUT. 2018
SAÍDA
Num. 353

Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia polo procedemento de urxencia e coa preferencia prevista para as leis de orzamentos no Regulamento da Cámara, pola súa vinculación co Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, achégolle o **Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas**, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 18 de outubro de 2018.

Achégase, asemade, certificación expedida polo secretario do Consello da Xunta, co visto e prace do Sr. presidente da Xunta de Galicia, e documentación complementaria.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 19/10/2018 09:04:01

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA

VALERIANO MARTÍNEZ GARCÍA, CONSELLEIRO DE FACENDA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día dezaoito de outubro de dous mil dezaoito, adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

"Aprobar, de conformidade co establecido no artigo 4 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, o *Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas,* e a súa remisión ao Parlamento de Galicia para a súa tramitación polo procedemento de urxencia e coa preferencia prevista para as leis de orzamentos no Regulamento da Cámara, pola súa vinculación co Proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019".

E para que conste asino a presente, co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a dezaoito de outubro de dous mil dezaoito.

Vº. e Prace
O PRESIDENTE

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

**PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS**

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

# EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

## I

Os orzamentos requiren para a súa completa aplicación a adopción de diferentes medidas, unhas de carácter puramente executivo e outras de carácter normativo, que, pola súa natureza, deben adoptar rango de lei e que, como precisou o Tribunal Constitucional, non deben integrarse nas leis anuais de orzamentos xerais senón en leis específicas.

O debate doutrinal acerca da natureza das chamadas leis de acompañamento foi resolto polo Tribunal Constitucional, que configurou este tipo de normas como leis ordinarias cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración normativa da que goza o lexislador e que permiten unha mellor e máis eficaz execución do programa do Goberno nos distintos ámbitos nos que desenvolve a súa acción.

Desde esta perspectiva, tendo presente a actividade que desenvolve a Comunidade Autónoma de Galicia, cuxos obxectivos se explicitan na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019, e co obxecto de contribuír a unha maior eficacia e eficiencia destes, a presente lei contén un conxunto de medidas referidas a diferentes áreas de actividade que, con vocación de permanencia no tempo, contribúan á consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola Comunidade Autónoma a través da execución orzamentaria.

Este é o fin dunha norma cuxo contido esencial o constitúen as medidas de natureza tributaria, aínda que se incorporan outras de carácter e organización administrativos.

## II

En canto á estrutura da lei, esta se divide en dous títulos: o primeiro dedicado ás medidas fiscais e o segundo ás de carácter administrativo.

O título I, relativo ás medidas fiscais, está dividido en dous capítulos.

O capítulo I introduce medidas en materia de tributos cedidos. Así, no que atinxe ao imposto sobre a renda das persoas físicas, recóllense varias

XUNTA DE GALICIA

modificacións das deducións na cota íntegra autonómica co obxectivo de fomentar a inversión, a creación de emprego e impulsar as inversións en I+D+i.

Así, na dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación, amplíase o tipo de dedución aplicable ás cantidades investidas, o seu límite así como os requisitos da mesma, e, por outra banda, se amplía o ámbito subxectivo da dedución por doazóns con finalidade en investigación e desenvolvemento científico e innovación tecnolóxica para introducir as doazóns a Pemes innovadoras, a iniciativas de emprego de base tecnolóxica e a empresas participadas por organismos de investigación.

Por outra banda, recóllense dúas novas deducións para facer efectivas as medidas aprobadas polo Decreto 55/2018, do 31 de maio, de medidas urxentes para a reparación de danos causados pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018.

No que atinxe ao imposto de sucesións e doazóns, duplícase a redución por parentesco no caso de que resulten herdeiros os irmáns pasando de 8.000 a 16.000 euros coa finalidade de aliviar a súa carga tributaria na liña iniciada no ano 2016 cos descendentes directos.

No imposto sobre o patrimonio modifícase a escala vixente para reverter a suba acordada en 2013 no contexto da crise económica.

Polo que se refire ao imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas e actos xurídicos documentados, co obxectivo de seguir favorecendo o dereito constitucional de acceso á vivenda redúcese o tipo impositivo aplicable na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas para a adquisición de vivenda habitual con límite de patrimonio para determinados colectivos, como son as persoas con discapacidade, as familias numerosas ou os menores de trinta e seis anos.

Por último déixase sen contido a regulación do tipo autonómico do imposto sobre hidrocarburos ao terse integrado co tipo estatal en virtude da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para 2018, recolléndose, en consecuencia, na disposición derrogatoria a derrogación expresa do artigo 18 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo.

XUNTA DE GALICIA

O capítulo II, relativo aos tributos propios, está integrado por un único precepto sobre taxas no que se prevé, por unha banda, a elevación dos tipos das taxas de contía fixa e, por outra banda, se introducen diversas modificacións na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, consistentes tanto na creación de novas taxas como na modificación dalgunhas vixentes.

O título II, relativo ás medidas administrativas, está dividido en doce capítulos.

No primeiro dos capítulos, dedicado á materia de emprego público, se introducen modificacións na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. En concreto, en materia de órganos administrativos competentes, atribúese a función de propoñer ao Consello da Xunta os proxectos normativos referentes ao persoal funcionario suxeitos a un réxime singular ou especial, en exclusiva, á persoa titular da consellería sectorialmente competente, e, en relación coa competencia para a convocatoria e resolución dos concursos de provisión de postos de traballo, diferénciase segundo se trate de concursos ordinarios ou específicos. Por outra banda, respecto dos procesos que sexan obxecto de convocatoria independente para persoas con discapacidade, prevese que tales probas sexan de características similares ás que se realicen nas convocatorias ordinarias, sen prexuízo de que, en todo caso, os contidos das probas deban axustarse á natureza do proceso. Así mesmo, se recollen medidas de protección das vítimas de violencia de xénero en relación cos procesos selectivos e as listas de contratación temporal.

En sede de permisos e licenzas, amplíase a duración do permiso por parto e do permiso por adopción ou acollemento, como medida favorecedora da conciliación da vida persoal, familiar e laboral, e se modifica o artigo 129.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, co fin de evitar a falta de correspondencia do indicado nel e no artigo 141 da mesma lei, en relación coas retribucións do persoal funcionario en prácticas que xa estivese prestando servizos remunerados na Administración como persoal funcionario de carreira.

Ademais, en aplicación da disposición adicional quincuaxésima cuarta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, dáse nova redacción ao número 3 do artigo 146 da Lei 2/2015, do 19 de abril, co fin de eliminar as restricións retributivas derivadas das situacións de incapacidade temporal e da expedición de licenza por enfermidade, o que determina, así mesmo, a derrogación do artigo 2 da Lei 1/2012, do 29

XUNTA DE GALICIA

de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como se recolle na disposición derrogatoria.

En relación cos corpos e escalas, por un lado, introdúcense modificacións na disposición adicional novena co fin corrixir o requisito relativo ao máster esixido para o exercicio da docencia en relación coas escalas de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros e de profesores de capacitación agraria así como de homoxeneizar a denominación da especialidade de Topografía coa das demais especialidades contempladas na Lei 2/2015, do 29 de abril, como enxeñaría técnica. Por outro lado, se introduce unha nova disposición adicional décimo cuarta co fin de regular a segunda actividade do persoal pertencente ás escalas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais da Xunta de Galicia.

Por último, en materia de carreira, ademais da modificación do artigo 77, complétase o réxime aplicable en tanto non se implante o sistema de carreira profesional previsto no dito precepto, co fin de prever a posibilidade de establecer un sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa, complementario ao do grao persoal, que permita ao persoal funcionario de carreira progresar de maneira voluntaria e individualizada e que promova a súa actualización e o perfeccionamento da súa cualificación profesional, así como a posibilidade de percibir unha retribución adicional ao complemento de destino segundo o grupo ou subgrupo profesional de pertenza que remunere a progresión profesional acadada.

No capítulo II se recollen modificacións do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Por unha banda, o perfeccionamento do proceso orzamentario, iniciado na nosa comunidade hai algúns anos, debe perseguir a aplicación de novas técnicas e debe continuarse, fundamentalmente, coa implantación de novos sistemas de xestión e coa utilización de métodos máis adecuados para unha asignación racional dos recursos públicos que permitan a adopción de novos métodos de decisión de gasto e a revisión dos programas de gastos existentes. En base a estes obxectivos defínense nun novo artigo do texto refundido os contidos mínimos das funcións que deben realizar os órganos que han de levar a cabo as tarefas propias dunha oficina orzamentaria.

XUNTA DE GALICIA

Trátase así de aglutinar nun só órgano administrativo actuacións dispersas de orzamentación, análise e avaliación dos obxectivos o cal permitirá integrar e harmonizar as fases do proceso orzamentario, conectalo cos plans e programas operativos a curto e medio prazo dos servizos xestores e dispoñer de sistemas uniformes de traballo permanente, e non esporádico, para a elaboración, decisión e seguimento do orzamento. O establecemento a nivel legal dun contido mínimo das funcións destas oficinas orzamentarias permite acadar melloras substanciais en todos os aspectos que inciden no proceso de elaboración e seguimento orzamentario.

Por outra banda, coas modificacións operadas no texto refundido recóllese unha terminoloxía que abrangue de xeito completo as entidades ás que son de aplicación as súas previsións á vez que se efectúa unha regulación máis sistemática e completa da xestión económico e financeira dos créditos e dos dereitos económicos, incluída a introdución de regras especiais aplicables á xestión orzamentaria de determinados dereitos económicos.

Finalmente, habida conta da especificidade técnica propia dos procedementos de xestión orzamentaria, se recollen no texto refundido habilitacións expresas para o desenvolvemento normativo de determinadas materias por orde da persoa titular da consellería competente en materia de facenda.

No capítulo seguinte, o III, se recollen varias medidas en materia de medio ambiente e territorio. En primeiro lugar, introdúcense modificacións co fin de garantir que Galicia dispoña dun marco regulador actualizado e acomodado á normativa básica estatal respecto do ámbito de aplicación da norma reguladora dos solos potencialmente contaminados.

En segundo lugar, se recollen modificacións no réxime sancionador contido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, co fin de incluír nel as previsións derivadas da condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte das entidades prestadoras do servizo de sumideiros, en relación co coeficiente de vertedura, así como de corrixir certas disfuncións na tipificación de condutas infractoras que a experiencia na xestión do canon da auga e do coeficiente de vertedura permitiu identificar.

Outra das medidas introducidas estriba na modificación do réxime do silencio no procedemento de declaración de incidencia ambiental para acomodalo ao previsto no artigo 24.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

XUNTA DE GALICIA

Ademais, en relación co sistema para a xestión dos residuos domésticos regulado na disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, se introduce a posibilidade de que, cando as circunstancias económicas da Sociedade Galega de Medio Ambiente o permitan por cumprir os obxectivos orzamentarios e as previsións do seu plan de viabilidade, a persoa titular da consellería competente en materia de medio ambiente, previo informe favorable da consellería competente en materia de facenda, reduza o canon unitario de tratamento por tonelada e tal redución se aplique a aquelas entidades locais que certifiquen o compromiso coa redución de residuos mediante o mantemento ou a aprobación de medidas que fomenten a recollida selectiva así como a aprobación do traslado da devandita redución ás persoas beneficiarias do servizo.

Introdúcense así mesmo modificacións na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Por unha banda, se recolle un novo precepto regulador das modalidades de execución das actuacións no sistema de expropiación e tamén, unha nova disposición adicional que inclúe un réxime excepcional aplicable aos edificios, ás construcións e ás instalacións afectados por situacións declaradas polo Consello de Ministros como zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil ou polo Consello de la Xunta de emerxencia de natureza catastrófica.

Modifícase tamén a Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía, co fin de precisar os suxeitos obrigados a estar en posesión de licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos, tendo en conta o disposto na normativa estatal e en pronunciamentos xudiciais recaídos na materia.

Para rematar coas medidas en materia de medio ambiente e territorio, suprímese a obriga de presentar autodiagnósticos e auditorías por parte de produtores de residuos industriais habida conta de que tanto a normativa básica estatal como a autonómica en materia de residuos xa establecen prolixas e exhaustivas obrigas de información para produtores e xestores de residuos que permiten á Administración ter coñecemento preciso e suficiente dos movementos de residuos industriais. A tal fin, na disposición derrogatoria se recolle a derrogación expresa dos preceptos da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, relacionados coa dita obriga.

XUNTA DE GALICIA

En materia de infraestruturas, no capítulo IV se contemplan modificacións da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia. Por unha banda, introdúcense cambios na delimitación da liña límite de edificación motivados polo feito de que nas estradas pertencentes á rede local non se considera necesario separar as edificacións quince metros, sendo suficiente con sete (en coherencia coa realidade territorial galega e cunha rede viaria que a normativa prevé que se xerarquice segundo a súa funcionalidade) e en que os elementos funcionais da estrada, dadas as súas características funcionais, requiren unha protección menor que a propia estrada, o que fundamenta, respecto deles, a redución da liña. Finalmente, a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, modificou o artigo 47.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, na súa totalidade, cando a modificación só debía afectar ao primeiro parágrafo do número 2 non ao segundo parágrafo que debía manterse tal e como estaba e que foi eliminado como consecuencia dun erro; erro que se procede a corrixir nesta lei.

No capítulo V se contemplan dúas medidas relacionadas co sector do mar. Por un lado, se introduce un novo parágrafo na disposición transitoria cuarta da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, no que se prevé o inicio de oficio dos procedementos relativos á prórroga das concesións ás que se refire a dita disposición co fin de garantir a tramitación en tempo e forma de tales procedementos antes da finalización do período de vixencia das concesións habida conta do elevado número de tales concesións e da importancia económica e social que reviste para a Comunidade Autónoma a actividade de acuicultura desenvolvida ao amparo dos ditos títulos habilitantes. Por outro lado, incorpórase unha disposición transitoria novena na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, ante a necesidade de recoller o réxime que será aplicable á composición e ao funcionamento do Consello Reitor da entidade pública empresarial Portos de Galicia ata que se produza o desenvolvemento regulamentario de tales extremos previsto na dita lei.

No capítulo VI se prevé a modificación da Lei 2/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, co fin de recoller nela determinados extremos derivados do Acordo da mesa sectorial de negociación do persoal estatutario do 6 de xullo de 2018, sobre as bases da carreira profesional no ámbito do Servizo Galego de Saúde e as entidades adscritas á Consellería de Sanidade e ao dito organismo ( publicado no Diario Oficial de Galicia número 144, do 30 de xullo). Así mesmo, tal e como se prevé no dito acordo, nesta lei se prevé

XUNTA DE GALICIA

a derrogación na súa totalidade dos anteriores réximes extraordinarios de carreira profesional.

O capítulo VII está dedicado ás medidas en materia de medio rural que afectan a varias leis.

Así se modifica a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, co fin de introducir unha regulación do arrendamento dos ditos montes que garanta a súa explotación rendible atendidas as características produtivas de determinados cultivos e aproveitamentos así como a inversión necesaria para poñer en produción os montes que se atopan en estado de abandono.

Respecto da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, se introducen diversas medidas destinadas a fornecer a prevención e a loita contra os incendios, entre as que cabe destacar: a posibilidade de declarar perímetros de alto risco de incendios aqueles lugares nos que o estado de abandono signifique un alto risco de propagación de incendios forestais; a declaración de utilidade pública das infraestruturas e dos equipamentos preventivos vinculados á defensa e loita contra os incendios forestais; a posibilidade de elaboración e aprobación dos Plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais por zonas e, en xeral, a introdución de medidas en materia de xestión da biomasa e de vixilancia e detección de incendios.

Na Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, modifícase o artigo regulador da subrogación no contrato de cesión co Banco de Terras para incluír a posibilidade de subrogación por parte de persoas físicas diferentes dos familiares e das persoas traballadoras da explotación, así como para corrixir certas disfuncións manifestadas na práctica respecto dos trámites a seguir. Ademais, se introduce un novo artigo na dita lei co fin de regular os proxectos de mobilidade de terras como mecanismo de mobilización e dinamización.

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, tamén é obxecto de modificación en varios extremos coas finalidades fundamentais de: adoptar medidas tendentes a evitar os riscos derivados do estado de abandono de parcelas forestais; flexibilizar as limitacións existentes para cambio de uso forestal tralos incendios nos casos nos que existan razóns de interese público derivadas das necesidades de ordenación e xestión sostible do territorio; garantir o mantemento das masas de frondosas e fomentar o seu aproveitamento sostible; establecer limitacións no emprego de

XUNTA DE GALICIA

determinadas especies forestais; mellorar a regulación do réxime administrativo dos aproveitamentos, co fin de facelo máis funcional; ampliar os prazos nos que será obrigatorio dispoñer dun instrumento de ordenación ou xestión forestal respectando os prazos máximos establecidos na norma estatal e simplificar a aplicación do réxime de distancias mínimas.

Modifícase, así mesmo, a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, en varios extremos. Por unha banda, recóllese un novo precepto para prever o sentido negativo do silencio. Ademais, engádese un número no artigo 25, en aras dunha paulatina actualización dos deslindes dos montes veciñais en man común existentes, e dáse nova redacción ao número 7 do artigo 29 co fin de eliminar a incongruencia que supoñía a referencia á xunta local nel contida. Xunto ao anterior, introdúcese a posibilidade de excepcionar, motivamente, a proporción das deducións para infraestruturas rurais e para axuste técnico previstas con carácter xeral nos números 2 e 3 do artigo 31 da dita lei co fin de poder ter en conta as concretas características e circunstancias dos terreos.

Por outra banda, se modifica o artigo 38 co fin de regular os efectos dos acordos firmes de reestruturación parcelaria sobre o planeamento urbanístico. Ademais, no artigo 40 se unifica o tratamento dado ao solo de núcleo rural común e ao de carácter histórico-tradicional para a súa inclusión no proceso de reestruturación parcelaria en aras de axilizar o dito proceso.

Finalmente, se completa a regulación da actuación administrativa a realizar para permitir a inscrición nos casos previstos na disposición transitoria sexta da dita lei; se establece, nunha nova disposición transitoria, un prazo para dotar dun instrumento de ordenación de predios a aquelas zonas que carecen del e, por último, se inclúe o réxime transitorio derivado da modificación operada no artigo 38 da dita lei.

Continuando coas modificacións normativas en materia de medio rural, se engade un novo número na disposición transitoria cuarta da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, para recoller unha regra sobre o cómputo dos investimentos para a execución de obras de carácter preventivo e de recuperación do potencial forestal que facilite a execución destas actuacións que se consideran prioritarias.

XUNTA DE GALICIA

Remata o capítulo VII cun precepto no que se recollen medidas tendentes a garantir o benestar e a protección animal e unha pronta e eficaz resposta antes situacións de maltrato.

En materia de política social, no capítulo VIII se introducen modificacións normativas en tres ámbitos. Por un lado, se inclúen na normativa autonómica reguladora da mediación as esixencias de titulación e de subscrición dun seguro contidas na normativa estatal.

Por outro lado, no eido dos servizos sociais, se introduce a posibilidade de rehabilitar as autorizacións para a prestación de servizos sociais revogadas cando se poida acreditar que desapareceron as causas que motivaron a súa revogación e sempre que se vaia a seguir prestando a mesma actividade de servizos sociais para a que foi concedida, tendo en conta a natureza da actividade que é obxecto de autorización e os seus destinatarios e co fin de contribuír ao mantemento dun sistema galego de benestar estable e garantista. Ademais, recóllese unha habilitación regulamentaria expresa para a regulación dos requisitos mínimos de tipo material e funcional que deben cumprir os centros onde se presten determinados servizos sociais. Xunto a iso inclúense medidas para satisfacer as seguintes necesidades urxentes: a posta en funcionamento do novo sistema de xestión de citas ás persoas con solicitudes de valoración da situación de dependencia, dentro das medidas contempladas no Plan de Mellora da Atención á Dependencia; que o acceso aos recursos do sistema sexa o máis equitativo posible, mediante un sistema de valoración de todos os criterios en conxunto e non só dalgúns, e a incorporación, dentro dos servizos de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal, dos servizos de supervisión e apoios puntuais.

Por último, se modifica a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, co fin de que empregar en determinados preceptos unha terminoloxía máis axeitada e precisa así como de facer fronte a certas disfuncións detectadas no que se refire aos aspectos a ter en conta para realizar a valoración da situación ou risco de exclusión social.

O capítulo IX, baixo o título de economía, emprego e industria, inclúe medidas de diversa índole.

En primeiro lugar, se introducen modificacións na Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia, coa finalidade, por unha banda, de recoller, na regulación dos concursos de dereitos mineiros, as modificacións que a práctica ten posto de manifesto como necesarias de

cara á mellor e máis axeitada tramitación de tales procedementos. Por outra banda, en materia sancionadora, os principais cambios estriban, ademais de na adaptación á regulación na materia contida na normativa reguladora do procedemento administrativo común, na modificación do artigo 50, regulador da responsabilidade, para contemplar como persoas responsables ás persoas titulares ou directivas da entidade explotadora efectiva en determinados supostos, e na acomodación de determinados tipos infractores ás esixencias derivadas de doutrina do Tribunal Constitucional. Finalmente, se introducen medidas relativas ás consecuencias da falta de pagamento do xusto prezo pola persoa titular dos dereitos mineiros, desde a estrita perspectiva da relación que esta mantén coa Administración autonómica en virtude da titularidade de tales dereitos mineiros, así como unha disposición específica para prever, en norma con rango de lei, como esixe o artigo 103 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a posibilidade de impoñer multas coercitivas para a execución forzosa dos requirimentos e das resolucións da Administración en materia de minas. A dispoñibilidade deste mecanismo xurídico é especialmente importante neste ámbito tendo en conta as consecuencias ambientais e relativas á seguridade mineira que se poden derivar do incumprimento dos requirimentos e resolucións da Administración.

En segundo lugar, modifícase a Lei 8/2009, do 22 de decembro, polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, co fin de velar pola coherencia entre o disposto nela e no Decreto 9/2017, do 12 de xaneiro, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de autorización de instalacións eléctricas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, no que respecta a cal é o órgano competente para a autorización de infraestruturas de evacuación de parques eólicos.

En terceiro lugar, en materia de comercio, coa finalidade de afondar no principio de simplificación administrativa e de eliminación de cargas para os administrados, suprímese o Rexistro Galego de Comercio e, en consecuencia, se recollen nesta lei as necesarias modificacións e derrogacións na normativa reguladora do dito rexistro.

Introdúcese, ademais, un novo título na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, regulador das Iniciativas Empresariais Prioritarias; declaración que se reserva para

XUNTA DE GALICIA

proxectos que acheguen un valor engadido en determinados eidos e que levará consigo a vantaxe de tramitación prioritaria e urxente así como medidas de simplificación e racionalización dos procedementos relativos a tales iniciativas.

Por último, o capítulo IX contén un precepto relativo ao cambio de denominación do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral pola de Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia co fin de acomodar a denominación da entidade á nova imaxe corporativa así como ao propio acrónimo "ISSGA".

No capítulo X se recollen medidas en materia de cultura e turismo.

En materia de turismo, modifícase a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, co fin de recoller nela previsións relacionadas coa sinalización, a conservación e o mantemento da traza dos Camiños de Santiago, de clarexar o alcance dos conceptos de recursos e produtos turísticos e de cambios substanciais nas actividades turísticas suxeitas á declaración responsable así como de completar determinados extremos na regulación da actuación inspectora en materia de turismo. Complétase, así mesmo, a regulación das empresas de turismo activo respecto das cales se impón a esixencia de dispoñer de determinados seguros tendo en conta os riscos das actividades levadas a cabo por tales empresas.

En materia de cultura se introducen dúas modificacións na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Por un lado, continuando na liña de simplificación administrativa introducida pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresarias en Galicia, se modifica o artigo 45 daquela lei para prever que, no caso de cortas forestais que se realicen no contorno de protección dos bens declarados de interese cultural e catalogados que non leven aparellado un cambio de uso e que, conforme á lexislación sectorial, estean suxeitas a autorización, a tutela dos valores obxecto de protección se realizará a través da esixencia de informe preceptivo da consellería competente en materia de cultura como trámite integrado no procedemento de autorización en materia forestal. Por outro lado, se recolle na disposición transitoria quinta Lei 5/2016, do 4 de maio, un novo límite temporal para que os concellos nos que concorran as circunstancias indicadas na dita disposición poidan exercer as competencias autorizatorias e adapten os seus plans especiais de protección, ao resultar insuficiente o prazo previsto na redacción inicial da disposición.

En materia de deporte, materia á que se dedica o capítulo XI, se modifica a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia. Coas modificacións introducidas se trata de evitar posibles conflitos de intereses e inxerencias nas competicións así como a modificación das normas da competición durante o desenvolvemento desta, salvo causa de forza maior debidamente xustificada. Así mesmo se completa a regulación das consecuencias derivadas da revogación do recoñecemento das federacións deportivas galegas. En materia de loita contra a dopaxe, por un lado, se recolle, entre as funcións da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe, a consistente en determinar, dentro do ámbito das competencias autonómicas, as condicións de realización dos controis consonte a normativa internacional e nacional vixente en materia de dopaxe e ao disposto nesta lei. E, por outro lado, conforme ao previsto na Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño, de protección da saúde do deportista e loita contra a dopaxe na actividade deportiva, se inclúe expresamente na Lei 3/2012, do 2 de abril, a posibilidade de celebrar convenios de colaboración coa Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte para que esta asuma o exercicio das competencias en materia de control da dopaxe que corresponden á Comunidade Autónoma.

O último capítulo, o XII, recolle medidas relacionadas coa organización e funcionamento do sector público autonómico de Galicia en varios eidos.

Por unha banda, modifícase o artigo 41 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, regulador da fase inicial do procedemento de elaboración de disposición administrativas de carácter xeral co fin de incluír nel a regulación do trámite de consulta pública previa, recollendo as bases estatais e o desenvolvemento destas segundo a liña da regulación aplicable ao procedemento de elaboración dos regulamentos estatais, así como do previsto no acordo do Consello da Xunta do 27 de abril de 2017 polo que se aproban as instrucións para habilitar a consulta pública previa no proceso de elaboración de normativa a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia. Xunto a iso, introdúcense no precepto melloras de redacción e unha referencia á normativa en materia de transparencia.

Finalmente introdúcese no capítulo XII un precepto regulador do prazo para resolver os procedementos sancionadores en materia de servizos de comunicación audiovisual. A singularidade dos servizos de comunicación audiovisual de radio e televisión obriga habitualmente no curso do

procedemento sancionador nesta materia á realización de varias comprobacións de carácter técnico e outras actuacións complementarias polo que resulta necesario prever un prazo de resolución de 10 meses, máis amplo que o recollido, con carácter xeral, no artigo 38 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

Por último, na súa parte final, a lei recolle unha disposición adicional que ten por obxecto a creación, no ámbito do Servizo Galego de Saúde, da categoría estatutaria de persoal facultativo especialista de pediatría de área de xeito que, dentro do marco estatal e autonómico de aplicación, se posibilite a prestación de servizos coordinados nos ámbitos de atención especializada e primaria, sen cinguirse a un único nivel asistencial.

Así mesmo, recóllese outra disposición adicional relativa ao estudo pola Xunta de Galicia dun sistema de carreira profesional para os funcionarios de xustiza.

Tamén se recolle na parte final da lei o réxime transitorio preciso para facilitar o tránsito ao réxime xurídico previsto pola nova regulación, a derrogación expresa de disposicións concretas así como de cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nela, unha habilitación para o seu desenvolvemento normativo e a previsión sobre a súa entrada en vigor.

A presente lei axústase así aos principios de boa regulación contidos no artigo 37 a) da Lei 14/201313, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia, ao responder as medidas previstas nela á satisfacción de necesidades de interese xeral coa debida proporcionalidade, eficacia e eficiencia, ao recollerse na norma os obxectivos perseguidos a través dela e a súa xustificación como esixe o principio de transparencia, e ao introducirse a través dela, conforme ao principio de seguridade xurídica, as modificacións precisas nas disposicións vixentes.

XUNTA DE GALICIA

# TÍTULO I: MEDIDAS FISCAIS

O CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

# CAPÍTULO I

## Tributos cedidos

Artigo 1. *Imposto sobre a renda das persoas físicas*

O artigo 5 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o número nove que queda redactado como segue:

"Nove. Dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación.

1. Os contribuíntes poderán deducir na cota íntegra autonómica, e cun límite de 6.000 euros, o 30 % das cantidades investidas durante o exercicio na adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital en sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) A participación do contribuínte, computada xunto coas do cónxuxe ou persoas unidas por razón de parentesco, en liña directa ou colateral, por consanguinidade ou afinidade ata o terceiro grao incluído, non pode ser superior ao 40 % nin inferior ao 1 % do capital social da sociedade obxecto do investimento ou dos seus dereitos de voto en ningún momento e durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación.

b) A entidade na que hai que materializar o investimento debe cumprir os seguintes requisitos:

1. Debe ter o domicilio social e fiscal en Galicia e mantelo durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación.

2. Debe desempeñar unha actividade económica durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación. Para tal efecto, non debe ter por actividade principal a xestión dun patrimonio mobiliario ou

inmobiliario, de acordo co disposto no artigo 4.8°. Dous. a) da Lei 19/1991, de 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.

3. Debe contar, como mínimo, cunha persoa ocupada con contrato laboral e a xornada completa, dada de alta no réxime xeral da Seguridade Social e con residencia habitual en Galicia, durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación.

4. No caso de que o investimento se realice mediante unha ampliación de capital, a sociedade mercantil debeu ser constituída nos tres anos anteriores á data desta ampliación, sempre que, ademais, durante os vinte e catro meses seguintes á data do inicio do período impositivo do imposto sobre sociedades en que se realizase a ampliación, o seu cadro de persoal medio con residencia habitual en Galicia se incrementase, polo menos, nunha persoa con respecto do cadro de persoal medio con residencia habitual en Galicia nos doce meses anteriores, e que o devandito incremento se manteña durante un período adicional doutros vinte e catro meses.

Para o cálculo do cadro de persoal medio total da empresa e do seu incremento tomaranse as persoas empregadas, nos termos que dispoña a lexislación laboral, tendo en conta a xornada contratada en relación á xornada completa.

c) As operacións nas que sexa de aplicación a dedución deben formalizarse en escritura pública, na cal se debe especificar a identidade dos investidores e o importe do investimento respectivo.

d) As participacións adquiridas deben manterse no patrimonio do contribuínte durante un período mínimo de tres anos, seguintes á constitución ou ampliación.

2. A dedución regulada no número 1, poderá incrementarse nun 15% adicional, cun límite de 9.000 euros, cando, ademais de cumprir os requisitos do devandito número, se dea unha das seguintes circunstancias:

a) A adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital, cando se trate de sociedades anónimas,

limitadas, sociedades laborais e cooperativas que acrediten ser Pequenas e Medianas Empresas innovadoras, de acordo ao disposto na Orde ECC/1087/2015, do 5 de xuño, pola que se regula a obtención do selo de Pequena e Mediana Empresa innovadora e se crea e regula o Rexistro da Pequena e Mediana Empresa Innovadora.

b) A adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital, cando se realice en sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas que acrediten ser sociedades promotoras dun proxecto empresarial que accedese á obtención de cualificación como Iniciativa de Emprego de Base Tecnolóxica de conformidade ao disposto no Decreto 56/2007, do 15 de marzo, polo que se establece un programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), mediante a inscrición da iniciativa no Rexistro administrativo de Iniciativas Empresariais de Base Tecnolóxica.

c) A adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital cando se realice en sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas participadas por universidades ou organismos de investigación".

Dous. O número dez queda redactado como segue:

"Dez. Dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación e o seu financiamento

1. Os/ as contribuíntes poderán deducir na cota íntegra autonómica, e cun límite conxunto de 20.000 euros, as seguintes cantidades:

a) O 30 % das cantidades investidas durante o exercicio na adquisición de capital social como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital en sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas.

b) Con respecto ás mesmas entidades, poderase deducir o 30% das cantidades prestadas durante o exercicio, así como das cantidades

garantidas persoalmente polo/a contribuínte, sempre que o préstamo se outorgue ou a garantía se constitúa no exercicio no que se proceda á constitución da sociedade ou á ampliación do seu capital.

Para ter dereito a estas deducións deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) A participación do/a contribuínte, computada xunto coas do cónxuxe ou das persoas unidas por razón de parentesco, en liña directa ou colateral, por consanguinidade ou afinidade ata o terceiro grao incluído, non pode ser superior ao 40 % nin inferior ao 1 % do capital social da sociedade obxecto do investimento, ou dos seus dereitos de voto, en ningún momento e durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación. En caso de préstamo ou garantía, non será necesaria unha participación do/a contribuínte no capital, pero se esta existise non pode ser superior ao 40% cos mesmos límites temporais anteriores. O importe prestado ou garantido polo/a contribuínte ten que ser superior ao 1% do patrimonio neto da sociedade.

b) A entidade na que hai que materializar o investimento, préstamo ou garantía debe de cumprir os seguintes requisitos:

1º. Debe ter o domicilio social e fiscal en Galicia e mantelo durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación.

2º. Debe desempeñar unha actividade económica durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación. Para ese efecto, non debe ter por actividade principal a xestión dun patrimonio mobiliario ou inmobiliario, de acordo co disposto no artigo 4.8º.Dous.a) da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.

3º. Debe contar, como mínimo, cunha persoa ocupada con contrato laboral e a xornada completa, dada de alta no réxime xeral da Seguridade Social e con residencia habitual en Galicia. O contrato terá unha duración mínima dun ano e deberá formalizarse dentro dos dous anos seguintes á constitución ou ampliación, agás no caso de sociedades laborais ou sociedades cooperativas.

4º. No caso de que o investimento fose realizado mediante unha ampliación de capital, ou o préstamo ou a garantía se realizase no

exercicio dunha ampliación, a sociedade mercantil debeu ser constituída nos tres anos anteriores á data desta ampliación, e ademais, durante os vinte e catro meses seguintes á data do inicio do período impositivo do imposto sobre sociedades en que se realizase a ampliación, o seu cadro de persoal medio con residencia habitual en Galicia se incrementase, polo menos, nunha persoa respecto do cadro de persoal medio con residencia habitual en Galicia nos doce meses anteriores, e o devandito incremento manterase durante un período adicional doutros doce meses, agás no caso de sociedades laborais ou sociedades cooperativas.

Para o cálculo do cadro de persoal medio total da empresa e do seu incremento tomaranse as persoas empregadas, nos termos que dispoña a lexislación laboral, tendo en conta a xornada contratada en relación coa xornada completa.

c) O/a contribuínte pode formar parte do consello de administración da sociedade en que materializou o investimento, pero en ningún caso pode levar a cabo funcións executivas nin de dirección durante un prazo de dez anos, nin pode manter unha relación laboral coa entidade obxecto do investimento durante ese mesmo prazo, agás no caso de sociedades laborais ou sociedades cooperativas.

d) As operacións en que sexa de aplicación a dedución deben formalizarse en escritura pública, na cal se debe especificar a identidade dos/as contribuíntes que pretendan aplicar esta dedución e o importe da operación respectiva.

e) As participacións adquiridas deben manterse no patrimonio do/a contribuínte durante un período mínimo de tres anos, seguintes á constitución ou ampliación. No caso de préstamos, estes deben referirse ás operacións de financiamento cun prazo superior a cinco anos, e non poderá amortizar unha cantidade superior ao 20% anual do importe do principal prestado. No caso de garantías, estas estenderanse a todo o tempo de vixencia da operación garantida, non podendo ser inferior a cinco anos.

A dedución contida neste número resultará incompatible, para os mesmos investimentos, coas deducións previstas nos números 9 e 11 do presente artigo.

2. As deducións reguladas no número anterior, poderán incrementarse nun 15% adicional, cun límite de 35.000 euros cando, ademais de cumprirse os requisitos do devandito número, se dea unha das seguintes circunstancias:

a) A adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución ou de ampliación de capital, cando se trate de sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas que acrediten ser Pequenas e Medianas Empresas innovadoras, de acordo ao disposto na Orde ECC/1087/2015, do 5 de xuño, pola que se regula a obtención do selo de Pequena e Mediana Empresa innovadora e se crea e regula o funcionamento do Rexistro da Pequena e Mediana Empresa Innovadora.

b) A adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital, cando se realice en sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas que acrediten ser sociedades promotoras dun proxecto empresarial que accedese á obtención de cualificación como Iniciativa de Emprego de Base Tecnolóxica de conformidade ao disposto no Decreto 56/2007, do 15 de marzo, polo que se establece un programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), mediante a inscrición da iniciativa no Rexistro administrativo de Iniciativas Empresariais de Base Tecnolóxica.

c) A adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital, cando se realice en sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas participadas por Universidades ou organismos de investigación."

Tres. O número doce queda redactado como segue:

"Doce. Dedución por doazóns con finalidade en investigación e desenvolvemento científico e innovación tecnolóxica.

1. Os/as contribuíntes poderán deducir da cota íntegra autonómica do imposto o 25 %, ata o límite do 10 % da devandita cota, dos donativos monetarios que fagan a favor de centros de investigación adscritos a

universidades galegas e dos promovidos ou participados pola Comunidade Autónoma de Galicia que teñan por obxecto o fomento da investigación científica e o desenvolvemento e a innovación tecnolóxicos, así como dos realizados a favor de entidades sen ánimo de lucro acollidas á Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, a condición de que estas últimas teñan a consideración de organismo de investigación e difusión de coñecementos conforme ao previsto no artigo 2.83 do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado.

2. A dedución queda condicionada á xustificación documental axeitada e suficiente dos presupostos de feito e dos requisitos que determinan a súa aplicabilidade. En particular, as entidades beneficiarias destes donativos deben enviar á Axencia Tributaria de Galicia, dentro dos primeiros vinte días de cada ano, unha relación das persoas físicas que efectuaron donativos durante o ano anterior, coa indicación das cantidades doadas por cada unha destas persoas."

Catro. Engádese un novo número dezasete co seguinte contido:

"Dezasete. Dedución da cota íntegra autonómica para paliar os danos causados pola explosión de material pirotécnico que tivo lugar en Tui durante o mes de maio do 2018.

1º Cando o/a contribuínte integrara na base impoñible xeral o importe correspondente a unha subvención ou calquera outra axuda pública obtida da Comunidade Autónoma de Galicia das incluídas no Decreto 55/2018, do 31 de maio, de medidas urxentes para a reparación de danos causados pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018, poderá aplicar unha dedución na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe da devandita dedución será o resultado de aplicar os tipos medios de gravame ao importe da subvención ou axuda pública na base liquidable.

CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

2º Ademais o/a contribuínte poderá deducirse as cantidades investidas, en investimentos non empresariais, coa finalidade de paliar os danos sufridos, pola parte que exceda das cantidades percibidas por axudas ou subvencións das incluídas no Decreto 55/2018, do 31 de maio, de medidas urxentes para a reparación de danos causados pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018, ou por coberturas de seguros.

En ningún caso a cantidade obxecto de dedución poderá ser superior á diferenza entre o dano sufrido e as cantidades recibidas por axudas ou coberturas de seguro.

As deducións ás que se refire este artigo producirán efectos a partir do 2018."

XUNTA DE GALICIA

Artigo 2. *Imposto sobre sucesións e doazóns*

Modifícase o número dous do artigo 6 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda modificado como segue:

"Dous. Redución por parentesco.

Nas adquisicións por causa de morte, incluídas as dos beneficiarios de pólizas de seguros de vida, por razón do parentesco co causante, aplicarase a redución que corresponda das incluídas nos seguintes grupos:

a) Grupo I: adquisicións por descendentes e adoptados menores de 21 anos, 1.000.000 de euros, máis 100.000 euros por cada ano menos de 21 que teña o habente causa, cun límite de 1.500.000 euros.

b) Grupo II: adquisicións por descendentes e adoptados de 21 anos ou máis e menores de 25, 900.000 euros, menos 100.000 euros por cada ano maior de 21 ata 24; de 25 anos ou máis, cónxuxes, ascendentes e adoptantes, 400.000 euros.

c) Grupo III: adquisicións por colaterais de segundo grao por consanguinidade, 16.000 euros: resto de colaterais de segundo grao, colaterais de terceiro grao, e ascendentes e descendentes por afinidade: 8.000 euros.

d) Grupo IV: nas adquisicións por colaterais de cuarto grao, graos máis distantes e estraños, non haberá lugar a redución."

Artigo 3. *Imposto sobre o patrimonio*

O artigo 13 bis do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, queda modificado como segue:

"Artigo 13 bis. Cota íntegra

A base liquidable do imposto gravarase aos tipos da seguinte escala:

| Base liquidable Ata euros | Cota Euros | Resto base liquidable Ata euros | Tipo aplicable Porcentaxe |
|---|---|---|---|
| 0,00 | 0,00 | 167. 129,45 | 0,20 |
| 167.129,45 | 334,26 | 167.123,43 | 0,30 |
| 334.252,88 | 835,63 | 334.246,87 | 0,50 |
| 668.499,75 | 2.506,86 | 668.499,76 | 0,90 |
| 1.336.999,51 | 8.523,36 | 1.336.999,50 | 1,30 |
| 2.673.999,01 | 25.904,35 | 2.673.999,02 | 1,70 |
| 5.347.998,03 | 71.362,33 | 5.347.998,03 | 2,10 |
| 10.695.996,06 | 183.670,29 | En adiante | 2,50 |

"

XUNTA DE GALICIA

Artigo 4. *Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados*

Modifícanse os números dous, tres, catro e cinco do artigo 14 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que quedan redactados como segue:

"Dous. Tipo de gravame aplicable na adquisición de vivenda habitual.

Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable ás transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual do contribuínte será do 7 %, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

1. Que a suma do patrimonio dos adquirentes para os cales vaia constituír a súa vivenda habitual e, de ser o caso, dos demais membros das súas unidades familiares non exceda a cifra de 200.000 euros, máis 30.000 euros adicionais por cada membro da unidade familiar que exceda ó primeiro. A valoración do patrimonio realizarase conforme ás regras do imposto sobre o patrimonio referidas á data da adquisición do inmoble, tomando este polo seu valor de adquisición e sen dedución das débedas asumidas nos supostos de adquisición con prezo aprazado ou financiamento alleo.

Para os efectos da valoración anterior, cando o adquirente sexa titular doutra vivenda, non se terá en conta o valor dela nin das débedas contraídas para o seu financiamento, sempre que se proceda á súa venda no prazo máximo de dous anos e se acredite que o importe obtido se destina ao pagamento do prezo pendente ou á cancelación total ou parcial do crédito obtido para a adquisición de calquera das vivendas sinaladas dentro do mesmo prazo. O xustificante documental que acredite este destino deberá presentarse perante a oficina xestora competente no prazo dun mes desde a venda da vivenda.

2. A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.

XUNTA DE GALICIA

3. No suposto de que o inmoble sexa adquirido por varias persoas e non se cumpran os requisitos sinalados nos números anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicarase á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumpran.

Tres. Tipo de gravame para a adquisición de vivenda habitual por discapacitados.

Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable ás transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual do contribuínte será do 3 %, sempre que este cumpra os requisitos seguintes:

1. Que na data de devindicación do imposto o adquirente sexa unha persoa discapacitada física, psíquica ou sensorial cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65 % e destine o inmoble adquirido á súa vivenda habitual.

2. No momento de presentación do imposto, o contribuínte debe achegar a xustificación documental adecuada e suficiente da condición de discapacidade e do grao de discapacidade consonte ó disposto no artigo 3.Tres deste texto refundido.

3. A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.

4. No suposto de que o inmoble sexa adquirido por varias persoas e non se cumpran os requisitos sinalados nos números anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicarase á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumpran.

Catro. Tipo de gravame para a adquisición de vivenda habitual por familias numerosas.

Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o

tipo de gravame aplicable ás transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual do contribuínte será do 3 %, sempre que este cumpra os requisitos seguintes:

1. Que na data de devindicación do imposto o adquirente sexa membro dunha familia numerosa que teña recoñecida tal condición con título oficial en vigor e destine o inmoble adquirido a vivenda habitual da súa familia.

2. Que a suma do patrimonio de todos os membros da familia numerosa non exceda a cifra de 400.000 euros, máis 50.000 euros adicionais por cada membro superior ao mínimo para obter a condición de familia numerosa. A valoración do patrimonio realizarase conforme ás regras do imposto sobre o patrimonio referidas á data de adquisición do inmoble, tomando este polo seu valor de adquisición e sen dedución das débedas asumidas nos supostos de adquisición con prezo aprazado ou financiamento alleo.

Para os efectos da valoración anterior, cando o adquirente sexa titular doutra vivenda, non se terá en conta o valor da mesma nin das débedas contraídas para o seu financiamento, sempre que se proceda á súa venda no prazo máximo de dous anos e se acredite que o importe obtido se destina ao pagamento do prezo pendente ou á cancelación total ou parcial do crédito obtido para a adquisición de calquera das vivendas sinaladas dentro do mesmo prazo. O xustificante documental que acredite este destino deberá presentarse perante a oficina xestora competente no prazo dun mes desde a venda da vivenda.

4. A condición de familia numerosa acreditarase mediante o título oficial en vigor establecido para o efecto no momento de presentación da declaración do imposto, de acordo co establecido na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

5. A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.

6. No caso de que o inmoble sexa adquirido por varias persoas e non se cumpran os requisitos sinalados nos números anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicaráselle á parte proporcional da base

XUNTA DE GALICIA

liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumpran.

Cinco. Tipo de gravame para a adquisición de vivenda habitual por menores de trinta e seis anos.

Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable ás transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual do contribuínte será do 3 %, sempre que este cumpra os requisitos seguintes:

1. Que na data de devindicación do imposto o adquirente teña unha idade inferior a trinta e seis anos.

2. Que a suma do patrimonio dos adquirentes para os cales vaia a constituír a súa vivenda habitual e, no seu caso, dos demais membros das súas unidades familiares non exceda a cifra de 200.000 euros, máis 30.000 euros adicionais por cada membro da unidade familiar que exceda ó primeiro. A valoración do patrimonio realizarase conforme ás regras do imposto sobre o patrimonio referidas á data da adquisición do inmoble, tomando este por o seu valor de adquisición e sen dedución das débedas asumidas nos supostos de adquisición con prezo aprazado ou financiamento alleo.

Para os efectos da valoración anterior, cando o adquirente sexa titular doutra vivenda, non se terá en conta o valor da mesma nin das débedas contraídas para o seu financiamento, sempre que se proceda á súa venda no prazo máximo de dous anos e se acredite que o importe obtido destínase ao pagamento do prezo pendente ou á cancelación total ou parcial do crédito obtido para a adquisición de calquera das vivendas sinaladas dentro do mesmo prazo. O xustificante documental que acredite este destino deberá presentarse perante a oficina xestora competente no prazo dun mes desde a venda da vivenda.

4. A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a data de nacemento do adquirente e a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.

XUNTA DE GALICIA

5. No caso de que o inmoble sexa adquirido por varias persoas e non se cumprisen os requisitos sinalados nos números anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicaráselle á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumpran".

O CONSELLEIRO DE FACENDA

XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

# CAPÍTULO II

## Tributos propios

Artigo 5. *Taxas*

1. Elévanse os tipos das taxas de contía fixa vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia ata a cantidade que resulte da aplicación do coeficiente do 1,01625 ás contías exixibles á entrada en vigor desta lei, exceptuando as tarifas que experimenten algunha modificación na contía no número 2 deste artigo. Este coeficiente seralles de aplicación tanto ás contías, de carácter mínimo ou máximo, como ás deducións que se establecen en todo tipo de tarifas, tanto de taxas de contía fixa como variable.

Considéranse taxas de contía fixa cando non están determinadas por unha porcentaxe sobre unha base ou esta non se valora en unidades monetarias.

Exceptúanse do incremento establecido anteriormente aquelas taxas que se recadan mediante efectos timbrados, así como a establecida na subalínea 11 da alínea 14 do anexo 1 "licencia única interautonómica en materia de pesca continental "e a establecida na subalínea 05 da alínea 15 do anexo 1 " licenza única interautonómica en materia de caza".

2. A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase a letra c) do número 1 do artigo 21, que queda redactada como segue:

> "c) Modalidade de certificacións: pola verificación de documentos, expedición de certificacións, copia de arquivos, transposición da información nun formato diferente ao orixinal e elaboración de documentos acreditativos de información que conste en arquivos ou rexistros públicos."

Dous. Engádese un novo número 11 ao artigo 23, co seguinte contido:

> "11. A inscrición nas probas homologadas para a acreditación do nivel de competencia en lingua galega e mais a acreditación do nivel

correspondente, logo de xustificación documental, solicitada por persoas con discapacidade igual ou superior a o 33%."

Tres. Engádese un novo número 5 ao artigo 30, co seguinte contido:

" 5. Quedarán exentos da inscrición nas probas para a obtención e/ou renovación da competencia profesional para a actividade de transporte, a cualificación profesional para a condución de determinados vehículos dedicados á actividade de transporte, e/ou cualificación como conselleiros de seguridade en transporte de mercadorías perigosas, as persoas que figurasen como demandantes de emprego desde polo menos seis meses antes á data da convocatoria das probas nas que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego."

Catro. Modifícase a alínea 27 anexo 1, que queda redactada como segue:

| | |
|---|---|
| «27 Copias compulsadas ou auténticas de expedientes en poder da Administración | |
| a) Copia en papel de documentos | |
| - Formato DIN A4 (€/copia) | 0,10 |
| - Formato DIN A3 (€/copia) | 0,25 |
| - Mínimo | 5,18 |
| b) Copia en papel de planos | |
| - Formato DIN A4 (€/copia) | 0,30 |
| - Formato DIN A3 (€/copia) | 0,44 |
| - Formato superior a DIN A3 (€/copia) | 0,59 |
| - Formato superior a DIN A2 (€/copia) | 0,73 |
| - Formato superior a DIN A1 (€/copia) | 1,04 |
| - Formato superior a DIN A0 (€/copia) | 1,57 |
| - Mínimo | 5,18 |
| c) Copia en soporte dixital | |
| - Transposición a un formato diferente ao orixinal: por cada documento ou plano que teña sido obxecto de transposición | 15% das contías establecidas nas letras a) |

| | |
|---|---|
| | e b) |
| Mínimo: Ata 1 GB | 5,18 |
| Por cada 0,5 GB ou fracción de máis | 1,04 |

Cinco. Modifícase a subalínea 04 da alínea 8 do anexo 2, que queda redactada como segue:

« 04 Actuacións extraordinarias dos veterinarios oficiais de Galicia, a demanda dos establecementos.(Considéranse actuacións extraordinarias as que teñan lugar fóra do horario habitual establecido e autorizado para cada matadoiro.)

| | |
|---|---|
| Cota mínima (3 horas) | 67,20 |
| Por cada hora máis | 22,42» |

Seis. Engádese unha subalínea 15 á alínea 12 do anexo 2:

« 15 Tramitación, estudo ou avaliación das comunicacións de posta no mercado nacional de complementos alimenticios e alimentos para grupos específicos de poboación.

| | |
|---|---|
| Primeira posta no mercado | 67,20 |
| Modificación da primeira comunicación | 22,42» |

Sete. Engádese unha subalínea 81 á alínea 19 do anexo 3:

| | |
|---|---|
| « 81 Excepcionalidade para refuxios ou espazos libres en ascensores | 50,00» |

Oito. Modifícase o primeiro parágrafo da alínea 23 do anexo 3, que queda redactado como segue:

« 23 Comprobación do plan de labores e documento de seguridade e saúde de actividades mineiras »

Nove. Modifícase a subalínea 13 da alínea 29 do anexo 3 que queda redactada como segue:

| | |
|---|---|
| « 13 Nomeamento ou renuncia de Director Facultativo dunha actividade mineira | 13,32» |

Dez. Engádese unha subalínea 16 á alínea 29 do anexo 3:

| | |
|---|---|
| «16 Outorgamento dunha demasía mineira a unha concesión de explotación de recurso das seccións C) e D) | 40% da tarifa consignada na subalinea 01» |

Once. Engádese unha subalínea 17 á alínea 29 do anexo 3:

| | |
|---|---|
| « 17 Autorización de concentración de traballos | 286 » |

Doce. Modifícase a subalínea 01 da alínea 38 do anexo 3, que queda redactada como segue:

| | |
|---|---|
| « Inscrición | |
| Mínimo incluíndo no seu caso as dúas primeiras mangueiras | 33,99 |
| Por cada mangueira que exceda de dúas | 8,50 » |

Trece. Modifícase a subalínea 03 da alínea 38 do anexo 3, que queda redactada como segue:

| | |
|---|---|
| « Modificacións substanciais | |
| Sobor da tarifa consignada na subalínea 01 desta mesma alínea | 100,00%» |

Catorce. Engádese unha subalínea 23 á alínea 52 do anexo 3:

| | |
|---|---|
| « 23 Comunicación de valorización de materiais naturais escavados | 251» |

Quince. Engádese unha subalínea 24 á alínea 52 do anexo 3:

| | |
|---|---|
| « 24 Comunicación de actividade como plataforma loxística de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos | 200» |

Dezaseis. Modifícase a letra a) do apartado III das Regras xerais de aplicación e definicións contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

"a) O arqueo bruto é o que como tal figura no certificado internacional estendido de acordo co Convenio Internacional sobre Arqueo de Buques, aprobado en Londres o 23 de xuño de 1969 (Boletín Oficial del Estado do 15 de setembro de 1982), denominado abreviadamente GT. De non dispoñer o buque do mencionado certificado poderá recorrerse ó valor que como tal figure no Lloyd's Register of Shipping.

No suposto de construción, o arqueo bruto será o correspondente ó buque rematado; no caso de desmantelamento, o arqueo bruto será a metade do orixinal. »

Dezasete. Modifícase o número 5 da regra cuarta da tarifa X-1 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactado como segue:

«5. Unicamente para a súa aplicación aos servizos prestados no ano 2019 poderá aplicarse unha bonificación por limitacións de calado sobrevidas e declaradas polo organismo competente nun porto concreto. Esta bonificación será aplicable unicamente aos buques mercantes, no porto coa limitación e durante o tempo que persista esta limitación de calado.

Aplicarase aos barcos mercantes a tarifa resultante cunha redución do 30%."

Dezaoito. Modifícase a regra terceira da tarifa X-2 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

"Terceira.- As bases para a liquidación desta tarifa serán a eslora máxima do barco, o calado do peirao e o tempo que o barco permaneza no atracadoiro ou no amarre.

Nos supostos de que un buque transporte calquera tipo de mercadoría perigosa e como consecuencia diso sexa necesario dispoñer dunhas zonas de seguridade a proa e/ou popa, considerarase como base para efectos da tarifa a eslora máxima do barco, incrementada na lonxitude das mencionadas zonas.

A contía básica desta tarifa é de 0,998183 € por cada metro de eslora ou fracción e por cada período de vinte e catro horas ou fracción que

XUNTA DE GALICIA

permaneza atracado ou amarrado, cos seguintes coeficientes por calado do peirao medido en B.M.V.E.:

- Por calado do peirao igual ou maior a 7 metros, coeficiente = 1.

- Por calado do peirao inferior aos 7 metros, coeficiente = 0,5.

Por períodos de tempo inferiores ás seis horas aplicarase unha redución do 50 % da contía da tarifa indicada anteriormente.

Naquelas terminais nas que Portos de Galicia preste vixilancia presencial específica a tarifa base resultante incrementarase en 233,40 € por cada 24 horas ou fracción de estancia vixiada, agás para escalas inferiores a 12 horas, caso en que este incremento será de 116,70 €. A franxa horaria, aos efectos do cálculo da tarifa por vixilancia presencial, iniciarase 60 minutos antes da hora da reserva de atraque e finalizará 60 minutos despois da hora da saída efectiva do buque do porto. A esta contía non lle será de aplicación ningunha das bonificacións ou reducións incluídas na presente tarifa X-2."

Dezanove. Modifícase a letra c) da regra quinta da tarifa X-4 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

"c) Con utilización de lonxa concesionada ou autorizada:

Para a pesca descargada por vía marítima ou que accede ao recinto pesqueiro para ser poxada por vía terrestre procedente doutro porto de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia: o 1,75%.

Para a pesca que accede ao recinto pesqueiro para ser poxada por vía terrestre procedente dun porto que non sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia: o 0,875%."

Vinte. Elimínase a regra décimo cuarta da tarifa X-4 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3.

Vinte e un. Modifícase a regra sexta da tarifa X-5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Sexta. A contía da tarifa estará composta polos seguintes conceptos:

CONSELLEIRO DE FACENDA XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

A) Pola utilización das augas dos portos e mais das instalacións portuarias.

B) Polos servizos utilizados de atracada, ancoraxe ou estadía en seco de embarcacións.

C) Pola dispoñibilidade doutros servizos.

O importe da tarifa X-5 será o resultado da suma dos conceptos A), B) e C) indicados anteriormente que lle sexan aplicables en función dos servizos prestados.

A contía dos conceptos dos que se compón a tarifa X-5, por metro cadrado arredondado por exceso e por día natural ou fracción, será a seguinte:

A) Pola utilización das augas do porto e mais das instalacións portuarias:

Zona I: 0,032311€

Zona II: 0,023028€

B) Polos servizos utilizados de atracada, ancoraxe ou estadía en seco de embarcacións:

1. Atracada en punta: 0,038380€

2. Atracada de costado: 0,095952 €

3. Atracada a banqueta ou dique: 0,019191 €

4. Ancoraxe: 0,038380 €

5. Embarcacións en seco.

5.1 Embarcacións en seco que aboen durante o mesmo período o concepto A) da presente tarifa X-5: 0,027140 €

5.2 Embarcacións en seco que non aboen durante o mesmo período o concepto A) da presente tarifa X-5: 0,081416 €

XUNTA DE GALICIA

C) Pola dispoñibilidade doutros servizos específicos:

1. Por cada finger en cada posto de atracada: 0,016282 €

2. Por brazo de amarre ou por tren de ancoraxe para amarre por popa de embarcacións atracadas: 0,008142 €

3. Toma de auga: 0,005815 €

4. Toma de enerxía eléctrica: 0,005815 €

5. Servizo de mariñeiría a embarcacións atracadas:

Para embarcacións de menos de 12 metros de eslora 19,72 €/m2/ano, e de 22,17 €/m2/ ano para o resto de embarcacións, correspondendo os metros cadrados á superficie nominal da praza teórica que ocuparía cada embarcación, e aplicando a parte proporcional ao período autorizado.

O servizo de mariñeiría inclúe as axudas á atracada e desatracada e o control e xestión das instalacións.

No suposto de que o servizo de mariñeiría non inclúa a parte proporcional do servizo de vixilancia continuada as contías serán as indicadas anteriormente multiplicadas por 0,65.

Cando por parte do organismo portuario se acouten especificamente zonas do porto para ancoraxe ou depósito de embarcacións deportivas, as contías dos apartados 4 e 5 do concepto B) terán unha bonificación do 50%, sempre que previamente se soliciten os correspondentes servizos a Portos de Galicia.

As contías dos conceptos A), B) e C) para as embarcacións de paso no porto serán as anteriormente indicadas multiplicadas por 1,5.

As contías dos conceptos A), B) e C) para as embarcacións tradicionais e históricas, clásicas ou de época, debidamente acreditadas e recoñecidas no censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos conforme ao establecido na normativa de aplicación, serán as anteriormente indicadas cunha bonificación de ata un 70% da tarifa resultante. A dita bonificación calcularase en función da

clasificación da embarcación, segundo sexa tradicional ou histórica (clásico ou de época) antigüidade e uso. Esta bonificación non será acumulable ás bonificacións descritas na regra oitava desta tarifa X-5.

Para os efectos da aplicación das bonificacións indicadas terase en conta o seguinte:

a) Para as embarcacións tradicionais de Galicia construídas con anterioridade o ano 1950: aplicarase unha bonificación dun 70% sobre a suma das contías dos conceptos A), B) e C) resultante.

b) Para as embarcacións históricas clásicas ou de época construídas con anterioridade o ano 1950: aplicarase unha bonificación dun 70% sobre a suma das contías dos conceptos A), B) e C) resultante.

c) Para as embarcacións históricas, clásicas ou de época, e tradicionais construídas con posterioridade o ano 1950: a bonificación será dun 60% e aplicarase sobre a suma das contías dos conceptos A), B) e C) resultante.

Ademais, se é o caso, serán aplicables sobre á suma das contías dos conceptos A), B) e C) resultante as seguintes bonificacións adicionais:

1. O 20% para embarcacións tradicionais e históricas propiedade de asociacións náuticas ou culturais sen animo de lucro e que se acredite a súa posta a disposición para a promoción, divulgación, protección ou conservación dos seus valores culturais e históricos.

2. O 10% para embarcacións tradicionais e históricas inscritas no censo voluntario propiedade dun armador particular, que non sexan destinadas a fins lucrativos.

Para os efectos do disposto nesta regra teranse en conta as seguintes definicións:

a) Enténdese por ancoraxe a dispoñibilidade dunha superficie de espello de auga destinado para tal fin e debidamente autorizado.

XUNTA DE GALICIA

b) Enténdese por atracada en punta a dispoñibilidade dun elemento de amarre fixo a embarcadoiro, peirao, banqueta ou dique que permita fixar un dos extremos (proa ou popa) da embarcación.

c) Enténdese por embarcación en seco aquela que permaneza nas instalacións portuarias, fóra da lámina de auga, tanto en estadía transitoria non dedicada a invernada coma en estadías prolongadas en zonas habilitadas para tal fin.

d) Enténdese por dispoñibilidade dos servizos de auga e enerxía, dos números 3 e 4 do concepto C), a existencia nas proximidades do punto de atracada, a peirao ou embarcadoiro, de tomas de subministración de auga ou enerxía, con independencia do aboamento da tarifa E-3 que lle sexa aplicable polos consumos efectuado. »

Vinte e dous. Modificase a regra sétima da tarifa X-5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Sétima.- O aboamento da tarifa da regra sexta farase:

a) Para embarcacións de paso no porto, por adiantado á chegada e polos días de estadía que declaren, ou por períodos de 24 horas desde a súa chegada, contando desde ás 12:00 horas do día de chegada. Se este prazo tivese que ser superado, o suxeito pasivo terá que formular nova petición e aboar de novo, por adiantado, o importe inherente ao prazo prorrogado.

b) Para embarcacións con base no porto, por semestres adiantados para o ano 2019. A domiciliación bancaria poderá ser esixida por Portos de Galicia de o considerar conveniente para a xestión tarifaria das instalacións.

Enténdese por embarcación con base no porto, para os únicos efectos da aplicación desta tarifa, aquela que teña autorizada a prestación do servizo de atracada ou ancoraxe ou estancia en seco por un período dun ou máis semestres naturais. O resto das embarcacións serán consideradas como de paso no porto.

Para embarcacións con base no porto o importe da tarifa aplicable será polo período completo autorizado, independente das entradas, das

XUNTA DE GALICIA

saídas ou dos días de ausencia da embarcación, mentres teña asignado o posto de atracada ou ancoraxe.

As embarcacións que teñan base nun porto dependente de Portos de Galicia estarán exentas do pagamento da tarifa diaria aplicable a embarcacións de paso durante as súas estadías noutros portos dependentes de Portos de Galicia. Para a súa aplicación deberán acreditar no porto de destino estar ao corrente do pago.

A baixa como embarcación de base producirá efectos fronte a Portos de Galicia desde o semestre natural seguinte ao da solicitude de baixa.»

Vinte e tres. Modifícase a regra oitava da tarifa X-5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Oitava.— Ás embarcacións con base no porto aplicaráselles unha redución do 20 % da tarifa que lles resulte aplicable no período considerado como temporada baixa, período este que é o comprendido entre o 1 de outubro e o 31 de marzo.

A bonificación no período de temporada baixa será do 42,5% cando a embarcación con base no porto estea amarrada durante todo o ano natural.

Esta regra non lles será aplicable ás embarcacións atracadas ou ancoradas en instalacións propias de concesión de construción y explotación.

Portos de Galicia aplicaralles unha bonificación do 40% ás embarcacións deportivas ou de lecer, cando o resultado da fórmula 0,4xExMxP sexa menor de 2 e con motores tamén menores de 20 HP, que sexan titularidade dos xubilados do mar. Na fórmula indicada E = eslora máxima total, M = manga máxima, P = puntal de trazado.

Portos de Galicia aplicará unha bonificación do 50% ás contías dos conceptos A), B) e C), excepto na contía correspondente a embarcacións en seco, ás embarcacións que atraquen en peiraos ou embarcadoiros de titularidade de Portos de Galicia que estean xestionados directamente ou parcialmente por este organismo e que

XUNTA DE GALICIA

teñan calados inferiores a 1 metro en baixamar viva equinoccial (BMVE). Será requisito para a aplicación desta bonificación que o calado máximo da embarcación permita o seu atraque en condicións de seguridade nestas prazas con calado reducido, que a bonificación sexa solicitada polo titular da autorización e que o aboamento da tarifa se realice por adiantado segundo o disposto na letra b) da regra sétima da presente tarifa. Esta bonificación é acumulable ás restantes indicadas nesta tarifa. »

Vinte e catro. Modifícase o parágrafo primeiro da regra décimo primeira da tarifa X-5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

« Décimo primeira. As embarcacións atracadas ou ancoradas en instalación propias de concesións, agás que no título concesional se determine outra cousa, aboarán en todo caso o concepto A) da regra sexta e os demais sumandos B) e C) por aqueles servizos prestados en instalacións alleas á concesión. Para o seu aboamento o concesionario poderá optar: »

Vinte e cinco. Modifícase a regra décimo segunda da tarifa X-5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

« Décimo segunda. Nas instalacións deportivas construídas e xestionadas parcialmente por Portos de Galicia que sexan explotadas por particulares mediante a correspondente concesión ou autorización administrativa, que á entrada en vigor desta lei incluísen nos pregos de condicións a redución da contía da tarifa X-5 de ata o 15%, por subrogarse nas obrigas de pagamentos dos suxeitos pasivos que utilicen as instalacións, manterase esta redución mentres estea vixente ese título administrativo. »

Vinte e seis. Modifícase a regra quinta da tarifa E-3 contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

« Quinta. As contías da tarifa por subministración de enerxía eléctrica serán as seguintes:

a) Por KWh o fracción subministrada a través das tomas propiedade de Portos de Galicia: 0,331849 €. A facturación mínima será de 3,840155 €.

b) As contías da taxa para as restantes instalacións:

As bases de cálculo da taxa portuaria defínense segundo os conceptos de enerxía establecidos en referencia directa ao cálculo da factura eléctrica do mercado retallista español establecido no RD 1164/2001 e en particular á tarifa PVPC simple dun único período 2.0A establecida no RD 216/2014, con prezos dos termos de peaxes de acceso e marxe de comercialización fixo vixentes, segundo a formulación seguinte:

Taxas E-3 no período de devindicación = (PA+EA) x Rv x IE + Ct.

Sendo:

- Concepto de potencia accesible (PA): resulta da aplicación do prezo da potencia vixente no ano natural de devindicación. Fíxase para o exercicio 2019 e seguintes unha contía de 0,1152 €/kW.día, multiplicado pola potencia dispoñible da instalación, que ven determinada polo calibre do interruptor xeral de protección da liña de acometida (kW), multiplicado polos días comprendidos no período de facturación.

No suposto de que a contía sufra variacións, tomarase a nova tarifa legalmente aprobada.

- Concepto de enerxía activa (EA): resulta da aplicación do prezo da enerxía vixente no ano natural de devindicación, multiplicado pola diferenza de lecturas do equipo de medida tomadas o primeiro día e o último do período de devindicación en kWh.

O prezo da enerxía vixente no ano natural será unha contía fixa para todo o ano natural, sendo este valor o prezo medio da enerxía publicado polo Ministerio con competencia en materia de enerxía do período interanual calculado a partir do 1 de xullo. Para o exercicio 2019 este valor medio é de 0,116842 €/Kwh.

No suposto de que a contía sufra variacións, tomarase a nova tarifa legalmente aprobada.

- Recarga polo volume de kwh consumidos (Rv): Establecese unha recarga da tarifa base consumida comprendida entre o 2% e o 10 %,

XUNTA DE GALICIA

dependendo a dita porcentaxe do consumo medio diario realizado durante o período de devindicación, segundo a seguinte táboa:

| Media dos Kwh consumidos día durante o período liquidado | Recargo (%) |
|---|---|
| Igual o superior a 300 kWh/día | 10% |
| Igual o superior a 200 kWh/día e inferior a 300 kWh/día | 8% |
| Igual o superior a 100 kWh/día e inferior a 200 kWh/día | 6% |
| Igual o superior a 10 kWh/día e inferior a 100 kWh/día | 4% |
| Igual o superior a 5 kWh/día e inferior a 10 kWh/día | 2% |

Onde:

Rv = 1 + Recargo (%)/100

- Imposto eléctrico (IE): sobre o concepto de potencia accesible e o concepto de enerxía activa será de aplicación a porcentaxe correspondente ao imposto eléctrico legalmente establecido polo organismo competente. O imposto eléctrico para o exercicio 2019 e seguintes é dun 5,11269632%. Non obstante, no suposto de que sufra variacións durante este exercicio, adaptarase a formulación ó imposto vixente no período de devindicación.

Onde:

IE = 1 + Gravame imposto eléctrico (%)/100 = 1+5,11269632/100 = 1,0511269632.

- Contía por posta a disposición de contador (Ct): polos traballos de conexionado, desconexionado e tramitacións administrativa de instalación e seguimento establecese unha contía fixa de 0,05 €/día en subministracións efectuadas en baixa tensión e de 0,5 €/día en subministracións efectuadas en media tensión, polos días comprendidos entre o primeiro e o ultimo do período de devindicación. »

Vinte e sete. Modificase a regra décimo cuarta da tarifa E-4 contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

XUNTA DE GALICIA

« Décimo cuarta. A contías pola subministración de elementos de apertura ou peche de control de accesos instalados nos portos, serán os seguintes:

Tarxetas magnéticas de proximidade ou contacto: 12,87 €/unidade

Dispositivos de lectura a distancia: 18,87 €/unidade

Mandos a distancia: 50,61 €/unidade . »

XUNTA DE GALICIA

# TÍTULO II: MEDIDAS ADMINISTRATIVAS

XUNTA DE GALICIA

CAPÍTULO I

**Emprego público**

Artigo 6. *Modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia*

A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase a letra b) do número 2 do artigo 14, que queda coa seguinte redacción:

> "b) Propoñer ao Consello da Xunta de Galicia os proxectos de normas de xeral aplicación ao emprego público. Cando se trate de proxectos normativos referentes ao persoal funcionario suxeito a un réxime singular ou especial, a proposta será por iniciativa da persoa titular da consellería sectorialmente competente."

Dous. Modifícase a letra d) do número 2 do artigo 14, que queda coa seguinte redacción:

> "d) Convocar e resolver os concursos ordinarios de provisión de postos de traballo incluídos nas relacións de postos de traballo do persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico."

Tres. Engádese unha letra f) no número 2 do artigo 17, que queda redactada como segue:

> "f) Convocar e resolver os concursos específicos de provisión de postos de traballo relativos á súa consellería, incluídos nas relacións de postos de traballo do persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico."

Catro. O número 3 do artigo 48 queda modificado como segue:

> "3. As ofertas de emprego público poden prever que as prazas reservadas para persoas con discapacidade se convoquen conxuntamente coas prazas ordinarias ou mediante convocatorias

independentes, garantíndose, en todo caso, o carácter individual dos procesos selectivos. As probas dos procesos obxecto de convocatoria independente serán de características similares ás que se realicen nas convocatorias ordinarias e as persoas que participen nelas deberán acreditar o grao de discapacidade indicado. As prazas incluídas nestas convocatorias computaranse na porcentaxe reservada na oferta de emprego público para a súa cobertura entre persoas con discapacidade."

Cinco. Engádese un número 5 ao artigo 55 coa seguinte redacción:

"5. Para asegurar a protección das vítimas de violencia de xénero durante o desenvolvemento dos procesos selectivos e nas listas de contratación temporal, serán adoptadas todas as medidas necesarias para a salvagarda dos seus dereitos e intereses, e en especial a protección dos seus datos persoais nos termos establecidos no artigo 72.3.a)."

Seis. Modifícanse as letras a) e b) do artigo 77, que quedan coa seguinte redacción:

"a) Dentro de cada corpo ou escala existirán categorías profesionais divididas en graos de ascenso, aos cales irá vinculada a contía do complemento retributivo de carreira previsto nesta lei.

b) O persoal funcionario de carreira de cada corpo ou escala terá atribuída unha categoría profesional e un grao dentro dela, que para o persoal de novo ingreso será necesariamente a categoría inicial e o grao inferior desta."

Sete. Modifícase o número 1 do artigo 121, que queda coa seguinte redacción:

"1. Nos casos de parto, a nai funcionaria ten dereito a un permiso retribuído de vinte e dúas semanas ininterrompidas, que se distribuirán a elección da persoa titular do dereito, sempre que seis semanas sexan inmediatamente posteriores ao parto."

Oito. Modifícase o número 1 do artigo 122, que queda coa seguinte redacción:

CONSELLERÍA DE FACENDA XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

"1. Nos casos de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple, o persoal funcionario ten dereito a un permiso retribuído de vinte e dúas semanas ininterrompidas, do que se fará uso, por elección da persoa titular do dereito, en calquera momento posterior á efectividade da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción ou efectividade da decisión administrativa ou xudicial de acollemento, sen que en ningún caso un mesmo menor poida dar dereito a varios períodos de aproveitamento deste permiso."

Nove. O número 2 do artigo 129 queda modificado como segue:

"2. As licenzas previstas neste artigo pódense conceder igualmente ao persoal funcionario en prácticas que xa estivese prestando servizos remunerados na Administración como persoal funcionario de carreira, durante o tempo que se prolongue o curso selectivo ou o período de prácticas. Se os servizos como persoal funcionario de carreira se prestasen na mesma Administración na que se adquiriu a condición de persoal funcionario en prácticas, poderá optarse entre percibir as retribucións que correspondan pola condición de funcionario/a de carreira ou as retribucións previstas para o persoal funcionario en prácticas. Se os servizos como persoal funcionario de carreira se prestasen nunha Administración distinta daquela na que se adquiriu a condición de persoal funcionario en prácticas, percibiranse necesariamente as retribucións fixadas nesta última para o persoal funcionario en prácticas."

Dez. Modifícase o número 3 do artigo 146, que queda coa seguinte redacción:

"As Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei aboarán o complemento retributivo desde o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou de desfrute da licencia por enfermidade que, sumado á prestación do Réxime Xeral da Seguridade Social, acade o 100% das retribucións fixas do mes do inicio da incapacidade temporal."

Once. Os cadros do número 1 da disposición adicional novena correspondentes ás escalas de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros e de profesores de capacitación agraria quedan coa seguinte redacción:

XUNTA DE GALICIA

Doce. O cadro do número 2 da disposición adicional novena correspondente á escala de enxeñeiros técnicos queda coa seguinte redacción:

| Denominación | Especialidades | Subgrupo | Funcións | Titulación |
|---|---|---|---|---|
| Escala de enxeñeiros técnicos | Enxeñaría técnica de obras públicas | A2 | Execución técnica e realización dos traballos propios da titulación esixida e das funcións concretas asignadas ao desempeño do correspondente posto de traballo, de ser o caso, baixo a dirección e supervisión dos funcionarios da escala superior. | Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico de obras públicas. |
| | Enxeñaría técnica industrial | | | Enxeñeiro Técnico Industrial ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico industrial. |
| | Enxeñaría técnica forestal | | | Enxeñeiro Técnico Forestal ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico forestal. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Enxeñaría técnica agrícola | | | Enxeñeiro Técnico Agrícola ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico agrícola. |
| | Enxeñaría técnica de minas | | | Enxeñeiro Técnico de Minas ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico de minas. |
| | Enxeñaría técnica de telecomunicación | | | Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico de telecomunicación. |

XUNTA DE GALICIA

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Enxeñaría técnica en Topografía | | | Enxeñeiro Técnico en Topografía ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico en topografía. |

Trece. Introdúcese unha disposición adicional décimo cuarta coa seguinte redacción:

"Disposición adicional décimo cuarta. Segunda actividade do persoal pertencente ás escalas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais da Xunta de Galicia

1. A segunda actividade do persoal das escalas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais da Xunta de Galicia, que en todo caso será voluntaria, consistirá no pase á realización de tarefas que non comporten unha prestación directa de labores de extinción de incendios.

2. Poderá solicitar pasar á segunda actividade o persoal das escalas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais que cumpra os requisitos que a seguir se indican:

a) Ter cumpridos os 60 anos de idade.

b) Ter desempeñados 25 anos de servizo nestas escalas.

c) Formular solicitude nos termos previstos regulamentariamente.

3. O persoal en situación de segunda actividade percibirá a totalidade das retribucións que lle correspondan polo posto de traballo que efectivamente pase a desempeñar. Non obstante, se as retribucións totais fosen inferiores ás que se viñan percibindo no momento de producirse o pase á situación de segunda actividade, o persoal indicado terá dereito a percibir un complemento persoal equivalente á

diferenza entre a totalidade das retribucións, básicas e complementarias, do posto de orixe, con exclusión das gratificacións por servizos extraordinarios, en cómputo anual, e as retribucións que lle correspondan percibir polo posto que ocupe.

4. Regulamentariamente desenvolverase o réxime aplicable á segunda actividade deste persoal, previa negociación coas organizacións sindicais."

Catorce. Engádese un número 4 á disposición transitoria oitava coa seguinte redacción:

"4. Sen prexuízo do establecido no número 3 desta disposición e en tanto non se implante o sistema de carreira profesional establecido no artigo 77, poderase establecer un sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa, complementario ao do grao persoal previsto nesta disposición, que permita ao persoal funcionario de carreira progresar de maneira voluntaria e individualizada e que promova a súa actualización e o perfeccionamento da súa cualificación profesional.

No regulamento que desenvolva este sistema transitorio poderán fixarse os graos e requisitos para o seu recoñecemento e ascensos, así como a avaliación necesaria da traxectoria e actuación profesional, na que se terán en conta os coñecementos adquiridos, a formación, experiencia e outros méritos e aptitudes que se establezan.

O persoal funcionario de carreira que quede encadrado neste sistema poderá percibir, de acordo co que se estableza regulamentariamente, unha retribución adicional ao complemento de destino segundo o grupo ou subgrupo profesional de pertenza, que remunere a progresión profesional acadada.

Esta retribución adicional percibirase en todo caso na situación de servizo activo no correspondente corpo ou escala ou durante o desempeño de postos ou cargos no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia enunciadas no artigo 45 a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, ou

XUNTA DE GALICIA

nos órganos estatutarios da Comunidade Autónoma relacionados na disposición adicional primeira, letra a), da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Tamén percibirán este complemento os liberados/as sindicais.

O persoal funcionario de carreira que se encontre na situación de servizos especiais polo desempeño de postos ou cargos no ámbito delimitado no parágrafo anterior percibirá dentro das retribucións do posto ou cargo que desempeñe unha contía equivalente á correspondente á retribución adicional que lle sería aplicable de acordo con esta disposición.

Cando se implante o sistema de carreira profesional previsto no artigo 77 se terá en conta o desenvolvemento profesional acadado de acordo co establecido na presente disposición."

# CAPÍTULO II

## Réxime orzamentario

Artigo 7. *Modificación do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro*

O texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, queda modificado como segue:

Un. Engádese un novo artigo 50 bis coa seguinte redacción:

"Artigo 50 bis. Oficina orzamentaria

1. No ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, en cada sección orzamentaria, baixo a dependencia da correspondente secretaría xeral técnica, identificarase un órgano, con nivel mínimo de servizo, que desenvolverá como mínimo as seguintes funcións, sen prexuízo daquelas outras que poidan establecerse nos decretos de estrutura orgánica:

a) Formular, en termos de obxectivos e programas de gasto, incluso plurianuais, os plans de actuación e proxectos dos servizos orzamentarios dependentes.

b) O estudo e informe económico dos actos e disposicións con repercusión económico-financeira nos orzamentos de gastos e ingresos.

c) Informar e propoñer, no seu caso, á comisión orzamentaria que corresponda a revisión dos programas de gasto e desenvolver e aplicar as instrucións para a elaboración do orzamento anual.

d) A elaboración e tramitación do anteproxecto anual de orzamentos da sección e a coordinación dos correspondentes ás entidades instrumentais dependentes o seguimento da execución dos créditos orzamentarios e a tramitación das súas modificacións.

e) O seguimento do grao de realización dos obxectivos respecto aos programas e actuacións que se determinen na lei anual de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

XUNTA DE GALICIA

f) A análise e coordinación de cantos recursos financeiros ten asignados a sección, así como a coordinación e seguimento da aplicación dos fondos europeos ou outros finalistas que financien programas ou proxectos da sección e das súas entidades dependentes, sen prexuízo das funcións atribuídas ás outras unidades e órganos da sección.

2. Nas entidades públicas recollidas no orzamento consolidado da Comunidade Autónoma de Galicia cuxa normativa específica confira carácter limitativo aos créditos do seu orzamento de gastos, estableceranse as unidades necesarias para dar cumprimento ao sinalado na letra d) do número anterior.

3. Por orde da consellería competente en materia de facenda aprobarase o desenvolvemento regulamentario relativo á realización destas funcións e o procedemento a seguir para o exercicio de cada unha delas."

Dous. Engádense os números 3 e 4 no artigo 61 coa seguinte redacción:

"3. Non terán a condición de modificacións orzamentarias nin a redistribución de créditos nin os movementos interproxectos que non alteren o nivel de vinculación dos créditos previsto no artigo 56 ou nas leis anuais de orzamentos.

4. O procedemento de xestión dos expedientes de modificacións orzamentarias que afecten á Administración xeral, organismos autónomos, axencias públicas autonómicas e restantes entidades públicas recollidas no orzamento consolidado da Comunidade Autónoma de Galicia cuxa normativa específica confira carácter limitativo aos créditos do seu orzamento de gastos, desenvolverase por orde da consellería competente en materia de facenda. Nesta orde tamén desenvolverase o procedemento de xestión das figuras previstas no número 3 deste artigo."

Tres. O primeiro parágrafo do artigo 73 queda redactado como segue:

"A xestión económica e financeira dos créditos incluídos nos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus organismos autónomos, axencias públicas e demais entidades públicas recollidas no orzamento consolidado da

XUNTA DE GALICIA

Comunidade Autónoma con orzamentos de gastos de carácter limitativo, estruturarase de acordo coas seguintes fases:"

Catro. Na artigo 73 queda suprimido o inciso "a) Orzamento de gastos" .

Cinco. Suprímese toda a letra b) do artigo 73.

Seis. Dáse a seguinte redacción ao artigo 78:

"Artigo 78. Fases dos dereitos económicos

1. A xestión orzamentaria dos dereitos económicos incluídos nos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e dos seus organismos autónomos, axencias públicas e demais entidades públicas recollidas no orzamento consolidado da Comunidade Autónoma con orzamentos de gastos de carácter limitativo, realizarase a través das seguintes fases:

a) Compromiso de ingreso, que é o acto en base ao cal se recoñece en contas o dereito a liquidar un determinado recurso por unha contía certa no momento no que se cumpran as condicións ou trámites que se contemplan no título xurídico do que nace a expectativa do dereito á súa percepción.

A estes efectos, terán a consideración de títulos xurídicos habilitantes, as leis, regulamentos, resolucións e acordos promulgadas, aprobados, ditadas ou adoptados por órganos estatais, autonómicos ou locais, así como os convenios e contratos celebrados con estes órganos ou con outras entidades públicas ou privadas.

b) Contraído do recurso, que é o acto polo que se liquida o ingreso e se recoñece en contas o dereito definitivo á súa percepción pola súa exacta contía, unha vez cumpridas as condicións esixidas para a perfección do dereito.

c) Recadación do recurso, que constitúe o proceso a través do cal a Tesourería da Comunidade ingresa nas súas caixas o importe do dereito recoñecido ou cando, de ser o caso, se procede ao seu ingreso en formalización.

2. O desenvolvemento das distintas fases realizarase tendo en conta o principio de mantemento do equilibrio económico-financeiro e condicionado ás garantías de estabilidade orzamentaria e á sustentabilidade financeira establecidas na normativa estatal e autonómica.

3. Poderán acumularse nun mesmo acto unha ou varias das fases de xestión orzamentaria."

Sete. O artigo 79 queda coa seguinte redacción:

"Artigo 79. Normas especiais na xestión orzamentaria dos dereitos económicos por transferencias correntes e de capital

1. Respecto dos dereitos económicos procedentes de transferencias correntes e de capital, a competencia para a realización dos actos de xestión orzamentaria corresponderá:

a) Cando se trate de dereitos que corresponden ao orzamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma e cando se modifiquen as previsións iniciais das entidades públicas recollidas no orzamento consolidado da Comunidade Autónoma con orzamentos de gastos de carácter limitativo, á dirección xeral competente en materia de orzamentos a través do órgano que teña atribuída a xestion orzamentaria dos ingresos procedentes de transferencias correntes e de capital.

b) Salvo a excepción prevista na letra a) deste número, cando se trate de ingresos que corresponden ao orzamento das entidades públicas instrumentais con orzamento de carácter limitativo, os órganos que dentro delas teñan atribuída a xestión orzamentaria en materia de ingresos.

2. Na aplicación do previsto nos artigos 64 e 69, a formalización de compromisos firmes de ingresos non orzados inicialmente axustaranse ás seguintes especialidades:

a) A solicitude das consellerías ou das entidades públicas recollidas no orzamento consolidado da Comunidade Autónoma con orzamentos de gastos de carácter limitativo, os expedientes de formalización do

compromiso de ingreso e de xeración de crédito ou ampliación tramitaranse simultaneamente pola dirección xeral competente en materia de orzamentos a través dos órganos que teñan atribuídas as correspondentes funcións.

b) Cando se trate de transferencias que corresponden a recursos contemplados na lei reguladora do sistema de financiamento das comunidades autónomas, a tramitación simultánea dos expedientes de formalización do compromiso de ingreso e de xeración ou ampliación realizarase de oficio pola dirección xeral competente en materia de orzamentos.

3. O contraído dos recursos procedentes da Unión Europea efectuarase unha vez certificada ante a unidade estatal ou comunitaria administradora destes recursos a realización do gasto financiado coas transferencias dos devanditos recursos.

Con carácter xeral, sen prexuízo das excepcións que, no marco do proceso de elaboración do orzamento anual, estableza a dirección xeral competente en materia de orzamentos, a xestión destes recursos incluirase dentro do orzamento da Administración xeral aínda que os beneficiarios sexan calquera das entidades incluídas no ámbito do sector público autonómico definido segundo a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia ou se trate de entidades que estiveran recollidas no orzamento consolidado da Comunidade Autónoma con orzamentos de gastos de carácter limitativo.

Realizada esta xestión orzamentaria, as entidades percibirán os recursos correspondentes desde a sección orzamentaria pola que reciben as transferencias correntes e de capital.

4. Os anticipos de fondos europeos percibidos para financiar gastos en fase de execución terán, transitoriamente, tratamento extraorzamentario, que se cancelará no momento en que se certifique o gasto e se efectúe o contraído do recurso e a aplicación do recadado, segundo proceda, como transferencia corrente ou de capital.

5. Non resultará aplicable o previsto no número anterior, cando a Administración xeral da Comunidade Autónoma ou os seus entes

instrumentais con orzamento de carácter limitativo, resulten beneficiarios de axudas financiadas con fondos europeos xestionados pola Administración xeral do Estado para os que se conveña a realización de anticipos reembolsables.

6. Os ingresos por transferencias correntes e de capital que non poidan ser identificados polo órgano da dirección xeral competente en materia de orzamentos que teña atribuída a súa xestión, ao non figurar claramente especificada a súa procedencia, quedarán contabilizados en contas extraorzamentarias que os recollerán como pendentes de aplicación ata a súa correcta identificación.

7. A devolución de ingresos procedentes de transferencias correntes ou de capital, xa aplicadas ao orzamento e materialmente ingresadas en contas de Tesourería, só poderá realizarse como consecuencia de disposición, resolución ou acordo no que se estableza a súa esixencia á Administración xeral ou ás entidades públicas instrumentais que os percibiron.

Co obxecto de manter o equilibrio orzamentario, poderase requirir do órgano ou entidade que xestionou a transferencia recibida que comunique os créditos do seu orzamento de gastos que financiarán a correspondente devolución. En ningún caso o expediente de devolución incluirá as cantidades esixidas por intereses ou conceptos análogos e a devolución das devanditas cantidades será a cargo do xestor da transferencia.

8. Por orde da consellería competente en materia de facenda desenvolveranse os procedementos de xestión orzamentaria que correspondan para cada unha das especialidades previstas nos números 1 a 7 deste artigo e determinaranse os órganos competentes en cada caso."

Oito. Engádese un número 5 ao artigo 85 coa seguinte redacción:

"5. O procedemento de xestión dos expedientes de modificacións orzamentarias que afecten ás entidades instrumentais contempladas no número 1, desenvolverase por orde da consellería competente en materia de facenda."

## CAPÍTULO III

### Medio ambiente e territorio

Artigo 8. *Modificación do Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e procedemento para a declaración de solos contaminados*

O Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e procedemento para a declaración de solos contaminado, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o apartado 2 do número 1 do artigo 2, que queda coa seguinte redacción:

"2. Actividades potencialmente contaminantes do solo: as actividades de tipo industrial ou comercial en que, xa sexa polo manexo de substancias perigosas xa sexa pola xeración de residuos, poidan contaminar o solo. Terán, en todo caso, esta consideración:

a) As actividades de tipo industrial ou comercial recollidas no anexo I do Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados, ou norma que a substitúa.

b) As actividades que producen, manexan ou almacenan máis de 10 toneladas por ano dunha ou varias das substancias incluídas no Real decreto 363/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento sobre notificación de substancias novas e clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas.

c) Os almacenamentos de combustible para uso propio segundo o Real decreto 1523/1999, do 1 de outubro, polo que se modifica o Regulamento de instalacións petrolíferas, aprobado polo Real decreto 2085/1994, do 20 de outubro, e as instrucións técnicas complementarias MI-IP03, aprobadas polo Real decreto 1427/1997, do 15 de setembro, e MI-IP04, aprobada polo Real decreto 2201/1995, do 28 de decembro, cun consumo anual medio superior a 300.000 litros e cun volume total de almacenamento igual ou superior a 50.000 litros.

XUNTA DE GALICIA

Terán a consideración de novas actividades potencialmente contaminantes do solo aquelas que iniciaron a súa actividade con posterioridade ao 7 de febreiro de 2005, data de entrada en vigor do Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro. "

Dous. Suprímese o anexo I.

XUNTA DE GALICIA

Artigo 9. *Modificación da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia*

A Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Engádese un novo número 3 ao artigo 71 coa seguinte redacción:

"3. Sobre a contía das sancións pecuniarias impostas segundo os artigos 72 a 74 aplicaranse as reducións establecidas no artigo 188 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, nos termos previstos no dito precepto."

Dous. Modifícase o artigo 72 que queda coa seguinte redacción:

"Artigo 72. Infracción tributaria por incumprir a obriga de repercutir o canon da auga ou o coeficiente de vertedura a sistemas de depuración na factura da auga

1. Constitúe infracción tributaria incumprir a obriga de repercutir o canon da auga ou o coeficiente de vertedura a sistemas de depuración nas facturas ou nos recibos que emita a entidade subministradora ou prestadora do servizo de sumidoiros para documentar a contraprestación dos seus servizos. Neste suposto inclúese o incumprimento da obriga de liquidar o canon da auga ou o coeficiente de vertedura nas subministracións ou, no seu caso, na prestación de servizo de sumidoiros, non facturadas aos abonados, mesmo os consumos propios das entidades subministradoras ou prestadoras do servizo de sumidoiros, nos termos que regulamentariamente se determinen, así como o incumprimento da prohibición da súa repercusión de forma separada da factura ou recibo que emita a entidade subministradora ou prestadora do servizo de sumidoiros para documentar a contraprestación dos seus servizos.

2. A infracción tributaria será leve cando o importe non repercutido, ou repercutido de forma separada, do canon da auga ou do coeficiente de vertedura sexa inferior ou igual a 3.000 euros ou, sendo superior, o número de recibos de auga emitidos sen incluír o canon da auga ou o coeficiente de vertedura sexa inferior ou igual a 10.

3. A infracción tributaria será grave cando o importe non repercutido, ou repercutido de forma separada, do canon da auga ou do coeficiente de vertedura sexa superior a 3.000 euros.

4. A base da sanción será o canon da auga ou o coeficiente de vertedura non repercutido, ou repercutido de forma separada, como resultado da comisión da infracción.

5. A sanción por infracción leve consistirá nunha multa pecuniaria proporcional do 25% da base.

6. A sanción por infracción grave consistirá nunha multa pecuniaria proporcional do 40% da base.

7. A sanción por infracción grave graduarase incrementando a porcentaxe indicada no número anterior conforme aos criterios de comisión repetida de infraccións tributarias e de prexuízo económico para a facenda pública, cos incrementos porcentuais previstos para cada caso nas letras a) e b) do número 1 do artigo 187 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria."

Tres. O artigo 73 queda modificado como segue:

"Artigo 73. Infracción tributaria por repercutir incorrectamente o canon da auga ou o coeficiente de vertedura a sistemas de depuración con prexuízo económico para a facenda pública

1. Constitúe infracción tributaria repercutir incorrectamente o canon da auga ou o coeficiente de vertedura a sistemas de depuración nas facturas ou nos recibos que emita a entidade subministradora ou prestadora do servizo de sumidoiros para documentar a contraprestación dos seus servizos, ou repercutilo en documento separado, cando desta repercusión incorrecta se produza ou se poida producir prexuízo económico para a facenda pública.

2. A base da sanción será a diferenza entre o canon da auga ou o coeficiente de vertedura repercutido e o que procedía repercutir.

3. A cualificación da sanción como leve ou grave, así como a determinación da súa sanción, realizarase consonte ao establecido nos números 2 a 7 do artigo anterior."

XUNTA DE GALICIA

Catro. O artigo 74 queda coa seguinte redacción:

"Artigo 74. Infracción tributaria por repercutir incorrectamente o canon da auga ou o coeficiente de vertedura a sistemas de depuración sen prexuízo económico para a facenda pública

1. Constitúe infracción tributaria leve repercutir incorrectamente o canon da auga ou o coeficiente de vertedura a sistemas de depuración nas facturas ou nos recibos que emita a entidade subministradora ou prestadora do servizo de sumidoiros para documentar a contraprestación dos seus servizos cando desta repercusión incorrecta non se produza ou non se poida producir prexuízo económico para a facenda pública.

2. A base da sanción será a diferenza entre o canon da auga ou o coeficiente de vertedura repercutido e o que procedía repercutir.

3. A sanción consistirá nunha multa pecuniaria proporcional do 10% da base."

XUNTA DE GALICIA

Artigo 10. *Modificación da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia*

Modifícase o número 2 do artigo 36 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, que queda coa seguinte redacción:

> "2. A declaración de incidencia ambiental deberá ser emitida no prazo máximo de dous meses desde a presentación da solicitude. Se se supera o citado prazo, a declaración entenderase desfavorable. "

XUNTA DE GALICIA

Artigo 11. *Modificación da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014*

Engádese un número tres bis na disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, coa seguinte redacción:

"Tres bis. Igualmente cando as circunstancias económicas da sociedade o permitan por cumprir os obxectivos orzamentarios e as previsións do seu plan de viabilidade, a persoa titular da consellería competente en materia de medio ambiente, previo informe favorable da consellería competente en materia de facenda, poderá reducir o canon unitario de tratamento por tonelada anual nunha porcentaxe que non exceda o 10 por cento da cantidade que en concepto de canon estea vixente no ano inmediatamente anterior.

A redución do canon anterior aplicarase a aquelas entidades locais que certifiquen o compromiso coa redución de residuos mediante o mantemento ou a aprobación de medidas que fomenten a recollida selectiva así como a aprobación do traslado da devandita redución ás persoas beneficiarias do servizo. Esta circunstancia acreditarase mediante unha certificación do órgano que corresponda da entidade local, que será emitido nos tres meses seguintes á publicación da aprobación da contía do canon reducido. No suposto de que no dito prazo a Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (Sogama), non tivera recibido o referido certificado, continuará aplicando o importe do canon existente no ano inmediatamente anterior actualizado segundo a variación do IPC correspondente ao mes de decembro desa anualidade.

A aprobación da contía do canon reducido así como a contía do canon que resulte aplicable ás entidades locais que non asuman os compromisos indicados no parágrafo anterior, publicarase no Diario Oficial de Galicia."

XUNTA DE GALICIA

Artigo 12. *Modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Engádese un novo artigo 117 bis coa seguinte redacción:

"Artigo 117 bis. Modalidades de execución das actuacións no sistema de expropiación

1. A administración expropiante poderá utilizar, para o desenvolvemento da actividade de execución das actuacións no sistema de expropiación, todas as modalidades de xestión directa e indirecta admitidas pola lexislación de réxime xurídico, de contratación das Administracións Públicas, de réxime local e de ordenación territorial e urbanística.

2. Será aplicable a lexislación de contratos do sector público cando a modalidade de xestión do sistema de expropiación elixida supoña a adxudicación de contratos de obras ou de concesión regulados na indicada lexislación.

3. Así mesmo, de acordo cos principios de transparencia, publicidade e concorrencia, poderá atribuírse a condición de beneficiario da expropiación a persoas naturais ou xurídicas, para que adquiran a propiedade de todos os bens e dereitos incluídos no ámbito de actuación, aboando o seu xusto prezo, e executen as obras de urbanización.

Nos concursos públicos que a tal efecto se convoquen poderán presentar ofertas calesquera persoas físicas ou xurídicas, interesadas en asumir a xestión da actuación, incluídos os propietarios que formen parte do correspondente ámbito. A tales efectos, estes deberán ben constituír unha entidade urbanística de xestión, que terá natureza administrativa e duración limitada á da actuación, ou ben constituír unha sociedade mercantil ao efecto.

Os concursos públicos poderán ser convocados unha vez que se aprobe definitivamente o planeamento que conteña a ordenación

detallada. A convocatoria deberá publicarse como mínimo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial del Estado.

As bases do concurso determinarán os criterios aplicables para a súa adxudicación, debendo terse en conta, en particular, aqueles que produzan un maior beneficio para a colectividade no seu conxunto e favorezan a atracción do investimento e creación de emprego.

As bases do concurso público fixarán os dereitos e as obrigas do beneficiario da expropiación, que actuará ao seu risco e ventura, e que comprenderán en todo caso os deberes de executar a urbanización e efectuar as cesións obrigatorias establecidas nesta lei. En particular, as bases establecerán:

a) As obras e instalacións que o beneficiario debe executar e os seus prazos, expresando as que han de entregarse á Administración.

b) As garantías a prestar polo beneficiario que aseguren a execución completa e en tempo e forma das súas obrigas, incluído o aboamento dos xusto prezos e a realización da urbanización, das obras e das instalacións que debe executar.

c) Deberes de conservación das obras e instalacións ata a súa entrega.

d) Os factores a ter en conta para a fixación dos prezos de venta, no seu caso, dos soares resultantes da actuación.

e) As relacións entre o beneficiario e os propietarios de terreos no ámbito de execución do plan e entre aquel e os adquirentes de soares edificables, ata tanto se execute totalmente o plan.

f) As penalidades por incumprimento e demoras.

g) As causas de incumprimento e resolución do convenio urbanístico e as súas consecuencias.

A adxudicación do concurso determinará a formalización coa persoa ou entidade que presente a oferta máis vantaxosa do correspondente convenio urbanístico, que se rexerá polo disposto nesta lei e no que se determinarán, de acordo coas bases e a proposta adxudicataria, os

XUNTA DE GALICIA

termos e as condicións da xestión e da execución do planeamento, de acordo sempre coas previsións e determinacións deste.

O adxudicatario poderá incorporar á xestión urbanística, en calquera momento e nas condicións que libremente pacten entre si, a calquera dos propietarios de solo, previa solicitude á Administración actuante e resolución por esta da exclusión da expropiación dos bens correspondentes, de acordo co artigo 119."

Dous. Engádese unha disposición adicional terceira na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, coa seguinte redacción:

"Disposición adicional terceira. Medidas urbanísticas excepcionais

Aos efectos da presente lei, e sen prexuízo do necesario respecto á normativa sectorial estatal e autonómica que resulte aplicable, poderase autorizar a reconstrución, coas mesmas características volumétricas que tiñan, dos edificios, construcións e instalacións afectados por situacións declaradas polo Consello de Ministros como zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil ou polo Consello de la Xunta de emerxencia de natureza catastrófica, que, no momento de produción da dita situación, estiveran sometidos ao réxime previsto nos artigos 40 ou 90. Nestes casos, os edificios, construcións e instalacións realizados quedarán sometidos ao réxime do artigo 40 ou do artigo 90, respectivamente.

Esta disposición será aplicable tanto respecto das situacións xa declaradas como daquelas cuxa declaración se efectúe tras a súa entrada en vigor."

XUNTA DE GALICIA

Artigo 13. *Modificación da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía*

Engádese un número 3 no artigo 17 coa seguinte redacción:

> "3. Toda persoa que conduza e controle, de forma habitual, ocasional ou puntual, un animal cualificado como potencialmente perigoso deberá estar en posesión da correspondente licenza municipal para a tenza de animais potencialmente perigosos expedida ao seu nome."

XUNTA DE GALICIA

CAPÍTULO IV

**Infraestruturas**

Artigo 14. *Modificación da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia*

A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, queda modificada como segue:

Un. O número 1 do artigo 41 queda coa seguinte redacción:

"1. A liña límite de edificación está situada a ambas as dúas beiras da estrada cun trazado que discorre paralelo ás liñas exteriores de delimitación das calzadas a unha distancia, medida horizontal e ortogonalmente a aquelas, de:

a) Cincuenta metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóbiles.

b) Quince metros no caso de estradas convencionais. No caso de que unha Administración teña aprobado o Catálogo da súa rede e nel se categoricen funcionalmente as estradas en rede estruturante, rede complementaria e rede local, segundo o establecido no Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento de estradas de Galicia, a liña límite de edificación estará situada a quince metros no caso das estradas da rede estruturante e da rede complementaria e a sete metros para as estradas da rede local.

c) Nos elementos funcionais da estrada, a liña de edificación estará situada a sete metros da liña exterior de delimitación da calzada do elemento funcional. No suposto de que a liña limite de edificación do elemento funcional quede incluída dentro da liña límite de edificación establecida pola propia estrada, será esta última a que prevaleza."

Dous. O número 2 do artigo 47 queda coa seguinte redacción:

"2. A competencia para autorizar a execución de obras e instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección correspóndelle á Administración titular da estrada, agás na corta de arboredo, que terá

XUNTA DE GALICIA

que ser autorizada unicamente polo órgano competente en materia forestal, de acordo co disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou norma que a substitúa, logo de informe preceptivo e vinculante do órgano competente da Administración titular da estrada.

No caso de obras, instalacións ou actividades, non executadas pola administración titular da estrada, na parte da zona de dominio público dos treitos urbanos distinta das calzadas e das súas beiravías, a competencia para outorgar a autorización corresponderá aos concellos, logo do informe vinculante da administración titular da estrada. Ese informe será tamén preciso no caso de obras, instalacións ou actividades que vaia realizar o propio concello."

# CAPÍTULO V

## Mar

Artigo 15. *Modificación da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia*

Engádese un parágrafo terceiro na disposición transitoria cuarta da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, coa seguinte redacción:

> "Respecto das concesións de actividade de acuicultura na zona marítima que iniciasen a vixencia segundo o disposto no parágrafo anterior, o procedemento de outorgamento da prórroga á que se refire o artigo 61 incoarase de oficio, salvo manifestación expresa en contrario da persoa concesionaria formulada con anterioridade á incoación. Trala incoación do procedemento e logo dos informes e restantes trámites preceptivos e dos demais que resulten necesarios, ditarase a resolución correspondente. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de seis meses. Se, durante a tramitación do procedemento e antes de ditarse a resolución, a persoa concesionaria formulase manifestación en contra da prórroga, a Administración desistirá do procedemento iniciado, ditando a correspondente resolución motivada, con arquivo das actuacións".

XUNTA DE GALICIA

Artigo 16. *Modificación da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia*

Engádese unha disposición transitoria novena na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, co seguinte tenor:

"Disposición transitoria novena. Composición e funcionamento do Consello Reitor da entidade pública empresarial Portos de Galicia

1. Mentres non se estableza regulamentariamente o número de vogais do Consello Reitor da entidade pública empresarial Portos de Galicia, conforme dispón o artigo 13.2, a composición do dito órgano e o réxime de substitucións será o establecido nos artigos 10 e 11 do Regulamento de Portos de Galicia, aprobado polo Decreto 227/1995, do 20 de xullo. O nomeamento dos vogais realizarase pola persoa titular da consellaría competente en materia de portos, conforme dispón o devandito artigo 13.2.

2. Así mesmo, en tanto non se produza o desenvolvemento regulamentario previsto no artigo 13.5, o réxime de funcionamento e de adopción de acordos do Consello Reitor da entidade pública empresarial Portos de Galicia será o previsto no artigo 14 do Regulamento de Portos de Galicia, aprobado polo Decreto 227/1995, do 20 de xullo, en todo o que non se opoña á normativa básica estatal sobre órganos colexiados."

# CAPÍTULO VI

## Sanidade

Artigo 17. *Modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia*

Modifícase o número 3 do artigo 118 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que queda redactado como segue:

"3. Os graos I a IV de carreira profesional recoñecidos ao persoal estatutario retribuiranse mediante o complemento de carreira establecido para o correspondente grao e categoría.

O persoal fixo dunha categoría que pase a prestar servizos noutra, por promoción interna, manterá o dereito a percibir o complemento de carreira correspondente aos graos recoñecidos na categoría de orixe. No suposto de que se teñan recoñecidos graos retribuídos de diversas categorías (graos I a IV) percibirase o complemento de carreira correspondente a todos os graos recoñecidos, ata o límite de catro graos. Cando o/a profesional teña recoñecidos máis de catro graos, percibirá o complemento de carreira correspondente aos catro graos de maior contía.

Este complemento percibirase en todo caso na situación de servizo activo na correspondente categoría ou durante o desempeño de postos ou cargos no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia enunciadas no artigo 45 a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, ou nos órganos estatutarios da Comunidade Autónoma relacionados na disposición adicional primeira, letra a), da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Tamén percibirán este complemento os liberados/-as sindicais.

O persoal que se encontre na situación de servizos especiais polo desempeño de postos o cargos no ámbito delimitado no parágrafo anterior percibirá dentro das retribucións do posto ou cargo que desempeñe unha contía equivalente á correspondente ao complemento que lle sería aplicable de acordo con este precepto."

XUNTA DE GALICIA

# CAPÍTULO VII

## Medio rural

Artigo 18. *Modificación da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común*

O artigo 5 da 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, queda coa seguinte redacción:

"Artigo 5. Cesións e arrendamentos

1. Os montes veciñais en man común, pese á súa inalienabilidade, poderán ser obxecto de cesión temporal, en todo ou en parte, a título oneroso ou gratuíto, por obras, instalacións, explotacións de diversa índole, servizos ou outros fins que redunden de modo principal no beneficio directo da comunidade de veciños, de acordo coas maiorías previstas no artigo 18.1. A cesión poderá ser por tempo indefinido en favor de calquera das Administracións públicas cando sexa destinada a equipamentos a favor da propia Comunidade, e en tanto se manteña o fin para o que se fixo a cesión.

2. Os montes veciñais en man común poderán ser obxecto de arrendamento total ou parcial, o cal se rexerá polo disposto no capítulo I do título VII da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, coas seguintes especialidades:

a) O período contractual non poderá ser superior a 11 anos, agás nos arrendamentos realizados a través do Banco de Terras de Galicia. Nestes arrendamentos a través do Banco de Terras de Galicia, o período máximo contractual será de trinta anos, ou, no caso de especies forestais que se rexan por modelos silvícolas nos que estea establecida a idade de corta, o tempo correspondente ao primeiro turno de corta.

b) As melloras e instalacións que se poidan derivar do arrendamento quedarán de propiedade da comunidade veciñal ao rematar o prazo pactado, sen compensación algunha para o arrendatario."

XUNTA DE GALICIA

Artigo 19. *Modificación da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia*

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, queda modificada como segue:

Un. O artigo 12 queda coa seguinte redacción:

"Artigo 12. Perímetros de alto risco de incendio

1. Sen prexuízo do disposto no artigo no artigo 22.5 para as zonas de actuación prioritaria e urxente por existir unha situación obxectiva de grave risco para as persoas ou os bens nos casos de incumprimento por parte das persoas responsables das súas obrigas de xestión de biomasa vexetal, poderánse declarar perímetros de alto risco de incendios, con carácter non permanente, aqueles lugares nos que o estado de abandono signifique un alto risco de propagación de incendios forestais, mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral con competencias en materia de prevención de incendios forestais, por proposta dos Distritos forestais, a través dos Servizos provinciais de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais.

2. A proposta conterá, ademais da descrición do perímetro, as medidas de xestión da biomasa que se terán que levar a cabo para a prevención de incendios forestais. Os traballos planificaranse preferentemente en marxes de pistas en e areas cortalumes, actuando sobre a biomasa tanto por medios mecánicos coma por queimas controladas.

3. Publicarase no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial do Estado, así como no taboleiro de anuncios do concello no que estea radicado, a resolución co perímetro de alto risco e os labores que deberán realizar os titulares das fincas ou dos seus dereitos de aproveitamento, para diminuír o risco de incendios forestais.

4. Os titulares das fincas ou dereitos de aproveitamento, nas que se teñen que realizar os traballos preventivos, disporán dun prazo de 15 días para realizalos e, no caso de non facelo, a consellería con competencias en materia de prevención de incendios poderá realizalos con cargo aos seus orzamentos, atendendo ás dispoñibilidades orzamentarias.

5. A resolución da dirección xeral poderá ser recorrida ante a persoa titular da consellería con competencias en materia de prevención de incendios forestais."

Dous. Modifícase o artigo 16, que queda redactado como segue:

"Artigo 16. Planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais:

1. O planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais integrarase nos plans municipais de emerxencias, consonte o establecido na lexislación galega de emerxencias.

2. A estrutura dos plans municipais de prevención e defensa contra incendios forestais axustarase ás directrices que estableza a normativa aplicable en materia de emerxencias. En todo caso, incluirá a rede das pistas, vías, camiños, estradas e montes de titularidade municipal e a definición das redes de faixas secundarias, así como a análise da propiedade destas redes de faixas. Poderán incluír ordenanzas de prevención de incendios concordantes co obxecto desta lei en solo urbano, de núcleo rural e urbanizable situado a menos de 400 metros do monte.

3. A dirección xeral competente en materia forestal emitirá informe preceptivamente e con carácter vinculante sobre os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais antes da súa aprobación.

4. O ámbito do plan ou da súa renovación, pode ser todo o concello ou ilo desenvolvéndoo por zonas.

5. A coordinación e a xestión do planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais compétenlles aos alcaldes ou alcaldesas. A elaboración, execución e actualización deste planeamento ten carácter obrigatorio."

Tres. Engádese un novo número 5 ao artigo 18, coa seguinte redacción:

"5. Decláranse de utilidade pública as infraestruturas e equipamentos preventivos vinculados á defensa e loita contra os incendios forestais,

XUNTA DE GALICIA

para os efectos da expropiación forzosa dos bens e dereitos necesarios para a súa construción e instalación.

Para o recoñecemento concreto da utilidade pública das infraestruturas e equipamentos preventivos, a dirección xeral competente en materia de montes elaborará o proxecto de obras e/ou instalacións acompañado da relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos que se consideren de necesaria expropiación. O proxecto someterase a información pública e solicitaranse os informes sectoriais afectados pola infraestrutura ou equipamento. Concluída a tramitación, a declaración da utilidade pública acordarase pola persoa titular da consellería competente en materia de montes, sen prexuízo da competencia do Consello da Xunta en caso de oposición por parte doutros organismos sectoriais.

A declaración de utilidade pública levará implícita a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos afectados, a imposición de servidumes de paso de enerxía ou outras necesarias para a execución do proxecto e permitirá iniciar o procedemento para a súa urxente ocupación para os efectos previstos na lexislación de expropiación forzosa.

En todo caso, a realización de puntos de auga, incluídos na Rede de puntos de auga, non requirirán título habilitante urbanístico e estará exenta do pago de taxas administrativas autonómicas."

Catro. Modifícase a letra c) do número 3 do artigo 20, que queda redactada como segue:

"c) Das instalacións de produción de enerxía eléctrica eólicas ou solares, das liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica, subestacións eléctricas, liñas de transporte e distribución de gas natural, estacións de regulación e medida de gas e depósitos de distribución de gas, e estacións de telecomunicacións."

Cinco. Modifícase o artigo 20 bis, que queda redactado como segue:

"Artigo 20 bis. Redes primarias de faixas de xestión de biomasa

Nos espazos definidos como redes primarias de faixas de xestión de biomasa será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei:

a) Ao longo da rede de autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais, deberase xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados nesta lei, nos terreos incluídos na zona de dominio público. Ademais, nos ditos terreos non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

b) Ao longo da rede ferroviaria deberase xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados nesta lei, nos terreos incluídos na zona de dominio público. Nesta faixa non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

c) Nas instalacións de produción de enerxía eléctrica eólica deberase xestionar a biomasa dentro da liña poligonal que circunscribe á instalación.

Nas liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica, sen prexuízo do necesario respecto das especificacións da regulamentación electrotécnica sobre distancia mínima entre os condutores, as árbores e outra vexetación, deberase xestionar a biomasa nunha faixa de 5 metros desde a proxección dos condutores eléctricos máis externos, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa sectorial vixente. Ademais, nunha faixa de 5 metros desde a estrema da infraestrutura non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

Nas instalacións de produción de enerxía eléctrica solares e nas subestacións eléctricas deberase xestionar a biomasa nunha faixa de 5 metros desde o último elemento en tensión e desde os paramentos das edificacións non destinadas ás persoas. Ademais, na devandita faixa non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

Se nas subestacións eléctricas existiren edificacións destinadas a albergar oficinas, almacéns ou parque móbil, ás devanditas edificacións seralles de aplicación o disposto no artigo 21 para as edificacións ou vivendas illadas.

XUNTA DE GALICIA

A xestión da biomasa incluirá a retirada desta por parte da persoa que resulte responsable consonte o artigo 21 ter, sen prexuízo da facultade do propietario do terreo afectado de proceder á súa retirada. Para estes efectos, a persoa responsable deberá remitir ao taboleiro de edictos do concello un anuncio, con quince días de antelación ás operacións de xestión da biomasa, para os efectos de que os propietarios dos terreos poidan executalas previamente, caso de estaren interesados. Transcorrido o devandito prazo, a persoa responsable estará obrigada á realización da xestión da biomasa.

d) Nas conducións de transporte do gas natural deberase xestionar a biomasa nunha faixa de 1 metro e medio a cada lado do seu eixe.

e) Nas estacións de telecomunicacións deberase xestionar a biomasa nunha faixa de 5 metros desde as infraestruturas de telecomunicación e desde os paramentos das edificacións non destinadas ás persoas. Ademais, na devandita faixa non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

Nas estacións de telecomunicacións, de existiren edificacións destinadas a albergar oficinas, almacéns ou parque móbil, ás devanditas edificacións seralles de aplicación o disposto no artigo 21 para as edificacións ou vivendas illadas.

No caso das estacións de regulación e medida de gas e depósitos de distribución de gas, deberá xestionarse a biomasa tendo en conta a regulamentación derivada da súa normativa específica, sendo en todo caso, como mínimo, unha faixa de 5 metros dende as infraestruturas e dende os paramentos das edificacións non destinadas ás persoas."

Seis. Modifícanse as letras a), b) e c) do número 1 do artigo 21, que quedan redactadas como segue:

"a) Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria quinta.

b) Arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolineiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte.

c) Arredor das edificacións illadas destinadas ás persoas en solo rústico situadas a mais de 400 metros do monte."

Sete. Modifícase o número 2 do artigo 21 ter, que queda redactado como segue:

"2. No caso das edificacións ou instalacións, destinadas ás persoas, rematadas sen licenza, comunicación previa ou orde de execución, ou incumprindo as condicións sinaladas nelas, a responsabilidade da xestión da biomasa vexetal corresponderá á persoa propietaria dos terreos edificados, que dispoñerá dunha servidume de paso forzosa para acceder á faixa establecida, ata que transcorra o prazo de caducidade de seis anos que se establece no artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Este acceso levarase a cabo durante o tempo estritamente necesario para o labor de xestión da biomasa polo punto menos prexudicial ou incómodo para os terreos gravados e, de ser compatible, polo máis conveniente para a persoa beneficiaria.

A retirada de especies arbóreas será realizada polas persoas propietarias delas.

O cumprimento das obrigas ás que se refire este número, e mentres non transcorra o prazo de caducidade de seis anos que se establece no artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, enténdese sen prexuízo do dereito das persoas titulares do dereito de aproveitamento dos terreos gravados pola servidume de paso forzosa ou das persoas propietarias das árbores retiradas a reclamar da persoa propietaria dos terreos edificados, na vía xurisdicional que corresponda, a correspondente indemnización polos danos e perdas sufridos, incluído o lucro cesante.

Transcorrido o prazo de caducidade de seis anos que se establece no artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a responsabilidade da xestión da biomasa vexetal corresponderalle á persoa responsable que se establece no apartado 1 deste artigo."

Oito. Modifícase o artigo 23 que queda redactado como segue:

"Artigo 23. Novas edificacións en terreos forestais e zonas de influencia forestal e medidas de prevención de incendios forestais nas novas urbanizacións

1. Os instrumentos de planeamento urbanístico deberán ter en conta a avaliación de risco de incendio forestal, no que respecta á zonificación do territorio e ás zonas de alto risco de incendio que constan nos plans de prevención e defensa contra os incendios forestais de distrito.

2. As novas instalacións que se constrúan de acordo coas disposicións que se establezan na súa normativa específica para a construción que lle servirán de base para obter o correspondente título habilitante municipal, destinadas a explotacións agrícolas, gandeiras e forestais e as vivendas vinculadas a estas, así como as novas urbanizacións e edificacións para uso residencial, comercial, industrial ou de servizos resultantes da execución de plans de ordenación urbanística que afecten zonas de monte ou de influencia forestal, e que non teñan continuidade inmediata coa trama urbana e que resulten estremeiras con monte ou con zonas de influencia forestal, terán que cumprir co disposto no artigo 21.

3. A responsabilidade da xestión da biomasa vexetal corresponderá á persoa propietaria dos terreos edificados que dispoñerá dunha servidume de paso forzosa para acceder á faixa establecida. Este acceso levarase a cabo durante o tempo estritamente necesario para o labor de xestión da biomasa polo punto menos prexudicial ou incómodo para os terreos gravados e, de ser compatible, polo máis conveniente para a persoa beneficiaria.

A retirada de especies arbóreas será realizada polas persoas propietarias delas.

O cumprimento das obrigas ás que se refire este número enténdese sen prexuízo do dereito das persoas titulares do dereito de aproveitamento dos terreos gravados pola servidume de paso forzosa ou das persoas propietarias das árbores retiradas a reclamar da persoa propietaria dos terreos edificados, na vía xurisdicional que corresponda, a correspondente indemnización polos danos e perdas sufridos, incluído o lucro cesante.

4. No caso de urbanizacións e edificacións para uso industrial, deberán dispoñer de xeito perimetral dunha rede de hidrantes homologados para a extinción de incendios ou, na súa falta, de tomas de auga, de acordo co que se estableza regulamentariamente na normativa específica para a construción.

5. As novas edificacións deberán presentar ante a Administración municipal un proxecto técnico de prevención e defensa contra incendios forestais que garanta o cumprimento do que establece esta lei e a normativa que a desenvolva, así como o cumprimento do plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, se é o caso.

6. No caso de incumprimento da xestión da biomasa vexetal, corresponderalle ao concello a súa realización, acudindo á execución subsidiaria de acordo co establecido no artigo 22, sen prexuízo da instrución do correspondente expediente sancionador."

Nove. Modifícase o número 1 do artigo 39, que queda redactado como segue:

"1. Durante a época de perigo alto, nos traballos e outras actividades que se leven a cabo en todos os terreos forestais e zonas de influencia forestal é obrigatorio que os tractores, máquinas e vehículos de transporte pesados que se van utilizar estean provistos de equipamento para a extinción de incendios."

Dez. Modifícase o artigo 45, que queda redactado como segue:

"Artigo 45. Vixilancia e detección

1. A vixilancia dos terreos forestais e zonas de influencia forestal contribúe á redución do número de incendios forestais, identificando potenciais axentes causantes e disuadindo comportamentos que propicien a existencia de incendios forestais.

2. A detección ten como obxectivo a identificación inmediata e a localización precisa dos incendios forestais e a súa comunicación rápida ás entidades responsables da extinción.

3. A vixilancia e detección de incendios forestais pode ser realizada por:

a) Calquera persoa que detecte un incendio forestal, que está obrigada a alertar de inmediato as entidades competentes.

b) A rede de puntos de vixilancia, dependente dos servizos de defensa contra incendios forestais, que asegura en todo o territorio de Galicia as funcións de detección fixa de incendios forestais.

c) A Rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia.

d) A rede de vixilancia móbil, dependente dos servizos de defensa contra incendios forestais.

e) Medios aéreos.

f) Medios das distintas administracións públicas que se establezan a través dos instrumentos de colaboración e cooperación institucional, as agrupacións de defensa contra incendios e o voluntariado social."

Once. O título do artigo 46 pasa a ser "A rede de puntos de vixilancia."

Doce. Engádese un novo artigo 46 bis coa seguinte redacción:

"Artigo 46 bis. A Rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia

1. De acordo coa Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, en canto determina o carácter estratéxico para o desenvolvemento económico de Galicia dos recursos forestais galegos e o interese público na conservación das masas forestais, e o disposto nesta lei, tendo en conta a súa finalidade de protexer as persoas e os bens afectados polos incendios forestais, e como instrumento de apoio das redes de vixilancia e detección de incendios forestais que compoñen as redes de defensa contra os incendios forestais de distrito forestal, a Administración autonómica poñerá en marcha a Rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia.

2. A Rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia incluirá a instalación de sistemas tecnolóxicos de detección de incendios mediante cámaras ópticas nos puntos do monte galego que se

determinen, coa finalidade de facilitar as tarefas de vixilancia forestal do monte galego e detección temperá de incendios, así como, no caso de se detectaren lumes, permitir a visualización en directo e o seguimento do avance, condicións e evolución destes a través de medios dixitais e imaxes xeoposicionadas, todo isto como mecanismo de apoio á toma de decisións óptimas polas autoridades e persoal técnico competentes para a mobilización e xestión de medios e asignación e coordinación de recursos para a extinción.

3. A instalación dos sistemas de vixilancia realizarase con preferencia en torres de telecomunicacións e infraestruturas de titularidade da Administración autonómica ou do seu sector público, e priorizando os puntos que permitan a vixilancia forestal das parroquias de alta actividade incendiaria e zonas de alto risco definidas no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, todo isto sen prexuízo dos medios persoais e materiais xa existentes de vixilancia.

4. A Rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia poderá ir incorporando as diferentes innovacións tecnolóxicas que permita en cada momento a evolución do estado da ciencia e da técnica, como capacidade de visión nocturna e imaxes térmicas, co obxecto de ir mellorando a súa efectividade e eficiencia.

5. A operación da Rede corresponderá á consellaría competente en materia de prevención e defensa contra incendios forestais e o mantemento técnico á entidade do sector público competente en materia de modernización tecnolóxica de Galicia.

6. Na implantación do proxecto adoptaranse todas as medidas técnicas, organizativas e de seguridade que sexan necesarias para asegurar a privacidade e o cumprimento da normativa sobre protección de datos, na medida en que poidan captarse incidentalmente imaxes de persoas identificables. Para estes efectos, establécese como responsable do dito tratamento a consellaría competente en materia de prevención e defensa contra incendios forestais.

No marco aludido, aprobaranse medidas como o establecemento de protocolos de uso do sistema por parte do persoal técnico competente,

rexistros de accesos da manipulación das cámaras, mecanismos técnicos de encriptación para a conservación das imaxes, limitación de prazos de conservación antes da súa destrución e todas aquelas outras medidas que sexan precisas para o cumprimento das normas sinaladas.

Así mesmo, as imaxes poderán ser postas á disposición da autoridade xudicial e das forzas e corpos de seguridade do Estado nos supostos previstos na normativa aplicable."

Trece. Modifícase o número 2 da disposición adicional terceira, que queda redactado como segue:

"2. En todo caso, poderán conservarse árbores das especies sinaladas no número anterior en calquera clase de terreos incluídos nas redes primarias e secundarias de xestión de biomasa no caso de se trataren de árbores senlleiras ou aquelas que cumpran funcións ornamentais ou que se localicen en zonas recreativas (sempre que se manteña unha descontinuidade horizontal e vertical do combustible) ou se atopen illadas e non supoñan un risco para a propagación de incendios forestais."

Catorce. Engádese un número 3 na disposición adicional terceira coa seguinte redacción:

"3. Non lles serán de aplicación as obrigas da xestión da biomasa establecidas nesta lei ás frondosas non incluídas no listado do número 1."

Quince. A disposición adicional sexta queda coa seguinte redacción:

"Disposición adicional sexta. Informes sectoriais por cambio de uso

Os informes sectoriais dos servizos competentes en materia de incendios forestais, solicitados por cambios de usos dos montes, comprobarán exclusivamente se a zona forestal na que se propón o cambio de uso foi afectada por incendios forestais."

Dezaseis. Engádese unha disposición transitoria quinta coa seguinte redacción:

XUNTA DE GALICIA

"Disposición transitoria quinta. Xestión da biomasa en solos non urbanizados

A xestión da biomasa existente nos terreos forestais e nas zonas de influencia forestal da rede secundaria de faixas na contorna do solo urbanizable, non será preceptiva ata que se desenvolva ese ámbito a través dun plan parcial e se aprobe definitivamente o proxecto de urbanización correspondente."

XUNTA DE GALICIA

Artigo 20. *Modificación da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras*

A Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, queda modificada como segue:

Un. Suprímese o número 3 do artigo 22 e dáse nova redacción ao número 2 do dito artigo, nos termos seguintes:

"2. Terán dereito a se subrogar no contrato de cesión e na orde que se establece, no suposto de morte, imposibilidade física, incapacidade temporal ou permanente, xubilación, cesamento na actividade agraria ou incorporación dunha persoa como titular á explotación agraria, sobrevida da persoa beneficiaria da cesión cando non for posible continuar a cesión nos termos pactados ou previstos nesta lei:

a) O cónxuxe non separado legalmente ou de feito ou a persoa que estea convivindo con el, cunha relación de afectividade análoga á conxugal, no momento no que se produza o feito; neste último caso sempre e cando se cumpran os requisitos previstos na disposición adicional terceira da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.

b) Os fillos e os descendentes, sen prexuízo da posible substitución nos casos dos premortos ou das renuncias, que teñan dedicación directa e persoal á explotación, con preferencia, de seren varios, do elixido por el ou, no seu defecto, por elección maioritaria entre eles e, na súa falta, polo de maior idade.

c) Os fillos e os descendentes do cónxuxe ou da persoa que conviva co cesionario, nas mesmas condicións da letra anterior.

d) As persoas traballadoras da explotación, por orde de antigüidade e maior idade.

e) Calquera persoa física adquirinte da explotación.

Se se dá calquera dos supostos previstos será necesaria a notificación á entidade xestora, coa correspondente achega documental.

XUNTA DE GALICIA

A persoa que pretenda subrogarse na cesión deberá ter ou estar en situación de ter as condicións determinantes da cesión, e subrogarase no seu título, coas mesmas condicións, dereitos e obrigas, logo de autorización da entidade xestora.

O pagamento da renda non aboada durante o período de realización da subrogación corresponderalle á persoa que se subrogue na cesión."

Dous. Engádese un artigo 47 bis coa seguinte redacción:

"Artigo 47 bis. Proxectos de mobilización de terras

1. O Consello Reitor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a proposta da persoa titular da dirección xeral da dita axencia, poderá identificar e declarar zonas de actuación para a aplicación de proxectos de mobilización de terras, que virán definidas por un perímetro de actuación integral que poderá conter terreos que non se integren no proxecto por estar xa en explotación.

2. Os proxectos de mobilización de terras estarán dirixidos á posta en valor e á recuperación produtiva de zonas maioritariamente abandonadas, cunha superficie igual ou superior a 10 hectáreas. Mediante proposta razoada da persoa titular da dirección xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderase establecer unha superficie inferior a 10 hectáreas, sen que, en ningún caso, a superficie poida ser inferior a 3 hectáreas.

3. En calquera caso os usos permitidos no proxecto de mobilización de terras serán coherentes coa clasificación de usos do solo de cada predio ao inicio do proxecto, podéndose, de ser o caso, proceder ao cambio de uso cando a normativa sectorial o permita.

4. A xestión destes proxectos a realizará a entidade xestora do Banco de Terras de Galicia, mediante a incorporación ao Banco de Terras das fincas incluídas no perímetro identificado e a súa inmediata cesión a empresas agrarias, asociacións de produtores ou explotacións individuais mediante a figura da cesión pactada de mutuo acordo entre a persoa titular do predio e a terceira persoa interesada na cesión recollida no artigo 18.2 da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras. Nos casos particulares nos que formen parte do

proxecto bosques situados sobre terreos comunais, o procedemento levarase a cabo do mesmo xeito pero sen mediar incorporación ao Banco de Terras de Galicia.

5. A incorporación de fincas aos proxectos terá carácter voluntario, se ben a persoa titular que non queira integrar nos mesmos as fincas da súa titularidade incluídas no perímetro identificado segundo o número 1, deberá mantelas en explotación consonte coas boas prácticas agroforestais. Se a persoa titular non pon en valor os predios consonte coas ditas prácticas no prazo que se lle outorgue para o efecto, iniciarase o procedemento establecido nos artigos 30 e seguintes, para os efectos de declarar o predio abandonado, acordar a súa integración no Banco de Terras de Galicia e incorporalo ao proxecto de mobilización de terras, nas mesmas condicións de incorporación que as restantes fincas que conforman o proxecto.

6. Os predios que, estando incluídos nos perímetros sinalados no número 1, se atopen en proceso de investigación da titularidade ou respecto dos que resulte imposible identificar á persoa propietaria, ou que pertenzan pro indiviso a varias persoas entre as que non exista acordo sobre o destino que haxa que lle dar a estes, ou estean declarados como de propietario descoñecido ou estean incorporados por esa causa ao Patrimonio do Estado, integraranse cautelarmente nos respectivos proxectos de mobilidade de terras, respectando en todo caso os dereitos das persoas titulares.

7. A execución das obras necesarias para levar a cabo estes proxectos farase de acordo ao establecido no artigo 24.1, incluíndo os casos das áreas de bosque aos que se fai referencia no número 3, e non requirirán de título habilitante urbanístico."

XUNTA DE GALICIA

Artigo 21. *Modificación da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia*

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Engádese unha letra j) no número 2 do artigo 44 coa seguinte redacción:

"j) No caso de propiedades forestais encravadas ou colindantes cun monte veciñal en man común deslindado e que conte cun plan de xestión aprobado, manter unha axeitada xestión forestal, cando menos mediante a adhesión a un modelo selvícola que se materialice no terreo por un nivel de xestión selvícola equiparable ao do monte veciñal. Se o incumprimento deste deber supón un risco para o monte veciñal, en canto á propagación de incendios forestais ou no relativo á sanidade vexetal, se poderá iniciar un procedemento de declaración da parcela en situación de abandono. Esta declaración habilitará á Administración forestal para a execución subsidiaria das actuacións necesarias para a eliminación dos riscos sen prexuizo da súa repercusión ao titular da parcela ou ao titular do seu aproveitamento no seu caso."

Dous. Engádese un número 4 ao artigo 59 coa seguinte redacción:

"4. Tamén con carácter singular, de forma excepcional, cando concorran razóns de interese público derivadas de necesidades de ordenación e xestión sostible do territorio, o Consello da Xunta, mediante acordo motivado, poderá autorizar a tramitación de cambios de uso forestal exceptuando o cumprimento do disposto no número anterior".

Tres. Modifícase o artigo 61 como segue:

"Artigo 61. Cambio de actividade agrícola a forestal

Soamente os terreos rústicos de uso agrícola que leven máis de dez anos en estado de manifesto abandono e que posteriormente se teñan adscrito ao Banco de Terras de Galicia consonte cos prezos de arrendamento de referencia oficiais no devandito banco para esa zona, por un período de polo menos dous anos, se poderán forestar, logo de

comunicarllo á Administración forestal, cando cumpran algún dos seguintes supostos:

a) Que estremen con terreos forestais, cando se utilicen frondosas caducifolias.

b) Que constitúan enclaves de ata 5 hectáreas en superficie arborada, utilizando frondosas caducifolias."

Catro. Modifícase o número 4 do artigo 67 que queda redactado como segue:

"4. Quedan prohibidas as reforestacións e as novas plantacións intercaladas co xénero Eucalyptus naquelas superficies poboadas por especies do anexo I, incluso con posterioridade ao seu aproveitamento ou á súa afectación por un incendio forestal. Esta prohibición non será aplicable nos casos de rexeneración posterior á plantación ou rexeneración, en piso inferior ou sotobosque, de especies del anexo 1.

En masas consolidadas de frondosas a prohibición anterior exténdese igualmente ás reforestacións e ás novas plantacións intercaladas co xénero Pinus".

Cinco. O número 2 do artigo 68 bis queda redactado como segue:

"2. En caso de incumprimento dos réximes de distancias mínimas aos que se refire o número anterior, a administración pública competente, de oficio ou por solicitude de persoa interesada, enviará á persoa que resulte responsable, consonte o artigo 140, unha comunicación na que se lle recordará a súa obriga de retirada do arborado afectado e se lle concederá para facelo un prazo máximo de tres meses contado desde a recepción da comunicación. Esta incluirá a advertencia de que, en caso de persistencia no incumprimento transcorrido o devandito prazo, se poderá proceder á execución subsidiaria á custa do obrigado e se poderá acordar a incoación do procedemento sancionador que corresponda e a medida cautelar de comiso dos produtos procedentes da corta de especies arbóreas, se for o caso."

Seis. O número 4 do artigo 68 bis queda redactado como segue:

XUNTA DE GALICIA

"4. No suposto de distancias mínimas a vías de comunicación e cursos fluviais, a comunicación prevista neste artigo poderá formularse de maneira conxunta para todas as persoas responsables nun mesmo tramo daquelas mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial del Estado e no Diario Oficial de Galicia no que se incluirá unha relación cos datos catastrais das parcelas afectadas. O prazo para o cumprimento computarase desde a publicación do anuncio no Boletín Oficial del Estado."

Sete. Engádese un número 3 ao artigo 74 coa seguinte redacción:

"3. Os plans de ordenación dos recursos forestais, no seu ámbito territorial de aplicación, poderán establecer limitacións ou prohibicións de plantación de determinadas especies forestais."

Oito. Modifícase o número 1 do artigo 92, coa seguinte redacción:

"1. As persoas propietarias de montes ou terreos forestais privados que desexen realizar neles aproveitamentos de madeira ou leña terán que solicitar autorización do órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio nos seguintes casos:

a) Cando os montes ou terreos forestais estean poboados con especies do anexo I.

b) Cando os montes ou terreos forestais formen parte de espazos suxeitos a algún réxime de protección.

c) Cando os montes ou terreos forestais estean afectados por algunha lexislación de protección do dominio público.

Cando se trate de aproveitamentos de madeira ou leña queimada susceptible de uso comercial deberá facerse constar no formulario da solicitude.

Exceptúanse da necesidade de autorización os aproveitamentos en montes ordenados, consonte o establecido no número 3 do artigo 81, e os supostos recollidos no número 3 do artigo 92 bis"

Nove. Modifícase o número 2 do artigo 92 bis coa seguinte redacción:

“2. Fóra dos casos previstos no número anterior, os donos de fincas poderán realizar aproveitamentos de masas forestais poboadas das especies que non estean incluídas no anexo I e que non estean nos supostos enunciados nas letras b) e c) do número 1 do artigo 92, así como executar curtas a feito, aclareos ou entresacas, presentando ao órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio, con carácter previo ao seu inicio, unha declaración responsable de que non concorren as circunstancias que fan precisa autorización administrativa de acordo co establecido na presente lei. Cando se trate de aproveitamentos de madeira ou leña queimada susceptible de uso comercial deberá facerse constar no formulario da declaración responsable”.

Dez. Engádese un número 6 no artigo 92 bis coa seguinte redacción:

“6. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable, a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou a non presentación da documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinará a imposibilidade de continuar co aproveitamento desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar. Así mesmo, a resolución que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao comezo da actividade, así como, a imposibilidade de instar novos procedementos para a realización de aproveitamentos madereiros e leñosos en montes de xestión privada mediante declaración responsable durante un período dun ano.”

Once. O artigo 93 queda redactado como segue:

“Artigo 93. Aproveitamentos en masas consolidadas de frondosas autóctonas

1. A Administración forestal rexistrará aquelas masas de frondosas do anexo I cunha superficie en couto redondo de polo menos 15 hectáreas e cunha idade media de polo menos vinte anos.

2. Co obxecto de asegurar a conservación destas masas, a súa xestión e aproveitamento sostible están supeditados ao mantemento dunha cuberta arbórea dominada por especies de frondosas do anexo I, así como a contar co instrumento de ordenación ou xestión forestal que corresponda conforme ao que se establece no artigo 79.

3. A Administración forestal promoverá e fomentará a agrupación dos propietarios forestais das masas obxecto deste artigo, co fin de facilitar a planificación e a execución da súa axeitada xestión."

Doce. O número 3 do artigo 94 queda redactado como segue:

"3. O prazo máximo para a realización dun aproveitamento será de doce meses, a contar dende a data da notificación da autorización ou dende a data en que se estime outorgada a mesma por silencio administrativo, ou ben dende a data da presentación da declaración responsable, segundo o caso. Unha vez realizada a corta, a extracción ou a trituración da biomasa forestal residual realizarase nun prazo máximo de quince días se o aproveitamento se realizase en época de alto risco de incendios ou dun mes no resto do ano."

Trece. O número 6 do artigo 94 queda coa seguinte redacción:

"6. A Administración forestal simplificará os procedementos administrativos de autorización e a presentación de declaracións responsables, poderase regular mediante orde da consellaría competente en materia de montes a presentación compartida para diferentes persoas titulares de montes particulares de solicitudes de autorización e declaracións responsables."

Catorce. Engádense os números 7 e 8 ao artigo 94 coa seguinte redacción:

"7. A presentación da declaración responsable habilita dende o momento de dita presentación para a realización do aproveitamento forestal obxecto daquela, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que teñan atribuídas a Administración forestal e as demais Administracións públicas competentes. A fin de garantir o exercicio destas facultades a presentación de declaracións responsables polas diferentes personas titulares de montes privados realizarase únicamente por medios telemáticos nos correspondientes formularios normalizados.

XUNTA DE GALICIA

8. As comunicacións reguladas no número 5 deste artigo e as solicitudes de autorización, presentaranse únicamente por vía telemática, a través dos correspondentes formularios normalizados de uso obrigatorio polos interesados dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia."

Quince. O número 1 do artigo 122 queda coa seguinte redacción:

"1. Para os efectos desta lei, serán consideradas como sociedades de fomento forestal aquelas agrupacións que asocian propietarios de predios forestais ou, de ser o caso, persoas titulares de dereitos de uso de parcelas susceptibles de aproveitamento forestal, que ceden estes dereitos á sociedade para a súa explotación e xestión conxunta por un prazo non inferior a vinte anos ou que realizan as facultades propias do uso e ordenado aproveitamento das superficies forestais da súa propiedade. Para mellorar a sostibilidade das agrupacións tamén poderán incluírse na agrupación propietarios ou titulares de dereitos de uso de parcelas non forestais, nas mesmas condicións que o resto de socios propietarios ou titulares de dereitos de uso."

Dezaseis. Engádese un número 4 ao artigo 122 coa seguinte redacción:

"4. As persoas titulares de parcelas forestais ou de dereito de uso das parcelas encravadas ou situadas no perímetro dos terreos dunha sofor, quedan obrigadas a manter unha axeitada xestión forestal da súa propiedade, cando menos mediante a adhesión a un modelo selvícola que se materialice no terreo por un nivel de xestión selvícola equiparable ao da sofor. De acordo co artigo 28 da Lei 6/2011, de 13 de outubro, de mobilidade de terras, se o nivel de abandono da parcela é tal que supón un risco para os terreos colindantes da sofor, en canto á propagación de incendios forestais ou no relativo á sanidade vexetal, poderase iniciar un procedemento de declaración da parcela en situación de abandono. Esta declaración habilitará á Administración forestal para a execución subsidiaria das actuacións necesarias para a eliminación dos riscos sen prexuízo da súa repercusión ao titular da parcela ou ao titular do seu aproveitamento no seu caso."

Dezasete. A disposición transitoria sexta queda redactada como segue:

"Disposición transitoria sexta. Disposición de instrumento de ordenación ou xestión forestal obrigatorio

XUNTA DE GALICIA

1. Os montes ou terreos forestais haberán de dispoñer dun instrumento de ordenación ou xestión forestal obrigatorio e vixente, como máximo, nos prazos que a continuación se indican:

a) O 31 de decembro de 2020, os montes cuxo couto redondo de maior tamaño sexa inferior ou igual a 15 hectáreas.

b) O 31 de decembro de 2028, o resto de montes.

2. No caso de montes veciñais en man común sen deslindar, para determinar este prazo utilizarase a mellor información dispoñible no Rexistro de montes veciñais en man común para avaliar o tamaño dos coutos redondos.

3. Ata o vencemento dos prazos establecidos no número 1 nos montes ou terreos forestais que non dispoñan do instrumento de ordenación ou de xestión forestal obrigatorio que preceptúa a normativa vixente, as solicitudes de autorización de corta, e as declaracións responsables no seu caso, en superficies de aproveitamento superiores a 1 hectárea para masas con especie principal incluída no anexo 1 ou de máis de 15 hectáreas para as outras masas deberán incluír un plan de cortas, asinado por técnico competente en materia forestal, onde se xustificará a necesidade ou a oportunidade do aproveitamento, así como a súa localización planimétrica, a superficie obxecto do aproveitamento, o número de pés, o volume por especie afectada e a taxación correspondente. Este plan deberá ser aprobado pola propiedade forestal ou polo titular dos dereitos de aproveitamento, sendo preciso para os montes veciñais en man común o acordo da asemblea xeral da comunidade de montes.

4. Pasados os prazos establecidos no número 1, quedan prohibidos os aproveitamentos comerciais de madeira naqueles montes que non dispoñan dun instrumento de ordenación ou xestión forestal en vigor. Exceptúanse desta prohibición os aproveitamentos de obrigada execución, os de madeira queimada e as curtas sanitarias.

5. Pasados os prazos establecidos no número 1, quedan prohibidos os aproveitamentos de pastos naqueles montes que non dispoñan dun instrumento de ordenación ou xestión forestal en vigor ou se regule este aproveitamento mediante un plan de aproveitamento silvopastoril,

que se deberá comunicar á Administración forestal. Este plan de aproveitamento silvopastoril incluirá, como mínimo, a localización e extensión da zona dedicada ao pastoreo, carga gandeira admisible, período de duración, actuacións planificadas, responsables dos aproveitamentos e características do gando. Este plan haberá de ser aprobado pola propiedade forestal ou o titular dos dereitos de aproveitamento, sendo preciso para os montes veciñais en man común o acordo da asemblea xeral da comunidade veciñal.

6. Os plans de aproveitamento silvopastoril inscribiranse no Rexistro Público de Terreos Forestais de Pastoreo, de acordo co establecido no artigo 86.2, ata que se dispoña dun instrumento de ordenación ou xestión forestal en vigor, momento no cal causará baixa no devandito rexistro."

Dezaoito. Modifícase o número 3 da disposición transitoria décima, que queda redactado como segue:

"3. As repoboacións e rexenerados de especies non incluídas no anexo I existentes o 1 de xaneiro de 2019 teñen un prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor dela para adecuarse ás novas distancias".

Dezanove. Engádese unha disposición transitoria decimosexta coa seguinte redacción:

"Disposición transitoria decimosexta. Aproveitamentos polos propietarios en montes que conten cun convenio asinado coa administración forestal

Ata a entrada en vigor do novo contrato de xestión pública que deberá prever o procedemento de alleamento de madeira nos montes de xestión pública, no caso de que un incendio ou unha catástrofe natural afectase ao arboredo dos montes de xestión pública xerando a necesidade de cortar un volume excepcional de madeira nun curto período incompatible cos prazos necesarios para o seu alleamento pola administración, a fin de axilizar o procedemento de retirada da madeira e previr problemas fitosanitarios ou de perda do valor da madeira, mediante resolución motivada da xefatura territorial correspondente competente en materia forestal na que se sitúe o monte

XUNTA DE GALICIA

afectado poderá autorizarse o alleamento directo da madeira polos propietarios. A resolución deberá ser motivada, xustificar a excepcionalidade do episodio causante do dano ás masas forestais e conter as condicións que garantan o cumprimento das porcentaxes de reinvestimento que correspondan."

Vinte. Modifícase o anexo II, que queda como segue:

"Anexo II

Distancias mínimas que deben respectar as novas repoboacións forestaise e os rexenerados de especies non incluídas no anexo I::

a) Con parcelas forestais: 2 metros.

b) Con terreos situados en solo rústico de especial protección agropecuaria: 5 metros para especies de frondosas incluídas no anexo I e 10 metros para o resto.

c) Con zonas dedicadas a labrantío, cultivo ou prados non clasificados de especial protección agropecuaria: 2 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo I, e 10 metros no resto de especies.

d) Desde o límite do dominio público das vías (autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais) ou ferrocarril: 2 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo I, e 10 metros no resto de especies.

e) Con pistas, asfaltadas ou non, de polo menos 5 metros de ancho e que conten con polo menos unha cuneta: 2 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo I; no resto de especies, 4 metros en xeral, e 6 metros nos concellos declarados como zona de alto risco, a contar desde o límite exterior dos movemento de terra da obra de construción da mesma.

f) Desde a proxección do condutor máis externo, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa aplicable a cada caso, da infraestrutura eléctrica: 5 metros para todas as especies.

XUNTA DE GALICIA

g) Con canles fluviais de máis de 2 metros de ancho: 2 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo I, e 15 metros no resto de especies, a contar desde o dominio público. Non será de aplicación en actuacións de recuperación ambiental.

h) Con edificacións, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte ou fóra de solo urbano e de núcleo rural e con vivendas illadas en solo rústico independentemente da súa distancia ao monte: 15 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo I, e 50 metros no resto de especies.

i) Con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable: 2 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo I, e 50 metros no resto de especies.

j) Con cámpings, gasolineiras e industrias ou instalacións preexistentes en que se desenvolvan actividades perigosas con arranxo ao establecido na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, ou na súa normativa de desenvolvemento: 15 metros para especies de frondosas do anexo 1, e 50 metros para o resto de especies."

Artigo 22. *Modificación da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria*

A Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria, queda modificada como segue:

Un. Engádese un artigo 6 bis coa seguinte redacción:

"Nas materias reguladas por esta lei, e sen prexuízo da obriga da administración de ditar resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas por silencio administrativo as súas peticións e recursos se chegado o prazo máximo para a súa resolución, esta non se tivese ditado e notificado."

Dous. Engádese un número 6 no artigo 25 coa seguinte redacción:

"6. De non emitirse por parte do órgano competente en materia de montes o informe a que se fai referencia no número anterior, e sendo o levantamento topográfico e o deslinde dun monte veciñal en man común que resulte das bases firmes da reordenación parcelaria posterior ao que figura no correspondente expediente da autoridade forestal, esta deberá incorporar ao dito expediente o citado levantamento e deslinde das bases firmes."

Tres. Modifícase o número 7 do artigo 29 nos seguintes termos:

"7. A dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural poderá destinar para fins de interese xeral predios de substitución con cargo á masa común ata un máximo do 0,3 % da puntuación total das achegas da zona, por petición debidamente motivada do concello ou concellos, e logo do informe favorable do servizo provincial competente e da entidade xestora do Banco de Terras. A persoa titular destes predios de substitución será o concello ou concellos onde se localicen."

Catro. Engádese un número 4 ao artigo 31 coa seguinte redacción:

"4. A persoa titular da dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, motivadamente, poderá alterar a proporción das deducións para infraestruturas rurais e para axuste técnico, a que se refiren os números 2 e 3, tanto á baixa como á alza, sempre e cando a dedución total non exceda do máximo do 9% establecido no número

1 deste artigo. Todo elo sen prexuízo do incremento dun punto porcentual ao que se fai referencia nos ditos números 2 e 3."

Cinco. O parágrafo terceiro do artigo 38 queda coa seguinte redacción:

"A declaración da firmeza do acordo de reestruturación parcelaria será comunicada ao concello ou concellos afectados e á consellería competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, acompañando o plan de aproveitamento de cultivos ou o plan de ordenación de predios de especial vocación agraria da zona, segundo o caso.

Esta declaración determinará por si soa, a consideración do solo rústico afectado como de especial produtividade agrícola ou forestal, segundo o caso, aos efectos do disposto no artigo 34.2.a) e b) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e, en consecuencia, a súa categorización directa como solo rústico de protección agropecuaria ou forestal, segundo corresponda, sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do planeamento urbanístico."

Seis. O número 1 do artigo 40 queda coa seguinte redacción:

"1. A inclusión no proceso de reestruturación parcelaria dun núcleo rural requirirá a solicitude previa e expresa, por parte do concello afectado, á dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural."

Sete. Suprímese o número 2 do artigo 40.

Oito. Engádese un número 5 á disposición transitoria sexta coa seguinte redacción:

"5. Levadas a cabo as actuacións establecidas nos números 1, 2 e 3 desta disposición, a persoa titular da dirección xeral competente en materia de concentración e reestruturación parcelaria ditará a correspondente resolución na que manifestará, para os efectos previstos no artigo 9 da Lei Hipotecaria, que se considera que existe correspondencia entre a representación gráfica e os datos alfanuméricos das fincas obxecto de inscrición por ser a diferenza de cabida, de existir, igual ou inferior ao 10 %."

XUNTA DE GALICIA

Nove. Engádese unha disposición transitoria sétima coa seguinte redacción:

"Disposición transitoria sétima. Instrumentos de ordenación de predios

Aquelas zonas que a partir da entrada en vigor da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, acadaran procedimentalmente a fase de acordo e non conten cun plan de aproveitamento de cultivos ou de ordenación de predios de especial vocación agraria, deberán dotarse dun dos anteditos instrumentos de ordenación de predios no prazo dun ano a contar dende 1 de xaneiro de 2019."

Dez. Engádese unha disposición transitoria oitava coa seguinte redacción:

"Disposición transitoria oitava. Vinculacións dos planeamentos aos acordos de reordenación parcelaria

Será de aplicación o establecido no último parágrafo do artigo 38 a aquelas zonas que, a partir da entrada en vigor da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, acadaran procedimentalmente a fase de acordo firme."

XUNTA DE GALICIA

Artigo 23. *Modificación da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas*

Engádese un número 9 na disposición transitoria cuarta da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, coa seguinte redacción:

> "9. Ata a entrada en vigor do novo contrato de xestión pública, que deberá prever regras para a contabilidade dos investimentos en obras e servizos realizados durante o contrato, os importes dos investimentos para a execución das actuacións de caracter preventivo de defensa contra incendios e das actuacións de recuperación do potencial forestal tras incendios forestais ou desastres e catástrofes naturais, non computarán na contabilidade dos consorcios e convenios."

Artigo 24. *Medidas en materia de benestar animal nos animais de produción*

1. Nos casos de grave risco para a vida do animal por incumprimento da normativa de benestar e protección animal, cando este presente un sufrimento innecesario e se considere necesario para poñer fin ao seu padecemento, o órgano autonómico competente en materia de benestar animal poderá acordar mediante a oportuna resolución a súa eutanasia in situ, ou o seu sacrificio en matadoiro.

2. Conforme ao artigo 20 da Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio, e ao artigo 56 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, nos casos de grave risco para a vida do animal, o órgano autonómico competente para iniciar ou instruír o procedemento sancionador, de oficio ou a instancia de parte, poderá adoptar, de forma motivada, medidas provisionais para poñer fin á situación de risco para o animal, antes da iniciación do procedemento sancionador. Entre outras medidas poderá adoptarse a consistente na incautación dos animais.

As ditas medidas provisionais deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento sancionador, que deberá efectuarse dentro dos quince días seguintes á súa adopción.

O disposto nos parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo das medidas provisionais que poidan ser adoptadas unha vez iniciado o procedemento administrativo sancionador polo órgano autonómico competente para resolver, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Entre outras medidas, poderá adoptarse a consistente na incautación de animais.

No caso de que a medida provisional adoptada sexa a incautación de animais, serán a cargo da persoa ou persoas contra as que se siga o procedemento sancionador os gastos derivados de tal medida.

3. Conforme ao artigo 17 da Lei 32/2007, do 7 de novembro, o órgano autonómico competente para resolver o expediente sancionador poderá acordar, como sanción accesoria no caso de comisión de infraccións graves e moi graves, o decomiso dos animais.

Na resolución na que se impoña como sanción accesoria o decomiso deberá determinarse o destino definitivo do animal ou animais, con suxeición aos principios de benestar e protección animal. Tendo en conta o anterior, o dito destino será preferentemente o seu alleamento nos termos previstos no número 4 ou a súa cesión gratuíta a entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan actividades relacionadas co benestar e a protección animal, sempre que o estado físico ou sanitario dos animais ou a súa aptitude para o transporte o permita. No seu caso, en función do estado dos animais e cando os mencionados principios de benestar e protección animal o requiran, poderase acordar cando proceda a eutanasia in situ ou o sacrificio en matadoiro.

4. O alleamento de animais obxecto de decomiso axustarase ás seguintes regras:

a) Os negocios xurídicos polos que se vendan os animais terán a consideración de privados.

b) A Administración poderá estipular as cláusulas e condicións precisas, sempre que non sexan contrarias ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración. En particular, poderán agruparse para a súa venda varios animais por razóns económicas e de eficiencia na actuación.

c) Será suficiente a formalización destes negocios xurídicos en documento administrativo.

d) A venta dos animais deberá ir precedida dunha valoración previa para determinar o seu valor de mercado.

e) O órgano competente para allear será a persoa titular da consellería que tramitara o correspondente expediente sancionador.

f) O alleamento dos animais poderá realizar mediante poxa pública ou adxudicación directa. A forma ordinaria de alleamento será a poxa pública. Poderá acordarse a adxudicación directa cando se dean os supostos previstos no artigo 77 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, nos casos que sexan de aplicación.

g) No non previsto nas regras anteriores estarase ao disposto na Lei 5/2011, do 30 de setembro.

5. Os ingresos procedentes das sancións de multa impostas pola Administración autonómica ao abeiro do réxime sancionador previsto na

XUNTA DE GALICIA

Lei 32/2007, do 7 de novembro, así como os importes resultantes do alleamento de animais decomisados conforme ao disposto neste precepto, pasarán a integrar un fondo cuxo destino será o de sufragar os gastos nos que incorra a Administración autonómica derivados da adopción de medidas provisionais en procedementos sancionadores en materia de benestar animal e do mantemento en axeitadas condicións tanto dos animais que sexan obxecto de decomiso conforme ao disposto no número 3 deste artigo como daqueles animais que, por decisión xudicial, estean baixo a custodia da Administración autonómica.

XUNTA DE GALICIA

CAPÍTULO VIII

**Política social**

Artigo 25. *Modificación do Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, polo que se regula a figura do mediador familiar, o Rexistro de mediadores de Galicia e o recoñecemento da mediación gratuíta*

Modíficase o número 2 do artigo 3 do Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, polo que se regula a figura do mediador familiar, o Rexistro de mediadores de Galicia e o recoñecemento da mediación gratuíta, quedando redactado como segue:

"2. Para obter a correspondente habilitación para a inscrición no rexistro deberán reunirse os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión de título oficial universitario ou de formación profesional superior e contar con formación específica para exercer a mediación, que se adquirirá mediante a realización dun ou varios cursos específicos impartidos por institucións debidamente acreditadas, que terán validez para o exercicio da actividade mediadora en calquera parte do territorio nacional.

b) Ter subscrito un seguro ou garantía equivalente que cubra a responsabilidade civil derivada da súa actuación nos conflitos nos que interveña.

c) Ter desenvolvido, polo menos durante dous anos inmediatamente anteriores á solicitude de habilitación para a inscrición, actividades profesionais no campo psico-socio-familiar.

d) Estar en posesión das licenzas ou autorizacións pertinentes para o exercicio da súa actividade profesional e, no seu caso, inscrito no colexio profesional."

Artigo 26. *Modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia*

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, queda modificada como segue:

Un. O número 3 do artigo 68 queda modificado como segue:

"3. Regulamentariamente se desenvolverán as condicións e os procedementos para a obtención, revogación, rehabilitación e suspensión das autorizacións, así como o réxime da declaración responsable ou comunicación previa segundo o previsto na normativa sectorial de aplicación.

Os procedementos administrativos para a tramitación das diferentes autorizacións terán unha duración máxima de seis meses. Unha vez transcorrido o dito prazo sen que se tivera ditado e notificado resolución administrativa, as solicitudes entenderanse desestimadas por silencio administrativo nos procedementos relativos á obtención ou rehabilitación das diferentes autorizacións, e producirase a caducidade nos procedementos relativos á suspensión e revogación das autorizacións administrativas."

Dous. A disposición derradeira terceira pasa a ter a seguinte redacción:

"Disposición derradeira terceira. Habilitación normativa

1. Facúltase á Xunta de Galicia para ditar cantas disposicións regulamentarias sexan necesarias para o adecuado desenvolvemento da presente lei.

2. Facúltase ao Consello da Xunta de Galicia para que, a proposta da consellería con competencias en materia de servizos sociais, desenvolva regulamentariamente os requisitos materiais de que deben dispor os centros que presten os servizos destinados a atención diúrna, diúrna ocupacional, residencial e residencial ocupacional destinados a persoas dependentes con discapacidade física, parálise cerebral, dano cerebral, discapacidade intelectual, trastorno do espectro autista e enfermidade mental, así como o servizo de supervisión e apoios puntuais en equipamentos especiais entendendo por tales requisitos

XUNTA DE GALICIA

aqueles referidos a emprazamento e accesos, accesibilidade e espazos mínimos."

XUNTA DE GALICIA

Artigo 27. *Modificación do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes*

O Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, queda modificado como segue:

Un. O artigo 9 queda coa seguinte redacción:

"Artigo 9. Funcións dos órganos de valoración e asesoramento da dependencia

Serán funcións dos órganos de valoración e asesoramento da dependencia:

a) Revisar a información sanitaria, o informe social no seu caso, e a restante documentación que conste no expediente ou calquera outra información complementaria e necesaria para os efectos de desenvolver a valoración.

b) Solicitar a documentación, informes ou probas complementarias necesarias para a valoración da situación de dependencia e o establecemento do Programa Individual de Atención.

c) Coordinar as actuacións dos distintos profesionais técnicos de valoración da situación da dependencia para garantir e unificar os criterios técnicos entre profesionais deste.

d) Revisar e aplicar un control de calidade ás valoracións da dependencia realizadas polos profesionais técnicos de valoración da Administración autonómica.

e) Codificar os diagnósticos que se detallen no ditame técnico de valoración.

f) Propor ditame sobre o grao de dependencia e, no seu caso, proposta do Programa Individual de Atención á persoa titular do departamento territorial da consellería competente en materia de servizos sociais.

g) Emitir proposta técnica que motive a necesidade de proceder nos casos de emerxencia.

h) Asesorar ao persoal técnico de valoración da situación de dependencia nos asuntos da súa competencia.

i) Emitir aqueles informes que lles sexan solicitados polas administracións públicas en materia de valoración da situación de dependencia, así como do Programa Individual de Atención.

j) Aquelas outras funcións que lle sexan atribuídas no ámbito do asesoramento e avaliación."

Dous. O número 1 do artigo 27 queda coa seguinte redacción:

"1. O servizo ou órgano que determine a consellería con competencia en materia de servizos sociais, unha vez completada a documentación, comunicará á persoa interesada o día, a franxa horaria e o lugar no que se realizará a valoración da situación de dependencia."

Tres. O número 4 do artigo 44 queda redactado como segue:

"4. No caso de que a aplicación do previsto nos artigos 37 e 38 non permitise determinar a prioridade no acceso a un recurso, o programa de asignación de recursos establecerá a prelación mediante a aplicación dos seguintes criterios de priorización:

a) O maior grao de dependencia.

b) A menor capacidade económica.

c) A situación socio familiar da persoa en situación de dependencia.

d) Non percepción doutra prestación ou servizo do sistema para a autonomía e atención á dependencia.

e) Data de presentación da solicitude da valoración da dependencia.

XUNTA DE GALICIA

f) Idade da persoa en situación de dependencia."

XUNTA DE GALICIA

Artigo 28. *Modificación do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia*

Engádese un número 3 ao artigo 33 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia, coa seguinte redacción:

> "3. O órgano competente en materia de autorización e inspección de servizos sociais poderá rehabilitar a autorización revogada en relación cun centro, programa ou servizo social, sempre e cando se acredite que desapareceron as causas que motivaron a súa revogación e que se vai seguir prestando a mesma actividade de servizos sociais para a que foi concedida a autorización"

XUNTA DE GALICIA

Artigo 29. *Modificación do Decreto 149/2013, de 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo*

No apartado III do anexo I do Decreto 149/2013, de 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dentro dos servizos de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal, se incorporan os seguintes servizos:

"010112 Servizos de supervisión e apoios puntuais

01011201 Cohousing

01060101 Unidades psicoxeriátricas"

XUNTA DE GALICIA

Artigo 30. *Modificación da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia*

A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, queda modificada como segue:

Un. O número 3 do artigo 3 queda coa seguinte redacción:

> "3. Sen prexuízo do disposto nos números anteriores, poderanse valorar como persoas en situación de risco de exclusión social e, en consecuencia, incorporarse ás prestacións económicas reguladas nesta lei e ao resto de medidas positivas de apoio, aquelas persoas nas que concorran factores de exclusión sinalados no número 1 deste artigo que obteñan ingresos derivados da súa actividade laboral que sexan inferiores ao importe da suma do ingreso mínimo máis os complementos familiares que lles correspondería percibir en concepto de tramo persoal e familiar da renda de inclusión social de Galicia, sempre e cando reúnan o resto dos requisitos establecidos nesta lei para o acceso ás prestacións económicas reguladas nela."

Dous. Dáse nova redacción á letra c) do número 5 do artigo 11 nos seguintes termos:

> "c) Aquelas instalacións de centros ou comunidades terapéuticas debidamente autorizadas que acollan persoas que vivan nelas de xeito estable ou temporal, coa finalidade de acadar a súa integración, así como as vivendas tuteladas que acollan persoas con discapacidade ou con enfermidade mental."

Tres. A letra b) do número 1 do artigo 48 queda coa seguinte redacción:

> "b) Vinculadas á mellora da habitabilidade da vivenda habitual: destinaranse á adecuación da vivenda, así como a mellorar a súa accesibilidade universal, co fin de adaptala ás circunstancias da persoa usuaria, dentro dos límites e condicións de idoneidade que se establezan regulamentariamente en coordinación coas medidas sectoriais da consellaría competente en materia de vivenda."

XUNTA DE GALICIA

CAPÍTULO IX

**Economía, emprego e industria**

Artigo 31. *Modificación da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia*

A Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia, queda modificada como segue:

Un. O artigo 35 queda coa seguinte redacción:

"1. Para o outorgamento de dereitos mineiros sobre os terreos francos resultantes do levantamento dunha zona de reserva ou da declaración de caducidade dun permiso de exploración, dun permiso de investigación ou dunha concesión de explotación mineira, tramitarase o correspondente concurso público, regulado neste artigo e demais normativa aplicable. En todo caso, realizaranse convocatorias de concurso diferenciadas por cada provincia.

Unha vez que adquira firmeza, de ser o caso, en vía xudicial, a declaración de caducidade dun dereito mineiro, procederase a efectuar a convocatoria do concurso público ao que se refire o parágrafo anterior e publicarase no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia. No prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao da última publicación, quen estea interesado no dereito caducado poderá presentar solicitudes.

Se a declaración de caducidade dun dereito obxecto de concurso se debera ao incumprimento das obrigas legais ou das condicións establecidas no título de outorgamento por parte da persoa explotadora ou da persoa titular do dereito, estas non poderán participar no concurso respecto do dito dereito.

Na convocatoria do concurso determinaranse os criterios de selección así como os parámetros para a súa valoración tendo en conta, en todo caso, os previstos no artigo seguinte. Estes criterios e parámetros poderán ser establecidos previamente con carácter xeral para as convocatorias de concursos referidas a un ou varios tipos de recursos mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de minas. En todo caso, na convocatoria do concurso de que se trate

poderán establecerse xustificadamente modificacións dos criterios ou parámetros establecidos con carácter xeral para adaptalos ás características ou circunstancias específicas do concurso concreto.

2. Na solicitude indicarase claramente o tipo de dereito que se solicita e sobre que dereito mineiro se solicita, achegando o seguinte contido mínimo que se presentará en dous sobres pechados debidamente numerados:

a) No primeiro sobre incluirase a documentación acreditativa da capacidade xurídica e de obrar da persoa solicitante e da representación, así como o resgardo da fianza provisional, que consistirá no 10 % da taxa correspondente ás solicitudes de dereitos mineiros establecida na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, ou norma que a substitúa. Incluirase, así mesmo, a documentación acreditativa de non estar incurso nas prohibicións para contratar co sector público establecidas na normativa reguladora dos contratos do sector público.

b) O segundo sobre conterá a designación do terreo que se pretende, os documentos requiridos para as solicitudes de dereitos mineiros, a documentación adicional que proceda explicativa ou acreditativa das vantaxes da proposta e unha declaración responsable dos documentos presentados."

Dous. O artigo 36 queda coa seguinte redacción:

"Artigo 36. Valoración de ofertas e resolución de concursos de dereitos mineiros

1. No caso de que non se formulen solicitudes, o órgano mineiro competente declarará de oficio o terreo como rexistrable, e publicarao no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial del Estado.

2. No caso de que se presenten varias solicitudes sobre o mesmo dereito mineiro abrirase unha fase de concorrencia competitiva, na que se establecerá a orde de prelación para a tramitación delas, de acordo coa valoración obtida por aplicación dos criterios de selección das propostas máis vantaxosas.

Entenderase por propostas máis vantaxosas as que ofrezan as mellores condicións científicas e técnicas e as maiores vantaxes económicas e sociais tendo en conta os principios de sustentabilidade, responsabilidade e seguridade, e atendendo, como mínimo, aos seguintes criterios:

a) A calidade científica e técnica do proxecto e as garantías que se ofrezan da súa viabilidade.

b) A calidade ambiental do proxecto, valorándose especificamente a restauración de zonas degradadas como consecuencia de actividades mineiras anteriores.

c) A calidade social e ética do proxecto, é dicir, a inclusión no proxecto de medidas inclusivas e transversais, de cohesión social e de respecto ao medio ambiente nas que se expresen altos estándares de responsabilidade social e ética empresarial. Entre estas medidas valorarase a incorporación da variable de xénero; a integración laboral das persoas con discapacidade; mecanismos de solución de conflitos coas comunidades locais e mecanismos de transparencia e acceso dos cidadáns á información.

d) O impacto socioeconómico do proxecto na zona de implantación da explotación e na economía galega en xeral, con base en indicadores obxectivos e comparativos coa situación actual.

e) As condicións xurídicas máis respectuosas co carácter de bens de dominio público dos xacementos de orixe natural e demais recursos xeolóxicos no ordenamento xurídico español e coa súa explotación racional.

3. A apertura das ofertas verificarase en cada provincia respecto dos dereitos que se localicen nela por unha mesa constituída por:

a) A persoa titular da xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de minas ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente ou presidenta.

b) A persoa titular da xefatura do servizo competente en materia de minas da xefatura territorial correspondente ou o enxeñeiro ou

enxeñeira de minas do dito servizo en quen delegue, que actuará como secretario ou secretaria da mesa.

c) Un membro da escala de letrados da Xunta de Galicia.

d) A persoa titular da intervención delegada da xefatura territorial correspondente da consellaría competente en materia de minas ou da delegación provincial ou persoa en quen delegue.

e) Unha persoa representante da dirección xeral competente en materia de minas designada pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de minas.

No caso de dereitos que se localicen en máis dunha provincia, a apertura das ofertas será verificada pola mesa correspondente á provincia onde se localice unha maior extensión do dereito.

No prazo de dez días desde a finalización do prazo para a presentación de solicitudes, constituirase a mesa e procederase á apertura de sobres na orde habitual. Ao acto de constitución da mesa e á apertura de sobres poderán asistir as persoas que presentasen as solicitudes ou os seus representantes debidamente acreditados.

A mesa analizará e valorará as ofertas presentadas e realizará unha proposta de resolución do concurso que incluirá, para os casos nos que se presentaran varias solicitudes respecto dun mesmo dereito, a orde de prelación das solicitudes para a súa tramitación.

4. O concurso resolverao a persoa titular da consellería competente en materia de minas no prazo máximo de seis meses, contados desde o día seguinte á última publicación da convocatoria. A resolución conterá a orde de prelación para a tramitación das solicitudes concorrentes presentadas respecto dun mesmo dereito, de acordo co establecido neste artigo, e declarará que procede a admisión a trámite das solicitudes non concorrentes. Así mesmo, declarará rexistrables os terreos obxecto do concurso respecto dos que non se presentara ou non fora admitida ningunha solicitude.

Transcorrido o prazo sen que recaese e fora notificada a resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

5. De non se admitir ningunha das solicitudes presentadas, o concurso declararase deserto e os terreos non adxudicados serán declarados rexistrables pola persoa titular da consellería competente en materia de minas. Esa declaración deberase publicar no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial del Estado, coa indicación de que poderán ser solicitados logo de transcorridos oito días desde a publicación no Boletín Oficial do Estado."

Tres. O artigo 50 queda redactado como segue:

"Artigo 50. Responsables

1. Serán suxeitos responsables das infraccións as persoas físicas ou xurídicas que incorran nelas, e, en particular:

a) A persoa explotadora efectiva do recurso mineiro e, se é o caso, a persoa titular dos dereitos de aproveitamento mineiro.

b) O subcontratista do explotador efectivo.

c) A dirección facultativa, no ámbito das súas respectivas funcións.

d) A persoa titular ou propietaria da entidade explotadora efectiva, así como o/a administrador/a, xerente, director/a ou equivalente da dita entidade en relación coas infraccións que se cometan no desenvolvemento da actividade de investigación ou aproveitamento dos recursos xeolóxicos, cando non realizasen os actos necesarios que foran da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas infrinxidas, consentiran o incumprimento por quen deles dependan ou adoptasen acordos que fixeran posible a comisión de tales infraccións. En todo caso, nos supostos de extinción da personalidade xurídica da entidade explotadora efectiva, o procedemento sancionador dirixirase contra as persoas indicadas nesta letra nos supostos sinalados nela.

2. No caso de existir máis dunha persoa responsable da infracción, as sancións que se impoñan terán entre si carácter independente.

XUNTA DE GALICIA

3. Cando en aplicación desta lei dúas ou máis persoas resulten responsables dunha infracción e non fose posible determinar o seu grao de participación, serán solidariamente responsables para os efectos das sancións que deriven.

4. En todo caso, e sen prexuízo das garantías financeiras establecidas para o efecto, no caso de extinción da personalidade xurídica da entidade explotadora, os socios, administradores e directivos da dita entidade no momento da súa extinción quedarán obrigados ao cumprimento das obrigas relativas ao proceso de restauración, peche e abandono da explotación. En consecuencia, serán suxeitos responsables das infraccións que cometan en relación co incumprimento de tales obrigas."

Catro. A letra m) do artigo 58 queda redactada como segue:

"m) A comisión de máis de dúas infraccións leves, xa sexa polo mesmo feito ou por feitos diferentes, calquera que sexa a súa natureza, no prazo dun ano."

Cinco. A letra c) do artigo 59 queda coa seguinte redacción:

"c) A comisión de máis de dúas infraccións graves, xa sexa polo mesmo feito ou por feitos diferentes, calquera que sexa a súa natureza."

Seis. Engádese un artigo 61bis coa seguinte redacción:

"Artigo 61 bis. Redución do importe das sancións

1. De conformidade co artigo 85 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario, no suposto de pagamento voluntario polo presunto responsable en calquera momento anterior á resolución, o órgano competente para resolver o procedemento aplicará unha redución do 20 % sobre o importe da sanción proposta.

Tamén cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario, se, iniciado o procedemento sancionador, a persoa infractora recoñece a súa responsabilidade, o órgano competente para resolver o

procedemento aplicará unha redución do 20 % sobre o importe da sanción que proceda. Esta redución é acumulable coa establecida no parágrafo anterior.

A efectividade das redución previstas nos parágrafos anteriores estará condicionada ao desistimento ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción.

2. En relación coas infraccións relativas ao incumprimento das obrigas de reacondicionamento do espazo natural afectado polas actividades mineiras ou ao incumprimento das previsións contidas no plan de restauración, a resolución do procedemento sancionador conterá, ademais da multa pecuniaria e outras sancións que puideran corresponder, a exixencia do cumprimento das obrigas indicadas de reacondicionamento e restauración así como a indemnización polos danos e perdas causados, que será determinada e exixida polo órgano ao que corresponda o exercizo da potestade sancionadora.

A persoa responsable da infracción terá dereito a unha redución do 70 % da multa que deba impoñerse no caso de que estea acreditado no procedemento sancionador, no momento de formularse a proposta de resolución, o cumprimento íntegro das obrigas de reacondicionamento e das previsións de restauración así como, no seu caso, a reparación dos danos e prexuízos causados. Na proposta de resolución indicarase que, no suposto de pagamento voluntario polo presunto responsable en calquera momento anterior á resolución, o órgano competente para resolver o procedemento aplicará unha redución adicional do 10 % sobre o importe da sanción proposta, ascendendo a redución máxima total ao 80 %. Estas reducións non son acumulables con ningunha outra establecida na normativa aplicable, a cal , de proceder, entenderase incluída nelas.

Para o caso de que no momento de formularse a proposta de resolución estea acreditado no procedemento sancionador o cumprimento íntegro das obrigas de reacondicionamento e das previsións de restauración pero non a reparación dos danos e prexuízos que foran causados, a redución será do 60 %. Na proposta de resolución indicarase que, no suposto de pagamento voluntario polo presunto responsable en calquera momento anterior á resolución, o órgano competente para resolver o procedemento aplicará unha

XUNTA DE GALICIA

redución adicional do 10 % sobre o importe da sanción proposta, ascendendo a redución máxima total ao 70 %. Estas reducións non son acumulables con ningunha outra establecida na normativa aplicable, a cal, de proceder, entenderase incluída nelas.

3. Todas as posibles reducións previstas neste artigo deberán ser indicadas na notificación da iniciación do procedemento."

Sete. Engádese unha disposición adicional oitava coa seguinte redacción:

"Disposición adicional oitava. Execución forzosa en materia de minas

1. Sen prexuízo do suposto específico recollido no artigo 63, con carácter xeral, para acadar o cumprimento dos requirimentos efectuados pola Administración e das resolucións administrativas ditadas en materia de minas, a Administración autonómica poderá proceder, logo de apercibimento, á imposición de multas coercitivas, reiterables por lapsos de tempo suficientes para o cumprimento da resolución ou requirimento, ata lograr a súa execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 25.000 euros cada unha, tendo en conta a gravidade do incumprimento e a reiteración da multa.

2. É órgano competente para a imposición das multas coercitivas aquel que resulte competente para ditar a resolución do procedemento de que se trate ou para efectuar o requirimento."

Oito. Engádese unha disposición adicional novena coa seguinte redacción:

"Disposición adicional novena. Pagamento das indemnizacións por expropiación forzosa

Determinado en vía administrativa, de conformidade coa lexislación reguladora da expropiación forzosa, o xusto prezo e as indemnizacións de toda índole que correspondan como consecuencia do exercicio da potestade expropiatoria, o titular dos dereitos mineiros na súa condición de beneficiario no procedemento expropiatorio acreditará ante a Administración o pagamento ao expropiado da cantidade total que proceda, incluídos os intereses que se establezan.

Se o titular dos dereitos mineiros na súa condición de beneficiario non cumprira as obrigas que lle corresponden e, en virtude de resolución

XUNTA DE GALICIA

xudicial, calquera que fora a súa data, a Comunidade Autónoma de Galicia tivera que facerse cargo do aboamento das indemnizacións aos expropiados, esta quedará subrogada no crédito do expropiado.

No caso do parágrafo anterior, unha vez aboado pola Administración o importe das indemnizacións aos expropiados, o crédito da Administración fronte ao beneficiario terá a consideración de recurso de dereito público aos efectos do disposto na lexislación de réxime financiero o orzamentario, polo que se o beneficiario non procedera ao reembolso íntegro das cantidades á Administración, unha vez requirido para o efecto, a facenda pública galega estará en posesión das prerrogativas legalmente establecidas, e poderá proceder ao seu cobramento por vía de constrinximento, de acordo coas regras que rixen a recadación executiva."

XUNTA DE GALICIA

Artigo 32. *Modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental*

O número 1 da disposición adicional terceira da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, queda redactado como segue:

"1. As novas solicitudes de autorización ás que se refire o artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, ou norma que a substitúa, correspondentes a infraestruturas de evacuación dos parques eólicos tramitaranse segundo as disposicións establecidas nesta lei, no que sexa aplicable. Os órganos competentes para a súa autorización serán os establecidos no Decreto 9/2017, do 12 de xaneiro, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de autorización de instalacións eléctricas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia."

XUNTA DE GALICIA

Nos espazos definidos como redes primarias de faixas de xestión de biomasa será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei:

a) Ao longo da rede de autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais, deberase xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados nesta lei, nos terreos incluídos na zona de dominio público. Ademais, nos ditos terreos non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

b) Ao longo da rede ferroviaria deberase xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados nesta lei, nos terreos incluídos na zona de dominio público. Nesta faixa non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

c) Nas instalacións de produción de enerxía eléctrica eólica deberase xestionar a biomasa dentro da liña poligonal que circunscribe á instalación.

Nas liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica, sen prexuízo do necesario respecto das especificacións da regulamentación electrotécnica sobre distancia mínima entre os condutores, as árbores e outra vexetación, deberase xestionar a biomasa nunha faixa de 5 metros desde a proxección dos condutores eléctricos máis externos, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa sectorial vixente. Ademais, nunha faixa de 5 metros desde a estrema da infraestrutura non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

Nas instalacións de produción de enerxía eléctrica solares e nas subestacións eléctricas deberase xestionar a biomasa nunha faixa de 5 metros desde o último elemento en tensión e desde os paramentos das edificacións non destinadas ás persoas. Ademais, na devandita faixa non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

Se nas subestacións eléctricas existiren edificacións destinadas a albergar oficinas, almacéns ou parque móbil, ás devanditas edificacións seralles de aplicación o disposto no artigo 21 para as edificacións ou vivendas illadas.

A xestión da biomasa incluirá a retirada desta por parte da persoa que resulte responsable consonte o artigo 21 ter, sen prexuízo da facultade do propietario do terreo afectado de proceder á súa retirada. Para estes efectos, a persoa responsable deberá remitir ao taboleiro de edictos do concello un anuncio, con quince días de antelación ás operacións de xestión da biomasa, para os efectos de que os propietarios dos terreos poidan executalas previamente, caso de estaren interesados. Transcorrido o devandito prazo, a persoa responsable estará obrigada á realización da xestión da biomasa.

d) Nas conducións de transporte do gas natural deberase xestionar a biomasa nunha faixa de 1 metro e medio a cada lado do seu eixe.

e) Nas estacións de telecomunicacións deberase xestionar a biomasa nunha faixa de 5 metros desde as infraestruturas de telecomunicación e desde os paramentos das edificacións non destinadas ás persoas. Ademais, na devandita faixa non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

Nas estacións de telecomunicacións, de existiren edificacións destinadas a albergar oficinas, almacéns ou parque móbil, ás devanditas edificacións seralles de aplicación o disposto no artigo 21 para as edificacións ou vivendas illadas.

No caso das estacións de regulación e medida de gas e depósitos de distribución de gas, deberá xestionarse a biomasa tendo en conta a regulamentación derivada da súa normativa específica, sendo en todo caso, como mínimo, unha faixa de 5 metros dende as infraestruturas e dende os paramentos das edificacións non destinadas ás persoas."

Seis. Modifícanse as letras a), b) e c) do número 1 do artigo 21, que quedan redactadas como segue:

"a) Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria quinta.

b) Arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolineiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte.

c) Arredor das edificacións illadas destinadas ás persoas en solo rústico situadas a mais de 400 metros do monte."

Sete. Modifícase o número 2 do artigo 21 ter, que queda redactado como segue:

"2. No caso das edificacións ou instalacións, destinadas ás persoas, rematadas sen licenza, comunicación previa ou orde de execución, ou incumprindo as condicións sinaladas nelas, a responsabilidade da xestión da biomasa vexetal corresponderá á persoa propietaria dos terreos edificados, que dispoñerá dunha servidume de paso forzosa para acceder á faixa establecida, ata que transcorra o prazo de caducidade de seis anos que se establece no artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Este acceso levarase a cabo durante o tempo estritamente necesario para o labor de xestión da biomasa polo punto menos prexudicial ou incómodo para os terreos gravados e, de ser compatible, polo máis conveniente para a persoa beneficiaria.

A retirada de especies arbóreas será realizada polas persoas propietarias delas.

O cumprimento das obrigas ás que se refire este número, e mentres non transcorra o prazo de caducidade de seis anos que se establece no artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, enténdese sen prexuízo do dereito das persoas titulares do dereito de aproveitamento dos terreos gravados pola servidume de paso forzosa ou das persoas propietarias das árbores retiradas a reclamar da persoa propietaria dos terreos edificados, na vía xurisdicional que corresponda, a correspondente indemnización polos danos e perdas sufridos, incluído o lucro cesante.

Transcorrido o prazo de caducidade de seis anos que se establece no artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a responsabilidade da xestión da biomasa vexetal corresponderalle á persoa responsable que se establece no apartado 1 deste artigo."

Oito. Modifícase o artigo 23 que queda redactado como segue:

"Artigo 23. Novas edificacións en terreos forestais e zonas de influencia forestal e medidas de prevención de incendios forestais nas novas urbanizacións

1. Os instrumentos de planeamento urbanístico deberán ter en conta a avaliación de risco de incendio forestal, no que respecta á zonificación do territorio e ás zonas de alto risco de incendio que constan nos plans de prevención e defensa contra os incendios forestais de distrito.

2. As novas instalacións que se constrúan de acordo coas disposicións que se establezan na súa normativa específica para a construción que lle servirán de base para obter o correspondente título habilitante municipal, destinadas a explotacións agrícolas, gandeiras e forestais e as vivendas vinculadas a estas, así como as novas urbanizacións e edificacións para uso residencial, comercial, industrial ou de servizos resultantes da execución de plans de ordenación urbanística que afecten zonas de monte ou de influencia forestal, e que non teñan continuidade inmediata coa trama urbana e que resulten estremeiras con monte ou con zonas de influencia forestal, terán que cumprir co disposto no artigo 21.

3. A responsabilidade da xestión da biomasa vexetal corresponderá á persoa propietaria dos terreos edificados que dispoñerá dunha servidume de paso forzosa para acceder á faixa establecida. Este acceso levarase a cabo durante o tempo estritamente necesario para o labor de xestión da biomasa polo punto menos prexudicial ou incómodo para os terreos gravados e, de ser compatible, polo máis conveniente para a persoa beneficiaria.

A retirada de especies arbóreas será realizada polas persoas propietarias delas.

O cumprimento das obrigas ás que se refire este número enténdese sen prexuízo do dereito das persoas titulares do dereito de aproveitamento dos terreos gravados pola servidume de paso forzosa ou das persoas propietarias das árbores retiradas a reclamar da persoa propietaria dos terreos edificados, na vía xurisdicional que corresponda, a correspondente indemnización polos danos e perdas sufridos, incluído o lucro cesante.

4. No caso de urbanizacións e edificacións para uso industrial, deberán dispoñer de xeito perimetral dunha rede de hidrantes homologados para a extinción de incendios ou, na súa falta, de tomas de auga, de acordo co que se estableza regulamentariamente na normativa específica para a construción.

5. As novas edificacións deberán presentar ante a Administración municipal un proxecto técnico de prevención e defensa contra incendios forestais que garanta o cumprimento do que establece esta lei e a normativa que a desenvolva, así como o cumprimento do plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, se é o caso.

6. No caso de incumprimento da xestión da biomasa vexetal, corresponderalle ao concello a súa realización, acudindo á execución subsidiaria de acordo co establecido no artigo 22, sen prexuízo da instrución do correspondente expediente sancionador."

Nove. Modifícase o número 1 do artigo 39, que queda redactado como segue:

"1. Durante a época de perigo alto, nos traballos e outras actividades que se leven a cabo en todos os terreos forestais e zonas de influencia forestal é obrigatorio que os tractores, máquinas e vehículos de transporte pesados que se van utilizar estean provistos de equipamento para a extinción de incendios."

Dez. Modifícase o artigo 45, que queda redactado como segue:

"Artigo 45. Vixilancia e detección

1. A vixilancia dos terreos forestais e zonas de influencia forestal contribúe á redución do número de incendios forestais, identificando potenciais axentes causantes e disuadindo comportamentos que propicien a existencia de incendios forestais.

2. A detección ten como obxectivo a identificación inmediata e a localización precisa dos incendios forestais e a súa comunicación rápida ás entidades responsables da extinción.

3. A vixilancia e detección de incendios forestais pode ser realizada por:

a) Calquera persoa que detecte un incendio forestal, que está obrigada a alertar de inmediato as entidades competentes.

b) A rede de puntos de vixilancia, dependente dos servizos de defensa contra incendios forestais, que asegura en todo o territorio de Galicia as funcións de detección fixa de incendios forestais.

c) A Rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia.

d) A rede de vixilancia móbil, dependente dos servizos de defensa contra incendios forestais.

e) Medios aéreos.

f) Medios das distintas administracións públicas que se establezan a través dos instrumentos de colaboración e cooperación institucional, as agrupacións de defensa contra incendios e o voluntariado social."

Once. O título do artigo 46 pasa a ser "A rede de puntos de vixilancia."

Doce. Engádese un novo artigo 46 bis coa seguinte redacción:

"Artigo 46 bis. A Rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia

1. De acordo coa Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, en canto determina o carácter estratéxico para o desenvolvemento económico de Galicia dos recursos forestais galegos e o interese público na conservación das masas forestais, e o disposto nesta lei, tendo en conta a súa finalidade de protexer as persoas e os bens afectados polos incendios forestais, e como instrumento de apoio das redes de vixilancia e detección de incendios forestais que compoñen as redes de defensa contra os incendios forestais de distrito forestal, a Administración autonómica poñerá en marcha a Rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia.

2. A Rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia incluirá a instalación de sistemas tecnolóxicos de detección de incendios mediante cámaras ópticas nos puntos do monte galego que se

XUNTA DE GALICIA

determinen, coa finalidade de facilitar as tarefas de vixilancia forestal do monte galego e detección temperá de incendios, así como, no caso de se detectaren lumes, permitir a visualización en directo e o seguimento do avance, condicións e evolución destes a través de medios dixitais e imaxes xeoposicionadas, todo isto como mecanismo de apoio á toma de decisións óptimas polas autoridades e persoal técnico competentes para a mobilización e xestión de medios e asignación e coordinación de recursos para a extinción.

3. A instalación dos sistemas de vixilancia realizarase con preferencia en torres de telecomunicacións e infraestruturas de titularidade da Administración autonómica ou do seu sector público, e priorizando os puntos que permitan a vixilancia forestal das parroquias de alta actividade incendiaria e zonas de alto risco definidas no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, todo isto sen prexuízo dos medios persoais e materiais xa existentes de vixilancia.

4. A Rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia poderá ir incorporando as diferentes innovacións tecnolóxicas que permita en cada momento a evolución do estado da ciencia e da técnica, como capacidade de visión nocturna e imaxes térmicas, co obxecto de ir mellorando a súa efectividade e eficiencia.

5. A operación da Rede corresponderá á consellaría competente en materia de prevención e defensa contra incendios forestais e o mantemento técnico á entidade do sector público competente en materia de modernización tecnolóxica de Galicia.

6. Na implantación do proxecto adoptaranse todas as medidas técnicas, organizativas e de seguridade que sexan necesarias para asegurar a privacidade e o cumprimento da normativa sobre protección de datos, na medida en que poidan captarse incidentalmente imaxes de persoas identificables. Para estes efectos, establécese como responsable do dito tratamento a consellaría competente en materia de prevención e defensa contra incendios forestais.

No marco aludido, aprobaranse medidas como o establecemento de protocolos de uso do sistema por parte do persoal técnico competente,

rexistros de accesos da manipulación das cámaras, mecanismos técnicos de encriptación para a conservación das imaxes, limitación de prazos de conservación antes da súa destrución e todas aquelas outras medidas que sexan precisas para o cumprimento das normas sinaladas.

Así mesmo, as imaxes poderán ser postas á disposición da autoridade xudicial e das forzas e corpos de seguridade do Estado nos supostos previstos na normativa aplicable."

Trece. Modifícase o número 2 da disposición adicional terceira, que queda redactado como segue:

"2. En todo caso, poderán conservarse árbores das especies sinaladas no número anterior en calquera clase de terreos incluídos nas redes primarias e secundarias de xestión de biomasa no caso de se trataren de árbores senlleiras ou aquelas que cumpran funcións ornamentais ou que se localicen en zonas recreativas (sempre que se manteña unha descontinuidade horizontal e vertical do combustible) ou se atopen illadas e non supoñan un risco para a propagación de incendios forestais."

Catorce. Engádese un número 3 na disposición adicional terceira coa seguinte redacción:

"3. Non lles serán de aplicación as obrigas da xestión da biomasa establecidas nesta lei ás frondosas non incluídas no listado do número 1."

Quince. A disposición adicional sexta queda coa seguinte redacción:

"Disposición adicional sexta. Informes sectoriais por cambio de uso

Os informes sectoriais dos servizos competentes en materia de incendios forestais, solicitados por cambios de usos dos montes, comprobarán exclusivamente se a zona forestal na que se propón o cambio de uso foi afectada por incendios forestais."

Dezaseis. Engádese unha disposición transitoria quinta coa seguinte redacción:

XUNTA DE GALICIA

"Disposición transitoria quinta. Xestión da biomasa en solos non urbanizados

A xestión da biomasa existente nos terreos forestais e nas zonas de influencia forestal da rede secundaria de faixas na contorna do solo urbanizable, non será preceptiva ata que se desenvolva ese ámbito a través dun plan parcial e se aprobe definitivamente o proxecto de urbanización correspondente."

XUNTA DE GALICIA

Artigo 20. *Modificación da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras*

A Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, queda modificada como segue:

Un. Suprímese o número 3 do artigo 22 e dáse nova redacción ao número 2 do dito artigo, nos termos seguintes:

"2. Terán dereito a se subrogar no contrato de cesión e na orde que se establece, no suposto de morte, imposibilidade física, incapacidade temporal ou permanente, xubilación, cesamento na actividade agraria ou incorporación dunha persoa como titular á explotación agraria, sobrevida da persoa beneficiaria da cesión cando non for posible continuar a cesión nos termos pactados ou previstos nesta lei:

a) O cónxuxe non separado legalmente ou de feito ou a persoa que estea convivindo con el, cunha relación de afectividade análoga á conxugal, no momento no que se produza o feito; neste último caso sempre e cando se cumpran os requisitos previstos na disposición adicional terceira da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.

b) Os fillos e os descendentes, sen prexuízo da posible substitución nos casos dos premortos ou das renuncias, que teñan dedicación directa e persoal á explotación, con preferencia, de seren varios, do elixido por el ou, no seu defecto, por elección maioritaria entre eles e, na súa falta, polo de maior idade.

c) Os fillos e os descendentes do cónxuxe ou da persoa que conviva co cesionario, nas mesmas condicións da letra anterior.

d) As persoas traballadoras da explotación, por orde de antigüidade e maior idade.

e) Calquera persoa física adquirinte da explotación.

Se se dá calquera dos supostos previstos será necesaria a notificación á entidade xestora, coa correspondente achega documental.

A persoa que pretenda subrogarse na cesión deberá ter ou estar en situación de ter as condicións determinantes da cesión, e subrogarase no seu título, coas mesmas condicións, dereitos e obrigas, logo de autorización da entidade xestora.

O pagamento da renda non aboada durante o período de realización da subrogación corresponderalle á persoa que se subrogue na cesión."

Dous. Engádese un artigo 47 bis coa seguinte redacción:

"Artigo 47 bis. Proxectos de mobilización de terras

1. O Consello Reitor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a proposta da persoa titular da dirección xeral da dita axencia, poderá identificar e declarar zonas de actuación para a aplicación de proxectos de mobilización de terras, que virán definidas por un perímetro de actuación integral que poderá conter terreos que non se integren no proxecto por estar xa en explotación.

2. Os proxectos de mobilización de terras estarán dirixidos á posta en valor e á recuperación produtiva de zonas maioritariamente abandonadas, cunha superficie igual ou superior a 10 hectáreas. Mediante proposta razoada da persoa titular da dirección xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderase establecer unha superficie inferior a 10 hectáreas, sen que, en ningún caso, a superficie poida ser inferior a 3 hectáreas.

3. En calquera caso os usos permitidos no proxecto de mobilización de terras serán coherentes coa clasificación de usos do solo de cada predio ao inicio do proxecto, podéndose, de ser o caso, proceder ao cambio de uso cando a normativa sectorial o permita.

4. A xestión destes proxectos a realizará a entidade xestora do Banco de Terras de Galicia, mediante a incorporación ao Banco de Terras das fincas incluídas no perímetro identificado e a súa inmediata cesión a empresas agrarias, asociacións de produtores ou explotacións individuais mediante a figura da cesión pactada de mutuo acordo entre a persoa titular do predio e a terceira persoa interesada na cesión recollida no artigo 18.2 da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras. Nos casos particulares nos que formen parte do

proxecto bosques situados sobre terreos comunais, o procedemento levarase a cabo do mesmo xeito pero sen mediar incorporación ao Banco de Terras de Galicia.

5. A incorporación de fincas aos proxectos terá carácter voluntario, se ben a persoa titular que non queira integrar nos mesmos as fincas da súa titularidade incluídas no perímetro identificado segundo o número 1, deberá mantelas en explotación consonte coas boas prácticas agroforestais. Se a persoa titular non pon en valor os predios consonte coas ditas prácticas no prazo que se lle outorgue para o efecto, iniciarase o procedemento establecido nos artigos 30 e seguintes, para os efectos de declarar o predio abandonado, acordar a súa integración no Banco de Terras de Galicia e incorporalo ao proxecto de mobilización de terras, nas mesmas condicións de incorporación que as restantes fincas que conforman o proxecto.

6. Os predios que, estando incluídos nos perímetros sinalados no número 1, se atopen en proceso de investigación da titularidade ou respecto dos que resulte imposible identificar á persoa propietaria, ou que pertenzan pro indiviso a varias persoas entre as que non exista acordo sobre o destino que haxa que lle dar a estes, ou estean declarados como de propietario descoñecido ou estean incorporados por esa causa ao Patrimonio do Estado, integraranse cautelarmente nos respectivos proxectos de mobilidade de terras, respectando en todo caso os dereitos das persoas titulares.

7. A execución das obras necesarias para levar a cabo estes proxectos farase de acordo ao establecido no artigo 24.1, incluíndo os casos das áreas de bosque aos que se fai referencia no número 3, e non requirirán de título habilitante urbanístico."

Artigo 21. *Modificación da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia*

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Engádese unha letra j) no número 2 do artigo 44 coa seguinte redacción:

"j) No caso de propiedades forestais encravadas ou colindantes cun monte veciñal en mán común deslindado e que conte cun plan de xestión aprobado, manter unha axeitada xestión forestal, cando menos mediante a adhesión a un modelo selvícola que se materialice no terreo por un nivel de xestión selvícola equiparable ao do monte veciñal. Se o incumprimento deste deber supón un risco para o monte veciñal, en canto á propagación de incendios forestais ou no relativo á sanidade vexetal, se poderá iniciar un procedemento de declaración da parcela en situación de abandono. Esta declaración habilitará á Administración forestal para a execución subsidiaria das actuacións necesarias para a eliminación dos riscos sen prexuizo da súa repercusión ao titular da parcela ou ao titular do seu aproveitamento no seu caso."

Dous. Engádese un número 4 ao artigo 59 coa seguinte redacción:

"4. Tamén con carácter singular, de forma excepcional, cando concorran razóns de interese público derivadas de necesidades de ordenación e xestión sostible do territorio, o Consello da Xunta, mediante acordo motivado, poderá autorizar a tramitación de cambios de uso forestal exceptuando o cumprimento do disposto no número anterior".

Tres. Modifícase o artigo 61 como segue:

"Artigo 61. Cambio de actividade agrícola a forestal

Soamente os terreos rústicos de uso agrícola que leven máis de dez anos en estado de manifesto abandono e que posteriormente se teñan adscrito ao Banco de Terras de Galicia consonte cos prezos de arrendamento de referencia oficiais no devandito banco para esa zona, por un período de polo menos dous anos, se poderán forestar, logo de

comunicarllo á Administración forestal, cando cumpran algún dos seguintes supostos:

a) Que estremen con terreos forestais, cando se utilicen frondosas caducifolias.

b) Que constitúan enclaves de ata 5 hectáreas en superficie arborada, utilizando frondosas caducifolias."

Catro. Modifícase o número 4 do artigo 67 que queda redactado como segue:

"4. Quedan prohibidas as reforestacións e as novas plantacións intercaladas co xénero Eucalyptus naquelas superficies poboadas por especies do anexo I, incluso con posterioridade ao seu aproveitamento ou á súa afectación por un incendio forestal. Esta prohibición non será aplicable nos casos de rexeneración posterior á plantación ou rexeneración, en piso inferior ou sotobosque, de especies del anexo 1.

En masas consolidadas de frondosas a prohibición anterior exténdese igualmente ás reforestacións e ás novas plantacións intercaladas co xénero Pinus".

Cinco. O número 2 do artigo 68 bis queda redactado como segue:

"2. En caso de incumprimento dos réximes de distancias mínimas aos que se refire o número anterior, a administración pública competente, de oficio ou por solicitude de persoa interesada, enviará á persoa que resulte responsable, consonte o artigo 140, unha comunicación na que se lle recordará a súa obriga de retirada do arborado afectado e se lle concederá para facelo un prazo máximo de tres meses contado desde a recepción da comunicación. Esta incluirá a advertencia de que, en caso de persistencia no incumprimento transcorrido o devandito prazo, se poderá proceder á execución subsidiaria á custa do obrigado e se poderá acordar a incoación do procedemento sancionador que corresponda e a medida cautelar de comiso dos produtos procedentes da corta de especies arbóreas, se for o caso."

Seis. O número 4 do artigo 68 bis queda redactado como segue:

XUNTA DE GALICIA

"4. No suposto de distancias mínimas a vías de comunicación e cursos fluviais, a comunicación prevista neste artigo poderá formularse de maneira conxunta para todas as persoas responsables nun mesmo tramo daquelas mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial del Estado e no Diario Oficial de Galicia no que se incluirá unha relación cos datos catastrais das parcelas afectadas. O prazo para o cumprimento computarase desde a publicación do anuncio no Boletín Oficial del Estado."

Sete. Engádese un número 3 ao artigo 74 coa seguinte redacción:

"3. Os plans de ordenación dos recursos forestais, no seu ámbito territorial de aplicación, poderán establecer limitacións ou prohibicións de plantación de determinadas especies forestais."

Oito. Modifícase o número 1 do artigo 92, coa seguinte redacción:

"1. As persoas propietarias de montes ou terreos forestais privados que desexen realizar neles aproveitamentos de madeira ou leña terán que solicitar autorización do órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio nos seguintes casos:

a) Cando os montes ou terreos forestais estean poboados con especies do anexo I.

b) Cando os montes ou terreos forestais formen parte de espazos suxeitos a algún réxime de protección.

c) Cando os montes ou terreos forestais estean afectados por algunha lexislación de protección do dominio público.

Cando se trate de aproveitamentos de madeira ou leña queimada susceptible de uso comercial deberá facerse constar no formulario da solicitude.

Exceptúanse da necesidade de autorización os aproveitamentos en montes ordenados, consonte o establecido no número 3 do artigo 81, e os supostos recollidos no número 3 do artigo 92 bis"

Nove. Modifícase o número 2 do artigo 92 bis coa seguinte redacción:

XUNTA DE GALICIA

Artigo 33. *Supresión do Rexistro Galego de Comercio e modificación da Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia*

1. Queda suprimido o Rexistro Galego de Comercio.

2. O número 1º da letra a) do artigo 105 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia, queda modificado como segue:

> "1º) Exercer unha actividade comercial sen previa autorización no caso de que esta sexa preceptiva, ou non realizar as comunicacións ou notificacións á Administración comercial esixidas pola normativa vixente, ou incumprir os requisitos establecidos no artigo 5º ou incorrer nalgunha das prohibicións establecidas no artigo 6º."

XUNTA DE GALICIA

Artigo 34. *Modificación da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia*

Engádese un título IV na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, coa seguinte redacción:

"TITULO IV

Iniciativas empresariais prioritarias

Artigo 42. Requisitos para a declaración das Iniciativas Empresariais Prioritarias

1. Poderán declararse Iniciativas Empresariais Prioritarias (IEP) polo Consello da Xunta os proxectos empresariais que acheguen á Comunidade Autónoma de Galicia un valor engadido nas áreas de innovación, competitividade, internacionalización, protección ambiental, igualdade no ámbito laboral ou conciliación.

2. Así mesmo, para seren declarados Iniciativas Empresariais Prioritarias os proxectos deberán cumprir con, polo menos, dous dos seguintes requisitos en materia de investimento e creación de emprego:

a) Que supoñan a xeración de vinte e cinco (25) ou máis postos de traballo directo baixo a modalidade de contrato indefinido a xornada completa.

b) Que impliquen a realización dun investimento en activos fixos, excluídos os inmobiliarios, por importe igual ou superior a dous millóns de euros (2.000.000 €).

c) Que sexan proxectos tractores ou que complementen cadeas de valor ou que pertenzan a sectores considerados estratéxicos.

3. Co fin de verificar o cumprimento dos requisitos presentarase xunto coa solicitude un informe detallado e a documentación acreditativa das medidas que se vaian instaurar, acompañados do documento de compromiso da súa implantación e de mantemento durante un período mínimo de cinco anos dende o inicio da actividade económica ou a ampliación da existente.

XUNTA DE GALICIA

Artigo 43. Procedemento de declaración das Iniciativas Empresariais Prioritarias

1. O procedemento de declaración dun proxecto empresarial como Iniciativa Empresarial Prioritaria iniciarase por solicitude da persoa interesada dirixida ao Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), acompañada da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos conforme ao previsto no artigo anterior.

2. O IGAPE poderá solicitar das consellerías afectadas por razón da materia todos os informes que estime convenientes para motivar o seu informe.

3. Unha vez revisado e valorado se o proxecto cumpre cos requisitos da presente lei, o IGAPE emitirá un informe vinculante, e remitirá a solicitude e toda a documentación acreditativa á consellería competente en materia de economía.

4. A declaración de Iniciativa Empresarial Prioritaria acordarase polo Consello da Xunta de Galicia, a proposta da persoa titular da consellería competente en materia de economía.

Artigo 44. Efectos vinculados á declaración de Iniciativa Empresarial Prioritaria

1. Os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico darán carácter prioritario á realización dos trámites da súa competencia relacionados coas Iniciativas Empresarias Prioritarias, de forma que se axilice a súa implantación e posta en marcha.

2. A existencia dunha declaración de Iniciativa Empresarial Prioritaria determinará a concorrencia de razóns de interese público aos efectos da tramitación de urxencia dos procedementos relacionados con tales iniciativas, polo que, unha vez declarada a tramitación de urxencia polo órgano competente de acordo co establecido polo artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os prazos establecidos para o procedemento ordinario se reducirán á metade, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.

XUNTA DE GALICIA

3. Logo de declarado un proxecto como Iniciativa Empresarial Prioritaria, a Oficina Doing Business en Galicia, prevista na Orde do 14 de xaneiro de 2016 pola que se crea a oficina Doing Business en Galicia e se dá publicidade aos modelos de propostas para a mellora da regulación económica e de comunicación de obstáculos e barreiras á actividade empresarial, realizará o seguimento e impulso dos trámites administrativos ulteriores necesarios para a súa implantación.

4. Será requisito necesario para o mantemento da declaración de Concellos Emprendedores-Doing Business pola Xunta de Galicia e a FEGAMP, o recoñecemento do carácter prioritario nos trámites e a adopción do acordo de tramitación urxente previsto neste artigo respecto dos procedementos da súa competencia relacionados coas Iniciativas Empresariais Prioritarias."

XUNTA DE GALICIA

Artigo 35. *Cambio de denominación do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral*

1. O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, creado pola Lei 14/2007, do 30 de outubro, e cuxos estatutos se aprobaron polo Decreto 165/2014, do 11 de decembro, pasa a denominarse Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia.

2. Todas as referencias normativas ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral entenderanse feitas ao Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia.

# CAPÍTULO X

## Cultura e turismo

Artigo 36. *Modificación da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia*

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, queda modificada como segue:

Un. O título do artigo 4 pasa a ser: "Competencias da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia".

Dous. O primeiro parágrafo do artigo 4 queda coa seguinte redacción:

"Correspóndenlle á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellaría competente en materia de turismo, entre outras, as seguintes atribucións:"

Tres. A letra k) do artigo 4 queda coa seguinte redacción:

"k) A promoción e a sinalización dos Camiños de Santiago así como a súa conservación e mantemento en colaboración con outras administracións públicas.

Os actos relacionados coa sinalización así como a conservación e mantemento da traza dos Camiños de Santiago que promova a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia estarán suxeitos a control municipal por medio de comunicación previa, sendo necesaria en todos os casos a autorización previa da consellería competente en materia de patrimonio cultural."

Catro. Engádese un letra l) no artigo 4 coa seguinte redacción:

"l) Calquera outra competencia en materia de turismo que se lle atribúa nesta lei ou noutra normativa aplicable."

Cinco. O número 3 do artigo 8 queda redactado como segue:

"3. Por orde da persoa titular da consellería competente en materia de turismo estableceranse os requisitos que deben cumprir as oficinas que integren a Rede Galega de Oficinas de Turismo, o procedemento para solicitar a adhesión voluntaria á rede e os efectos da integración."

Seis. O artigo 21 quedará redactado do xeito seguinte:

"Artigo 21. Recursos e produtos turísticos

1. Son recursos turísticos todos os bens materiais e inmateriais e as manifestacións da realidade física, social, histórica e cultural de Galicia que poidan xerar ou incrementar de xeito directo ou indirecto os fluxos turísticos tanto do interior como do exterior da nosa comunidade, propiciando repercusións económicas favorables.

2. Son produtos turísticos todos os bens, servizos ou actividades, susceptibles de comercialización mediante contraprestación económica, que teñen por finalidade satisfacer a demanda das persoas usuarias turísticas.

3. Por orde da persoa titular da consellería competente en materia de turismo poderán establecerse as características e os requisitos daqueles recursos ou produtos turísticos de interese para a Comunidade Autónoma."

Sete. O artigo 42 queda redactado como segue:

"Artigo 42. Cambios substanciais nas actividades turísticas suxeitas á declaración responsable

Considéranse cambios ou reformas substanciais os que afecten á clasificación turística, segundo os termos que se establezan regulamentariamente. A realización de calquera cambio ou reforma substancial require a presentación pola empresaria ou empresario turístico dunha declaración responsable."

Oito. O número 5 do artigo 88 queda redactado como segue:

"5. As empresas ás que se refiere as letras b) e c) do número 1 anterior son consideradas empresas de turismo activo. Non terán esta consideración os clubes e as federacións deportivas cando organicen a realización de actividades no medio natural, dirixidas única e exclusivamente ás súas persoas membros e non ao público en xeral.

As empresas de turismo activo deberán dispoñer de seguro por accidentes e de responsabilidade civil que cubran de forma suficiente

os posibles riscos imputables á empresa pola oferta e práctica das actividades que oferten e presten, así como unha póliza de seguros de rescate, traslado e asistencia derivados de accidente na prestación daqueles servizos.

Regulamentariamente determinaranse os requisitos e o réxime aplicable a estas empresas."

Nove. O número 2 do artigo 100 queda coa seguinte redacción:

"2. O persoal inspector estará provisto dunha acreditación coa cal se identificará no desenvolvemento das súas funcións. Esta identificación poderá ser posterior á actuación cando o axeitado desenvolvemento do labor inspector así o requira."

Dez. Engádese unha letra e) no número 4 do artigo 100 coa seguinte redacción:

"e) Solicitar a información estritamente necesaria para o desenvolvemento do labor inspector que conste en rexistros de carácter público ou en bases de datos das diferentes administracións."

Once. Os números 7 e 8 do artigo 105 quedan coa seguinte redacción:

"7. A acta de infracción, de acordo co establecido no artigo 122, redactarase para os efectos de posibilitar a adopción do acordo de iniciación do procedemento sancionador oportuno, e se lle fará chegar unha copia dela á persoa titular da actividade ou a quen a represente.

8. A persoa inspeccionada poderá formular as alegacións que estimase procedentes en relación coa actuación inspectora documentada na dita acta no prazo de dez días contados a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación da copia da acta."

Doce. Engádese o número 24 ao artigo 110 coa seguinte redacción:

"24. Alterar ou romper o precinto derivado da aplicación da medida de peche do establecemento acordada en aplicación do artigo 106.1."

XUNTA DE GALICIA

Artigo 37. *Modificación da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia*

A Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia, queda modificada como segue:

Un. O artigo 45 queda coa seguinte redacción:

"1. As intervencións que se realicen no contorno de protección dos bens declarados de interese cultural e catalogados deberán contar coa autorización da consellaría competente en materia de patrimonio cultural cando teñan por obxecto:

a) Novas construcións e instalacións de carácter definitivo ou provisional.

b) As intervencións de calquera tipo que se manifesten cara ao espazo exterior público ou privado das edificacións existentes.

c) As actuacións que afecten a estrutura parcelaria, os elementos configuradores característicos da estrutura territorial tradicional, os espazos libres e a topografía característica do ámbito, incluídos os proxectos de urbanización.

d) A implantación ou os cambios de uso que poidan ter incidencia sobre a apreciación dos bens no territorio, incluídas as repoboacións forestais.

e) As remocións de terras de calquera tipo no contorno de protección dos bens integrantes do patrimonio arqueolóxico.

2. As restantes intervencións no contorno de protección non necesitarán autorización previa ao outorgamento de licenza, ben que deberán ser coherentes cos valores xerais do contorno.

3. As cortas forestais que se realicen no contorno de protección dos bens declarados de interese cultural e catalogados, cando non leven aparellado un cambio de uso, e que, conforme á lexislación forestal, estean suxeitas a autorización, para a tutela dos valores obxecto de protección por esta lei requirirán da emisión dun informe sectorial da consellería competente en materia de cultura que se integrará no

XUNTA DE GALICIA

procedemento de outorgamento da correspondente autorización forestal."

Dous. A disposición transitoria quinta queda coa seguinte redacción:

"Disposición transitoria quinta. Plans especiais de protección aprobados

Os concellos que á entrada en vigor desta lei conten cun plan especial de protección anterior á entrada en vigor da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, relativo a un conxunto histórico e ao amparo deste exerzan as competencias de autorización previstas na lexislación anterior, seguirán exercéndoas ata o 31 de decembro de 2023, prazo durante o cal deberán de proceder á súa adaptación a esta lei, para poder exercer as competencias previstas no artigo 58."

XUNTA DE GALICIA

CAPÍTULO XI

**Deporte**

Artigo 38. *Modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia*

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Engádese un número 3 ao artigo 21 coa seguinte redacción:

> "3. Non poderán modificarse as normas das competicións durante o seu desenvolvemento, agás causa de forza maior debidamente xustificada."

Dous. O parágrafo segundo do número 3 do artigo 46 queda redactado da seguinte maneira:

> "Unha mesma persoa non poderá formar parte de máis dunha xunta directiva de clubs distintos que compitan ou teñan intereses en idéntica modalidade deportiva."

Tres. A letra c) do número 2 do artigo 64 queda redactada da seguinte maneira:

> "c) A obriga de disolución no prazo máximo de 6 meses contados a partir da firmeza administrativa da resolución pola que se acorde revogar o recoñecemento da federación deportiva."

Catro. Engádese unha nova letra d) no número 2 do artigo 64 coa seguinte redacción:

> "d) A entrega á administración deportiva autonómica de toda a documentación, en calquera formato, e material do que dispuxera a federación en virtude do exercicio das funcións delegadas."

Cinco. Engádese un nova letra o) no artigo 116 coa seguinte redacción:

> "o) Simultanear a presidencia dun club deportivo coa presidencia da federación deportiva na que se integre o devandito club."

Seis. O último paragrafo do artigo 116 queda redactado da seguinte maneira:

"Das infraccións ás que se refiren as letras h), j), k), l), ñ) e o) poderá ser responsable a presidenta ou o presidente da federación, sen prexuízo das responsabilidades nas que puidesen incorrer outras persoas físicas integrantes dos órganos federativos."

Sete. Engádense as letras n), ñ) e o) no artigo 117 coa seguinte redacción:

"n) Formar parte de máis dunha xunta directiva de clubs distintos que participen ou teñan intereses en idéntica modalidade deportiva.

ñ) A modificación das normas da competición durante o seu desenvolvemento, agás causa de forza maior debidamente xustificada

o) Non disolver a federación deportiva no prazo fixado no artigo 64.c."

Oito. A letra i) do número 2 do artigo 130 queda redactada da seguinte maneira:

"i) Determinar, dentro do ámbito das competencias autonómicas, as condicións de realización dos controis consonte a normativa internacional e nacional vixente en materia de dopaxe e ao disposto nesta lei."

Nove. O número 1 do artigo 133 queda redactado da seguinte maneira:

"Conforme ao previsto na Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño, de protección da saúde do deportista e loita contra a dopaxe na actividade deportiva, o órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte poderá celebrar convenios de colaboración coa Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte para que esta asuma o exercicio das competencias en materia de control da dopaxe que corresponden á Comunidade Autónoma."

XUNTA DE GALICIA

CAPÍTULO XII

**Organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia**

Artigo 39. *Modificación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia*

O artigo 41 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, queda modificado como segue:

"1. O procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral iniciarase por acordo da persoa titular da consellería na que se encadre o centro de directivo que tivese a iniciativa.

2. Iniciado o procedemento, con carácter previo á elaboración do anteproxecto substanciarase unha consulta pública a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto co obxecto de recoller a opinión da cidadanía e das organizacións e asociacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma sobre os seguintes aspectos:

a) Os problemas que se pretenden solucionar coa norma.

b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.

c) Os obxectivos da norma.

d) As posibles solucións alternativas, regulatorias e non regulatorias.

A consulta pública previa deberá realizarse de tal forma que todos/as potenciais destinatarios/as da norma teñan a posibilidade de emitir a súa opinión, para o cal deberá proporcionarse un tempo suficiente, non inferior a quince días naturais. Por razóns de urxencia debidamente xustificadas no expediente poderá acordarse un prazo inferior.

Poderá prescindirse do trámite de consulta pública previa no caso de normas orzamentarias ou organizativas da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou das organizacións dependentes

ou vinculadas a esta, cando concorran razóns graves de interese público que o xustifiquen ou cando a proposta normativa non teña impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos/ás destinatarios/as ou regule aspectos parciais dunha materia. A concorrencia dalgunha ou dalgunhas destas razóns xustificarase debidamente no expediente.

3. O anteproxecto que se redacte irá acompañado dos seguintes documentos:

a) Unha memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade e sobre as modificacións e innovacións que contén.

b) Unha memoria económico-financeira que conteña a estimación do custe ao que poda dar lugar e, no seu caso, a súa forma de financiamento.

c) O informe do servizo técnico xurídico correspondente da consellería na que se encadre o centro directivo que tivese a iniciativa.

d) Táboa de vixencias e cláusula ou disposición derrogatoria na cal se enumeren expresamente as normas de igual ou inferior rango que se pretende derrogar.

4. Cumpridos os trámites aos que se fai referencia nos números anteriores, o texto poderá ser aprobado inicialmente como proxecto pola persoa titular da consellería na que se encadre o centro directivo que tivese a iniciativa.

5. Publicarase, nos termos previstos na normativa en materia de transparencia, a relación circunstanciada e motivada dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en tramitación, a partir do momento no que se produza a aprobación do anteproxecto, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxerencias e a forma de facelo."

XUNTA DE GALICIA

Artigo 40. *Prazo para resolver os procedementos sancionadores en materia de servizos de comunicación audiovisual*

O prazo máximo para resolver e notificar os procedementos sancionadores en materia de servizos de comunicación audiovisual será de 10 meses contados desde o ditado do acordo de inicio.

XUNTA DE GALICIA

## DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Disposición adicional primeira. *Facultativo especialista de pediatría de área*

1. Créase no ámbito do Servizo Galego de Saúde, dentro da clase de persoal estatutario sanitario de formación universitaria, de nivel licenciado con título de especialista en ciencias da saúde (subgrupo A1), a categoría estatutaria de persoal facultativo especialista de pediatría de área.

A prestación de servizos desta categoría desenvolverase nos ámbitos funcionais de atención primaria e hospitalaria, dentro da demarcación territorial da correspondente área sanitaria.

2. Para o acceso á categoría de persoal facultativo especialista de pediatría de área, será requisito indispensable estar en posesión do título universitario oficial de graduado/a, licenciado/a ou doutor/a en medicina e cirurxía e do título de médico/a especialista expedido polo ministerio competente na especialidade de pediatría e as súas áreas específicas ou, cando se trate de títulos estranxeiros, da correspondente resolución do seu recoñecemento ou homologación.

3. A relación de servizos do persoal desta categoría co Servizo Galego de Saúde regularase polo disposto nesta disposición, pola Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, pola Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e pola normativa de desenvolvemento e complementaria aplicable ao persoal estatutario do organismo.

4. Corresponde ao persoal da categoría estatutaria de facultativo/a especialista de pediatría de área exercer as funcións inherentes ás competencias profesionais especificadas no programa de formación da especialidade, aprobado consonte a normativa reguladora das profesións sanitarias.

5. O persoal estatutario fixo que, no momento de entrada en vigor desta disposición, se atope desempeñando postos de traballo correspondentes as categorías de facultativo/a especialista de pediatría e as súas áreas específicas, ou de pediatra de atención primaria permanecerá no seu exercicio, sen ben ambas categorías consideraranse a extinguir.

Non entanto, este persoal, poderá optar pola integración na categoría de nova creación a través do procedemento que regulamentariamente se determine.

XUNTA DE GALICIA

O persoal estatutario temporal que se encontre desempeñando postos de traballo correspondentes ás categorías de facultativo/a especialista de pediatría e as súas áreas específicas, ou de pediatra de atención primaria, permanecerá no seu desempeño, se ben procederase á modificación da súa vinculación orixinaria e á expedición dun novo nomeamento estatutario, da mesma natureza temporal, da nova categoría.

6. Cando as especificidades ou técnicas propias de determinados postos en unidades de referencia así o xustifiquen, nos procedementos de provisión de postos correspondentes á nova categoría poderá requirirse experiencia e/ou formación nas áreas específicas de actividade propias da especialidade.

XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional segunda. *Sistema de carreira profesional para os funcionarios de xustiza*

A Xunta de Galicia estudará a implantación dun sistema de carreira profesional para os funcionarios de xustiza, dentro do respecto á normativa aplicable do Estado e a través da mesa sectorial de negociación específica. O dito sistema poderá ter en conta a implantación da nova oficina xudicial de Galicia no marco da modernización da administración de xustiza na nosa Comunidade Autónoma.

XUNTA DE GALICIA

## DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

XUNTA DE GALICIA

Disposición transitoria primeira. *Aplicación da nova duración do permiso por parto e do permiso por adopción ou acollemento ao persoal funcionario que estea gozando de tales permisos*

A nova duración do permiso por parto e do permiso por adopción ou acollemento será de aplicación tamén a aquel persoal funcionario que veña gozando de tales permisos no momento da entrada en vigor desta lei.

XUNTA DE GALICIA

Disposición transitoria segunda. *Prazo para resolver os concursos de dereitos mineiros*

O prazo de seis meses para a resolución dos concursos de dereitos mineiros previsto na nova redacción dada por esta lei ao número 4 do artigo 36 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia, será aplicable aos concursos que se atopen en tramitación no momento da entrada en vigor desta lei, sempre que o seu prazo de resolución non concluíse xa de acordo coa normativa que lles era de aplicación.

XUNTA DE GALICIA

# DISPOSICIÓNS DERROGATORIAS

XUNTA DE GALICIA

Disposición derrogatoria única. *Derrogación normativa*

1. Quedan derrogados:

a) Os números 31, 32 e 33 do artigo 4 e o artigo 56 da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia

b) Os artigos 8, 57, 73, os números 2 e 3 do artigo 92 e a letra i) do artigo 105 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia.

c) O artigo 18 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo.

d) O artigo 2 da Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia

e) O Decreto 155/2005, do 9 de xuño, sobre un réxime extraordinario de recoñecemento do desenvolvemento profesional do persoal estatutario das categorías de licenciados sanitarios do Servicio Galego de Saúde previo á implantación do réxime de desenvolvemento profesional a que se refire a Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias.

f) O Acordo do 4 de xullo de 2006, polo que se regula o acceso extraordinario á carreira profesional do persoal diplomado sanitario con vínculo estatutario fixo nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e as bases de negociación do réxime definitivo de carreira profesional

g) O Acordo do 21 de xuño de 2007, polo que se regula o acceso extraordinario á carreira profesional do persoal das categorías de xestión e servizos e sanitarias de formación profesional con vínculo estatutario fixo nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde

h) O artigo 8 do Decreto 91/2007, do 26 de abril, de integración no réxime estatutario do persoal laboral do sector sanitario público xestionado por entidades adscritas á Consellería de Sanidade.

j) O Decreto 118/2012, do 20 de abril, polo que se regula o Rexistro Galego de Comercio.

2. Quedan derrogadas, así mesmo, as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto na presente lei.

XUNTA DE GALICIA

## DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS

XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira primeira. *Modificacións regulamentarias*

As previsións do Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, do Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, e do Decreto 149/2013, de 5 de setembro, que son obxecto de modificación pola presente lei poderán ser modificadas por norma do rango regulamentario correspondente á norma na que figuran.

XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Habilítase ao Consello da Xunta para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento da presente lei.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:31
Nº Rexistro: 39844
Data envío: 07/11/2018 16:31:44.945



Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2019**, polos seguintes motivos:

Diversos e coherentes pronunciamentos do Consello Económico e Social do Estado inciden nunha doutrina que considera ás leis de acompañamento orzamentario como elementos que favorecen o risco de dispersión dunha normativa á que se lle substrae coherencia e dificulta a súa comprensión global, co risco eventual de provocar inseguridade xurídica nos intérpretes e aplicadores das normas.

O Goberno galego fai costume da excepción, e nestes últimos anos ten sumido a lexislación de sectores estratéxicos para o país a un galimatías xurídico enorme.

Neste proxecto de lei vóltanse a propoñer cambios transcendentes na Lei 272016 do solo de Galicia, menos de 3 anos despois da súa aprobación, na lei de ordenación da minería, unha vez máis despois de facelo tamén coa lei de depredación.

Modifícase a lei do sector eólico, a de montes, a de patrimonio, leis que foron reiteradamente modificadas nos últimos anos.

Por exemplo no urbanismo, no transporte, no sector forestal, no mineiro téñense feito cambios transcendentais nos últimos anos reiteradamente.

Hai un ano aprobábase no Parlamento de Galiza a Lei de Fomento de Iniciativas Empresarias, que escondía cambios profundos no sector mineiro, enerxético, forestal, de Patrimonio ou do alimentario.

O proxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas do 2018 modificou eses mesmos sectores e en 2019 séguese nesa liña.

Modifica as seguintes 27 normas legais e decretos :

- Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos.
- Lei 11/2008 do 3 de decembro, de pesca de Galicia.
- Lei 4/2017 de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía.
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 2/2008 de 10 de xullo de saúde de Galicia.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico.
- Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia.
- Lei 8/2009, do 22 de decembro, polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.
- Lei 10/2013, de 27 de novembro de inclusión social de Galicia.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.
- A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 4/2015 de Mellora de Estructura Agraria de Galicia.

- Lei 11/2008, de 3 de decembro, de Pesca de Galicia.
- Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común
- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras
- Lei 2/2016, do solo de Galicia.
- Lei 7/2012 de ,28 de xuño, de montes de Galiza
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.
- Lei 5/2017, de 19 de outubro, de fomento de iniciativas empresariais.
- Lei 6/2017, do 12 de decembro de Portos de Galicia.
- Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Lei 3/2008 de 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia.
- Lei 7/2011, do 27 de outubro, do Turismo de Galicia.
- Lei 3/2012, do 2 de abril do deporte de Galicia.

A continuación relatamos os aspectos que se introducen neste proxecto de lei que nos parecen máis destacables e nos que nos baseamos para concluír a necesidade da devolución de dito proxecto de lei:

- En canto ás medidas fiscais Galicia é na actualidade, unha das Comunidades Autónomas cun dos sistemas fiscais menos progresivos de todo o Estado. A Xunta de Galicia reivindica constantemente a baixada de impostos, pero esta beneficia principalmente ás rendas mais altas, un exemplo é a insultante rebaixa do tipo impositivo de patrimonio, que so afectará aos patrimonios superiores aos 700.000€, un auténtico insulto para as traballadoras deste país.

O impacto da rebaixa proposta para o imposto de Patrimonio ,aínda con lixeiras variacións nas porcentaxes, sendo algo superiores nos tramos altos da base, ao afectar a todos os tramos case por igual, o impacto cuantitativo é especialmente relevante para as bases mais elevadas. Ou sexa, non é so que se lle reduza aos ricos senón que se rebaixa máis aos máis ricos, sobre todo tendo en conta que a excepción que contén a norma regula que soamente tributaran os patrimonios superiores a 700.000€

.

Un exemplo de política fiscal regresiva cuxos efectos son a inxustiza fiscal e a perda de peso do público e das posibilidades de mellorar os servizos públicos pola perda de recadación fiscal.

En canto ás medidas administrativas:

Modificase unha vez mais a Lei 2/2016 do solo de Galiza, a cuarta modificación de facto nos últimos 2 anos, dispersión normativa que vai en contra da seguridade xurídica e da simplificación administrativa.

Dende a aprobación da Lei do solo de Galicia en febreiro de 2016 foron aparecendo de xeito disperso outras normas legais que incorporan modificacións da Lei do solo ou novas normas de natureza urbanística: a Lei 3/2016, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, a Lei 2/2017, de medidas fiscais e administrativas, a Lei 5/2017 de Fomento de iniciativas empresariais, e a lei de medidas fiscais e administrativas do ano 2018.

E unha vez máis o goberno galego impulsa dentro da lei de acompañamento unha modificación transcendente.
Neste caso o que se propón é da Lei 2/2016 do Solo de Galiza, mediante a Lei de Acompañamento , é a introdución dun artigo, o 117 bis, que na práctica supón a privatización da xestión urbanística e do proceso de expropiación.

Pola porta de atrás rescátase perversamente algo semellante á ao sistema de concesión de obra urbanizadora presente na LOUG 9/2002, e que se suprimiu na Lei 2/2016, e dicimos semellante porque esta redacción moito máis alá nas ansias privatizadoras no urbanismo.

Vóltanse a modificar cuestións transcendentes sobre o monte galego en cuestións que xa sufriron modificacións nos últimos dous anos, o que é o recoñecemento da constante improvisación lexislativa, de dar paus de cego e do fracaso nas políticas en relación co monte galego e nomeadamente da política relacionada cos montes veciñais en man común.

De especial relevancia o novo apartado 4 do artigo 59, e que permite ,por acordo do consello da Xunta, a tramitación do cambio de uso de terreo forestal queimado, por indefinidas e indeterminadas razóns de interese público "derivadas de necesidades de ordenación e xestión sostible do territorio", onde colle de todo.

Preocúpannos, nestas cuestións, que se supedite a razóns tan xenéricas que poidan permitir unha utilización arbitraria desta posibilidade.

Tamén se modifican os criterios de cambio de uso agrícola a forestal sin ter consensuado co sector agrario, cando menos tal cambio, cando se trata, o da perda de superficie agraria un dos grandes problemas da nosa actividade agraria.

Na corta de madeira persístese na sucesiva rebaixa das esixencias para a corta, coherentemente coa aposta por un modelo forestal non baseado na sustentabilidade.
E nas SOFOR incorpóranse unha vez máis medidas, neste caso de especial relevancia a posibilidade de que dentro do seu perímetro poidan incorporarse propietarios de parcelas non forestais.

A Xunta de Galicia non ten vontade de poñer en marcha políticas de dinamización do rural e de cooperación cos montes veciñais para reducir aqueles que non teñan unha boa xestión, e por elo propón prioritariamente medidas para que os montes en estado de abandono pasen a ser xestionados por entidades ou persoas alleas á comunidade a través do Banco de Terras cun camiño privatizador dificilmente reversible.

Dentro das modificacións reiteradas están  as que afectan á Lei 5/2016 de Patrimonio, que procuran sempre a relaxación das garantías escudándose no retraso que provocan os informes de patrimonio en diversos procedementos.

En vez de facer funcionar eficientemente a administración e poñer recursos humanos e tecnolóxicos para axilizar os trámites, o que se fai é rebaixar as garantías.

Así modifícase a Lei de Patrimonio Cultural do seguinte xeito:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:31
Nº Rexistro: 39844
Data envío: 07/11/2018 16:31:44.945



"3. As cortas forestais que se realicen no contorno de protección dos bens declarados de interese cultural e catalogados, cando non leven aparellado un cambio de uso, e que, conforme á lexislación forestal, estean suxeitas a autorización, para a tutela dos valores obxecto de protección por esta lei requirirán da emisión dun informe sectorial da consellería competente en materia de cultura que se integrará no procedemento de outorgamento da correspondente autorización forestal.”

Ou sexa, o sometemento da tutela do patrimonio cultural incluído os Bens de Interese Cultural, integrado na autorización forestal para as cortas.

Outra mostra da potenciación dun modelo económico de pouca creación de valor, de pouco emprego, e baseado en actividades moi agresivas ambientalmente, son as modificacións que neste proxecto de lei que se propoñen no sector da minería, para tratar de favorecer ás empresas mineiras pero sen tentar mudar o modelo.

Neste proxecto de lei a Xunta de Galicia propón que as empresas mineiras que incumpran as súas obrigacións de rehabilitar os espazos naturais danados pola súa actividade disporán dunha opción para rebaixar ata nun 80% a multa que se lle impoña si acometen eses traballos tras ser denunciados.

Un favor máis ao lobby mineiro, algunhas de cuxas empresas seguen a ter a pasividade e complicidade do goberno galego cando incumpren a lexislación e agreden o medio ambiente.

En canto a SOGAMA e despois da suba en 2014 dun 33,5% do canon do lixo , coa xustificación mentireira do cambio do marco retributivo da electricidade, cando en

realidade a xustificación era a ameaza da sentencia millonaria que finalmente se confirmou, pola reclasificación da planta termoeléctrica, o vencemento dos préstamos subordinados con Ga Natural-Fenosa e coa propia Xunta de Galicia e o vencemento do Project Finance.

Unha vez concluídas ditas obrigas asumidas polo peto da cidadanía, a rebaixa quédase lonxe de compensar o pagado pola suba, e non se precisan ben que teñen que cumprir os concellos para ter dita rebaixa xa que non será xeralizada.

Destacar que na memoria do orzamento de SOGAMA sí se contempla a rebaixa xeralizada a todos os concellos, contadición que debe de ser aclarada.

Engádese un número tres bis na disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, coa seguinte redacción:

"Tres bis. Igualmente cando as circunstancias económicas da sociedade o permitan por cumprir os obxectivos orzamentarios e as previsións do seu plan de viabilidade, a persoa titular da consellería competente en materia de medio ambiente, previo informe favorable da consellería competente en materia de facenda, poderá reducir o canon unitario de tratamento por tonelada anual nunha porcentaxe que non exceda o 10 por cento da cantidade que en concepto de canon estea vixente no ano inmediatamente anterior.

A redución do canon anterior aplicarase a aquelas entidades locais que certifiquen o compromiso coa redución de residuos mediante o mantemento ou a aprobación

de medidas que fomenten a recollida selectiva así como a aprobación do traslado da devandita redución ás persoas beneficiarias do servizo. Esta circunstancia acreditarase mediante unha certificación do órgano que corresponda da entidade local, que será emitido nos tres meses seguintes á publicación da aprobación da contía do canon reducido. No suposto de que no dito prazo a Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (Sogama), non tivera recibido o referido certificado, continuará aplicando o importe do canon existente no ano inmediatamente anterior actualizado segundo a variación do IPC correspondente ao mes de decembro desa anualidade.

A aprobación da contía do canon reducido así como a contía do canon que resulte aplicable ás entidades locais que non asuman os compromisos indicados no parágrafo anterior, publicarase no Diario Oficial de Galicia."

Só un ano despois xa se modifica a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, e no mesmo senso que os proxectos de especial interese introdúcese o concepto de empresa prioritaria coa engadega dun título IV na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, coa seguinte redacción:

"TITULO IV

Iniciativas empresariais prioritarias

Artigo 42. Requisitos para a declaración das Iniciativas Empresariais Prioritarias

1. Poderán declararse Iniciativas Empresariais Prioritarias (IEP) polo Consello da Xunta os proxectos empresariais que acheguen á Comunidade Autónoma de Galicia un valor engadido nas áreas de innovación, competitividade,

internacionalización, protección ambiental, igualdade no ámbito laboral ou conciliación.

2. Así mesmo, para seren declarados Iniciativas Empresariais Prioritarias os proxectos deberán cumprir con, polo menos, dous dos seguintes requisitos en materia de investimento e creación de emprego:

a) Que supoñan a xeración de vinte e cinco (25) ou máis postos de traballo directo baixo a modalidade de contrato indefinido a xornada completa.

b) Que impliquen a realización dun investimento en activos fixos, excluídos os inmobiliarios,

por importe igual ou superior a dous millóns de euros (2.000.000 €).

c) Que sexan proxectos tractores ou que complementen cadeas de valor ou que pertenzan a sectores considerados estratéxicos.

Con estes criterios as empresas poderán desfrutar duns prazos para os trámites administrativos reducidos á metade, supoñendo isto, unha vez máis, unha grave discriminación con outras actividades que non teñen esta consideración ou a consideración de proxectos estratéxicos como por exemplo explotacións gandeiras que ven perigar as subvencións correspondentes aos plans de mellora porque non se tramitan con dilixencia os seus trámites ambientais.

A solución nunca debe de ser a arbitrariedade, a discriminación ou a rebaixa das esixencias ou garantías senón artellar unha administración eficiente e áxil, con recursos suficientes para selo.

A política de recortes en sanidade da Xunta de Galicia provocou nos últimos meses multitude de protestas da sociedade, que tiveron especial incidencia na demanda de pediatras no verán.

Neste proxecto de lei , na Disposición Adicional primeira, propón a creación da figura do  profesional facultativo especialista de área, unha proposta non debatida nin consensuada cos profesionais e xa moi contestada por estes.

Non se pode facer unha proposta deste calibre para tentar tapar anos de carencia nesta materia sen un mínimo diálogo co sector.

En resumen, unha vez máis o goberno galego utiliza a lei de acompañamento para facer modificacións transcendentais en diversas áreas que xa veñen sufrindo cambios normativos sucesivos, dispersión normativa que xera inseguridade xurídica e que sobre todo mostra a constante improvisación, falta de proxecto de país e falta de transparencia nestas decisións.

Por outra banda incide nun modelo económico pouco baseado no coñecemento, na sustentabilidade e sí baseado en fomentar actividades depredadoras co territorio como denotan as medidas introducidas nesta lei sobre materias forestal ou mineira.
Polo contido da presente lei e polo abuso da dispersión lexislativa efectuado por este goberno e intensificado nos últimos anos, contrario á racionalidade, simplificación e seguridade xurídica, e por ser instrumento para esquivar o debate profundo sobre políticas de grande transcendencia no país, En Marea oponse a este proxecto de lei.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:31
Nº Rexistro: 39844
Data envío: 07/11/2018 16:31:44.945



**Por todo elo o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte emenda de devolución ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2018.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 13:51:48**

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (doc. núm. 39156), con expresa petición de devolución por non estar de acordo nin co fondo nin cás disposicións que recolle.

Como vén sendo habitual nos últimos anos do Goberno presidido polo Sr. Núñez Feijóo, este proxecto de lei constitúe unha extensa amalgama de preceptos inconexos e sen un criterio minimamente homoxéneo, que resulta contraria á necesaria transparencia, quebrando o principio de seguridade xurídica, ao proceder a modificar aspectos lexislativos moi relevantes a través dunha utilización espuria desta figura.

Utiliza unha técnica lexislativa impropia e desaxustada, especialmente tendo en conta o discurso de transparencia e calidade democrática do Goberno, que se pensaba xa superada, pero que o actual executivo autonómico rescatou para os orzamentos nos últimos anos, e que pese ás críticas unánimes da oposición e da doutrina, consolida de novo para o exercicio de 2019.

Este mecanismo imposibilita poder afondar en diversas cuestións, o estar supeditadas ao Proxecto de lei orzamentario e ser tramitada nos prazos do procedemento de aquel, co detrimento da calidade política e xurídica que tal circunstancia provoca.

Esta lei aproveita de maneira interesada o procedemento especial aplicable ao Proxecto de lei de orzamentos, pero sen verse afectada polas súas restricións, perfectamente expresadas na sentenza do Tribunal Constitucional STC76/1992, na que se vetaban certas materias nas leis de orzamentos, sen respectar o seu espírito sobre o cumprimento nas cuestións de transparencia, gobernanza e bo goberno.

A doutrina afirma que as leis de acompañamento serían no fondo un anaco da Lei de orzamentos (así incluso se nos presentou nestes orzamentos, nos que a Xunta a acompaña coma un libro máis destes) que se deixa fóra (pero xusto ao carón) coa finalidade de sortear ou evitar as limitacións materiais que teñen estas leis.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 17:13
Nº Rexistro: 39866
Data envío: 07/11/2018 17:13:58.351

Hai relevantes e numerosos autores que non deixan de considerar que este tipo de leis son unha fraude á doutrina do Tribunal Constitucional en materia de límites do contido das leis de orzamentos, como podería ser a restrición que impón o art. 134.7 da Constitución española, ao impedirlle crear tributos ou modificalos se non o habilita previamente unha lei tributaria.

En todo caso, con esta lei  impídese coñecer con rigor, profundidade e o detemento necesario, todas e cada unha das cuestións incluídas nela, obtendo como resultado o empeoramento da calidade política e xurídica do debate parlamentario e mesmo da calidade democrática, así como dos labores de impulso e control que se debe defender desde poder lexislativo fronte ao poder executivo.

Esta norma é pois contraria á transparencia, e mostra o retroceso democrático que está a ter o actual goberno da Xunta de Galicia, modificando un número considerable de leis, que afectan a importantes cuestións, como se comproba cá simple enumeración, tales como:

- Modificación no IRPF
- Modificación no Imposto sobre sucesións e doazóns
- Modificación do Imposto sobre o Patrimonio
- Modificación do Imposto transmisións e Actos Xurídicos Documentados
- Taxas, onde ademais do aumento xeral do 1,625 %, se modifican ou introducen novas imposicións específicas relacionados con diversas materias (portos, minería, etc...).
- Emprego público
- Réxime orzamentario
- Medio ambiente e residuos
- Territorio
- Augas
- Emprendemento económico e iniciativas empresariais prioritarias
- Canón de Sogama
- Urbanismo
- Estradas
- Pesca
- Urbanismo
- Portos
- Sanidade
- Montes veciñais

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 17:13
Nº Rexistro: 39866
Data envío: 07/11/2018 17:13:58.351

- Incendios forestais
- Mobilidade de terras
- Montes
- Medio rural agrario
- Benestar animal
- Política social
- Dependencia
- Inspección de servizos sociais
- Minería
- Aproveitamento eólico
- Rexistro Galego de Comercio
- Turismo
- Patrimonio cultural
- Deporte
- Organización do sector público autonómico
- Facultativo especialista de pediatría de área

Así, este proxecto de lei modifica ata trinta e cinco normas legais e un conxunto de 164 disposicións administrativas que nada teñan que ver ca materia orzamentaria. Así, xunto coas modificadas de medidas promovidas en leis similares anteriores, o Goberno galego está modificando "pola porta traseira" ata 560 disposicións administrativas sen o necesario debate que cada unha delas debera levar parello.

Contrasta este xeito de actuar do Goberno galego cos proxectos de lei aprobados, cando este é o primeiro proxecto lei (non orzamentario) que se aprobou no actual ano 2018, pese a situarnos xa no mes de novembro, e incumprindo a propia planificación lexislativa dada a coñecer.

A utilización desta forma de lexislar, acudindo ao procedemento lexislativo especial de aprobación orzamentaria, ademais do menoscabo no necesario debate parlamentario de cada unha das leis sectoriais que se modifican, evita a necesaria participación cidadá na súa tramitación, xa que, en contra do indicado na normativa vixente, este proxecto de lei non foi sometido ao preceptivo proceso de exposición pública, impedindo a posibilidade de realización de suxestións por parte da cidadanía.

O proio artigo 9 (Obrigas específicas de información de relevancia xurídica) da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, sinala que debe

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 17:13
Nº Rexistro: 39866
Data envío: 07/11/2018 17:13:58.351

facerse pública "*c) A relación circunstanciada e motivada dos procedementos de elaboración de anteproxectos de lei e de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en tramitación, a partir do momento en que se produza a aprobación do anteproxecto, con indicación do seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de o facer*". Cuestión que non aconteceu no caso que nos ocupa.

Igualmente o procedemento de elaboración de anteproxectos de lei, regúlase nos artigos 6, 8 e 16 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, sen que conste na información remitida, o necesario cumprimento dos requisitos establecidos. É máis: resulta poderosamente significativo que todos os informes que se acompañan ao proxecto de lei, teñen a data do 16 e do 17 de outubro, sen poder ser verosímil que o expediente completo se realizase en dous días, precisamente naqueles dous días anteriores á aprobación polo consello da Xunta de Galicia.

Xunto co anterior, debe terse en conta o disposto no artigo 37 a) da *Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico*, prevé que *"En todas as iniciativas normativas xustificarase a súa adecuación aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia"*, cuestión que tampouco se efectúa.

Constátase, polo tanto, unha total ausencia dos informes necesarios por parte mesmo das distintas consellarías, respecto da xustificación das modificacións propostas ou das cuestións que directamente lles compete.

Así como de calquera outro tipo de informe sectorial ou dos órganos de colaboración ou asesoramento creados, que sería desexable – e incluso legalmente en certos casos exixible - cando se modifican leis de transcendencia para Galicia. E mesmo os informes de impacto económico, que nun momento como o actual resultan especialmente relevantes.

Con respecto aos denominados novos beneficios fiscais, estes terán un impacto nimio, aínda que foron presentados con gran pompa e dimensión, nunha nova operación de marketing fiscal, xa que as supostas reducións fiscais constitúen unha mera operación de propaganda que carecen de efectos reais para a maior parte da cidadanía. Ademais, a pesares de que son anunciadas como rebaixas, á

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 17:13
Nº Rexistro: 39866
Data envío: 07/11/2018 17:13:58.351

hora da verdade a recadación por tributos do Goberno galego aumenta de xeito significativo

Suprímese ademais o incremento do tipo impositivo do imposto do Patrimonio de 2013 - realizado en base a unha emenda presentada polo grupo socialista -, co que retroceden na progresividade dun dos poucos impostos que aínda a conservaba tal condición e que beneficiará – segundo os últimos datos coñecidos - aos 7.146 patrimonios máis altos de Galicia.

A suposta rebaixa do canon de Sogama pode contrapoñerse a que en 2014 aplicouse de forma unilateral e sen aviso previo, un incremento do 34 %, inexplicable cando nos dous últimos exercicios (2016 e 2017) esta sociedade pública tivo uns beneficios declarados de 21 millóns de euros.

Todo isto esquecendo avanzar na implantación dun sistema tributario que recade de maneira máis eficiente e progresiva, co obxecto de que permita reforzar o Estado do Benestar e conseguir unha economía e unha sociedade máis igualitaria e xusta.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2018 11:27:20**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:22
Nº Rexistro: 39804
Data envío: 07/11/2018 13:22:11.451

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego(BNG)**, a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade**, **de devolución**, ao **Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas**, doc. núm. **39156**, (**10/PL-000011**), polos seguintes motivos:

O Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2019 volve introducir numerosas modificacións normativas convertendo outravolta este medio nun instrumento para incorporar innovacións e modificacións heteroxéneas e dispares no ordenamento xurídico, que pola urxencia coa que ha de ser tramitado fan imposible un debate sosegado e coa amplitude necesaria para favorecer as achegas dos grupos parlamentarios e dos sectores afectados supoñendo unha vulneración do espírito de participación democrática que debera caracterizar un goberno, e que na súa maior parte constitúen improvisacións que non prevén solucións concretas e axeitadas á realidade.

Co que ten a ver coas medidas fiscais, o proxecto de lei afonda na política impositiva de carácter regresivo que está a caracterizar aos gobernos presididos por Núñez Feijóo. Deste xeito, non atopamos medidas que avancen cara outra concepción da fiscalidade e xa que logo aposten polos principios de progresividade e equidade como eixos principais do sistema fiscal para atender á súa función redistributiva.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:22
Nº Rexistro: 39804
Data envío: 07/11/2018 13:22:11.451

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Destaca polo seu claro carácter regresivo a modificación do Imposto sobre Patrimonio contemplada no artigo 3, xa que se suprime o incremento acordado no 2013. Esta medida, segundo estimacións do propio goberno, terá un custo recadatorio de 11,8 millóns de euros.

As demais modificacións en material fiscal concrétanse en medidas de escaso impacto, onde a gran maioría de contribuíntes apenas notará o seu efecto. Porén non se contempla ningunha medida para, dentro das limitadas competencias galegas, configurar un sistema fiscal máis xusto. Entre estas medidas sería especialmente desexábel o incremento dos tipos para as rendas e patrimonios máis elevados ou o uso das capacidades normativas propias para a creación de novos tributos que afondasen nas funcións sociais e medioambientais dos mesmos.

Son modificacións que axudarían a configurar un sistema fiscal máis xusto e equitativo, proporcionando ademais maiores recursos que poderían reforzar os servizos públicos básicos e á ou incentivar a dinamización económica e co cambio de modelo produtivo. Porén, outro ano máis, o Goberno do Partido Popular, no canto de avanzar nesta dirección opta por encamiñarse en sentido contrario como claramente exemplifica a medida de baixar os tipos no imposto que grava o patrimonio persoal.

Finalmente, no aspecto fiscal salienta a nula vontade de avanzar cara unha maior capacidade fiscal e xestora. Despois de ter cedido ante a recentralización dun gravame como o dos carburantes nin sequera se planifica a previsión dalgunha mudanza que compense esa perda de capacidade política.

No tocante ás medidas administrativas, na maior parte constitúen modificacións puntuais sobre normas de recente aprobación, o que parece indicar a

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:22
Nº Rexistro: 39804
Data envío: 07/11/2018 13:22:11.451

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incapacidade lexislativa do goberno galego causando asemade unha gran inseguridade xurídica e que indica que a falta de consenso e de diálogo leva a continuas retoques nas súas leis.

Entre outras introdúcense novamente modificacións en diversas normas relativas ao medio rural o que demostra esa improvisación permanente na regulación normativa neste ámbito, algunha normas semellan improvisadas sen prever solucións concretas e axeitadas á realidade, constituíndo textos que son modificados ano tras ano e que indican unha falta de estratexia definida e clara para o medio rural.

Modifícanse normas de recente aprobación e que xa sufriron modificacións recentes de forma reiterada e abusiva, como é a Lei da Minaría ou a Lei do Solo, sistematicamente modificadas en cada debate orzamentario.

Desta volta, salienta a gravidade da proposta modificación da Lei do Solo, introducindo unha nova regulación de importante calado relativa á execución dos sistemas de expropiación a través dunha Lei de acompañamento orzamentaria sen xustificación para esta tramitación urxente “ad hoc”, que debería tramitarse como Lei ordinaria cos informes oportunos, así como coa participación das entidades locais con competencias. A nova regulación habilita que un sistema de execución de carácter público directo poida ser xestionado de forma indirecta por terceiros privados, o que supón desnaturalizar este sistema de execución directa a través de novas formas de xestión por concurso para asimilalo a un sistema de execución indirecto, cando debería ser a administración quen actuase directamente e non por medio de intermediarios.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:22
Nº Rexistro: 39804
Data envío: 07/11/2018 13:22:11.451

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desta forma, o que fai o goberno do Partido Popular é buscar legalizar un novo calote urbanístico, desta volta no concello de Mos co único obxectivo de conceder a empresas privadas a capacidade de expropiar terreos para construír un complexo deportivo unido a un gran centro comercial. Desta forma búscase de forma premeditada que capital estranxeiro especulativo poida facer unha operación en Vigo e área de influencia que disfrazan de utilidade pública, pero non se trata dun hospital, un instituto, depuradora ou parque empresarial senón dun macroproxecto de costas ás necesidades sociais e económicas da contorna e, por extensión, de todo o país.

Outra modificación dáse na Disposición Adicional Primeira a través da que se crea a figura de pediatra de área, que debido a falta de consenso cos profesionais e asociacións tivo unha forte contestación desde a propia publicación da norma criticando a forma e o fondo desta nova figura, que non só non soluciona a falta de profesionais senón que terá unha repercusión negativa na atención das e dos usuarios.

Así mesmo, tamén no ámbito da política social resulta escandalosa a inclusión de copagamentos novos para servizos aínda non constituídos. Isto reflicte que as medidas responden a unha axenda neoliberal que en ningún momento está disposta a apartarse da folla de ruta da privatización dos servizos básicos.

Polo demais introdúcense modificacións en todo tipo de normas que non supoñen máis que parches menores e que pouco achegan a fin de prever solucións axeitadas á realidade e aos problemas que presenta o noso país.

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todas estas razóns, a través desta emenda de totalidade, o **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) SOLICITA A DEVOLUCIÓN DO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2018 13:21:34**

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
13 NOV. 2018
Núm. 12227

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 19 de novembro de 2018, ás 10:00 hs., no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 13 de novembro de 2018, a orde do día da sesión é a seguinte:

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 (doc. núm. 39155, 10/PL-000010)**

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 374, do 19.10.2018*
*Publicación de emendas á totalidade, BOPG n.º 382, do 13.11.2018*

**Punto 2. Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (doc. núm. 39156, 10/PL-000011)**

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 374, do 19.10.2018*
*Publicación de emendas á totalidade, BOPG n.º 382, do 13.11.2018*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria a devandita reunión.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 13/11/2018 12:31:42**

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

# RELACIÓN DE MEMBROS DE
# **PLENO DO PARLAMENTO**
POR ORDE ALFABÉTICA

| | |
|---|---|
| Luis Manuel Álvarez Martínez | S |
| María Encarnación Amigo Díaz | P |
| María Ángeles Antón Vilasánchez | P |
| Raquel Arias Rodríguez | P |
| Xosé Luís Bará Torres | BNG |
| Moisés Blanco Paradelo | P |
| Noela Blanco Rodríguez | S |
| María de la Concepción Burgo López | S |
| Marcos Cal Ogando | EM |
| Diego Calvo Pouso | P |
| Francisco Casal Vidal | EM |
| Jaime Castiñeira Broz | P |
| Luca Chao Pérez | EM |
| Francisco José Conde López | P |
| María de los Ángeles Cuña Bóveda | EM |
| Juan Manuel Díaz Villoslada | S |
| Teresa Egerique Mosquera | P |
| Raúl Fernández Fernández | S |
| César Manuel Fernández Gil | P |
| Xoaquín María Fernández Leiceaga | S |
| Martín Fernández Prado | P |
| María Ángeles García Míguez | P |
| Carlos Gómez Salgado | P |
| José González Vázquez | P |
| José Manuel Lago Peñas | EM |
| Abel Fermín Losada Álvarez | S |
| Beatriz Mato Otero | P |
| Flora María Miranda Pena | EM |
| Jacobo Moreira Ferro | P |
| Antonio Mouriño Villar | P |
| María Guadalupe Murillo Solís | P |
| María Isabel Novo Fariña | P |
| Marta Nóvoa Iglesias | P |
| Aurelio Alfonso Núñez Centeno | P |
| Alberto Núñez Feijóo | P |
| Patricia Otero Rodríguez | S |
| Rosa Oubiña Solla | P |
| José Alberto Pazos Couñago | P |
| José Manuel Pérez Seco | S |
| María Luisa Pierres López | S |
| Ana Belén Pontón Mondelo | BNG |
| María Montserrat Prado Cores | BNG |
| Paula Prado del Río | P |
| Jesús Miguel Prado Patiño | P |
| Noa Presas Bergantiños | BNG |

| | |
|---|---|
| Pedro Puy Fraga | P |
| Rosa María Quintana Carballo | P |
| Paula Quinteiro Araújo | EM |
| José Manuel Rey Varela | P |
| José Luis Rivas Cruz | BNG |
| Olalla Rodil Fernández | BNG |
| Marta Rodríguez Arias | P |
| María Julia Rodríguez Barreira | P |
| David Rodríguez Estévez | EM |
| Moisés Rodríguez Pérez | P |
| Matilde Begoña Rodríguez Rumbo | S |
| Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez | P |
| Cristina Isabel Romero Fernández | P |
| Alfonso Rueda Valenzuela | P |
| María Soraya Salorio Porral | P |
| Antón Sánchez García | EM |
| Miguel Ángel Santalices Vieira | P |
| Carmen Santos Queiruga | EM |
| Eva Solla Fernández | EM |
| Miguel Ángel Tellado Filgueira | P |
| María Dolores Toja Suárez | S |
| Julio Torrado Quintela | S |
| Julia Torregrosa Sañudo | EM |
| Gonzalo Trenor López | P |
| Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna | P |
| Sandra Vázquez Domínguez | P |
| Paula Vázquez Verao | EM |
| Daniel Vega Pérez | P |
| Patricia Vilán Lorenzo | S |
| Luis Villares Naveira | EM |

# Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia
# X Lexislatura
(actualizada 9 de outubro de 2018)

## Para votación por chamamento

| APELIDOS E NOME | GP | SI | NON | ABST |
|---|---|---|---|---|
| 1. Álvarez Martínez, Luís Manuel | S | | | |
| 2. Amigo Díaz, María Encarnación | P | | | |
| 3. Antón Vilasánchez, María Ángeles | P | | | |
| 4. Bará Torres, Xosé Luís | BNG | | | |
| 5. Blanco Paradelo, Moisés | P | | | |
| 6. Blanco Rodríguez, Noela | S | | | |
| 7. Cal Ogando, Marcos | EM | | | |
| 8. Casal Vidal, Francisco | EM | | | |
| 9. Castiñeira Broz, Jaime | P | | | |
| 10. Chao Pérez, Luca | EM | | | |
| 11. Cuña Bóveda, María de los Ángeles | EM | | | |
| 12. Díaz Villoslada, Juan Manuel | S | | | |
| 13. Egerique Mosquera, Teresa | P | | | |
| 14. Fernández Fernández, Raúl | S | | | |
| 15. Fernández Gil, César Manuel | P | | | |
| 16. Fernández Leiceaga, Xoaquín María | S | | | |
| 17. Fernández Prado, Martín | P | | | |
| 18. García Míguez, María Angeles | P | | | |
| 19. Gómez Salgado, Carlos | P | | | |
| 20. Lago Peñas, José Manuel | EM | | | |
| 21. Losada Álvarez, Abel Fermín | S | | | |
| 22. Mato Otero, Beatriz | P | | | |
| 23. Miranda Pena, Flora María | EM | | | |
| 24. Moreira Ferro, Jacobo | P | | | |
| 25. Mouriño Villar, Antonio | P | | | |
| 26. Murillo Solís, Maria Guadalupe | P | | | |
| 27. Novo Fariña, María Isabel | P | | | |
| 28. Nóvoa Iglesias, Marta | P | | | |
| 29. Nuñez Centeno, Aurelio Alfonso | P | | | |
| 30. Otero Rodríguez, Patricia | S | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 31. Oubiña Solla, Rosa | P | | | |
| 32. Pazos Couñago, José Alberto | P | | | |
| 33. Pérez Seco, José Manuel | S | | | |
| 34. Pierres López, María Luisa | S | | | |
| 35. Pontón Mondelo, Ana Belén | BNG | | | |
| 36. Prado Cores, María Montserrat | BNG | | | |
| 37. Prado del Río, Paula | P | | | |
| 38. Prado Patiño, Jesús Miguel | P | | | |
| 39. Presas Bergantiños, Noa Olalla | BNG | | | |
| 40. Puy Fraga, Pedro | P | | | |
| 41. Quinteiro Araújo, Paula | EM | | | |
| 42. Rey Varela, José Manuel | P | | | |
| 43. Rivas Cruz, José Luis | BNG | | | |
| 44. Rodil Fernández, Olalla | BNG | | | |
| 45. Rodríguez Arias, Marta | P | | | |
| 46. Rodríguez Barreira, María Julia | P | | | |
| 47. Rodríguez Estévez, David | EM | | | |
| 48. Rodríguez Pérez, Moisés | P | | | |
| 49. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña | S | | | |
| 50. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta | P | | | |
| 51. Romero Fernández, Cristina Isabel | P | | | |
| 52. Salorio Porral, María Soraya | P | | | |
| 53. Sánchez García, Antón | EM | | | |
| 54. Santos Queiruga, Carmen | EM | | | |
| 55. Tellado Filgueira, Miguel Ángel | P | | | |
| 56. Toja Suárez, María Dolores | S | | | |
| 57. Torrado Quintela, Julio | S | | | |
| 58. Torregrosa Sañudo, Julia | EM | | | |
| 59. Trenor López, Gonzalo | P | | | |
| 60. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel | P | | | |
| 61. Vázquez Domínguez, Sandra | P | | | |
| 62. Vázquez Verao, Paula | EM | | | |
| 63. Vega Pérez, Daniel | P | | | |
| 64. Vilán Lorenzo, Patricia | S | | | |
| 65. Villares Naveira, Luís | EM | | | |

| DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 66. Quintana Carballo, Rosa María | P | | | |
| 67. Conde López, Francisco José | P | | | |
| 68. González Vázquez, José | P | | | |
| 69. Rueda Valenzuela, Alfonso | P | | | |
| 70. Núñez Feijoo, Alberto | P | | | |
| **DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO** | | | | |
| 71. Burgo López, María de la Concepción | S | | | |
| 72. Arias Rodríguez, Raquel | P | | | |
| 73. Solla Fernández, Eva | EM | | | |
| 74. Calvo Pouso, Diego | P | | | |
| 75. Santalices Vieira, Miguel Ángel | P | | | |

## Reunión do Pleno do Parlamento

## Día: 19.11.2018 Hora: 10.00

## Orde do día

1. Debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 (doc. núm. 39155, 10/PL-000010)
*Publicación da iniciativa, BOPG núm. 374, fascículo 1, do 19.10.2018*
*Publicación de emendas á totalidade, BOPG núm. 382, do 13.11.2018*

# SUMARIO

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa
### 1.1.2. Propostas de normas
### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei
### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

**Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019**

**39155 (10/PL-000010)**
Presidencia da Xunta de Galicia
Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019
125951

# 1. Procedementos parlamentarios

## 1.1. Procedementos de natureza normativa
### 1.1.2. Propostas de normas
### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei
### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

**Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019**

- 39155 (10/PL-000010)
Presidencia da Xunta de Galicia
Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019

O Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, xunto coa súa documentación anexa, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia o día 18 de outubro de 2018, tivo entrada no Rexistro do Parlamento de Galicia o día 19 de outubro de 2018 (núm. de Rexistro 39155).

A Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces, na reunión do día 19 de outubro de 2018, acordou, ao abeiro do disposto no artigo 111.2 do Regulamento, a tramitación do proxecto de lei, a súa asignación á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, e a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

Sublíñase que, ao abeiro do artigo 68.2 do Regulamento, se declaran hábiles para os efectos parlamentarios os luns e sábados e que a tramitación do Proxecto de lei de orzamentos se someterá, logo do cumprimento dos requisitos regulamentarios, ao seguinte calendario:

1. Publicación: 19 de outubro de 2018.

2. Solicitudes de comparecencias: ata as 11.45 horas do día 22 de outubro de 2018.

3. Celebración de comparecencias ante a Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos: os días 25, 26, 29, 30 e 31 de outubro, 2 e 5 de novembro de 2018.

4. Presentación de emendas:

a) Á totalidade: ata o día 7 de novembro de 2018, ás 18.30 horas.
b) Ao articulado e aos estados de gastos: ata o día 16 de novembro de 2018, ás 18.30 horas.

5. Debate de totalidade ante o Pleno: o día 19 de novembro de 2018.

6. Informe da Ponencia: os días 27 e 28 de novembro de 2018.

7. Ditame da Comisión: os días 7, 10 e 11 de decembro de 2018.

8. Debate do ditame no Pleno: o 18 de decembro de 2018.

Así mesmo, tendo en conta o disposto nos artigos 129 a 131 do Regulamento, deben terse en conta para a presentación de emendas as seguintes regras:

I. Incluiranse no debate de totalidade (artigo 130.1):

1. As emendas que postulen a súa devolución global ou de calquera sección ou centro xestor de gastos.

2. As que afecten contías globais dos orzamentos ou transfiran créditos entre as seccións.
II. Respecto da tramitación das emendas parciais terase en conta que:

1. Para os efectos do artigo 129.3 do Regulamento, o concepto de sección equivalerá aos grandes centros xestores do gasto do presente orzamento. Polo tanto, as emendas parciais deberanse referir a partidas ou conceptos que se atopen na mesma sección.

2. As emendas parciais, como requisito para a súa admisión a trámite, ademais de sinalar o programa no que recaian, terán que consignar o número económico da sección e do servizo ao que o orzamento lles atribúa a súa xestión.

3. De conformidade co artigo 129.3 do Regulamento, cada emenda debe comprender o crédito que se aumenta e a baixa de igual contía na mesma sección.

Advírtese tamén que a publicación comprende exclusivamente o texto articulado cos anexos complementarios correspondentes. O resto da documentación está á disposición dos deputados e das deputadas nos grupos parlamentarios respectivos.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2018
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
19 OUT. 2018
Núm. 39155

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
19 OUT. 2018
SAÍDA
Num. 352

Para a súa tramitación sumaria e preferente -prevista para as leis de orzamentos no Regulamento da Cámara- polo Parlamento de Galicia, remítolle o **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019**, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 18 de outubro de 2018.

Asemade, achégase certificación expedida polo secretario do Consello da Xunta, co visto e prace do Sr. presidente da Xunta de Galicia, e documentación complementaria.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 19/10/2018 09:04:01
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA

VALERIANO MARTÍNEZ GARCÍA, CONSELLEIRO DE FACENDA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día dezaoito de outubro de dous mil dezaoito, adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

"Aprobar, de conformidade co establecido no artigo 4.2 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, o *Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019,* e a súa remisión ao Parlamento de Galicia para a súa tramitación sumaria e preferente, prevista para as leis de orzamentos no Regulamento da Cámara".

E para que conste asino a presente, co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a dezaoito de outubro de dous mil dezaoito.

Vº. e Prace
O PRESIDENTE

XUNTA DE GALICIA

# PROXECTO DE LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2019

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

# EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

## I

Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 son o principal instrumento do Goberno galego para o desenvolvemento da súa política económica. Están elaborados nun contexto económico e financeiro que vén marcado por unha revisión no crecemento da maioría das economías occidentais. As previsións máis recentes dos principais organismos internacionais, Fondo Monetario Internacional (FMI), Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) e Comisión Europea, sinalan que a expansión económica mundial continúa, cun crecemento sostido nos próximos anos, aínda que os riscos á baixa intensificáronse nos últimos meses.

Estas proxeccións informan que a expansión económica na zona euro continuará no período 2018-2019, pero moderará o seu crecemento. Os factores que favorecen este incremento: política monetaria acomodaticia, baixos tipos de interese, favorables condicións de financiamento e menores necesidades de desapalancamento continuarán contribuíndo ao dinamismo na demanda interna; con todo, as exportacións da zona euro veranse afectadas pola evolución do comercio mundial, condicionado polo efecto das políticas proteccionistas.

As previsións para 2019 da Comisión Europea mostran un menor crecemento que no ano 2018 nas principais economías da área euro. Segundo estas previsións, a economía española, aínda que moderará o seu crecemento en 2019, seguirá sendo a economía que máis creza. No principal país da UE que queda fóra da zona euro, o Reino Unido, as perspectivas para os dous próximos anos indican que continuará a desaceleración no crecemento que, sen dúbida, está acentuada pola súa saída da Unión Europea.

A economía española continúa coa fase expansiva iniciada no ano 2014. Con todo, os datos máis recentes sinalan unha moderación no crecemento do PIB. Nos dous primeiros trimestres de 2018, o PIB rexistrou un incremento inferior ao do último trimestre do ano anterior. O crecemento previsto para o ano 2019 será inferior ao do 2018 segundo os principais

CONSELLEIRO DE FACENDA XUNTA DE GALICIA

organismos que elaboran previsións, tendencia que se confirma na achega da demanda nacional, con menor crecemento do consumo privado, o gasto en consumo final das administracións públicas e a formación bruta de capital.

Como aspectos favorables para o 2019, o conxunto dos organismos que elaboran as previsións destacan a achega positiva do sector exterior, fundamentada nun maior crecemento das exportacións respecto ao 2018, e o bo comportamento da creación de emprego a tempo equivalente que, para a maioría deles, determinará unha redución significativa da taxa de paro.

Os datos máis recentes de crecemento económico para Galicia mostran unha prolongación da fase expansiva da economía galega. Nos últimos anos, Galicia mantivo un crecemento sostido, con taxas interanuais en torno ao 3%, á vez que equilibrado, debido a que está asentado sobre achegas positivas tanto da demanda interna como da externa desde mediados do ano 2014.

O escenario macroeconómico que contempla estes orzamentos, conta, conforme ao sinalado na normativa en vigor, co aval da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal (AIReF. A AIReF avala como prudentes as previsións macroeconómicas para 2019 de Galicia, ao situarse na parte central dos intervalos de previsión.

Para o ano 2019, estas previsións, desde a óptica da demanda interna, fundaméntanse nun sólido crecemento do consumo público e privado. Pola súa banda, a achega da demanda externa será positiva, tanto as exportacións como as importación manterán un forte dinamismo. Por último, a taxa de paro situarase no 12,7% en 2019, manténdose por baixo da previsión para España segundo os principais organismos públicos.

É evidente que nos tres últimos anos Galicia experimentou un notable cambio no modelo de crecemento, de modo que rompeu a tendencia resultante da crise financeira de 2008. A produción de bens e servizos creceu a bo ritmo dando cabida a unha aceleración da senda de converxencia en renda por habitante coa Unión Europea. En consecuencia, consolidouse unha base menos dependente dos sectores particularmente sensibles ao cambio do ciclo. Isto permite afrontar o futuro inmediato nunha posición lixeiramente máis favorable que o noso contorno e manter un diferencial razoable na senda de crecemento.

CONSELLEIRO DE FACENDA XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

No marco deste comportamento, hai que destacar que o orzamento da Comunidade Autónoma de Galicia contará en 2019 con 1.400 millóns de euros máis que o do ano 2015, o que permitirá consolidar a recuperación económica, desenvolver novas políticas de impulso, fortalecer a reactivación do emprego e alcanzar o obxectivo prioritario da acción de goberno: que a recuperación completa chegue a todos os fogares galegos.

O control da débeda pública é unha das bases do modelo de crecemento san nas que se asenta a acción de goberno e é o froito da progresiva redución do déficit que vén realizando nestes últimos anos, de maneira que o ratio de endebedamento está totalmente estabilizada en Galicia desde o ano 2014. Os últimos datos publicados polo Banco de España mostran que a nosa comunidade sitúase como a quinta con menor endebedamento de España e que é a terceira con menor débeda por habitante no segundo trimestre de 2018.

No Consello de Política Fiscal e Financeira do pasado 19 de xullo, o Ministerio de Facenda propuxo modificar a senda prevista no plan orzamentario actualizado en 2018 e aprobado pola Comisión Europea, adoptando unha proposta procíclica, que apostaba por aumentar cinco décimas o obxectivo de estabilidade das cales tres corresponderían ás comunidades autónomas. Esta proposta non foi validada polas Cortes Españolas. Como consecuencia deste rexeitamento, presentáronse de novo os mesmos obxectivos de estabilidade nun novo pleno do CPFF o pasado 22 de agosto, e ,neste momento, aínda está pendente de aprobación polas Cortes.

En ambas as sesións plenarias do CPFF, a representación do Goberno de Galicia mostrou a súa oposición para ampliar o recurso ao endebedamento por encima do xa previsto (0,1% do PIB), por considerar que vai en contra das recomendacións da Comisión e do Consello europeos, que pon en risco a sustentabilidade das finanzas públicas nun contexto de crecemento económico e, tamén, por estimar que o idóneo financiamento dos servizos públicos básicos competencia das comunidades autónomas demanda máis recursos non financeiros ante as limitacións do actual sistema de financiamento autonómico, pero non máis endebedamento. Tendo en conta

CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

do anterior, e ante o bloqueo da situación, o Goberno galego vai empregar a senda de estabilidade actualmente vixente, é dicir -0.1% para 2019 e con este obxectivo elaboráronse os orzamentos da Comunidade Autónoma para este ano.

En relación co resto dos recursos financeiros dispoñibles, resulta evidente a extraordinaria importancia que teñen os provenientes do sistema de financiamento. Sen prexuízo da urxente necesidade de abordar, con transparencia, consenso multilateral e máximo rigor, a revisión dun sistema caracterizado polo feito de que, a maior unanimidade que concierta, é a crítica á súa incapacidade para alcanzar os principios de suficiencia e equidade que deben conformalo, hai varias cuestións que é necesario matizar en relación con estes recursos:

- O marco orzamentario enfróntase cun elemento de complexidade, debido a que ao carecer de proxecto de orzamentos xerais do Estado para o ano 2019, as comunidades autónomas non dispoñen dos datos que van conformar definitivamente os seus estados de ingresos para o citado exercicio. Con todo, os datos económicos que figuran na información provisional comunicada polo Ministerio de Facenda a finais do mes de xullo son os que se consideraron para a realización das estimacións correspondentes aos recursos que forman parte do sistema de financiamento nos estados de ingresos do 2019 e, por tanto, nin son exclusivos da comunidade autónoma nin se elaboraron á marxe do Estado, senón que, neste momento, son consistentes e están referenciados ás estimacións que actualmente manexa o Goberno do Estado.
- A comunicación dos ingresos do sistema de financiamento incorpora a integración no tramo estatal, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2019, do antigo tramo autonómico do imposto sobre hidrocarburos , que a diferenza doutras comunidades xa estaba establecido en Galicia. Desta maneira, aínda que en principio puidese parecer un aumento dos recursos do sistema de financiamento, para Galicia só trátase dun simple cambio de adscrición do mesmo ingreso.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

- No momento de realizar a comunicación provisional dos recursos integrados no sistema, o Ministerio de Facenda sinalaba para Galicia un aumento total dos mesmos do 2,4%. Pero se deducimos os ingresos que xa constituían o céntimo sanitario autonómico e que agora pasan ao rendemento de hidrocarburos do sistema de financiamento, o aumento é tan só do 1,48%. Finalmente, se consideramos que a liquidación efectivamente satisfeita no 2018 foi inferior á inicialmente comunicada a esta comunidade e orzada por ela en 87,5 millóns de euros, a diferenza entre os recursos do sistema comunicados para 2019 e os orzados no 2018 apenas chega ao 0,8%.

- A consolidación da mellora das variables macroeconómicas non se reflicte nun aumento dos recursos que achega á comunidade galega o sistema de financiamento autonómico. Aínda que os ingresos a conta homoxeneizados evolucionan ao 4,7%, ritmo lixeiramente superior ao PIB nominal previsto e que supoñen 331,5 millóns de euros adicionais, a liquidación para incluír no 2019 (correspondente aos rendementos do sistema de financiamento no 2017), experimenta unha diminución de 222,1 millóns de euros sobre a ingresada no 2018. Esta diminución obedece a que non se realizou a neutralización dos efectos que se producen no sistema polos cambios normativos adoptados pola AGE en relación coa xestión do IVE, en cuxa virtude se orixinou un desprazamento dos ingresos por este imposto, de maneira que en 2017 só contabilizáronse 11 meses de recadación. Este impacto na recadación do IVE tamén se traslada con signo negativo ás transferencias derivadas do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais, do Fondo de Suficiencia Global, do Fondo de Cooperación que recibe esta comunidade, debido a que devanditos recursos evolucionan ao ITE 2007/2017 e neste índice tampouco se neutralizan os efectos que derivan do desprazamento na recadación do IVE que corresponde ao Estado como consecuencia dos mencionados cambios normativos.

- Desde o Goberno galego trasladouse ao Ministerio de Facenda a solicitude de compensar os efectos derivados dos cambios sinalados na xestión do IVE e, en o pasado mes de agosto, o ministerio

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

comprometeuse a compensar o efecto da medida cuantificada pola Xunta en 198 millóns de euros. Este compromiso recolleuse singularmente no orzamento, mediante unha previsión específica no capitulo 4 de ingresos, como transferencia non finalista da AGE.

- Finalmente, en relación co principal e máis visible dos recursos integrados no sistema, se aposta polo avance no desenvolvemento dunha política fiscal que favoreza aquelas actividades que inciden no desenvolvemento económico dos habitantes de Galicia, así como as que atenden á preservar a efectividade de actuacións de apoio inmediato. Neste sentido, os orzamentos de 2019 recollen respecto ao IRPF, varias modificacións das deducións na cota íntegra autonómica co obxectivo de fomentar o investimento, a creación de emprego e impulsar os investimentos en I+D+i na dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación. Tamén se amplía o tipo de dedución aplicable ás cantidades investidas, o seu límite así como os requisitos da mesma, e amplíase o ámbito subxectivo da dedución por doazóns con finalidade en investigación e desenvolvemento científica e innovación tecnolóxica para introducir as doazóns a Pemes innovadoras e a iniciativas de emprego de base tecnolóxica. Por outra banda, recóllense dúas novas deducións para facer efectivas as medidas aprobadas polo Decreto 55/2018, do 31 de maio, de medidas urxentes para a reparación de danos causados pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018.

Respecto dos recursos propios non financeiros da comunidade autónoma: tributos cedidos tradicionais, propios, prezos e ingresos patrimoniais, manteñen o seu peso no 2019. A súa evolución estable depende en gran medida da evolución dos tributos cedidos, na que cumpre sinalar que continúa a recuperación do mercado da vivenda, especialmente no ámbito da vivenda usada, que, despois de estabilizarse a finais de 2014, inicia unha fase de crecemento moderado pero continuo. Este aumento da demanda de vivenda, facilitado por unha mellora das condicións crediticias e da renda dispoñible das familias, modificou en sentido positivo a senda de evolución

O CONSELLEIRO DE FACENDA XUNTA DE GALICIA

do prezo dos inmobles, o que está a incidir na cuantificación das valoracións dos activos inmobiliarios, alargando as bases impoñibles tanto do ITP-AXD como do Imposto de Sucesións e Doazóns..

A evolución descrita nestes tributos cedidos, permite dar cabida a todas as bonificacións fiscais previstas para o 2019. Particularmente, polo que se refire ao imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas e actos xurídicos documentados, co obxectivo de seguir favorecendo o dereito constitucional de acceso á vivenda, redúcese o tipo impositivo aplicable na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas para determinados colectivos, como son as persoas con discapacidade, as familias numerosas ou os menores de trinta e seis anos. No que atinxe ao imposto de sucesións duplicase a redución por parentesco no caso de que resulten herdeiros os irmáns pasando de 8.000 a 16.000 euros coa finalidade de aliviar a súa carga tributaria na liña iniciada no ano 2016 cos descendentes directos.

Estes orzamentos pretenden manter a alta calidade do noso sistema sanitario e impulsar as reformas que sexan necesarias nas súas infraestruturas e equipamentos para continuar non só garantíndoa senón mellorándoa. A política educativa continuará asentándose sobre a consecución da calidade, a liberdade, a igualdade de oportunidades e o diálogo. Finalmente, as políticas sociais cos máis desfavorecidos e a atención ás persoas dependentes constitúen un compromiso irrenunciable e representan un importante esforzo neste orzamento.

Estes orzamentos enmárcanse no ámbito do plan estratéxico de Galicia 2015-2020 e oriéntanse, por tanto, á consecución dun modelo de crecemento económico baseado na innovación e no capital humano, que favoreza unha Galicia moderna e cohesionada social e territorialmente, que permita diminuír o desemprego, aumentar a produtividade e o benestar dos galegos colaborando a retomar a senda do crecemento demográfico.

Hai que reiterar que Galicia anticipouse ao resto de autonomías no establecemento dun marco de disciplina fiscal que permitise alcanzar o obxectivo de estabilidade, e en 2011 aprobou a Lei 2/2011, do 16 de xuño,

CONSELLEIRO DE FACENDA XUNTA DE GALICIA

de disciplina e sustentabilidade orzamentaria, en virtude da cal se consolidou legalmente a fixación "a priori" do límite de gasto non financeiro como medida de garantía do cumprimento do obxectivo de estabilidade e da regra de gasto dentro do proceso de elaboración orzamentaria.

Ao amparo do apartado un do artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, unha vez determinado o obxectivo de estabilidade orzamentaria da comunidade autónoma, o Consello da Xunta de Galicia acordou o límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2019 en 9.850 millóns de euros. O gasto non financeiro recolleito nos orzamentos da comunidade autónoma para 2019 axústase ao citado teito de gasto e supera o importe dos orzamentos do exercicio anterior en 363 millóns de euros.

II

Na parte dispositiva, a lei estrutúrase en seis títulos, dezanove disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias e tres disposicións derradeiras.

A parte esencial da Lei de orzamentos recóllese no título I, relativo á aprobación dos orzamentos e ao réxime das modificacións de crédito, por canto no seu capítulo I, baixo a rúbrica «Aprobación dos créditos e do seu financiamento», se aproban os ingresos e gastos que compoñen os orzamentos da Comunidade Autónoma, integrados polos da Administración xeral, os dos organismos autónomos, os correspondentes ás entidades públicas instrumentais de asesoramento e consulta que para efectos orzamentarios teñen a consideración de organismos autónomos, os das axencias públicas autonómicas, os das entidades públicas empresariais, os dos consorcios autonómicos, os das sociedades mercantís e os das fundacións.

Neste capítulo I defínese o ámbito dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a tipoloxía de entidades públicas instrumentais do sector público autonómico previstas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

CONSELLEIRO DE FACENDA XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Dentro deste capítulo detállanse os beneficios fiscais que afectan ós tributos cedidos total ou parcialmente polo Estado e sinálase así mesmo o importe das subvencións reguladoras consideradas na normativa de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Finalmente, dentro dos artigos especificamente destinados aos orzamentos das entidades instrumentais autorízanse as dotacións iniciais das subvencións de explotación e de capital ás entidades públicas empresariais e ás sociedades mercantís.

O capítulo II deste título, «Das modificacións orzamentarias», regula os principios e as competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias, as regras de vinculación que afectan os créditos orzamentarios, a determinación dos que teñen natureza de créditos ampliables e as limitacións aplicables ás transferencias de créditos.

O título II, relativo aos «Gastos de persoal», estrutúrase en catro capítulos.

O capítulo I, dedicado aos gastos do persoal ao servizo do sector público, consolida no ano 2019 o incremento das retribucións do persoal ao servizo do sector público, en aplicación do establecido na Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.

Así mesmo recolle que para o ano 2019 só se poderá proceder, no sector público á incorporación de novo persoal con suxeición aos límites e requisitos establecidos na normativa básica estatal, respectando, en todo caso, as dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos. No resto do capítulo regúlase a contratación de persoal laboral temporal, de funcionario interino e de persoal vinculado ás encomendas de xestión.

O capítulo II, baixo a rúbrica «Dos réximes retributivos», establece que para o ano 2019 as retribucións dos altos cargos e outro persoal directivo, das persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior e dos consellos de administración non experimentarán incremento respecto das vixentes no ano 2018. Igualmente no que atinxe ao persoal funcionario, ao persoal laboral, ao persoal ao servizo das institucións sanitarias e ao persoal dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza manteranse nas contías vixentes a 31 de decembro de 2018.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

Todo esto sen prexuízo do establecido na disposición adicional décimo cuarta, que establece que as retribucións do persoal do sector público previstas para o ano 2019 serán obxecto de adecuación o previsto no II Acordo Goberno sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo, de 9 de marzo (BOE 26.03.2018), no momento en que se habilite pola normativa da Administración Xeral do Estado.

Polo tanto, en previsión da aplicación do disposto na Disposición adicional décimo cuarta dotase un fondo retributivo que permita asumir o incremento previsto no sinalado Acordo.

O capítulo III, dedicado a outras disposicións en materia de réxime de persoal activo, recolle que para o ano 2019 as relacións de postos de traballo deberán modificarse para axustar ás previsións orzamentarias que se deduzan do anexo de persoal sen que se poida prover aqueles postos para os cales non estea prevista dotación. E no anexo de persoal non poderán existir códigos de liñas orzamentarias que non amparen créditos para dotacións de postos de traballo, substitucións de persoal temporal ou para conceptos retributivos. O resto do capítulo regula os requisitos para a determinación ou modificación de retribucións do persoal laboral e non funcionario, o persoal directivo das entidades instrumentais do sector público da comunidade autónoma, o nomeamento do profesorado interino a tempo parcial en centros docentes non universitarios, os profesores de corpos docentes e o persoal eventual e de gabinete.

O capítulo IV, dedicado ás universidades, recolle o límite máximo dos custos de persoal das tres universidades galegas, as retribucións adicionais do persoal ao seu servizo e a obriga de comunicación mensual da provisión de persoal laboral temporal para cubrir necesidades docentes urxentes e inaprazables.

Así mesmo, establecese que as universidades poderán aplicar a taxa de reposición establecida na normativa básica estatal, respectando as dispoñibilidades orzamentarias dotadas no capítulo I.

O título III, «Operacións de endebedamento e garantía», estrutúrase en dous capítulos relativos a operacións de crédito e afianzamento por aval.

No primeiro destes capítulos establécese para o ano 2019 a posición neta debedora da Comunidade Autónoma, a cal se incrementará nunha contía

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

máxima equivalente ao 0,1 por cento do PIB rexional, co que se acomoda aos límites establecidos polo Consello de Política Fiscal e Financeira para este exercicio. Tamén se regulan neste capítulo as operacións de débeda de tesouraría, a formalización doutras operacións financeiras e o endebedamento das entidades instrumentais do sector público. Respecto ao endebedamento das entidades instrumentais do sector público contémplase a posibilidade para os préstamos directos que se poidan formalizar entre as entidades financeiras e os adxudicatarios que, estando en réxime de aluguer, decidan adquirir as vivendas que foron cedidas en uso ao Instituto Galego da Vivenda e o Solo e para as execucións de hipotecas de vivendas de promoción pública da adxudicación ou cesión de remate delas a prol do IGVS. No capítulo II, relativo ao «Afianzamento por aval», en canto ao apoio financeiro aos proxectos empresariais, mantense para o 2019 a contía máxima dos avais que pode conceder o Instituto Galego de Promoción Económica, cun importe de 500 millóns de euros.

No título IV, «Xestión orzamentaria», mantéñense os preceptos relativos á intervención limitada, a fiscalización das operacións de endebedamento da comunidade autónoma, a fiscalización dos nomeamentos ou de contratos de substitución do persoal, a identificación dos proxectos de investimento, a autorización do Consello da Xunta para a tramitación de determinados expedientes de gasto, a regulación das transferencias de financiamento, as subvencións nominativas, a concesión directa de axudas e subvencións, a acreditación do cumprimento de obrigas tributarias, o pagamento mensual de axudas e subvencións que se conceden a persoas físicas para financiar estudos de investigación, o informe preceptivo e vinculante da Consellería de Facenda, o cal, sen prexuízo da análise de risco que realice o xestor, determina os efectos sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria nos préstamos concedidos con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, e os expedientes de dotación artística e o módulo económico de distribución de fondos públicos para sostemento de centros concertados. No que se establece a posibilidade da aceptación pola Administración autonómica de pagamentos a conta para as retribucións do persoal docente do colectivos de empresa do ensino privado, dende o 1 de xaneiro ata o momento no que asinen as táboas salariais para o 2019.

O título V, dedicado ás corporacións locais, estrutúrase en dous capítulos. O primeiro, dedicado ao financiamento e á cooperación con estas

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

entidades, detalla as transferencias que lles corresponden como consecuencia de convenios e subvencións, así como a participación dos concellos nos tributos da comunidade autónoma a través do Fondo de Cooperación Local.

En relación con este fondo, a lei fixa unha porcentaxe homoxeneizada de participación, desagregándose esta en fondo base, para recoller a mesma contía que se establece no ano 2011, e o fondo adicional, para recoller o incremento debido á maior recadación dos capítulos I, II e III de Administración Xeral dende aquel ano ata o 2019. Establécese o sistema de distribución entre a Federación Galega de Municipios e Provincias, en adiante FEGAMP, e os concellos para o fondo base, de maneira que estes recibirán segundo o coeficiente de repartición que lles correspondeu no ano 2011. O fondo adicional repartirase no ano 2019 conforme ao acordo da Subcomisión Permanente do Réxime Económico e Financeiro da Comisión Galega de Cooperación Local. Entre os criterios aprobados para o reparto destaca o financiamento dos gastos de mantemento dos centros e saúde de titularidade municipal en cumprimento do pacto local. Ademais no 2019 dótase un fondo complementario con destino exclusivo e finalista aos concellos fusionados.

O capítulo II deste título regula o procedemento de compensación e retención de débedas dos municipios contra os créditos que lles corresponden pola súa participación no Fondo de Cooperación Local de maneira similar ao ano 2018.

No título VI, relativo ás normas tributarias, inclúese un único precepto para establecer os criterios de afectación do imposto sobre o dano ambiental e o canon eólico.

O contido da lei de orzamentos complétase coas disposicións adicionais, transitorias e derradeiras referidas, nas que se recollen preceptos de índole moi variada.

Entre as disposicións adicionais regúlase a información ao Parlamento, as porcentaxes de gastos xerais de estrutura que hai que aplicar nos contratos de obra, a obriga de adecuar os estados financeiros das entidades instrumentais ás transferencias, a autorización de orzamentos en entidades instrumentais de nova creación, o orzamento inicial e os requisitos de

CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

creación para as axencias que se poidan constituír neste exercicio, a venda de solo empresarial polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, as prestacións extraordinarias para beneficiarios de pensións e subsidios non contributivos, relativo aos gastos de persoal, a autorización para a modificación dos cadros de persoal do Servizo Galego de Saúde, o persoal contratado ao abeiro do Plan nacional de formación e inserción profesional, as medidas en relación co V Convenio colectivo único para o persoal laboral, as normas de especial aplicación en materia de recursos educativos complementarios de ensino público e no suposto de que se recollese nunha disposición un incremento nos módulos estatais para a distribución dos fondos públicos para o sostemento dos centros concertados, na nosa comunidade aplicarase o mesmo incremento.

En canto á disposición relativa ás prestacións familiares por coidados de fillos menores, establece como requisitos para a súa obtención o cumprimento das condicións que dite a Consellería de Política Social. Introdúcese unha nova disposición adicional que regula o dereito a percibir unha axuda económica de 1.200 euros, a razón de 100 euros mensuais, a través da tarxeta benvida para todas as familias que teñan un fillo ou filla ou adopten un neno ou nena menor dun ano no 2019. Adicionalmente para aquelas familias con renda igual ou inferior a 22.000 € a axuda ampliarase no segundo ano de vida e ata que o neno ou nena cumpra tres anos, ou ata que se cumpran tres anos do ditado da correspondente resolución para os supostos de adopción ou garda con fins adoptivos. A contía da axudas para as familias con estas rendas será de 600 €/ano, a razón de 50€/mes, se o fillo/a que dá dereito á axuda é o primeiro, de 1.200 €/ano, a razón de 100€/mes, se o fillo/a que dá dereito á axuda é o segundo e de 2.400 €/ano, a razón de 200€/mes, se o fillo/a que dá dereito á axuda é o terceiro ou sucesivos.

Para o suposto de que mudasen as condicións retributivas do persoal ao servizo do sector público na normativa estatal básica inclúese unha disposición adicional para a adecuación do réxime e condicións retributivas do persoal ao servizo do sector público autonómico ao establecido nesa normativa. Ademais determinase a consideración das retribucións adicionais ao complemento de destino previstas no punto 4 da disposición transitoria oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia. Tamén se establecen as normas para a remisión de información

CONSELLEIRO DE FACENDA XUNTA DE GALICIA

económico–financeiro e o control desta coa finalidade de recoller as obrigas en relación co inventario das entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia e, doutra banda, para adaptar as normas sobre a competencia da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia á normativa vixente, en relación coas axencias e consorcios adscritos á comunidade autónoma que deben auditar as súas contas anuais, a xestión extraorzamentaria dos expedientes nos que o Fondo Galego de Garantía Agraria exerza unha función de intermediación do Fondo Europeo de Garantía Agrícola.

As disposicións transitorias regulan a adecuación das entidades públicas instrumentais e a dotación gradual do Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria que xa se prevían na Lei de orzamentos do 2018.

As tres últimas disposicións derradeiras regulan o desenvolvemento, a vixencia e a entrada en vigor da lei.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

TÍTULO I

**Aprobación dos orzamentos e réxime das modificacións de crédito**

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

# CAPÍTULO I

## Aprobación dos créditos iniciais e do seu financiamento

Artigo 1. *Aprobación e ámbito dos orzamentos xerais*

O Parlamento de Galicia aproba os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019, nos que se integran:

a) Os orzamentos da Administración xeral, nos cales se incorporan os órganos estatutarios e consultivos.

b) Os orzamentos dos organismos autónomos.

c) Os orzamentos das entidades públicas instrumentais de asesoramento ou consulta, que consonte a disposición adicional sexta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, terán a consideración de organismos autónomos para os efectos orzamentarios.

d) Os orzamentos das axencias públicas autonómicas.

e) Os orzamentos de explotación e capital das entidades públicas empresariais a que fai referencia o artigo 89 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

f) Os orzamentos de explotación e capital dos consorcios autonómicos a que fai referencia o artigo 95 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

g) Os orzamentos de explotación e capital das sociedades mercantís públicas autonómicas a que fai referencia o artigo 102 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

h) Os orzamentos de explotación e capital das fundacións do sector público autonómico a que fai referencia o artigo 113 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

i) En todo caso, os orzamentos das demais entidades que estean clasificadas como administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coas normas do Sistema europeo de contas, agás as universidades públicas.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Artigo 2. *Orzamentos da Administración xeral, dos organismos autónomos e das axencias públicas autonómicas*

Un. Nos estados de gastos consolidados dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das súas axencias públicas autonómicas consígnanse créditos por un importe de 11.544.351.293 euros, distribuídos da forma seguinte:

| | Cap. I-VII Gastos non financeiros | Cap. VIII Activos financeiros | Cap. IX Pasivos financeiros | Total |
|---|---|---|---|---|
| Administración Xeral | 4.996.800.915 | 100.051.799 | 1.513.046.557 | 6.609.899.271 |
| Organismos autónomos | 4.040.490.605 | 13.667.505 | | 4.054.158.110 |
| Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento | 2.081.073 | | | 2.081.073 |
| Axencias públicas autonómicas | 810.436.647 | 50.291.058 | 17.485.134 | 878.212.839 |
| Total | 9.849.809.240 | 164.010.362 | 1.530.531.691 | 11.544.351.293 |

As transferencias internas entre os orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos organismos autónomos e das axencias públicas representan 4.703.378.999 euros, distribuídos segundo o seguinte detalle:

| ORIXE | DESTINO | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Organismos autónomos | Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento | Axencias públicas autonómicas | Total |
| Administración Xeral | 3.858.046.171 | 2.080.923 | 821.148.930 | 4.681.276.024 |
| Organismos autónomos | | | 22.102.975 | 22.102.975 |
| Total | 3.858.046.171 | 2.080.923 | 843.251.905 | 4.703.378.999 |

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Dous. A desagregación dos créditos consonte a finalidade á que van destinados establécese desta maneira:

| Funcións | Importe |
|---|---|
| 11 Alta dirección da Comunidade Autónoma | 38.201.049 |
| 12 Administración xeral | 67.340.004 |
| 13 Xustiza | 158.696.789 |
| 14 Administración local | 15.141.134 |
| 15 Normalización lingüística | 8.078.959 |
| 16 Procesos electorais e órganos de representación política e institucións democráticas | 2.000.000 |
| 21 Protección civil e seguridade | 29.615.230 |
| 31 Acción social e promoción social | 774.429.631 |
| 32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo | 262.695.577 |
| 33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento | 5.610.711 |
| 41 Sanidade | 3.985.498.181 |
| 42 Educación | 2.360.159.120 |
| 43 Cultura | 72.139.665 |
| 44 Deportes | 24.259.027 |
| 45 Vivenda | 77.825.636 |
| 46 Outros servizos comunitarios e sociais | 108.626.982 |
| 51 Infraestruturas | 357.801.921 |
| 52 Ordenación do territorio | 15.779.913 |
| 53 Promoción de solo para actividades económicas | 17.877.559 |
| 54 Actuacións ambientais | 118.948.177 |
| 55 Actuacións e valorización do medio rural | 144.375.567 |
| 56 Investigación, desenvolvemento e innovación | 180.050.186 |
| 57 Sociedade da información e do coñecemento | 93.379.557 |
| 58 Información estatística básica | 4.494.550 |
| 61 Actuacións económicas xerais | 32.480.315 |
| 62 Actividades financeiras | 59.703.689 |
| 71 Dinamización económica do medio rural | 323.865.092 |
| 72 Pesca | 102.835.574 |
| 73 Industria, enerxía e minaría | 52.869.507 |
| 74 Desenvolvemento empresarial | 159.946.337 |
| 75 Comercio | 15.835.297 |
| 76 Turismo | 64.184.397 |
| 81 Transferencias a entidades locais | 133.690.215 |
| 91 Débeda pública | 1.675.915.745 |
| Total | 11.544.351.293 |

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Tres. A distribución orgánica e económica do orzamento consolidado é como segue:

| Capítulos | I | II | III | IV | V | VI | VII | VIII | IX | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Parlamento | 9.980.274 | 6.335.269 | | 2.607.461 | | 771.529 | 1.215 | 108.856 | | 19.804.604 |
| Consello de Contas | 5.695.813 | 1.090.555 | | 23.705 | | 442.809 | | 36.061 | | 7.288.943 |
| Consello da Cultura Galega | 1.643.383 | 893.350 | | 43.000 | | 99.500 | | | | 2.679.233 |
| Presidencia da Xunta de Galicia | 9.711.492 | 8.639.711 | | 47.296.776 | | 6.976.481 | 85.096.467 | 99.866.882 | 526.104 | 258.115.913 |
| Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza | 134.233.315 | 36.639.070 | 16.324 | 65.717.570 | | 39.418.512 | 18.255.858 | 40.000 | | 294.320.649 |
| Consellería de Facenda | 19.764.318 | 717.342 | 3.000 | 24.392.129 | | 2.190.552 | 9.613.508 | | | 56.680.849 |
| Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda | 29.132.218 | 6.030.867 | | 24.789.986 | | 25.169.028 | 75.241.238 | | | 160.362.537 |
| Consellería de Infraestruturas e Mobilidade | 9.454.487 | 20.539.000 | | 21.136.464 | | 30.335.522 | 293.035.839 | | | 374.501.312 |
| Consellería de Economía, Emprego e Industria | 55.505.034 | 17.473.045 | | 229.529.525 | | 9.489.515 | 235.373.772 | | | 547.370.891 |
| Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional | 1.404.298.861 | 203.985.184 | 47.190 | 646.355.812 | | 55.513.941 | 79.955.085 | | 1.604.708 | 2.391.760.781 |
| Consellería de Cultura e Turismo | 25.337.975 | 4.775.343 | | 34.919.333 | | 16.395.967 | 59.584.678 | | | 141.013.296 |
| Consellería de Sanidade | 46.837.377 | 1.934.600 | | 3.573.451.114 | | 22.737.868 | 137.374.266 | | | 3.782.335.225 |
| Consellería de Política Social | 130.248.167 | 202.092.605 | | 378.598.138 | | 10.194.329 | 10.411.729 | | | 731.544.968 |
| Consellería do Medio Rural | 132.923.184 | 6.712.924 | 1.015 | 27.131.887 | | 83.252.403 | 264.844.073 | | | 514.865.486 |
| Consellería do Mar | 31.267.600 | 2.912.268 | | 3.843.669 | | 40.263.494 | 83.084.632 | | | 161.371.663 |
| Consello Consultivo de Galicia | 1.720.594 | 294.927 | | | | 101.000 | | | | 2.116.521 |
| Transferencias a corporacións locais | | | | 128.744.353 | | | | | | 128.744.353 |
| Débeda pública da Comunidade Autónoma | | | 165.000.000 | | | | | | 1.510.915.745 | 1.675.915.745 |
| Gastos de diversas consellerías | 3.306.748 | 19.657.545 | 31.500 | 5.358.862 | 7.125.450 | 5.012.201 | | | | 40.382.306 |
| Administración Xeral | 2.051.150.920 | 540.723.546 | 165.099.029 | 5.213.739.784 | 7.125.450 | 348.364.651 | 1.351.873.560 | 100.051.798 | 1.513.046.557 | 11.291.175.295 |

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

| Capítulos | I | II | III | IV | V | VI | VII | VIII | IX | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Escola Galega de Administración Pública | 1.098.327 | 1.623.760 | | 490.650 | | 134.569 | | | | 3.347.306 |
| Academia Galega de Seguridade Pública | 740.959 | 2.138.376 | | | | 28.038 | | | | 2.907.373 |
| Instituto Galego de Estatística | 2.904.761 | 337.358 | | | | 1.030.000 | | | | 4.272.119 |
| Instituto de Estudos do Territorio | 2.100.331 | 81.934 | | 37.975 | | 506.180 | 402.868 | | | 3.129.288 |
| Instituto Galego de Vivenda e Solo | 8.874.497 | 4.448.450 | | 10.631.400 | | 31.608.380 | 27.122.963 | 13.017.505 | | 95.703.195 |
| Instituto Galego do Consumo e da Competencia | 4.860.835 | 726.191 | | 185.000 | | 629.700 | 24.000 | | | 6.425.726 |
| Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral | 5.316.431 | 671.635 | | | | 433.259 | | | | 6.421.325 |
| Servizo Galego de Saúde | 1.695.795.755 | 1.205.383.302 | | 834.219.981 | 31.917.175 | 138.049.094 | 2.695.000 | 650.000 | | 3.908.710.307 |
| Fondo Galego de Garantía Agraria | 4.387.220 | 515.378 | 3.000 | | | 1.798.150 | 38.650.698 | | | 45.354.446 |
| Organismos autónomos | 1.726.079.116 | 1.215.926.384 | 3.000 | 845.565.006 | 31.917.175 | 174.217.370 | 68.895.529 | 13.667.505 | | 4.076.261.085 |
| Consello Económico e Social de Galicia | 640.983 | 131.072 | | 150.227 | | 30.000 | | | | 952.282 |
| Consello Galego de Relacións Laborais | 666.672 | 395.250 | | 48.200 | | 18.669 | | | | 1.128.791 |
| Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento | 1.307.655 | 526.322 | | 198.427 | | 48.669 | | | | 2.081.073 |
| Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia | 12.281.489 | 13.745.000 | | 782.775 | | 65.521.592 | 9.297.698 | | 9.827.219 | 111.455.773 |
| Axencia Galega de Emerxencias | 405.188 | 152.633 | | 63.380 | | 7.987.967 | | | | 8.609.168 |
| Axencia Tributaria de Galicia | 12.511.239 | 2.165.872 | | | | 137.000 | | | | 14.814.111 |
| Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable | 5.308.085 | 1.040.082 | | | | 8.404.008 | | | | 14.752.175 |
| Axencia Galega de Infraestruturas | 12.393.313 | 807.807 | 100.000 | 903.376 | | 231.097.467 | 28.413.400 | | | 273.715.363 |
| Axencia Galega de Innovación | 4.356.098 | 478.692 | 125.551 | 5.140.992 | | 20.759.264 | 59.463.214 | 1.700.000 | 4.487.576 | 96.511.387 |
| Axencia Galega da Industria Forestal | 1.037.164 | 372.856 | | 700.000 | | 1.245.012 | 11.000.000 | | | 14.355.032 |
| Instituto Galego de Promoción Económica | 5.993.283 | 2.050.301 | 88.800 | 2.768.271 | | 11.089.399 | 47.884.122 | 48.591.058 | 3.160.000 | 121.625.234 |
| Instituto Enerxético de Galicia | 1.527.656 | 371.590 | | 64.385 | | 1.258.000 | 19.585.194 | | | 22.816.825 |
| Axencia Galega das Industrias Culturais | 2.496.278 | 650.000 | | 1.143.644 | | 1.930.719 | 5.500.000 | | | 11.720.641 |
| Axencia de Turismo de Galicia | 11.300.946 | 5.979.794 | | 5.463.758 | | 27.414.070 | 14.025.819 | | | 64.184.387 |
| Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde | 1.632.521 | 662.113 | | 11.526 | | 1.204.359 | | | | 3.510.519 |
| Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos | 10.112.221 | 14.061.903 | | | | 682.000 | | | | 24.856.124 |
| Axencia Galega de Servizos Sociais | 10.984.192 | 1.997.000 | | | | 450.000 | | | | 13.431.192 |
| Axencia Galega de Desenvolvemento Rural | 3.363.723 | 814.591 | | | | 2.647.500 | 42.240.723 | | | 49.066.537 |
| Axencia Galega da Calidade Alimentaria | 12.821.729 | 2.318.579 | 447 | 962.786 | | 6.361.134 | 6.916.688 | | 10.339 | 29.391.692 |
| Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia | 2.141.183 | 584.248 | | | | 671.238 | | | | 3.396.669 |
| Axencias públicas autonómicas | 110.746.308 | 40.253.061 | 314.798 | 18.004.883 | | 380.780.729 | 244.336.868 | 50.291.058 | 17.485.134 | 878.212.839 |
| Total orzamento bruto | 3.889.283.999 | 1.805.429.312 | 165.416.827 | 6.077.498.100 | 39.042.625 | 911.411.419 | 1.665.106.957 | 164.010.362 | 1.530.531.691 | 16.247.730.292 |
| Total transferencias internas | | 22.102.975 | | 3.757.078.780 | | | 924.197.244 | | | 4.703.378.999 |
| Total orzamento consolidado | 3.889.283.999 | 1.783.326.337 | 165.416.827 | 2.320.419.320 | 39.042.625 | 911.411.419 | 740.909.713 | 164.010.362 | 1.530.531.691 | 11.544.351.293 |

CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

Catro. Nos estados de ingresos dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, nos dos seus organismos autónomos e nos das axencias públicas autonómicas recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevén liquidar durante o exercicio, por un importe consolidado de 11.544.351.293 euros, distribuídos da seguinte forma:

| | Cap. I-VII Ingresos non financeiros | Cap. VIII Activos financeiros | Cap. IX Pasivos financeiros | Total |
|---|---|---|---|---|
| Administración xeral e órganos estatutarios | 9.512.718.346 | 10.062.355 | 1.768.394.594 | 11.291.175.295 |
| Organismos autónomos | 217.559.914 | 655.000 | | 218.214.914 |
| Entid.Públ.Instrumental | 150 | | | 150 |
| Axencias públicas autonómicas | 24.705.978 | 10.254.956 | | 34.960.934 |
| Total | 9.754.984.388 | 20.972.311 | 1.768.394.594 | 11.544.351.293 |

Cinco. Os beneficios fiscais que afectan os tributos cedidos total ou parcialmente polo Estado á Comunidade Autónoma estímanse en 1.978.064.474 euros, consonte o seguinte detalle:

– Imposto sobre sucesións e doazóns: 149.524.000 euros.

– Imposto sobre a renda das persoas físicas (tarifa autonómica): 26.211.000 euros.

– Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados: 158.273.006 euros.

– Imposto sobre o patrimonio: 124.561.000 euros.

– Imposto sobre o valor engadido: 1.251.415.731 euros.

– Imposto sobre hidrocarburos: 73.997.396 euros.

– Imposto sobre o alcohol e as bebidas derivadas: 2.933.936 euros.

En cumprimento do establecido no artigo 55.2 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, o importe das subvencións reguladoras fíxase en 191.148.405 euros.

O CONSELLEIRO DE FACENDA

XUNTA DE GALICIA

Artigo 3. *Orzamento das entidades instrumentais do sector público autonómico con orzamento estimativo*

Un. Entidades públicas empresariais.

Apróbanse os orzamentos de explotación e capital das entidades públicas empresariais a que se refire a alínea e) do artigo 1 desta lei, que inclúen a estimación de gastos e a previsión de ingresos referidas aos seus estados financeiros, polos importes e coa distribución que se relacionan no anexo I.

Dous. Consorcios autonómicos.

Apróbanse os orzamentos de explotación e capital dos consorcios a que se refire a alínea f) do artigo 1 desta lei, que inclúen a estimación de gastos e a previsión de ingresos referidas aos seus estados financeiros, polos importes e coa distribución que se relacionan no anexo I.

Tres. Sociedades mercantís públicas autonómicas.

Apróbanse os orzamentos de explotación e capital das sociedades mercantís públicas autonómicas a que se refire a alínea g) do artigo 1 desta lei, que inclúen a estimación de gastos e a previsión de ingresos referidas aos seus estados financeiros, polos importes e coa distribución que se relacionan no anexo I.

Catro. Fundacións do sector público autonómico.

Apróbanse os orzamentos de explotación e capital das fundacións do sector público autonómico a que se refire a alínea h) do artigo 1 desta lei, que inclúen a estimación de gastos e a previsión de ingresos referidas aos seus estados financeiros, polos importes e coa distribución que se relacionan no anexo I.

Cinco. Aprobación de subvencións de explotación e capital das entidades públicas empresariais e das sociedades mercantís públicas autonómicas.

Autorízanse as dotacións de subvencións de explotación e capital das entidades públicas empresariais a que se refire a alínea e) do artigo 1 desta lei e das sociedades mercantís públicas autonómicas a que se refire a alínea g) do artigo 1 desta lei, polos importes e coa distribución que se relacionan no anexo II. No caso de que se teñan que superar tales contías máximas, a consellaría competente en materia de facenda dará conta ao Parlamento de Galicia das razóns que xustifican tal aumento.

CONSELLEIRO DE FACENDA XUNTA DE GALICIA

## CAPÍTULO II

### Das modificacións orzamentarias

Artigo 4. *Réxime xeral das modificacións orzamentarias*

Un. As modificacións de créditos orzamentarios serán autorizadas consonte os requisitos establecidos no Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, coas excepcións derivadas da aplicación do indicado neste capítulo.

Dous. As propostas de modificación deberán indicar, co maior nivel de desagregación orgánica, funcional e económica, as aplicacións orzamentarias afectadas, e recollerán adecuadamente os motivos que as xustifican, tanto os relativos á realización do novo gasto proposto como, se é o caso, á suspensión da actuación inicialmente prevista.

Á comunicación a que se refire a disposición adicional segunda do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, uniráselle unha explicación sobre os motivos que a xustifican en relación co novo gasto proposto e a súa repercusión, se é o caso, sobre os obxectivos do programa afectado con respecto aos inicialmente previstos.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Artigo 5. *Competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias*

Sen prexuízo das facultades que se lle asignan no Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, atribúenselle á persoa titular da Consellería de Facenda competencias específicas para levar a cabo as seguintes modificacións orzamentarias:

a) Para incorporar os créditos de exercicios anteriores que correspondan a actuacións financiadas ou cofinanciadas pola Unión Europea, de acordo co previsto nos regulamentos do período de programación 2014-2020 que resulten aplicables, así como para as reasignacións destes créditos a que se refire o punto Dous do artigo 9.

b) Para incorporar o crédito que non acadase a fase de recoñecemento da obriga en cada exercicio do fondo de reserva constituído consonte o establecido no artigo 4 da Lei 12/1995, do 29 de decembro, pola que se aproba o imposto sobre a contaminación atmosférica.

c) Para incorporar o crédito que non acadase a fase de recoñecemento da obriga dos créditos xerados, con destino ao financiamento de gastos derivados da realización de probas de selección de persoal, como consecuencia dos maiores ingresos recadados sobre os inicialmente previstos no artigo 30, «Taxas administrativas».

d) Para incorporar o crédito de exercicios anteriores, que non acadase a fase de recoñecemento da obriga, no capítulo VIII dos orzamentos de gastos da Administración xeral ou, se é o caso, nos dos organismos autónomos e axencias, no suposto previsto no artigo 43 da Lei 11/1996, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997, sobre tratamento dos créditos para provisións de riscos non executados.

e) Para xerar crédito polo importe que corresponda pola maior recadación das taxas e dos prezos públicos e privados respecto das previsións que inicialmente se establecen para as distintas seccións orzamentarias no anexo III desta lei, sempre que quede garantido o necesario equilibrio económico-financeiro, de acordo co previsto no artigo 9.

f) Para xerar crédito polo importe que corresponda polos maiores ingresos pola prestación do servizo de recadación executiva a outros entes, do subconcepto 399.04, do orzamento de ingresos.

g) Para xerar crédito, na sección orzamentaria correspondente, pola contía igual ao importe das compensacións económicas a favor da Comunidade Autónoma derivadas de pólizas subscritas con compañías de seguros.

CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

h) Para xerar crédito na sección 14 Consellería do Medio Rural, polo importe que corresponda ao produto da venda do patrimonio das extintas cámaras agrarias locais e provinciais, con destino aos fins previstos na disposición adicional sétima da Lei 11/1995, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1996, e na disposición adicional cuarta da Lei 1/2006, do 5 de xuño, do Consello Agrario Galego. Para tal fin, por pedimento da consellaría interesada, a Consellería de Facenda tramitará o oportuno expediente de desafectación, de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e nos artigos 24 e seguintes do seu regulamento de execución.

i) Para xerar créditos como consecuencia dos maiores ingresos recadados sobre os inicialmente previstos en cada unha das seguintes aplicacións do orzamento de ingresos do Servizo Galego de Saúde:

– 30, «Taxas administrativas»;

– 37, «Ingresos por ensaios clínicos»;

– 36, «Prestacións de servizos sanitarios», e 39, «Outros ingresos», computados conxuntamente;

– 353, «De sociedades públicas e outros entes públicos da Comunidade Autónoma»;

– 354, «De fundacións públicas autonómicas».

j) Para xerar crédito no programa 621B, «Imprevistos e funcións non clasificadas», por un importe igual á diferenza que poida existir entre as entregas a conta que, con carácter definitivo, se establecerán para o exercicio 2019, a liquidación de exercicios anteriores correspondente aos distintos recursos do sistema de financiamento das comunidades autónomas do réxime común, as transferencias do Estado provenientes do Fondo de Compensación Interterritorial e as cantidades consignadas no estado de ingresos por estes conceptos.

k) Para xerar crédito nos capítulos VIII e IX de gastos cos ingresos do capítulo IX procedentes das operacións a que se refiren o parágrafo terceiro do punto Un e o punto Dous do artigo 37 desta lei.

l) Para xerar crédito nas entidades públicas instrumentais polos ingresos que se produzan nelas cando resulten beneficiarias das ordes de convocatorias de axudas realizadas por calquera administración que non estivesen orzadas inicialmente.

m) Para xerar crédito financiado con fondos europeos do marco 2014-2020, unha vez aprobados os correspondentes programas operativos.

CONSELLEIRO DE FACENDA XUNTA DE GALICIA

n) Para xerar crédito no programa 312D, «Atención á dependencia», a partir do momento en que se publique a norma xurídica que estableza unha suba das contías do nivel mínimo de protección garantido pola Administración xeral do Estado para cada persoa beneficiaria do Sistema para a autonomía e atención á dependencia.

A esta xeración de crédito non lle resultarán aplicables as limitacións establecidas no artigo 69.2 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

ñ) Para introducir nos estados de gastos as modificacións precisas para adecuar os créditos afectados por transferencias finalistas de calquera procedencia, incluíndo entre esas medidas a declaración de indispoñibilidade do crédito e a súa baixa en contabilidade.

No suposto de que as obrigas recoñecidas ata ese momento superen o importe real da transferencia, o seu financiamento realizarase mediante as oportunas minoracións noutros créditos, preferentemente de operacións correntes, da sección de que se trate.

o) Para introducir as variacións que sexan necesarias nos programas de gasto das entidades públicas instrumentais co fin de reflectir as repercusións que neles teñan as modificacións dos créditos que figuran no estado de transferencias entre subsectores dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

p) Para realizar as adaptacións técnicas e as transferencias de crédito que procedan como consecuencia de reorganizacións administrativas, da posta en marcha de organismos autónomos e axencias públicas autonómicas ou do traspaso de competencias nas cales estean implicadas outras administracións, sen que en ningún caso, polo que se refire aos dous primeiros supostos, poida orixinarse incremento de gasto.

q) Autorizar transferencias de crédito entre programas incluídos en distinto grupo de función, correspondentes a servizos dunha mesma consellaría, cando teñan por obxecto cofinanciar incorporacións de remanentes de crédito de exercicios anteriores correspondentes a financiamento condicionado.

r) Autorizar transferencias de crédito entre programas incluídos en distinto grupo de función, correspondentes a servizos dunha mesma ou de distinta consellaría, cando teñan por obxecto redistribuír remanentes de crédito do capítulo I.

s) Autorizar transferencias de crédito entre os diferentes programas vinculados ao Plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia.

CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

Artigo 6. *Vinculación de créditos*

Un. Os créditos consignados nos estados de gastos destes orzamentos quedarán vinculados ao nivel establecido no artigo 56 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, con excepción dos créditos que se relacionan a seguir, que serán vinculantes co grao de vinculación que se indica:

120.20, «Substitucións de persoal non docente»;

120.21, «Substitucións de persoal docente»;

120.24, «Acumulacións de tarefas de persoal funcionario non docente»;

120.26, «Substitucións de persoal dos corpos ao servizo da Administración de xustiza»;

121.07, «Sexenios»;

130.02, «Complemento de perigosidade, penosidade e toxicidade»;

130.10, «Segunda actividade bombeiros/as forestais»;

131, «Persoal laboral temporal»;

131.24, «Acumulacións de tarefas de persoal laboral temporal»;

132, «Persoal laboral temporal (profesorado de Relixión)»;

133, «Persoal laboral temporal indefinido»;

136, «Persoal investigador en formación»;

226.01, «Atencións protocolarias e representativas»;

226.02, «Publicidade e propaganda»;

226.06, «Reunións, conferencias e cursos»;

226.13, «Gastos de funcionamento de tribunais de oposicións e de probas selectivas»;

227.06, «Estudos e traballos técnicos»;

228, «Gastos de funcionamento de centros e servizos sociais»;

229, «Gastos de funcionamento de centros docentes non universitarios».

A mesma consideración terán os créditos correspondentes á aplicación 13.04.312E.227.65, «Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal», así como os

CONSELLEIRO DE FACENDA XUNTA DE GALICIA

créditos correspondentes á aplicación 08.A1.512B.600.3, «Expropiacións en materia de estradas», e ás diferentes aplicacións do capítulo VI correspondentes a mandatos á Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A., ou á entidade pública que se subrogue na súa posición.

O concepto 160, «Cotas sociais», vinculará a nivel de sección, agás ás entidades con personalidade xurídica de seu, as cales vincularán a nivel de servizo.

Os conceptos 480, «Transferencias correntes a familias», e 481, «Transferencias correntes a institucións sen fin de lucro», por unha parte, e os conceptos 780, «Transferencias de capital a familias», e 781, «Transferencias de capital a institucións sen fin de lucro», pola outra, serán vinculantes entre si. A mesma consideración terán os créditos dos subconceptos 221.07, «Comedores escolares», e 223.08, «Transporte escolar», da sección 10, os cales vincularán entre eles.

Así mesmo, terán carácter vinculante, co nivel de detalle económico co que aparezan nos estados de gastos, as transferencias de financiamento das entidades instrumentais do sector público autonómico.

Igualmente, serán vinculantes entre si os créditos correspondentes ás aplicacións orzamentarias 08.02.512A.223.06, «Servizo regular integrado», e 08.02.423A.223.08, «Transporte escolar », da Dirección Xeral de Mobilidade.

Dous. As transferencias a que se refire o artigo 67 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, cando afecten os créditos anteriores, deberán ser autorizadas pola persoa titular da Consellería de Facenda.

CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Artigo 7. *Créditos ampliables*

Un. Con independencia dos supostos previstos na alínea 1 do artigo 64 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, terán excepcionalmente a condición de ampliables os créditos seguintes:

a) Os incluídos nas aplicacións 06.A2.621A.227.07 e 06.A2.621A.227.08, destinados ao cumprimento dos convenios para a xestión e liquidación, e os premios de cobranza autorizados pola recadación en vía executiva así como nas transferencias da sección 06 que as financian.

b) As obrigas contraídas no exterior e que deban ser pagadas en divisas de cambio variable, pola diferenza existente entre o tipo de cambio previsto e o seu importe real no momento do pagamento.

c) Os destinados ao pagamento das obrigas derivadas de crebas de operacións de crédito avaladas pola Comunidade Autónoma. Cando se trate dun organismo autónomo ou dunha sociedade pública, a ampliación materializarase a través da sección orzamentaria á cal figuren adscritos.

d) Os créditos destinados ao pagamento dos premios de cobranza e participacións en función da recadación de vendas e restantes créditos de vivendas, soares, locais e edificacións complementarias correspondentes ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, así como os referidos aos traballos de facturación e apoio á xestión do patrimonio inmobiliario do devandito instituto, que se establezan de acordo coas cifras recadadas no período voluntario.

e) Os créditos de transferencias a favor da Comunidade Autónoma que figuren nos orzamentos de gastos dos organismos autónomos e axencias públicas autonómicas ata o importe dos remanentes da tesouraría que resulten como consecuencia da súa xestión.

f) Os incluídos na aplicación 21.01.811B.460.2, con destino ao pagamento da liquidación de exercicios anteriores, que corresponde ao Fondo de Cooperación Local.

g) Os créditos vinculantes incluídos nas aplicacións 120.20, «Substitucións de persoal non docente», e 120.21, «Substitucións de persoal docente», que se considerarán ampliables unicamente con retencións noutros créditos do capítulo I da propia sección orzamentaria ou do organismo autónomo.

h) Os créditos incluídos na aplicación 05.11.313D.480.0, destinados ao pagamento de axudas directas a mulleres vítimas de violencia de xénero, e os incluídos na aplicación 05.11.313D.480.1, con destino ao pagamento das indemnizacións previstas no artigo 43

CONSELLEIRO DE FACENDA XUNTA DE GALICIA

da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

i) Os incluídos na aplicación 23.03.621A.890.00, destinados ao Fondo de Garantía de Avais.

Esta ampliación financiarase con baixa nas dotacións da aplicación 09.10.741A.732.05 e das correspondentes ao Instituto Galego de Promoción Económica.

j) Os créditos da sección 11, «Consellería de Cultura e Turismo», a que se refire o artigo 54 desta lei.

k) Os créditos destinados ao pagamento do complemento autonómico ás pensións non contributivas, de xeito que permitan dar cobertura a todas as persoas beneficiarias delas que cumpran os requisitos exixidos pola administración.

l) Os créditos destinados ao pagamento da renda de inclusión social de Galicia (Risga).

m) Os créditos destinados ao pagamento das bolsas a estudantes universitarios e en formación.

n) As transferencias de financiamento dos organismos autónomos e das axencias públicas autonómicas na medida en que se autoricen ampliacións de créditos financiados por eles.

ñ) Os gastos de farmacia hospitalaria e receitas médicas.

o) As dotacións da aplicación 04.A1.571A para o cumprimento do Acordo polo que se establece o modelo de sustentabilidade da dixitalización dos servizos públicos.

p) O crédito incluído na aplicación 13.02.312B.480.0, destinado ao pagamento de prestacións familiares por fillas e fillos menores de tres anos a cargo.

q) Os créditos destinados á atención das obrigas derivadas de expedientes de expropiacións.

Esta ampliación financiarase con baixas nos programas doutras seccións ou da mesma sección.

r) Os créditos incluídos na aplicación 04.30.312C.480.2, destinados ao pagamento das axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas.

s) Os créditos dos subconceptos orzamentarios 221.06, 221.15, 221.16 e 221.19 do programa 412A, os cales serán vinculantes entre si.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

t) Sen prexuízo do disposto no artigo 83.3° da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os créditos autorizados nos estados de gasto comprenderán, dentro del nivel de vinculación existente, todos os programas que xestiona cada axencia pública.

Dous. Para os efectos do previsto no artigo 64.1.g) do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, terán a consideración de seccións orzamentarias as secretarías xerais da Presidencia.

Tres. O financiamento das ampliacións de crédito, ademais de por medio dos mecanismos previstos no artigo 64.2 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, poderá tamén realizarse con baixas de crédito noutros conceptos orzamentarios.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Artigo 8. *Transferencias de crédito*

Un. Con independencia das limitacións a que se refire o artigo 68.1 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e sen prexuízo do previsto na alínea 3 do citado artigo, non poderán tramitarse expedientes de transferencias de crédito que atinxan os capítulos VI e VII cando deles derive incremento do gasto corrente.

Esa restrición non será aplicable:

a) Cando se destinen á atención de gastos extraordinarios derivados de catástrofes, sinistros ou outras situacións de natureza análoga e carácter excepcional, logo da declaración polo Consello da Xunta da situación excepcional, catastrófica ou de análoga natureza.

b) Aos incrementos do capítulo I que, se é o caso, poidan orixinarse polo desenvolvemento de procesos de regularización derivados de acordos sobre materias de función pública subscritos entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais.

c) Aos incrementos do capítulo I derivados do cumprimento de sentenzas xudiciais firmes ou autos de obrigada execución.

d) Aos incrementos do capítulo I derivados do previsto no punto Catro do artigo 13 desta lei.

e) Aos incrementos do capítulo I derivados do previsto no punto Sete do artigo 15 desta lei.

f) Excepcionalmente, cando as características das actuacións que se deban executar para o cumprimento da finalidade do programa orzamentario previsto exixan a adecuación da natureza económica do gasto.

g) Cando teñan por obxecto atender as obrigas a que se refire o artigo 60.2 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, sempre que se xustifique a imposibilidade de as tramitar con cargo a gasto corrente.

h) As transferencias para atender xuros de mora cando se xustifique a imposibilidade de as tramitar con cargo a gasto corrente.

Dous. Polo que se refire á función 42 da sección 10, « Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional», función 41 da sección 12, «Consellería de Sanidade», e función 31 da sección 13, «Consellería de Política Social», a limitación

CONSELLEIRO DE FACENDA XUNTA DE GALICIA

indicada no punto anterior unicamente será aplicable unha vez superado o 5 por cento das dotacións iniciais dos capítulos VI e VII en termos consolidados.

No caso de as transferencias realizadas baixo este suposto incrementaren créditos do capítulo I destinados ao asinamento de contratos de duración determinada previstos no Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos traballadores, cando a modalidade de contratación sexa de realización de obra ou servizo recollida na alínea a) do artigo 1 da citada disposición, será necesaria a existencia de informe previo e favorable da Dirección Xeral da Función Pública sobre a adecuación da modalidade de contratación que se pretende.

Tres. Sen prexuízo do disposto no resto de puntos deste artigo, as transferencias de crédito axustaranse ás seguintes regras:

a) Poderán incrementarse os créditos autorizados inicialmente nas aplicacións orzamentarias dos subconceptos 131.24, «Acumulacións de tarefas de persoal laboral temporal», e 120.24, «Acumulacións de tarefas de persoal funcionario non docente», mediante transferencias de crédito do concepto 131, cun límite máximo conxunto do 30 por cento dos créditos iniciais do dito concepto en cada unha das consellarías, organismos autónomos ou axencias públicas autonómicas. A superación deste límite con cargo a el ou outros conceptos do capítulo I deberaa autorizar o Consello da Xunta por proposta do departamento solicitante e con informe previo da Intervención Xeral e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

b) Non se incrementarán os créditos autorizados inicialmente nas aplicacións orzamentarias do subconcepto 226.02, «Publicidade e propaganda», 227.06, «Estudos e traballos técnicos», 226.01, «Atencións protocolarias», e 226.06, «Reunións, conferencias e cursos».

A limitación de non incrementar o concepto 226.02 non afectará a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza nin o Servizo Galego de Saúde cando a transferencia teña por causa medidas de seguridade en materia de protección civil derivadas de riscos non previstos ou de medidas sanitarias para a saúde pública.

c) Non se poderán diminuír os créditos consignados no programa 312D, «Servizos sociais de atención ás persoas dependentes», agás cando financien créditos que teñan a condición de ampliables consonte o previsto nas alíneas l) e p) do artigo 7 desta lei.

d) Non se poderán tramitar transferencias de crédito do capítulo VIII aos restantes capítulos do orzamento.

CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

e) Non se poderán incrementar os créditos previstos nesta lei para subvencións nominativas.

Catro. As limitacións sobre transferencias de crédito contidas nas alíneas b) e c) do artigo 68.1 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, non afectarán as transferencias de crédito que se refiran ás transferencias de financiamento das entidades instrumentais do sector público autonómico.

Cinco. Ás transferencias de crédito que afecten unicamente a clasificación orgánica e que se efectúen entre as estruturas de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde non lles serán aplicables as limitacións previstas no artigo 68 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, por teren a consideración de simples redistribucións de crédito.

Para os efectos do sinalado no parágrafo anterior, terán tamén a condición de redistribución de crédito as transferencias dentro das mesmas estruturas de xestión integrada, sempre que non afecten a clasificación económica.

Así mesmo, respectando o que establece o artigo 64 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, para os efectos de facilitar a xestión entre diferentes centros de gasto dentro dunha mesma sección, as transferencias de crédito que afecten os gastos de funcionamento (221, 222, 227.00, 227.01 e 229) serán autorizadas pola súa persoa titular, por teren a consideración de redistribucións de crédito.

Seis. As limitacións establecidas nos puntos anteriores deste artigo e as establecidas no artigo 68 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia non serán aplicables:

– Aos créditos vinculados ao Plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia, sempre que se realicen en cumprimento dos acordos adoptados polo Consello da Xunta, por proposta da comisión de seguimento do plan.

– Aos créditos do proxecto 201800112 do proxecto do Plan Especial contra a Violencia de Xénero.

– Aos créditos do programa 331A vinculados aos proxectos que van desenvolver no exterior os axentes galegos de cooperación para o desenvolvemento.

Sete. Cando nas subvencións outorgadas en réxime de concorrencia pública con cargo aos orzamentos da Xunta de Galicia resulten beneficiarias algunha das entidades incluídas nos orzamentos consolidados, as transferencias aos artigos 41, 43, 44, 71, 73

CONSELLERÍA DE FACENDA XUNTA DE GALICIA

ou 74 que procedan non lles serán de aplicación as limitacións establecidas no artigo 68 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, nin as establecidas nos restantes apartados deste artigo.

XUNTA DE GALICIA

Artigo 9. *Adecuación de créditos*

Un. Para facilitar a consecución do equilibrio económico-financeiro na execución do orzamento para o ano 2019, os créditos incluídos nos estados de gastos poderán experimentar os axustes necesarios para acomodar o seu importe ao dos recursos, na medida en que estes últimos difiran dos inicialmente previstos nos orzamentos de ingresos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das axencias públicas autonómicas.

Sen prexuízo do indicado na alínea ñ) do artigo 5 desta lei, o Consello da Xunta adoptará, por proposta da Consellería de Facenda, os acordos de non-dispoñibilidade de crédito que sexan precisos para cumprir o previsto no parágrafo anterior.

Dous. Para conseguir o máximo grao de execución posible dos fondos procedentes da Unión Europea, os créditos que non amparen compromisos de gastos debidamente adquiridos poderán ser reasignados a outras actuacións, da mesma ou distinta consellaría ou organismo, con suxeición aos respectivos plans financeiros e ás disposicións dos programas operativos e da normativa que os regula, por proposta motivada dos organismos intermedios da autoridade de xestión dos respectivos programas, ou da autoridade de xestión no caso do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural-Feader. Así mesmo, poderá efectuarse a dita reasignación en relación cos créditos financiados co Fondo de Compensación Interterritorial, por proposta motivada da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos

As intervencións susceptibles de seren cofinanciadas no marco dos programas operativos Feder (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional) e FSE (Fondo Social Europeo) Galicia 2014-2020 e do Programa operativo de emprego xuvenil precisarán da autorización da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos nos termos establecidos nos correspondentes sistemas de xestión e control dos programas.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Artigo 10. *Transferencia de remanentes líquidos de tesouraría*

Os organismos autónomos e as entidades públicas empresariais transferirán ao orzamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma o importe do remanente de tesouraría non afectado resultante da liquidación do anterior exercicio orzamentario.

A Consellería de Facenda poderá xerar crédito con este importe no programa 621B, «Imprevistos e funcións non clasificadas», unha vez analizada a súa repercusión e os seus efectos sobre a estabilidade orzamentaria.

Non obstante, e coa finalidade de evitar que se produzan estes remanentes, a Consellería de Facenda poderá limitar os libramentos de fondos a estas entidades en función do seu nivel de execución orzamentaria.

As axencias públicas autonómicas para a incorporación do remanente de tesouraría non afectado aplicarán o disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. De non se realizar a incorporación procederase conforme o disposto neste artigo para os organismos autónomos e as entidades públicas empresariais.

O CONSELLEIRO DE FACENDA XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

TÍTULO II

**Gastos de persoal**

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

## CAPÍTULO I

### Dos gastos do persoal ao servizo do sector público

Artigo 11. *Bases da actividade económica en materia de gastos de persoal*

Un. Para os efectos do establecido neste título, constitúen o sector público da Comunidade Autónoma:

a) Os órganos estatutarios e consultivos de Galicia, sen prexuízo do disposto no artigo 12.2 do Estatuto de autonomía de Galicia para o Parlamento.

b) A Administración da Comunidade Autónoma e dos seus organismos autónomos.

c) As entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento a que se refire a disposición adicional sexta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

d) As axencias públicas autonómicas e as entidades a que se refire a alínea 5 da disposición transitoria terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

e) As entidades integrantes do Sistema universitario de Galicia.

f) As entidades públicas empresariais a que se refire o artigo 89 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

g) Os consorcios autonómicos a que se refire o artigo 95 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

h) As sociedades mercantís públicas autonómicas a que se refire o artigo 102 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

i) As fundacións públicas sanitarias e as demais fundacións do sector público da Comunidade Autónoma a que se refire o artigo 113 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Dous. No ano 2019 as retribucións do persoal ao servizo do sector público autonómico non poderán experimentar ningún incremento con respecto ás vixentes o 31 de decembro de 2018, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á súa antigüidade.

CONSELLEIRO DE FACENDA XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Tres. Os acordos, convenios ou pactos que impliquen crecementos retributivos superiores aos fixados no punto anterior deberán experimentar a oportuna adecuación, resultando inaplicables as cláusulas que establezan calquera tipo de incremento. En todo caso, suspéndese a aplicación dos pactos ou acordos asinados que supoñan incrementos retributivos superiores aos fixados no punto anterior para o ano 2019, sen prexuízo do establecido no II Acordo Goberno sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo, de 9 de marzo e dos acordos autorizados polo Consello da Xunta no ano 2018.

Ademais, mantense a suspensión da aplicación do punto décimo oitavo do Texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, publicado pola Resolución do 28 de xuño de 2017 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Catro. O disposto nos puntos precedentes entenderase sen prexuízo das adecuacións retributivas que con carácter singular e excepcional resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos seus obxectivos.

Cinco. As referencias relativas ás retribucións contidas nesta lei enténdense sempre feitas a retribucións íntegras.

Seis. As referencias contidas na normativa vixente relativas a haberes líquidos, para os efectos do cálculo de anticipos reintegrables ao persoal funcionario, entenderanse feitas ás retribucións básicas e complementarias que perciba este nos seus importes líquidos.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

Artigo 12. *Oferta de emprego público ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de persoal*

Un. Durante o ano 2019 só se poderá proceder no sector público delimitado no artigo anterior á incorporación de novo persoal con suxeición aos límites e requisitos establecidos na normativa básica que se estableza ao respecto, e en particular no referente á taxa de reposición de efectivos, respectando, en todo caso, as dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos.

Dous. Para dar cumprimento aos obxectivos sobre estabilización do persoal no emprego público, dentro dos acordos asinados pola Administración Xeral do Estado e pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma, aplicaranse as disposicións que se establezan na normativa básica do Estado.

Tres. Durante o ano 2019 a contratación de novo persoal nas sociedades mercantís públicas, nas entidades públicas empresariais, nos consorcios e nas fundacións do sector público autonómico estará suxeita ás limitacións e aos requisitos establecidos na normativa básica.

Co obxecto de posibilitar a adecuada optimización dos recursos humanos existentes no sector público autonómico e conforme dispón a normativa básica, as mencionadas entidades instrumentais do sector público autonómico poderán contratar persoal funcionario ou laboral fixo con destino nas consellarías ou nos organismos públicos do sector público autonómico, garantindo en todo caso a publicidade e libre concorrencia neste tipo de contratacións. Estes contratos xerarán o dereito a seguir percibindo, desde a data da súa subscrición, o complemento de antigüidade na mesma contía que se viña percibindo na consellaría, organismo público, sociedade, fundación ou consorcio de procedencia.

Catro. A oferta de emprego público, no ámbito a que se refiren as alíneas b), c), d), f), g), h) e i) do artigo 11.Un desta lei, aprobaraa o Consello da Xunta, por proposta do centro directivo competente en materia de función pública ou, se é o caso, das consellarías competentes na materia, e co informe favorable da dirección xeral competente en materia de orzamentos.

Cinco Durante o ano 2019 non se procederá no sector público da Comunidade Autónoma delimitado no artigo anterior á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de funcionarios interinos, agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que se restrinxirán aos sectores, ás funcións e ás categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten o funcionamento dos servizos públicos esenciais. No ámbito a que se refiren as letras b), c), d), f), g), h) e i) do artigo 11.Un desta lei será precisa a previa e expresa autorización das direccións

CONSELLEIRO DE FACENDA XUNTA DE GALICIA

xerais competentes en materia de función pública e orzamentos, sen prexuízo do establecido nos artigos seguintes. Para estes efectos, o departamento ou a entidade solicitante deberá remitir unha memoria xustificativa de que a cobertura do posto non se pode realizar mediante outro sistema e de que resulta absolutamente imprescindible para o funcionamento do servizo.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Artigo 13. *Contratación de persoal laboral temporal e nomeamento de persoal funcionario interino no ámbito da Comunidade Autónoma e os seus organismos autónomos e axencias públicas*

Un. Durante o ano 2019, no ámbito a que se refiren as alíneas b) e d) do artigo 11.Un desta lei, poderán proverse, sen necesidade da autorización conxunta a que se refire o punto Quinto do artigo 12 desta lei, en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que non poidan ser atendidas mediante procesos de reestruturación dos efectivos existentes, postos vacantes mediante a contratación de persoal laboral temporal ou mediante o nomeamento de persoal funcionario interino dos seguintes ámbitos:

a) Persoal docente, non docente e laboral de centros docentes.

Para estes efectos, enténdense como centros docentes aqueles que impartan ensinanzas orientadas á obtención de titulacións académicas de formación regrada.

b) Persoal dos centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde.

c) Persoal da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos.

d) Persoal de centros e residencias de servizos sociais.

e) Persoal adscrito ao Servizo de Defensa contra Incendios Forestais.

f) Persoal laboral e persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza.

g) Persoal adscrito ao sistema integrado de Emerxencias e Protección Civil.

h) Persoal laboral técnico especialista en radiodiagnóstico que presta servizos nas unidades de exploración mamográfica do Programa galego de detección precoz do cancro de mama.

As devanditas contratacións e os correspondentes nomeamentos adecuaranse estritamente ás necesidades do servizo, e aquelas estarán sempre vinculadas á existencia dun posto de traballo vacante e dotado orzamentariamente.

As direccións xerais competentes remitirán á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, con periodicidade mensual, a relación de todas as contratacións de persoal laboral e o nomeamento de persoal funcionario interino realizados con base nesta excepción. Xunto coa relación achegarase unha memoria explicativa que xustifique a necesidade urxente e inaprazable e o carácter imprescindible para o funcionamento do servizo.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

Dous. Durante o ano 2019, no ámbito determinado neste artigo, poderán atenderse os excesos ou as acumulacións de tarefas mediante a contratación temporal de persoal laboral e o nomeamento de persoal funcionario interino sen adscrición a unha praza, logo da autorización conxunta da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, e de acordo cos límites que se establecen na alínea a) do artigo 8.Tres desta lei. O gasto derivado destas contratacións imputarase necesariamente aos subconceptos 131.24, «Acumulacións de tarefas de persoal laboral temporal», e 120.24, «Acumulacións de tarefas de persoal funcionario non docente».

Para estes efectos, o departamento solicitante deberá remitir unha memoria xustificativa da actividade que motiva a contratación, que esta resulta absolutamente imprescindible para o funcionamento do servizo e que non puido ser atendida coas dotacións de persoal existentes ou mediante procesos de reestruturación dos efectivos dispoñibles.

Tres. Durante o ano 2019, no ámbito determinado neste artigo, poderán acordarse as substitucións transitorias, logo da autorización conxunta da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, sempre que non poidan ser atendidas mediante unha redistribución de funcións dos efectivos existentes e dentro das limitacións orzamentarias previstas, e que, unha vez valorada polos responsables de xestión a duración prevista da devandita situación, resulten absolutamente imprescindibles para o funcionamento do servizo.

A dita autorización conxunta non será necesaria nas seguintes substitucións:

a) Persoal docente, non docente e laboral de centros docentes.

Para estes efectos, enténdense como centros docentes aqueles que impartan ensinanzas orientadas á obtención de titulacións académicas de formación regrada.

b) Persoal dos centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde.

c) Persoal da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos.

d) Persoal de centros e residencias de servizos sociais.

e) Persoal adscrito ao Servizo de Defensa contra Incendios Forestais.

f) Persoal veterinario que preste os seus servizos en matadoiros e lonxas ou nos servizos de Sanidade e Produción Animal dependentes das consellarías competentes en materia de medio rural e de mar.

g) Persoal administrativo que preste os seus servizos nas oficinas de rexistro unificadas da Administración da Comunidade Autónoma.

h) Persoal laboral e persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza.

i) Persoal adscrito ao sistema integrado de Emerxencias e Protección Civil.

j) Persoal que se encontre en situación de permiso por parto, adopción ou acollemento ou permiso de paternidade, así como na situación de excedencia por coidado de familiares ou fillos ou fillas menores.

k) Persoal laboral de remuda substituto do xubilado parcial ou especial, independentemente da natureza xurídica do posto que este desempeñe.

l) Persoal laboral técnico especialista en radiodiagnóstico que presta servizos nas unidades de exploración mamográfica do Programa galego de detección precoz do cancro de mama.

Catro. Durante o ano 2019, no ámbito determinado neste artigo, poderá efectuarse o nomeamento de persoal funcionario interino para a execución de programas de carácter temporal, segundo o previsto no artigo 23.2.c) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, logo do informe conxunto da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, cos seguintes requisitos:

a) O financiamento debe proceder ou ben de fondos da Unión Europea ou da Administración estatal, ou ben doutros ingresos con financiamento afectado.

b) O nomeamento non poderá ter unha duración superior á de execución do programa, que, en todo caso, non superará os tres anos previstos na normativa básica, ampliables ata doce meses máis de o xustificar a duración do correspondente programa.

c) O persoal funcionario interino non ocupará prazas da relación de postos de traballo e a súa selección e nomeamento axustaranse ao procedemento establecido polo Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento do persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Artigo 14. *Contratación de persoal estatutario temporal no ámbito da Comunidade Autónoma e dos seus organismos autónomos e axencias públicas*

Un. Durante o ano 2019 non se procederá ao nomeamento de persoal estatutario temporal no ámbito a que se refiren as alíneas b) e d) do artigo 11.Un desta lei, agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que afecten o funcionamento dos servizos públicos.

Dous. Estes nomeamentos non requirirán autorización previa da dirección xeral competente en materia de orzamentos. Porén, deberán ser comunicados con carácter mensual á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos. Xunto coa relación achegarase unha memoria explicativa que xustifique a necesidade urxente e inaprazable e o carácter imprescindible para o funcionamento do servizo.

Tres. De conformidade co establecido neste artigo, a aplicación dos pactos e acordos que prevexan medidas relativas á cobertura das ausencias do persoal das institucións sanitarias deberá respectar o carácter absolutamente imprescindible das substitucións transitorias do persoal. En consecuencia, serán os órganos de xestión das institucións sanitarias os que, atendendo as necesidades asistenciais, determinarán as medidas axeitadas para manter a cobertura asistencial, adecuándose, asemade, aos principios e criterios de responsabilidade na xestión do gasto e de eficiencia na asignación e o emprego dos recursos públicos, atendendo a situación económica e o cumprimento do principio de sustentabilidade financeira, consonte o preceptuado na Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Artigo 15. *Contratación de persoal laboral de carácter temporal para a realización de obras ou servizos previstos no anexo de investimentos*

Un. Durante o ano 2019, no ámbito a que se refiren as alíneas b) e d) do artigo 11.Un desta lei, así como nas entidades a que se refire a alínea 5 da disposición transitoria terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, poderán formalizarse contratacións de persoal de carácter temporal para a realización de obras ou servizos, sempre que se dea a concorrencia dos seguintes requisitos:

a) Que a contratación teña por obxecto a execución de obras pola administración de acordo co disposto na lexislación de contratos do sector público, ou a realización de servizos que teñan a natureza de investimentos.

b) Que tales obras ou servizos correspondan a investimentos previstos e aprobados nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

c) Que pola natureza das obras ou dos servizos non poidan ser executados por persoal fixo.

d) Que se refiran a obras e proxectos concretos.

Do cumprimento dos anteriores requisitos deberase deixar constancia no correspondente expediente de contratación.

Dous. Os contratos teranse que formalizar seguindo as prescricións dos artigos 15 e 17 do Estatuto dos traballadores e conforme o disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Nos contratos farase constar a obra ou o servizo para cuxa realización se formaliza o contrato e o tempo de duración, así como o resto das formalidades que impón a lexislación sobre contratos laborais, eventuais ou temporais. Os incumprimentos destas obrigas formais, así como a asignación de persoal contratado para funcións distintas das que se determinen nos contratos, que puideren derivar no recoñecemento como persoal laboral indefinido non fixo, poderán dar lugar á exixencia de responsabilidades, segundo o artigo 122 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Tres. A realización destes contratos será obxecto de fiscalización previa nos casos en que esta resulte preceptiva, de conformidade co establecido nos artigos 94 a 117 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro. A intervención delegada do departamento ou órgano equivalente certificará, despois da proposta fundamentada do xestor, que

CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

existe crédito adecuado e abondo na aplicación orzamentaria que corresponda, computado sempre na súa proxección anual.

Catro. A contratación poderá exceder o exercicio orzamentario cando se trate de obras ou servizos que sobrepasen o devandito exercicio e correspondan a proxectos de investimento de carácter plurianual que cumpran os requisitos que para estes se prevén no artigo 58 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Cinco. O servizo xurídico do departamento ou organismo emitirá informe sobre os contratos con carácter previo á súa formalización, e en especial pronunciarase sobre a modalidade de contratación utilizada e a observancia nas cláusulas do contrato dos requisitos e das formalidades exixidos pola lexislación laboral.

Seis. Durante o ano 2019, no ámbito a que se refire o punto Un, requirirán informe favorable da dirección xeral competente en materia de avaliación e reforma administrativa e mais autorización conxunta da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos as contratacións de persoal de carácter temporal para a realización de obras ou servizos previstos no anexo de investimentos e os contratos de persoal investigador de carácter laboral baixo algunha das modalidades específicas recollidas no artigo 20 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, así como baixo a modalidade de proxectos específicos de investigación científica e técnica consonte o artigo 15.1.a) do Estatuto dos traballadores.

Sete. O gasto xerado polas contratacións reguladas neste artigo, incluído o das suxeitas normativamente ao Real decreto 1435/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral especial de artistas en espectáculos públicos, así como do persoal temporal asociado a proxectos de investigación, imputarase ao concepto correspondente do artigo 13 no programa e na consellaría ou organismo de que se trate, sen prexuízo de que se financie con cargo aos respectivos créditos de investimentos, para cuxos efectos poderán realizarse as transferencias de crédito correspondentes.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Artigo 16. *Contratación de persoal temporal no ámbito das restantes entidades públicas instrumentais*

Un. Durante o ano 2019, no ámbito a que se refiren as alíneas c), f), g), h) e i) do artigo 11.Un desta lei, poderán realizarse, sen necesidade da autorización conxunta a que se refire o punto Quinto do artigo 12 desta lei, en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que non poidan ser atendidas mediante procesos de reestruturación dos efectivos existentes, contratacións de novo persoal laboral temporal e nomeamentos de persoal funcionario interino para a cobertura de postos vacantes e substitucións transitorias cuxa necesidade de cobertura xurda ao longo do ano 2019 nos seguintes ámbitos:

a) Persoal que preste servizo nas unidades asistenciais das sociedades sanitarias e fundacións sanitarias.

b) Persoal de centros e residencias de servizos sociais.

Dous. Durante o ano 2019, no ámbito determinado no punto Un, poderanse realizar, excepcionalmente, logo da autorización conxunta da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, tras a debida xustificación motivada da entidade solicitante de que a cobertura resulta absolutamente imprescindible e de que a necesidade non pode ser satisfeita mediante unha redistribución de funcións dos efectivos existentes, as seguintes contratacións:

– Contratacións de persoal laboral temporal na modalidade de obra ou servizo determinado.

– Contratacións de persoal laboral temporal na modalidade de acumulación de tarefas.

Para estes efectos, deberase remitir unha memoria xustificativa da necesidade da contratación solicitada e da adecuación da modalidade contractual. Así mesmo, incluirase unha memoria económica na que se valoren todos os aspectos económicos da solicitude e da forma de financiamento.

Tres. Os contratos teranse que formalizar seguindo as prescricións dos artigos 15 e 17 do Estatuto dos traballadores e conforme o disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Nos contratos farase constar a obra ou o servizo para cuxa realización se formaliza o contrato e o tempo de duración, así como o resto das formalidades que impón a lexislación sobre contratos laborais, eventuais ou temporais. Os incumprimentos destas obrigas formais, así como a asignación de persoal contratado para funcións distintas das que se determinen nos contratos, que puideren derivar no recoñecemento como persoal laboral indefinido non fixo, poderán dar lugar á exixencia de responsabilidades, segundo o

CONSELLEIRO DE FACENDA XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

artigo 122 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Catro. Con periodicidade mensual deberase remitir á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos a información referida a todas as contratacións realizadas durante o período pola entidade, independentemente da modalidade contractual e da súa duración.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Artigo 17. *Contratación de persoal vinculado a encomendas de xestión*

Durante o ano 2019 as encomendas de xestión que realicen a Administración da Xunta de Galicia, os seus organismos autónomos ou as axencias públicas ás entidades a que se refiren as alíneas f), h) e i) do artigo 11.Un desta lei non poderán supoñer a contratación de persoal temporal por parte das ditas entidades con cargo ás contías recibidas como contraprestación da realización das encomendas de xestión.

Quedan exceptuadas do disposto no parágrafo anterior as contratacións de persoal temporal que estiveren previstas no programa de actuación, investimento e financiamento.

Esta limitación non será aplicable a proxectos financiados con fondos finalistas do Estado e da Unión Europea.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

CAPÍTULO II

**Dos réximes retributivos**

Artigo 18. *Retribucións dos altos cargos e outro persoal directivo*

Un. No ano 2019 as retribucións dos altos cargos non experimentarán incremento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2018 sen prexuízo da percepción de catorce mensualidades da retribución por antigüidade que lles poida corresponder de conformidade coa normativa vixente:

– Presidente da Xunta: 74.691,36 euros.

– Vicepresidente e conselleiros: 65.188,20 euros.

– Secretarios xerais, secretarios xerais técnicos, directores xerais, delegados territoriais e asimilados: 57.149,80 euros.

Dous. No ano 2019 as retribucións dos membros do Consello de Contas non experimentarán incremento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2018, polo que quedan establecidas nas seguintes contías, referidas a doce mensualidades:

– Conselleiro maior: 69.372,12 euros.

– Conselleiros: 65.188,20 euros.

Tres. No ano 2019 as retribucións dos membros do Consello Consultivo de Galicia non experimentarán incremento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2018, polo que quedan establecidas nas seguintes contías , referidas a doce mensualidades:

– Presidente: 69.372,12 euros.

– Conselleiros: 65.188,20 euros.

Catro. No ano 2019 as retribucións dos membros do Consello da Cultura de Galicia non experimentarán incremento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2018, polo que quedan establecidas nas seguintes contías , referidas a doce mensualidades:

– Presidente: 69. 372,12 euros.

Cinco. No ano 2019 as retribucións totais do persoal directivo a que se refire o artigo 7 do Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico, do restante persoal previsto nese decreto e dos

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

altos cargos das entidades públicas instrumentais de consulta e asesoramento, non experimentarán incremento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2018.

Seis. Por proposta da persoa titular da consellaría a que se atopen adscritas, as retribucións iniciais das persoas titulares das presidencias e vicepresidencias e, se é o caso, das direccións xerais das entidades a que se refire o punto anterior deste artigo serán autorizadas, logo do informe conxunto da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, pola persoa titular da Consellería de Facenda.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Artigo 19. *Complemento persoal*

O persoal designado para ocupar postos incluídos nos anexos de persoal dos orzamentos da Administración xeral, dos seus organismos autónomos e das súas axencias públicas autonómicas que dean lugar á consideración de alto cargo e que no momento do seu nomeamento manteña unha relación de servizo permanente, non contractual, con algunha administración pública non poderá percibir retribucións inferiores ás que tiña asignadas no posto de procedencia.

Cando se produza esa circunstancia, o persoal indicado terá dereito a percibir un complemento persoal equivalente á diferenza entre a totalidade dos conceptos retributivos, básicos e complementarios, do posto de orixe, con exclusión das gratificacións por servizos extraordinarios, en cómputo anual, e as retribucións do mesmo carácter que lle correspondan polo posto que ocupe na Administración autonómica galega.

O recoñecemento do dereito á percepción deste complemento será realizado en cada caso pola Dirección Xeral da Función Pública.

Os complementos persoais e transitorios permanecerán coas mesmas contías que o 31 de decembro do ano 2018.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

Artigo 20. *Retribucións das persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior*

As retribucións das persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior para o ano 2019 quedan establecidas nas seguintes contías, sen prexuízo do dereito ás indemnizacións, ás axudas de custo e á aplicación de coeficientes por razón de servizo que poidan corresponderlles por residencia no estranxeiro:

– Delegado da Xunta de Galicia en Bos Aires: 57.149,80 euros.

– Delegado da Xunta de Galicia en Montevideo:48.546,09 euros.

Así mesmo, terán dereito a percibir os trienios que poidan ter recoñecidos como persoal funcionario e persoal ao servizo das administracións públicas.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Artigo 21. *Criterios retributivos en materia de persoal funcionario*

Un. As retribucións que percibirá no ano 2019 o persoal funcionario da Comunidade Autónoma no ámbito de aplicación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nos termos da disposición derradeira cuarta do Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, que desempeñe postos de traballo para os que o Goberno da Comunidade Autónoma aprobou a aplicación do réxime retributivo previsto na devandita lei, serán as seguintes:

a) O soldo e trienios, nas nóminas ordinarias de xaneiro a decembro de 2019, que correspondan ao grupo ou subgrupo en que se atope clasificado o corpo ou a escala a que pertenza a persoa funcionaria, coas seguintes contías referidas a doce mensualidades:

| Grupo/subgrupo | Soldo | Trienio |
|---|---|---|
| Real decreto lei 5/2015 | | |
| A1 | 13.814,04 | 531,48 |
| A2 | 11.944,68 | 433,32 |
| B | 10.441,20 | 380,28 |
| C1 | 8.968,44 | 327,96 |
| C2 | 7.464,12 | 223,20 |
| E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (Real decreto lei 5/2015, do 30 de outubro) | 6.831,60 | 168,00 |

b) As pagas extraordinarias, que serán dúas ao ano e se percibirán de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 13/1988, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega para 1989. O importe de cada unha destas pagas será a suma do soldo e dos trienios establecidos a continuación e dunha mensualidade de complemento de destino:

| Grupo/subgrupo | Soldo | Trienio |
|---|---|---|
| Real decreto lei 5/2015 | | |
| A1 | 710,36 | 27,33 |
| A2 | 725,95 | 26,33 |
| B | 752,01 | 27,40 |
| C1 | 645,94 | 23,60 |
| C2 | 616,34 | 18,42 |
| E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (Real decreto lei 5/2015, do 30 de outubro) | 569,30 | 14,00 |

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

Cando o persoal funcionario preste unha xornada de traballo reducida durante os seis meses anteriores aos meses de xuño e decembro, o importe da paga extraordinaria experimentará a correspondente redución proporcional.

c) O complemento de destino correspondente ao nivel do posto de traballo que se desempeñe, de acordo coas seguintes contías referidas a doce mensualidades:

| Nivel | Importe |
|---|---|
| 30 | 12.066,48 |
| 29 | 10.823,04 |
| 28 | 10.368,12 |
| 27 | 9.912,72 |
| 26 | 8.696,76 |
| 25 | 7.715,88 |
| 24 | 7.260,60 |
| 23 | 6.806,04 |
| 22 | 6.350,52 |
| 21 | 5.896,08 |
| 20 | 5.476,92 |
| 19 | 5.197,32 |
| 18 | 4.917,48 |
| 17 | 4.637,76 |
| 16 | 4.358,76 |
| 15 | 4.078,68 |
| 14 | 3.799,32 |
| 13 | 3.519,36 |
| 12 | 3.239,52 |
| 11 | 2.959,80 |
| 10 | 2.680,56 |

O CONSELLEIRO DE FACENDA XUNTA DE GALICIA

d) O complemento específico anual que, se é o caso, estea fixado ao posto que se desempeñe. Este complemento específico anual percibirase en catorce pagas iguais, das que doce serán de percepción mensual e dúas adicionais, do mesmo importe que unha mensual, nos meses de xuño e decembro, respectivamente.

e) O complemento de produtividade que, se é o caso, se destine a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou a iniciativa con que o persoal funcionario desempeñe o seu traballo, nos termos establecidos na disposición transitoria décima da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

O complemento de produtividade establecerase de acordo con criterios obxectivos que aprobe o Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría correspondente e logo do informe da Dirección Xeral da Función Pública, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Dirección Xeral de Planificación e

Orzamentos, unha vez escoitados os órganos de representación do persoal. Os complementos de produtividade débense facer públicos nos centros de traballo.

As contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo non orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

f) As gratificacións por servizos extraordinarios.

Estas gratificacións serán concedidas logo da autorización do Consello da Xunta, por proposta da consellaría respectiva, cando a súa contía exceda, para todo o exercicio 2019, de 40.000 euros en total. No caso contrario a súa autorización corresponderá á consellaría.

En todo caso, as devanditas gratificacións terán carácter excepcional e soamente poderán ser recoñecidas polos servizos extraordinarios prestados fóra da xornada normal de traballo, sen que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas na súa devindicación.

Tamén terán tal consideración as compensacións económicas a que se refire o artigo 137.2.d) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

g) Os complementos persoais e transitorios recoñecidos en cumprimento do disposto no artigo 10 da Lei 13/1988, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 1989.

Estes complementos persoais e transitorios serán absorbidos por calquera mellora retributiva que se produza no ano 2019, incluídas as derivadas do cambio de posto de traballo. Non se considerarán en ningún caso os trienios, o complemento de produtividade nin as gratificacións por servizos extraordinarios, para estes efectos.

Incluso no caso de que o cambio de posto de traballo determine unha diminución das retribucións se manterá o complemento persoal transitorio fixado ao se producir a aplicación do novo sistema, á absorción do cal se lle imputará calquera mellora retributiva ulterior, mesmo a que poida derivar do cambio de posto de traballo.

Dous. O persoal funcionario interino incluído no ámbito de aplicación do Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, percibirá a totalidade das retribucións básicas, incluídos trienios e pagas extraordinarias, e a totalidade das retribucións complementarias que correspondan ao posto de traballo para o cal sexa nomeado, excluído o que estea vinculado á condición de persoal funcionario de carreira.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

Tres. O complemento de produtividade poderáselles atribuír, se é o caso, ao persoal funcionario interino a que se refire o punto anterior, así como ao persoal funcionario en prácticas cando estas se realicen desempeñando un posto de traballo e estea autorizada a aplicación do devandito complemento ao persoal funcionario que desempeñe análogos postos de traballo, agás que ese complemento estea vinculado á condición de persoal funcionario de carreira.

Catro. Na Administración da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das súas axencias públicas, nos casos de adscrición durante o ano 2019 de persoal funcionario suxeito a un réxime retributivo distinto do correspondente ao posto de traballo a que se adscribe, o devandito persoal funcionario percibirá as retribucións que correspondan ao posto de traballo que desempeñe, logo da oportuna asimilación que autorice a Dirección Xeral da Función Pública por proposta das consellarías interesadas.

Só para os efectos da asimilación a que se refire o parágrafo anterior, a Dirección Xeral da Función Pública poderá autorizar que a contía da retribución por antigüidade sexa a que proceda de acordo co réxime retributivo de orixe do persoal funcionario.

A Dirección Xeral da Función Pública comunicará estas autorizacións á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos para o seu coñecemento.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Artigo 22. *Criterios retributivos en materia de persoal laboral*

Un. A masa salarial do persoal laboral dos entes e organismos que se indican no punto Un do artigo 11 desta lei, e que se adecuará ao establecido no seu punto Dous, estará integrada polo conxunto das retribucións salariais e extrasalariais e os gastos de acción social devindicados polo dito persoal no ano 2019.

Exceptúanse en todo caso:

a) As prestacións e indemnizacións da Seguridade Social.

b) As cotizacións ao sistema da Seguridade Social a cargo do empregador.

c) As indemnizacións correspondentes a traslados, suspensións ou despedimentos.

d) As indemnizacións ou os suplidos por gastos que teña que realizar o traballador ou a traballadora.

As variacións da masa salarial bruta calcularanse en termos de homoxeneidade respecto dos dous períodos obxecto de comparación, tanto no que respecta a efectivos reais do persoal laboral e antigüidade deste como ao réxime privativo de traballo, xornada legal ou contractual, horas extraordinarias efectuadas e outras condicións laborais, co que se computarán, en consecuencia, por separado as cantidades que correspondan á variación de tales conceptos. Con cargo á masa salarial así obtida para o ano 2019 deberase satisfacer a totalidade das retribucións do persoal laboral derivadas dos convenios ou acordos colectivos que se subscriban no ano 2019 e todas as que se produzan ao longo do exercicio, agás as que lle corresponde devindicar ao devandito persoal no citado ano polo concepto de antigüidade.

As indemnizacións ou os suplidos deste persoal non poderán experimentar crecementos con respecto ao ano 2018.

Dous. As retribucións do persoal laboral ao servizo do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia delimitado no punto Un do artigo 11 desta lei non experimentarán incremento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2018.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

Artigo 23. *Retribucións do persoal ao servizo das institucións sanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia*

Un. En aplicación do previsto na disposición transitoria sexta.1.a) da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o persoal incluído no ámbito de aplicación do Real decreto lei 3/1987, do 11 de setembro, sobre retribucións do persoal estatutario do Instituto Nacional da Saúde, percibirá as retribucións básicas e o complemento de destino nas contías sinaladas para os devanditos conceptos retributivos nas alíneas a), b) e c) do artigo 21.Un.

O importe anual das retribucións correspondentes ao complemento específico, ao complemento de produtividade fixa, ao complemento de atención continuada e ao complemento de penosidade, responsabilidade e dificultade e mais á carreira profesional que, se é o caso, lle corresponda ao referido persoal non experimentarán incremento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2018.

A contía individual do complemento de produtividade determinarase conforme os criterios sinalados no artigo 2.Tres.c) e mais na disposición transitoria terceira do Real decreto lei 3/1987 e no artigo 43.2 da Lei 55/2003, así como nas demais normas ditadas para o seu desenvolvemento.

Dous. As retribucións do restante persoal estatutario, funcionario e laboral das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde non experimentarán incremento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2018.

Tres. Nos supostos de pactos e acordos que establezan a asignación de conceptos retributivos ligados á prestación dunha xornada complementaria ou adicional á fixada nos propios acordos como xornada ordinaria, o aboamento dos ditos conceptos requirirá a acreditación da prestación efectiva dos servizos.

Non se poderán satisfacer en ningún caso percepcións retributivas ou asignacións económicas, incluíndo as suplementarias ou mediadas, derivadas de atención continuada, gardas ou concepto equivalente cando non exista prestación efectiva dos servizos motivada por situacións de incapacidade temporal, agás naqueles supostos expresamente recollidos nunha norma con rango de lei.

Catro. Os requisitos para a modificación das retribucións do persoal a que se refire este artigo serán os establecidos no artigo 29 desta lei.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Artigo 24. *Retribucións do persoal dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza*

Un. O persoal funcionario dos corpos ao servizo da Administración de xustiza que desempeñe as súas funcións no ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galicia percibirá as retribucións que se determinen, se é o caso, na correspondente prórroga dos orzamentos xerais do Estado e, en todo caso, na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2019e na demais normativa que lle sexa aplicable.

Dous. Os complementos e as melloras retributivas reguladas nas disposicións ou nos acordos adoptados polos órganos da Comunidade Autónoma no exercicio das súas competencias verbo deste persoal non experimentarán incremento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2018.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Artigo 25. *Criterios retributivos aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma non incluído nos artigos anteriores*

Un. No ano 2019 as retribucións básicas e as complementarias de carácter fixo e periódico do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma non incluído nos artigos anteriores non experimentarán incremento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2018, sen prexuízo, se é o caso, da adecuación destas últimas cando sexa necesario para asegurar que a retribución total de cada posto de traballo garde a relación procedente coa súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, perigosidade e penosidade.

Dous. O conxunto das restantes retribucións complementarias, se é o caso, non experimentará incremento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2018, sen prexuízo das modificacións que deriven da variación do número de efectivos asignados a cada programa, do grao de consecución dos obxectivos fixados para aquel e do resultado individual da súa aplicación.

Tres. Os complementos persoais e transitorios e as demais retribucións que teñan análogo carácter rexeranse pola súa normativa específica e polo disposto nesta lei.

Catro. As indemnizacións por razón do servizo rexeranse pola súa normativa específica.

Cinco. As prestacións familiares establecidas pola normativa específica do réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, das Forzas Armadas e da Administración de xustiza, extensiva, preceptivamente, a determinado persoal funcionario da Comunidade Autónoma, liquidaránselles ás persoas beneficiarias conforme o que determinen as leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou calquera outra disposición que as regule.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

Artigo 26. *Complemento persoal vítimas violencia de xénero*

Ao persoal que lle sexa adxudicado provisionalmente un posto de traballo noutra Administración Pública por razón de violencia de xénero, non poderá percibir retribucións inferiores ás que teña asignadas no posto de traballo que desempeña na Xunta de Galicia.

Cando se produza esta circunstancia, o persoal terá dereito a percibir un complemento persoal equivalente á diferenza entre a totalidade dos conceptos retributivos, básicos e complementarios, do posto de orixe, con exclusión das gratificacións por servizos extraordinarios, en cómputo anual, e as retribucións que lle correspondan polo posto que ocupe na Administración de destino.

O recoñecemento do dereito á percepción deste complemento será realizado en cada caso pola Dirección Xeral da Función Pública, e será aboado pola Consellería na que desempeñaba o posto de traballo dende o que se traslada.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

CAPÍTULO III

**Outras disposicións en materia de réxime de persoal activo**

Artigo 27. *Prohibición de ingresos atípicos*

O persoal comprendido dentro do ámbito de aplicación desta lei, con excepción daquel sometido ao réxime de arancel, non poderá percibir ningunha participación nos tributos, nas comisións ou noutros ingresos de calquera natureza que correspondan á Administración ou a calquera poder público como contraprestación de calquera servizo ou xurisdición, nin participación ou premio en multas impostas aínda que estean normativamente atribuídas a el, debendo percibir unicamente as remuneracións do correspondente réxime retributivo, sen prexuízo do que resulte da aplicación do sistema de incompatibilidades e do disposto na normativa específica sobre gozo de vivenda por razón do traballo ou cargo desempeñado.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

Artigo 28. *Relacións de postos de traballo*

Un. As relacións de postos de traballo poderanse modificar para executar as sentenzas xudiciais firmes de recoñecemento dunha relación laboral de carácter indefinido non fixo que requiran a creación de postos de traballo, por non poder adscribir os afectados a un posto preexistente que estea vacante sen ocupación. Este posto preexistente deberá ser acorde coa natureza funcionarial ou laboral en relación coas funcións asignadas pola sentenza xudicial firme para poder adscribir a el o persoal afectado.

Con carácter xeral, os postos de traballo de carácter administrativo da Administración da Comunidade Autónoma serán creados como de persoal funcionario, agás que pola natureza das súas funcións teñan que ser creados para ser desempeñados por persoal laboral, de acordo co que establece a normativa de función pública.

A súa creación propoñerase no prazo máximo de tres meses, contados a partir da data de firmeza da sentenza xudicial, e, logo de se crear o posto, adscribirase provisionalmente a el a persoa afectada pola sentenza e procederase seguidamente á súa cobertura mediante os sistemas de selección e provisión legalmente establecidos.

Sen prexuízo do anterior, as consellarías e os seus organismos dependentes poderán propoñer mediante a correspondente modificación da relación de postos de traballo a amortización daqueles postos de traballo que consideren que non son necesarios para o cumprimento das funcións que teñen asignadas.

Dous. As relacións de postos de traballo vixentes o 1 de xaneiro do ano 2019 deberanse modificar para as axustar ás previsións orzamentarias que se deducen do anexo de persoal desta lei, sen que mentres tanto se poidan prover, provisional ou definitivamente, aqueles postos para os que non estea prevista dotación no dito anexo. Mentres non se realicen as mencionadas adaptacións, os códigos de liña orzamentaria do anexo de persoal só poderán ter asignados créditos para dotacións de postos de traballo, para substitucións de persoal temporal ou para conceptos retributivos específicos.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Artigo 29. *Requisitos para a determinación ou modificación de retribucións do persoal laboral e non funcionario*

Un. Será necesario informe favorable, emitido conxuntamente pola Dirección Xeral da Función Pública e pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, para determinar ou modificar as condicións retributivas do persoal non funcionario e laboral ao servizo do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia delimitado no punto Un do artigo 11 desta lei.

Dous. Con carácter previo ás negociacións de convenios ou acordos colectivos que se subscriban no ano 2019, deberase solicitar da Consellería de Facenda a correspondente autorización de masa salarial, que cuantifique o límite máximo das obrigas que poidan contraerse como consecuencia dos ditos pactos, achegando para o efecto a certificación das retribucións salariais satisfeitas e devindicadas durante o ano 2018

Cando como consecuencia de convenios ou acordos colectivos resulte a obriga de recoñecementos de complementos persoais de carácter transitorio, deberase establecer que estes complementos serán absorbidos por calquera mellora retributiva que se produza nos exercicios sucesivos, incluídas as derivadas do cambio de posto de traballo. Non se considerarán en ningún caso o complemento de antigüidade, o complemento de produtividade nin as horas extraordinarias para estes efectos.

Cando se trate de persoal non suxeito a convenio colectivo cuxas retribucións veñan determinadas en todo ou en parte mediante contrato individual, deberanse comunicar á Consellería de Facenda as retribucións satisfeitas e devindicadas durante o ano 2018.

Para a determinación das retribucións de postos de traballo de nova creación abastará coa emisión do informe a que se refire o punto Un deste artigo.

Tres. Para os efectos dos puntos anteriores, entenderase por determinación ou modificación das condicións retributivas do persoal non funcionario as seguintes actuacións:

a) A determinación das retribucións dos postos de nova creación.

b) O asinamento de convenios colectivos subscritos polos organismos sinalados no punto Un anterior, así como as súas revisións e as adhesións ou extensións a eles.

c) A aplicación de convenios colectivos de ámbito sectorial, así como as súas revisións e as adhesións ou extensións a eles.

d) A fixación de retribucións mediante contrato individual, xa se trate de persoal fixo ou contratado por un tempo determinado, cando non veñan reguladas en todo ou en parte mediante convenio colectivo.

CONSELLEIRO DE FACENDA XUNTA DE GALICIA

e) O outorgamento de calquera clase de melloras salariais de tipo unilateral con carácter individual ou colectivo, aínda que deriven da aplicación extensiva do réxime retributivo dos funcionarios públicos.

f) A determinación das retribucións correspondentes ao persoal contratado no exterior.

Catro. Co fin de emitir o informe sinalado no punto Un deste artigo, as consellarías, os organismos e os entes remitirán á Dirección Xeral da Función Pública e á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos o correspondente proxecto, con carácter previo ao seu acordo ou asinamento no caso dos convenios colectivos ou contratos individuais, xunto coa achega da valoración de todos os seus aspectos retributivos.

Cinco. O sinalado informe será realizado no prazo máximo de quince días, que se contarán desde a data de recepción do proxecto e da súa valoración, e versará sobre todos aqueles extremos dos que deriven consecuencias directas ou indirectas en materia de gasto público, tanto para o ano 2019 como para exercicios futuros, e, especialmente, no que se refire á determinación da masa salarial correspondente e ao control do seu crecemento.

Seis. Serán nulos de pleno dereito os acordos adoptados nesta materia con omisión do trámite de informe ou en contra dun informe desfavorable, así como os pactos que impliquen crecementos salariais para exercicios sucesivos contrarios ao que determinen as futuras leis de orzamentos.

Sete. Non se poderán autorizar gastos derivados da aplicación das retribucións para o ano 2019 sen o cumprimento dos requisitos establecidos neste artigo.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

Artigo 30. *Persoal directivo das entidades instrumentais do sector público da Comunidade Autónoma*

Un. Nos contratos laborais do persoal de alta dirección das entidades a que se refire este artigo non se poderán fixar indemnizacións, en razón da extinción da relación xurídica coa entidade correspondente, de contía superior á fixada na lexislación reguladora desta relación laboral de carácter especial.

Dous. De acordo co disposto no artigo 65 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os órganos executivos, a dirección e/ou a secretaría xeral ou os cargos asimilados das entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser nomeados e destituídos como persoal directivo ou ben por decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da consellaría de adscrición, ou ben segundo se determine no estatuto de cada entidade.

Tres. En tanto non se estableza o réxime xurídico específico do persoal directivo, o persoal funcionario de carreira ou estatutario fixo que desempeñe un posto de persoal directivo profesional nas entidades instrumentais do sector público autonómico, configurado como tal nas relacións de postos de traballo, e sempre que reúna os requisitos establecidos para cada posto, estará na situación de servizo activo no seu respectivo corpo ou escala.

O sistema de provisión para a cobertura dos ditos postos será a libre designación con convocatoria pública, de conformidade cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade; todo iso de acordo coa normativa de función pública.

Cando o nomeamento deste persoal para desempeñar un posto directivo nunha entidade instrumental do sector público autonómico non modifique a súa situación administrativa, a asimilación retributiva será a que lle corresponda conforme as contías previstas no anexo do Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico, sen prexuízo das que lle correspondan pola antigüidade a que teña dereito na súa condición de empregado público en situación de servizo activo.

O nivel de complemento de destino que se tomará como referencia para a consolidación do grao persoal do persoal funcionario que desempeñe postos directivos profesionais será o que lle corresponda en función do cadro anexo á Orde da Consellería de Facenda do 19 de xuño de 2014, de conformidade coa clasificación da entidade e o nivel de responsabilidade do posto directivo.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

Artigo 31. *Nomeamento de profesorado interino a tempo parcial en centros docentes non universitarios*

A Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional poderá efectuar, nos centros docentes non universitarios, o nomeamento de profesorado interino con horarios de traballo inferiores aos establecidos con carácter xeral, que percibirá as retribucións básicas e complementarias de forma proporcional á xornada traballada.

A Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional e tratará de completar o horario docente do persoal interino, con compartición, de ser necesario, de varios centros de ensino, para minimizar deste xeito o número de prazas ofertadas segundo o parágrafo anterior.

No caso de ser necesario o nomeamento para prazas a tempo parcial, daráselle preferencia para optar a estas ao profesorado que voluntariamente queira acceder a elas, sobre todo a aquelas persoas que aleguen necesidades de conciliación da vida familiar e laboral.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Artigo 32. *Profesores e profesoras de corpos docentes*

Sen prexuízo do establecido con carácter xeral no artigo 129 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e atendendo as peculiaridades do persoal docente, recoñecidas polo artigo 6.2 da referida lei, o profesorado do corpo docente previstos no ámbito de xestión da Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional poderán percibir ata o total das súas retribucións tanto básicas como complementarias cando sexan autorizados para o gozo de licenzas por estudos durante o curso escolar, nos supostos, termos, prazos e condicións que determine a Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional, co informe favorable da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

Artigo 33. *Persoal eventual e de gabinete*

Un. O persoal eventual de gabinete da Administración da Xunta de Galicia unicamente poderá ser adscrito aos departamentos en que figuren as persoas que formen parte do Consello do Goberno galego.

Dous. Prohíbese a contratación de persoal de gabinete por calquera das entidades instrumentais dependentes da Xunta de Galicia, así como por parte das súas delegacións territoriais.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

# CAPÍTULO IV

## Universidades

Artigo 34. *Custos de persoal máximos das universidades de Galicia*

Un. De conformidade co establecido no artigo 81.4 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e en concordancia coa evolución da masa salarial do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma e coa normativa básica en materia de reposición de efectivos, autorízanse para o ano 2019 os custos do persoal docente e investigador e de administración e servizos das universidades do Sistema universitario de Galicia nas seguintes contías:

| | Masa salarial | Seguridade Social | Total |
|---|---|---|---|
| Santiago de Compostela | 137.542 | 18.747 | 156.289 |
| A Coruña | 84.239 | 12.611 | 96.850 |
| Vigo | 87.406 | 13.898 | 101.304 |
| Total | 309.187 | 45.256 | 354.443 |

Este importe de masa salarial máxima recolle o importe previsto para a aplicación do incremento retributivo previsto no II Acordo Goberno sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo, de 9 de marzo (BOE 26.03.2018), no momento en que se habilite pola normativa da Administración Xeral do Estado.

Nas anteriores contías non está incluído o custo do persoal investigador de proxectos e contratos de investigación nin o do persoal técnico de apoio contratado con cargo a eses proxectos e contratos.

Dous. As retribucións anuais do persoal ao servizo das entidades integrantes do Sistema universitario de Galicia non experimentarán incremento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2018.

Sen prexuízo da adecuación o previsto no II Acordo Goberno sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo, de 9 de marzo (BOE 26.03.2018), no momento en que se habilite pola normativa da Administración Xeral do Estado.

O CONSELLEIRO DE FACENDA XUNTA DE GALICIA

Artigo 35. *Retribucións adicionais do persoal ao servizo das entidades integrantes do Sistema universitario de Galicia*

O importe das retribucións adicionais correspondentes aos complementos retributivos autonómicos vinculados ao recoñecemento ao labor docente, ao labor investigador, polos cargos de xestión e á excelencia curricular docente e investigadora que, se é o caso, lle correspondan ao persoal docente e investigador funcionario e contratado doutor non experimentarán incremento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2018.

XUNTA DE GALICIA

Artigo 36. *Oferta de emprego público ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de persoal do Sistema universitario de Galicia*

Un. As universidades integrantes do Sistema universitario de Galicia, respectando as dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos, aplicarán a taxa de reposición máxima establecida na normativa básica ditada ao respecto e con suxeición aos límites e requisitos establecidos para os corpos de catedráticos de universidade e de profesores titulares de universidade e mais ás prazas de persoal de administración e servizos.

As correspondentes convocatorias deberaas autorizar a Consellería de Facenda, logo de acreditar que a oferta de emprego público das mencionadas prazas non afecta o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para a correspondente universidade nin dos demais límites fixados na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Dous. Dentro das contías máximas autorizadas no artigo 34 desta lei e de acordo co que dispón a normativa básica en materia de taxa de reposición de efectivos, as universidades do Sistema universitario de Galicia poderán proceder excepcionalmente á contratación de persoal laboral temporal para cubrir necesidades docentes urxentes e inaprazables.

Substitúese o réxime de autorización previa conxunta polo de comunicación mensual que determinen as consellarías competentes en materia de universidades e orzamentos. Mediante resolución destes centros directivos poderase volver ao sistema anterior no caso de que non se realicen as mencionadas comunicacións ou se incumpran as condicións recollidas no parágrafo anterior para a subscrición destes contratos.

CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

TÍTULO III

**Operacións de endebedamento e garantía**

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

CAPÍTULO I

**Operacións de crédito**

Artigo 37. *Operacións de endebedamento por prazo superior a un ano*

Un. A posición neta debedora da Comunidade Autónoma poderase incrementar durante o ano 2019 nunha contía máxima equivalente ao 0,1 por cento do produto interior bruto da Comunidade Autónoma.

Para estes efectos, tomarase a posición neta debedora de todos os organismos autónomos, axencias públicas autonómicas e demais entidades instrumentais de calquera condición que, conforme a normativa aplicable en materia de estabilidade orzamentaria, estean incluídos dentro do sector das administracións públicas e consoliden o seu endebedamento co da Comunidade Autónoma consonte as normas do Sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

Co obxecto de optimizar a carga financeira global da Comunidade Autónoma, a posición neta debedora da Administración xeral poderá incrementarse coa finalidade de amortizar préstamos dos organismos, os entes e as sociedades indicados no parágrafo precedente, no mesmo importe que se amortice.

Dous. A posición neta debedora será efectiva ao termo do exercicio, poderá ser excedida no curso deste e quedará automaticamente revisada:

a) Polas desviacións que poidan xurdir entre as previsións de ingresos contidas nesta lei e a súa evolución real.

b) Nas contías necesarias para financiar as adquisicións de activos financeiros con destino a suxeitos non comprendidos no punto 1.b) do artigo 2 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que poidan xurdir ao longo do exercicio.

c) Nas contías asumidas en concepto de débeda polas variacións na composición do sector da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, en termos do Sistema europeo de contas nacionais e rexionais, como consecuencia de que entes que estaban nel considerados pasan a deixar de o estar ou viceversa, así como polo importe dos créditos comerciais e outras contas pendentes de pagamento financiadas mediante operacións de factoring sen recurso que deban rexistrarse contablemente como débeda financeira.

d) Na contía máxima do endebedamento autorizado na Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia do último exercicio que non fose utilizado, sempre

CONSELLEIRO DE FACENDA XUNTA DE GALICIA

que estea dentro dos límites de endebedamento autorizados polos acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira.

e) Polos anticipos reintegrables ou préstamos concertados con outras administracións públicas para o financiamento de investimentos incluídos en plans ou programas conxuntos.

f) Polos importes adicionais que se amparen nos acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira en materia de endebedamento.

Tres. No ámbito da Administración xeral, autorízase a persoa titular da Consellería de Facenda para formalizar as operacións de endebedamento a que se refire este artigo. A formalización poderá realizarse de maneira fraccionada, en función das necesidades de financiamento da Comunidade Autónoma. Estas operacións poderán instrumentarse mediante a emisión de débeda pública, a concertación de créditos ou calquera outro instrumento financeiro dispoñible no mercado.

Igualmente, facúltase para, de acordo coas respectivas normas de emisión ou contratación, ou de mutuo acordo cos acredores, acordar operacións de troco, conversión, amortización anticipada total ou parcial, substitución, refinanciamento ou modificar ou renegociar as operacións de endebedamento xa formalizadas, co obxecto de conseguir a xestión máis adecuada do conxunto do endebedamento da Comunidade Autónoma.

Así mesmo, poderá acordar operacións con instrumentos financeiros derivados que permitan xestionar o risco ou a carga financeira da Comunidade Autónoma.

Cando co obxecto de optimizar a carga financeira derivada da débeda da Comunidade Autónoma se formalicen operacións de endebedamento que teñan por finalidade a amortización total ou parcial de operacións vivas contratadas con anterioridade, a contía das ditas amortizacións anticipadas non computará para os efectos do cálculo do límite a que se refire o artigo 30.2 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Catro. A Axencia Galega de Infraestruturas subrogarase na posición debedora da Sociedade Pública de Investimentos desde o momento da súa liquidación.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Artigo 38. *Débeda da tesouraría*

Un. A Comunidade Autónoma, para a atención de necesidades da Administración xeral, poderá concertar ou emitir operacións de débeda de tesouraría, por un prazo inferior a un ano, conforme o disposto no artigo 31 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, ata un importe que non supere o 15 por cento da consignación que figura no orzamento da Administración xeral como ingresos correntes incondicionados, entendendo como tal a suma dos capítulos I, II e III e mais o concepto 400.

Dous. Autorízase a persoa titular da Consellería de Facenda a determinar as condicións concretas e a formalizar estas operacións de crédito ou emisión de débeda pública, en calquera das súas modalidades.

Tres. Non obstante, atribúeselle ao director ou á directora xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos a facultade de acordar a disposición e o reembolso das operacións a que se refire este artigo.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

Artigo 39. *Endebedamento das entidades instrumentais do sector público*

Un. Para que os organismos autónomos, axencias públicas autonómicas e demais entidades instrumentais de calquera condición que, conforme a normativa aplicable en materia de estabilidade orzamentaria, estean incluídos dentro do sector das administracións públicas e consoliden o seu endebedamento co da Comunidade Autónoma consonte as normas do Sistema europeo de contas nacionais e rexionais, así como calquera outra entidade incluída no sector de sociedades non financeiras dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, poidan concertar ou renovar calquera tipo de operación de endebedamento ou de cobertura sobre ela, ou modificar as condicións financeiras de operacións de endebedamento vixentes, deberán contar coa autorización da Consellería de Facenda.

Independentemente do anterior, no caso de operacións para atender necesidades transitorias de tesouraría, o seu saldo vivo o 31 de decembro de 2019 non poderá superar o saldo vivo o 31 de decembro do exercicio anterior, agás autorización expresa da Consellería de Facenda.

Dous. O Instituto Galego da Vivenda e Solo, como medida para facilitar o acceso á vivenda, poderá concertar con entidades financeiras préstamos hipotecarios subrogables con destino ao financiamento de actuacións en materia de vivenda de promoción pública, sen que poidan establecerse cláusulas das cales deriven responsabilidades do referido instituto unha vez realizada a subrogación, sen prexuízo da previsión nos procedementos de execución hipotecaria, da cesión do remate ou da adxudicación por parte da entidade financeira executante a favor do Instituto Galego da Vivenda e Solo, cando sexa imprescindible para garantir o destino e o réxime legal da vivenda.

Así mesmo, no suposto de préstamos directos para a adquisición de vivendas concertadas entre as entidades financeiras e os adquirentes de vivendas de promoción pública ao abeiro dos convenios de financiamento asinados polo Instituto Galego da Vivenda e Solo e as ditas entidades, poderá establecerse, para os supostos de execución hipotecaria, a cesión do remate ou da adxudicación por parte da entidade financeira executante a favor do Instituto Galego da Vivenda e Solo, cando sexa imprescindible para garantir o destino e o réxime legal da vivenda.

Tamén poderá establecerse a cesión do remate ou da adxudicación por parte da entidade financeira executante a favor do Instituto Galego da Vivenda e Solo nos préstamos directos que se podan formalizar entre as entidades financeiras e os adxudicatarios que, estando en réxime de alugamento, decidan adquirir as vivendas que foron cedidas en uso ao Instituto Galego da Vivenda e Solo por parte das entidades financeiras e pola Sociedade de Xestión de Activos procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A. (SAREB), co obxecto de facilitarlles o acceso á propiedade aos actuais adxudicatarios.

XUNTA DE GALICIA

O importe dos créditos hipotecarios vivos no ano 2019 non poderá superar en ningún caso os 24.000.000 de euros, tendo en conta ademais que o volume da débeda viva na fin do exercicio non excederá o do 31 de decembro do ano anterior, agás con autorización expresa da Consellería de Facenda.

Tres. O réxime de autorización establecido nos puntos anteriores realizarase a través da dirección xeral competente en materia de política financeira.

As mencionadas entidades dependentes da Comunidade Autónoma deberán remitir á Consellería de Facenda, a través da referida dirección xeral, nos primeiros quince días de cada trimestre, e de conformidade coas instrucións que esta estableza, a seguinte información relativa á fin do trimestre inmediato anterior:

a) O detalle da situación de endebedamento, coa desagregación de cada operación financeira.

b) O detalle das operacións financeiras activas.

Así mesmo, as citadas entidades estarán obrigadas a remitir calquera outra información requirida pola Consellería de Facenda co obxecto de cumprir coas obrigas de subministración de información que veñan establecidas polo Estado e a Unión Europea.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Artigo 40. *Outras operacións financeiras*

A formalización de calquera operación de carácter financeiro non referida nos artigos precedentes, como instrumentos de leasing, factoring e outros, por parte dos órganos da Administración xeral e de calquera das entidades públicas instrumentais deberá contar coa correspondente autorización da Consellería de Facenda, a través da dirección xeral competente en materia de política financeira.

# CAPÍTULO II

## Afianzamento por aval

Artigo 41. *Avais*

Un. Con carácter xeral e de conformidade co disposto no artigo 41 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, o importe máximo dos avais que a Xunta de Galicia poderá conceder durante o ano 2019 será de 30.000.000 de euros.

Dous. Adicionalmente, poderase avalar o puntual e íntegro cumprimento de todas as obrigas financeiras e pecuniarias do Instituto Galego de Promoción Económica que puideren derivar dos contratos de financiamento asinados co Banco Europeo de Investimentos.

Nos primeiros quince días de cada trimestre, o Instituto Galego de Promoción Económica deberá remitir á Consellería de Facenda, a través da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, e de conformidade coas instrucións que esta estableza, a información relativa ás disposicións, aplicacións e amortizacións efectuadas das operacións avaladas ante o Banco Europeo de Investimentos.

Tres. Consonte o disposto no artigo 45 do mesmo texto legal, o Instituto Galego de Promoción Económica poderá conceder durante o ano 2019 avais en contía que non supere en ningún momento o saldo efectivo vixente de 500.000.000 de euros.

Co obxecto de atender proxectos de axuda ao desenvolvemento no exterior, e dentro do saldo indicado no parágrafo anterior, o Instituto Galego de Promoción Económica poderá avalar operacións de crédito ata 30.000.000 de euros.

Por cada operación de aval e por cada liña ou programa de avais dotarase unha provisión para atender posibles falidos na contía que determine a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, ben en relación co importe da operación individual, ben en consideración ao montante total da liña ou do programa. O importe destas provisións destinarase ao Fondo de Garantía de Avais de acordo co sinalado na alínea i) do artigo 7 desta lei.

Nos primeiros quince días de cada trimestre o Instituto Galego de Promoción Económica deberá remitir á Consellería de Facenda, a través da referida dirección xeral, e de conformidade coas instrucións que esta estableza, a información relativa aos avais existentes á fin do trimestre inmediato anterior.

Catro.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

a) O Consello da Xunta, por proposta conxunta da persoa titular da Consellería de Facenda e da consellaría a que estea adscrito o Instituto Galego de Promoción Económica, poderá acordar, por instancia motivada do Instituto Galego de Promoción Económica e logo do pedimento dos interesados e do informe da consellaría correspondente por razón da materia, a novación das obrigas de reintegro derivadas da execución e do pagamento dos avais do Instituto Galego de Promoción Económica e mais a suspensión do exercicio das accións de regreso que ao abeiro do artigo 10.2 do Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación de avais prestados fora do Instituto Galego de Promoción Económica, corresponden á Comunidade Autónoma, cando se cumpran as seguintes condicións:

1ª) O exercicio da acción de regreso regulada no artigo 10.2 do Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación de avais do Instituto Galego de Promoción Económica, afecta grave ou substancialmente o mantemento da actividade produtiva ou empresarial a que estean afectos os bens tomados en contragarantía dos avais e a valoración que se efectúe da viabilidade económica da empresa permite considerar que a continuación da explotación é máis vantaxosa para a administración, por lle permitir recuperar nun maior grao o importe dos seus créditos.

2ª) O debedor deberá ofertar un calendario de pagamentos para o reintegro das cantidades debidas e garantir estes pagamentos con iguais garantías que as constituídas inicialmente conforme o previsto na normativa aplicable. O Instituto Galego de Promoción Económica poderá exixir garantías adicionais no suposto de que as inicialmente constituídas resulten insuficientes.

3ª) A novación xustificarase en atención á capacidade económica e as previsións de ingresos do titular dos bens, ao mantemento da actividade produtiva ou empresarial e do emprego vinculado a esta e mais ao valor actualizado dos bens dados en contragarantía. Complementariamente, teranse en conta circunstancias tales como a promoción de formas asociativas laborais ou outras consideracións socioeconómicas relevantes, que deberán ser debidamente motivadas. Esta novación poderá incluír a quitación ou a minoración do importe debido, ademais do adiamento do pagamento. A novación establecerá compromisos determinados en materia de mantemento de actividade e emprego, a cargo do beneficiario.

b) O incumprimento do calendario de pagamentos establecido ou dos compromisos asumidos en materia de mantemento de actividade e emprego supoñerá a ineficacia do pacto novatorio e a obriga de reintegro á Administración autonómica do importe total inicialmente debido máis os xuros de mora correspondentes. Poderán establecerse, ademais, penalidades por incumprimento.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

O incumprimento supoñerá tamén a incoación das accións de regreso que ao abeiro do artigo 10.2 do Decreto 284/1994 corresponden á Comunidade Autónoma.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

TÍTULO IV

**Xestión orzamentaria**

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Artigo 42. *Intervención limitada*

A contía a que se refire o artigo 97.1.a) do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, queda establecida no importe fixado para ter a consideración de contratos menores de subministración na lexislación reguladora da contratación do sector público.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

Artigo 43. *Fiscalización das operacións de endebedamento da Comunidade Autónoma*

A intervención previa dos procedementos de contratación de operacións de endebedamento da Comunidade Autónoma realizarase no momento procedemental inmediatamente anterior ao compromiso que se adquire co asinamento do contrato, e comprobarase o cumprimento de todos os requisitos exixidos para aprobar e comprometer o gasto.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

Artigo 44. *Fiscalización de nomeamentos ou de contratos para substitucións de persoal*

A fiscalización de nomeamentos e de contratos para substitucións de persoal por razóns de necesidade e de urxencia conxuntural realizarase con carácter previo á alta en nómina, mediante a verificación da adecuación do proceso de selección coa normativa vixente e da existencia de nomeamento ou de contrato, así como de crédito adecuado e abondo.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Artigo 45. *Proxectos de gasto*

Un. A Consellería de Facenda poderá agregar as partidas de gasto corrente que constitúan un centro de custos en proxectos de gasto para os efectos de lles asignar obxectivos orzamentarios.

Dous. As modificacións dos programas de investimento que impliquen o inicio de novos proxectos ou a variación dos existentes requirirán a asignación dun novo código pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda, logo da tramitación da oportuna modificación polo órgano competente segundo o previsto no Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Artigo 46. *Autorización do Consello da Xunta para a tramitación de determinados expedientes*

Un. Requirirá autorización previa por parte do Consello da Xunta a tramitación de expedientes de contratación e de encomendas de xestión cando o valor estimado ou o importe do gasto, respectivamente, sexa superior a 4.000.000 de euros.

Dous. A tramitación de expedientes que comporte a modificación de convenios que fosen previamente autorizados polo Consello da Xunta requirirá autorización previa do mesmo órgano. Porén, non será precisa esta autorización cando a modificación non supoña unha alteración do obxecto nin comporte incremento do importe total das obrigas de contido económico asumidas polas entidades do sector público autonómico ou no número de exercicios orzamentarios aos que se imputan as ditas obrigas, sempre que a distribución do importe correspondente a cada exercicio respecte os límites a que fai referencia o artigo 58.3 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

Artigo 47. *Transferencias de financiamento*

Un. Teñen a consideración de transferencias de financiamento as achegas en diñeiro nominativas a favor dos organismos e das entidades vinculadas ou dependentes da Administración da Comunidade Autónoma destinadas a financiaren global ou parcialmente a súa actividade con carácter indiferenciado.

Dous. As achegas de natureza corrente deberanse librar con carácter mensual por doceavas partes, agás que mediante convenio se regule outro réxime diferente de pagamento. Este convenio deberá someterse a informe da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma sobre a adecuación do réxime de libramento proposto ao ritmo de execución do gasto corrente da entidade.

Os convenios que, de ser o caso, estiveren vixentes á entrada en vigor desta lei deberán ser revisados nos tres primeiros meses do exercicio para os efectos de os axustar ao disposto neste artigo.

Tres. As achegas de capital libraranse atendendo o ritmo de execución do gasto de capital da entidade.

Catro. Os convenios que se formalicen para regular o réxime de libramentos das transferencias de financiamento non precisarán da autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

Cinco. A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma verificará a correcta aplicación destas achegas mediante o uso das técnicas de fiscalización e auditoría previstas no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e mais nas normas que a desenvolven.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Artigo 48. *Subvencións nominativas*

Un. Non poderán incrementarse os créditos previstos nesta lei para subvencións nominativas.

Dous. Os convenios ou as resolucións en que se estableza a concesión de subvencións nominativas regularán así mesmo o réxime de xustificación, pagamentos e anticipos que, se é o caso, se poidan librar. Estes convenios ou resolucións só necesitarán a autorización previa do Consello da Xunta cando de xeito excepcional, logo da xustificación da súa ineludible necesidade, prevexan un pagamento a conta ou un anticipo superior aos permitidos nos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Artigo 49. *Concesión directa de axudas e subvencións*

A resolución de concesión de subvencións correntes e de capital que con carácter excepcional se realicen ao abeiro do disposto nos artigos 19.4.c) e 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, requirirá autorización do Consello da Xunta cando a súa contía supere o importe de 6.010 euros por beneficiario e ano, ou as concedidas por cada departamento da Administración autonómica excedan globalmente os 60.100 euros no exercicio, exceptuadas as que vaian ser formalizadas mediante convenio ou instrumento bilateral, ás cales lles será aplicable o réxime xeral previsto no artigo 26.3 da devandita Lei 9/2007. Os importes elevaranse a 12.000 euros e 120.300 euros, respectivamente, para a sección 04, servizo 10, Secretaría Xeral da Presidencia.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Artigo 50. *Simplificación da acreditación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da Comunidade Autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social*

De acordo co previsto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a obrigación de presentar a certificación que acredita o cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma poderá ser substituída pola declaración responsable da persoa solicitante de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social, así como de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos seguintes casos:

a) As subvencións ou axudas que se concedan con cargo ao artigo 77 do orzamento de gastos, cando non superen por beneficiario ou beneficiaria e axuda o importe de 1.500 euros.

b) As concedidas aos beneficiarios e ás beneficiarias para a mellora da condición de financiamento que se paguen a través das entidades financeiras correspondentes.

c) As axudas que se concedan para incentivar a contratación de seguros no sector agrario e acuícola, amparados no Plan de seguros agrarios combinados.

d) As axudas que se concedan con carácter de compensación ou indemnizatorio.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

Artigo 51. *Exoneración da obriga de constituír garantías para os beneficiarios de axudas e subvencións*

De acordo co previsto no artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, quedan exonerados da constitución de garantía as universidades públicas e as entidades vinculadas ou dependentes das mesmas.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Artigo 52. *Pagamento de axudas e subvencións*

O pagamento, mediante aboamentos mensuais, das bolsas que se concedan a persoas físicas beneficiarias directas, destinadas expresamente a financiaren estudos e investigación en centros públicos ou privados, poderá efectuarse de forma anticipada, con suxeición ao establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Artigo 53. *Préstamos concedidos con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma*

Un. Sen prexuízo da análise de riscos, competencia e responsabilidade do centro xestor do gasto, será preceptivo e vinculante o informe da Consellería de Facenda para a concesión de préstamos con cargo aos créditos do capítulo VIII dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

O citado informe terá por obxecto determinar o efecto que as condicións de concesión dos préstamos poidan ter sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e, atendendo as devanditas consideracións, determinará a procedencia da concesión das operacións propostas.

No suposto de préstamos que se vaian conceder a través de procedementos de concorrencia, o citado informe emitirase no momento anterior á aprobación da convocatoria.

Dous. Os beneficiarios dos préstamos deberán acreditar que se atopan ao corrente do pagamento das obrigas de reembolso de calquera outro préstamo concedido anteriormente con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma.

Corresponde ao centro xestor do gasto comprobar o cumprimento destas condicións con anterioridade ao pagamento, exixindo, cando non se poida acreditar doutro xeito, unha declaración responsable da persoa beneficiaria ou certificación do órgano competente de este ser unha administración pública.

Tres. Mediante orde da Consellería de Facenda poderanse ditar as instrucións que sexan precisas para o cumprimento desta disposición.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Artigo 54. *Expedientes de dotación artística*

Para a aplicación do previsto no artigo 119 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, a porcentaxe correspondente ao ano 2019 será do 2 por cento, quedando excluídas da base de aplicación desta porcentaxe as obras por importes inferiores aos 120.000 euros.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

Artigo 55. *Módulo económico de distribución de fondos públicos para sostemento de centros concertados*

Un. De acordo co establecido nas alíneas 2 e 3 do artigo 117 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o importe do módulo económico por unidade escolar, para os efectos de distribución da contía global dos fondos públicos destinados ao sostemento dos centros concertados para o ano 2019, é o fixado no anexo IV desta lei.

Dous. As retribucións do persoal docente terán efectividade desde o 1 de xaneiro de 2019, sen prexuízo da data en que se asinen as táboas salariais para 2019 do VI Convenio colectivo de empresas do ensino privado sostidas total ou parcialmente con fondos públicos, publicado pola Resolución do 30 de xullo de 2013 da Dirección Xeral de Emprego. A Administración autonómica poderá aceptar pagamentos a conta, logo da solicitude expresa e coincidente de todas as organizacións patronais e de consulta coas sindicais, ata o momento en que se produza o asinamento das correspondentes táboas, considerándose que estes pagamentos a conta terán efecto desde o 1 de xaneiro de 2019.

As contías sinaladas para salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais, serán aboadas directamente pola administración, mediante pagamento delegado, sen prexuízo da relación laboral entre o profesorado e o titular do centro respectivo. A distribución dos importes que integran os «Gastos variables» efectuarase de acordo co establecido nas disposicións reguladoras do réxime de concertos.

A administración só aboará as categorías funcionais directivas de director ou directora e de xefe ou xefa de estudos do centro, así como os trienios destas dúas categorías. Non aboará ningunha outra categoría funcional directiva, e singularmente as denominadas xefaturas de departamento, aínda que iso figure expresamente recollido no convenio colectivo vixente. No ano 2019 a Administración autonómica tampouco subscribirá acordos nin ditará instrucións ou resolucións para o aboamento da paga extraordinaria por antigüidade na empresa prevista no VI Convenio colectivo de empresas do ensino privado sostidas total ou parcialmente con fondos públicos.

Os compoñentes do módulo destinados a «Outros gastos» e «Persoal complementario» terán efectos a partir do 1 de xaneiro de 2019.

As contías correspondentes ao módulo de «Outros gastos» aboaranse mensualmente, e os centros poden xustificar a súa aplicación ao rematar o correspondente exercicio económico de forma conxunta para todas as ensinanzas concertadas do centro.

As contías correspondentes ao módulo de «Persoal complementario» tamén se aboarán mensualmente, e os centros deberán xustificar estes importes ao remate do exercicio económico e separadamente do módulo de «Outros gastos».

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Tres. Os centros que impartan os catro cursos da educación secundaria obrigatoria serán dotados do financiamento dos servizos de orientación educativa. Esta dotación realizarase sobre a base de calcular o equivalente a unha xornada completa do profesional axeitado para estas tarefas, en función do número de unidades de educación secundaria obrigatoria que teña concertadas o centro e ata un máximo de vinte e cinco horas por centro. Os custos da persoa orientadora, que se incluirán na nómina de pagamento delegado do centro, serán os correspondentes ao salario, os gastos variables e o complemento retributivo segundo o establecido nos módulos económicos por unidade escolar do primeiro e segundo cursos ou do terceiro e cuarto cursos da educación secundaria obrigatoria, respectivamente.

Catro. Facúltase o Consello da Xunta para fixar as relacións profesor ou profesora/unidade concertadas adecuadas para impartir o plan de estudos vixente en cada nivel obxecto do concerto, calculadas con base nas xornadas de profesor ou profesora con vinte e cinco horas semanais.

A administración non asumirá os incrementos retributivos, as reducións horarias ou calquera outra circunstancia que conduza a superar o previsto para cada centro nos correspondentes módulos económicos, segundo o establecido no anexo IV desta lei.

Cinco. A relación profesor ou profesora/unidade dos centros concertados poderá ser incrementada en función do número total do profesorado afectado polas medidas de recolocación que se viñesen adoptando ata o momento da entrada en vigor desta lei e se atopen en pagamento delegado.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

# TÍTULO V

## Corporacións locais

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

# CAPÍTULO I

## Financiamento e cooperación económica coas corporacións locais

Artigo 56. *Créditos asignados ás corporacións locais*

O montante total dos créditos que se asignan ás corporacións locais nos estados de gastos que se detallan no artigo 2 desta lei, derivados da súa participación no Fondo de Cooperación Local e da subscrición de convenios e da concesión de subvencións, ascende a 390.566.748 euros, coa distribución funcional que figura no anexo V.

O CONSELLEIRO DE FACENDA

XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Artigo 57. *Dotación e distribución do Fondo de Cooperación Local*

Un. Consonte o indicado na disposición adicional quinta da Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011, a porcentaxe de participación do Fondo de Cooperación Local na recadación líquida dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da Administración xeral, homoxeneizados como se indica no parágrafo seguinte, queda establecida no 2,3787935 por cento para o exercicio de 2019.

O índice de evolución correspondente á recadación dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos, homoxeneizada coas variacións dos tipos impositivos estatais do imposto sobre o valor engadido e dos impostos especiais comunicadas polo Estado para ese exercicio, é positivo con respecto á de 2011, que é utilizada na determinación da porcentaxe de participación sinalada.

En consecuencia, no ano 2019 repartirase fondo adicional entre os concellos, e a porcentaxe de participación desagrégase da forma seguinte:

a) Un 2,1867427 por cento corresponde ao fondo base.

b) Un 0,1920508 por cento corresponde ao fondo adicional.

Dous. O crédito orzamentario inicial destinado ao pagamento das entregas a conta correspondentes á participación das entidades locais nos tributos da Comunidade Autónoma ascende a 122.894.647 euros, dos cales euros corresponden ao fondo base e 112.972.806 euros e 9.921.841euros ao fondo adicional.

Tres. Con anterioridade á repartición do fondo base deducirase un importe de 600.000 euros anuais, que se destinarán aos gastos de mantemento propios da Federación Galega de Municipios e Provincias. A cantidade restante será obxecto de distribución entre todos os concellos de Galicia, conforme os coeficientes que se establecen no anexo VI.

Catro. Consonte o acordo acadado na Subcomisión Permanente do Réxime Económico e Financeiro da Comisión Galega de Cooperación Local, con anterioridade á repartición do fondo adicional deducirase un importe de 221.841euros, que se destinará á Federación Galega de Municipios e Provincias para actualizar as dotacións destinadas aos seus gastos de funcionamento. O resto da dotación deste fondo repartirase nos seguintes bloques:

– 145.000 euros aos concellos con institucións penitenciarias no seu termo municipal.

– 1.850.000 euros aos concellos que teñan que asumir o financiamento de servizos de emerxencia de carácter supramunicipal.

CONSELLERÍA DE FACENDA XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

– 3.200.000 euros aos concellos de menos de 50.000 habitantes que teñen que asumir os gastos de funcionamento dos centros de saúde da súa titularidade.

– 2.500.000 euros aos concellos que teñen que asumir o financiamento das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa para a prevención de incendios.

– 700.000 euros aos concellos que teñen que asumir o financiamento dos custos de mantemento dos conservatorios de grao medio.

– 500.000 euros aos concellos resultantes dun proceso de fusión.

Mediante acordo da Subcomisión Permanente do Réxime Económico e Financeiro da Comisión Galega de Cooperación Local determinaranse tanto as variables que se van utilizar na repartición de cada un dos bloques sinalados neste punto como os módulos unitarios que se van considerar en relación con cada unha desas variables, e sinalarase a contía que corresponde a cada concello polo fondo adicional de 2019, agás o que atinxe a o último bloque que se adirá ao fondo do parágrafo oito de este artigo e se repartirá cos mesmos criterios.

O resto do fondo adicional, por un importe de 805.000 euros repartirase entre os concellos con poboación de dereito inferior a 15.000 habitantes de acordo cos seguintes criterios de ponderación: habitantes, 55 por cento; maiores de 65 anos, 10 por cento; superficie, 15 por cento; núcleos de poboación, 20 por cento. Os datos considerados para a aplicación dos criterios previstos nos puntos anteriores serán os oficialmente dispoñibles o 1 de xaneiro do ano 2019.

As cantidades asignadas a cada concello na repartición deste resto do fondo adicional, conforme os criterios precedentes, modularanse mediante a aplicación, con efectos redistributivos e unha ponderación do 5 por cento, da variable esforzo fiscal, co que se obteñen así as participacións finais de cada concello.

O índice de esforzo fiscal municipal obterase mediante a aplicación da seguinte fórmula:

EFM = (RM/RG) – (PM/PG), sendo:

EFM: o índice de esforzo fiscal municipal;

RM: a recadación dos capítulos I, II e III do concello, excluídos os tributos cedidos polo Estado;

RG: a recadación dos capítulos I, II e III de todos os concellos, excluídos os tributos cedidos polo Estado;

CONSELLEIRO DE FACENDA XUNTA DE GALICIA

PM: a poboación do concello o 1 de xaneiro do ano considerado para a recadación;

PG: a poboación de todos os concellos na mesma data.

Os datos de recadación para considerar no cálculo do índice de esforzo fiscal son os correspondentes ao último exercicio dispoñible polo Consello de Contas o 1 de xaneiro de 2019 que resulten da liquidación dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da respectiva entidade local, obtidos a partir das contas rendidas no prazo e forma, de conformidade co esixido pola Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas.

No caso de que o concello non tivese efectuada a rendición de contas no prazo e forma, atribuiráselle a recadación que resulte de aplicar á súa poboación a menor recadación per cápita dos concellos que a presentasen.

Cinco. O disposto nos puntos Un e Tres será aplicable na distribución da entrega a conta e da liquidación definitiva do exercicio 2019.

No caso do fondo adicional, se a diferenza entre o importe total da liquidación definitiva e o correspondente ás entregas a conta realizadas é positiva, esta distribuirase exclusivamente entre os concellos con poboación de dereito inferior a 15.000 habitantes de acordo cos criterios de ponderación sinalados no apartado Catro deste artigo.

Seis. Para determinar a liquidación definitiva de 2017 tomarase a recadación líquida dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos homoxeneizada coas variacións dos tipos impositivos do imposto sobre o valor engadido e dos impostos especiais comunicadas polo Estado como definitivas para ese exercicio.

No que se refire ao fondo base, a distribución desta liquidación definitiva realizarase aplicando a cada concello o coeficiente de repartición e as regras de distribución que lle corresponderon na entrega a conta do exercicio que se liquida.

No caso do fondo adicional, a diferenza entre a liquidación definitiva que lle corresponde e o importe da entrega a conta distribuirase entre os concellos con poboación de dereito inferior a 15.000 habitantes, conforme os criterios establecidos para estes concellos no artigo 54.Catro da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Sete. Cando no transcurso do exercicio se poña fin a procedementos de fusión ou de incorporación de concellos, o concello resultante da fusión ou incorporación percibirá a suma das entregas a conta correspondentes a cada concello fusionado ou incorporado e, se é o caso, as liquidacións definitivas que para cada un deles se satisfagan no ano 2019. Do mesmo xeito, o concello resultante destes procedementos terá dereito a percibir a

CONSELLEIRO DE FACENDA XUNTA DE GALICIA

suma das liquidacións que polo exercicio 2019 correspondan aos concellos fusionados ou incorporados.

Oito. No ano 2019 dótase un fondo complementario cun importe de 1.300.000 euros, que se destinará ao cumprimento do sinalado no artigo 13.Un, alíneas a) e f), da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia.

A repartición deste fondo complementario realizarase nas condicións que estableza a consellería competente en materia de Administración local que tamén establecerá o reparto do bloque do fondo adicional correspondente aos concellos resultantes dun proceso de fusión.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Artigo 58. *Transferencias derivadas de convenios ou subvencións*

As transferencias ás entidades locais de Galicia derivadas da subscrición de convenios ou da concesión de subvencións, que figuran recollidas nos diferentes programas dos estados de gastos que se detallan no artigo 2 desta lei, ascenden a 261.822.395 euros, coa distribución funcional que figura no anexo VII.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

# CAPÍTULO II

## Procedemento de compensación e retención do fondo de cooperación *local*

*Artigo 59. Débedas obxecto de compensación*

Un. As cantidades que correspondan a cada concello como participación no Fondo de Cooperación Local serán susceptibles de compensación coas débedas vencidas, líquidas e exixibles que teñan contraídas coa Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico que actúen no exercicio das súas potestades administrativas.

Dous. En particular, poderán ser obxecto de compensación as cantidades vencidas, líquidas e exixibles debidas á Administración da Comunidade Autónoma e ás entidades instrumentais do sector público autonómico que actúen no exercicio das súas potestades administrativas, como danos e perdas derivados do incumprimento de convenios administrativos de colaboración.

Para estes efectos, entenderase que son líquidas as cantidades que a Comunidade Autónoma aboase a terceiros como consecuencia do incumprimento do convenio pola entidade local. Estas cantidades comunicaranse ao concello, coa achega das facturas ou doutros documentos que acrediten os gastos realizados, e tras a audiencia deste aprobaranse por resolución motivada.

Tres. Ademais, poderán ser obxecto de compensación coa participación no Fondo de Cooperación Local as achegas dos concellos que, en virtude de convenio coa Xunta de Galicia e as súas entidades instrumentais, teñan a condición de vencidas, líquidas e exixibles.

Catro. Por último, poderán ser obxecto de retención as cantidades que as entidades locais municipais deban satisfacer ás mancomunidades a que pertenzan de acordo co disposto na lexislación da Administración local. Tamén as que deban satisfacerse a outras mancomunidades, concellos e consorcios que xestionen servizos en común, como consecuencia da súa obriga de participar no financiamento e mantemento destes servizos e sempre que así se estableza de xeito expreso no instrumento regulador asinado entre as partes, e que este instrumento sexa comunicado, con carácter previo ao seu asinamento, á Consellería de Facenda para que autorice a utilización do procedemento de compensación.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Artigo 60. *Procedemento para a compensación das débedas e posterior retención nas entregas a conta*

Un. No caso de débedas vencidas, líquidas e exixibles coa Xunta de Galicia, os seus organismos autónomos, as axencias públicas e as demais entidades instrumentais do sector público autonómico que actúen no exercicio de potestades administrativas, o procedemento de retención iniciarase por solicitude do órgano ao que lle corresponde a competencia no procedemento executivo de recadación da débeda, quen previamente terá ditado o oportuno acordo de compensación desta e o terá notificado ao concello debedor.

Neste suposto, corresponderá ao órgano encargado da xestión do Fondo de Cooperación Local ditar o acordo de retención, tanto nas entregas a conta do fondo que se deban realizar ao concello debedor durante o exercicio corrente como na liquidación definitiva anual deste que se realice durante o devandito exercicio, tendo en conta o establecido no artigo seguinte en canto á orde de prelación de débedas nos supostos de concorrencia.

Dous. O procedemento previsto no punto anterior tamén se aplicará ás débedas incluídas no punto Tres do artigo 59. Porén, cando o propio convenio estableza expresamente a posibilidade de realizar a retención no Fondo de Cooperación Local, o procedemento limitarase ao sinalado respecto do acordo de retención.

Tres. No caso de débedas con entidades locais que non dependen da Comunidade Autónoma, o procedemento de retención iniciarase por solicitude do alcalde ou da alcaldesa ou do presidente ou da presidenta da entidade local acredora da débeda, que axuntará a esta solicitude a certificación do seu responsable de recadación, na cal se faga constar a denominación, o concepto e o importe da débeda cuxa retención se solicita e mais a data en que se produciu o vencemento do período de pagamento comunicado para a facer efectiva. Ademais, á solicitude incorporaráselle unha copia compulsada do documento (estatutos da entidade, convenio de prestación de servizos ou calquera outro) do que dimane a vinculación xurídica entre as partes e ampare a obrigatoriedade da débeda reclamada, así como tamén se achegará o plan de pagamentos que se propón.

Neste suposto, corresponderá ao órgano encargado da xestión do Fondo de Cooperación Local ditar o acordo de retención, tanto nas entregas a conta do fondo que se deben realizar ao concello debedor durante o exercicio corrente como na liquidación definitiva anual del que se realice durante o devandito exercicio, tendo en conta o establecido no artigo seguinte en canto á orde de prelación de débedas en supostos de concorrencia.

CONSELLEIRO DE FACENDA XUNTA DE GALICIA

Artigo 61. *Orde de prelación na concorrencia de débedas*

Un. Cando concorran varias débedas que deba satisfacer o mesmo concello, a retención practicarase tendo en conta a seguinte orde de prelación:

1) A débeda correspondente á liquidación anual do Fondo de Cooperación Local, cando esta tiver carácter negativo.

2) As restantes débedas previstas no artigo 59.

Dous. No caso de que a liquidación anual do Fondo de Cooperación Local ao concello teña carácter negativo, procederase á súa retención, por partes iguais nas entregas a conta correspondentes ás catro mensualidades inmediatamente seguintes ao coñecemento da liquidación, podendo alcanzar ata o cen por cento da contía asignada a cada entrega a conta.

Se a contía desta liquidación negativa supera o importe desas catro mensualidades, continuará a practicarse a retención, conforme as condicións anteriormente sinaladas, nas mensualidades sucesivas ata que se extinga a débeda.

Tres. Cando o importe que haxa da liquidación anual de carácter negativo o permita e no acordo de retención concorran outras débedas previstas no artigo 59, a retención, ata a extinción total das débedas, poderá alcanzar ata o cen por cento da contía asignada, tanto en cada entrega a conta como na liquidación definitiva anual correspondente á participación no fondo, ao respectivo concello. Esta retención aplicarase ás débedas seguindo estritamente a orde de prelación establecida neste artigo.

Catro. Se no acordo de retención existe a concorrencia das débedas previstas no grupo 2 do punto Un deste artigo, e cando a contía de todas elas supere a cantidade máxima susceptible de retención, esta ratearase entre aquelas en función dos seus importes.

Cinco. A contía que haxa que reter no conxunto do exercicio poderase reducir cando se xustifique a existencia de graves desfasamentos de tesouraría xerados pola prestación daquelas obrigas relativas:

– ao cumprimento regular das obrigas de persoal;

– á prestación dos servizos públicos obrigatorios en función do número de habitantes do municipio;

– á prestación de servizos sociais, protección civil e extinción de incendios, para cuxa realización non se exixa ningunha contraprestación en forma de prezo público ou taxa equivalente ao custo do servizo realizado.

CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Non se poderá establecer en ningún caso unha porcentaxe de retención para o conxunto das restantes débedas previstas no punto Un deste artigo inferior ao 50 por cento da entrega a conta ou da liquidación definitiva anual correspondente ao concello.

Nos procedementos de redución da porcentaxe de retención, o órgano xestor do Fondo de Cooperación Local ditará a resolución correspondente, tendo en conta a situación financeira da entidade e a necesidade de garantir a prestación dos servizos públicos obrigatorios. Para iso, a entidade local deberá achegar, con carácter imprescindible e non exclusivo:

– un certificado expedido polos órganos de recadación das entidades acredoras no cal se acredite que se atendeu o pagamento das obrigas correntes nos doce meses precedentes ao mes inmediato anterior á data de solicitude da certificación;

– un informe da situación financeira actual subscrito polo interventor ou a interventora local, o cal inclúa o cálculo do remanente de tesouraría na data de solicitude da redución da porcentaxe de retención e poña de manifesto os termos en que a dita situación afecta o cumprimento das obrigas recollidas no parágrafo primeiro deste punto;

– un plan de saneamento, aprobado polo pleno, que inclúa o exercicio en curso.

Na resolución fixarase o período de tempo en que a porcentaxe de retención deberá ser reducida, sen que caiba a extensión deste máis alá da finalización do exercicio económico. En todo caso, tal redución estará condicionada á aprobación pola entidade local dun plan de saneamento ou á verificación do cumprimento doutro en curso.

Seis. As débedas obxecto de retención nun exercicio que non se extinguisen ao termo deste recibirán, dentro do grupo a que se refire o punto Un deste artigo, un tratamento preferente para o exercicio seguinte, de maneira que as débedas pertencentes ao mesmo grupo, cuxa compensación se solicite nese exercicio, concorrerán con aquelas só cando a aplicación dos límites porcentuais que, en cada caso, prevexa este artigo o permita.

Sete. As resolucións en que se declara a extinción das débedas con cargo ás cantidades que se retivesen corresponderán, en cada caso, ao órgano legalmente competente que teña atribuída a xestión recadatoria, de acordo coa normativa específica aplicable, e producirán os seus efectos, na parte concorrente da débeda, desde o momento en que se efectuou a retención.

O CONSELLEIRO DE FACENDA XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

TÍTULO VI

**Normas tributarias**

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

# CAPÍTULO I

## Tributos propios

Artigo 62. *Criterios de afectación de determinados tributos*

Un. A totalidade dos ingresos previstos polo imposto sobre o dano ambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada, establecido pola Lei 15/2008, do 19 de decembro, financiará actuacións comprendidas nos programas 541B, 541D e 551B, en concreto os gastos de investimento destinados ao saneamento, á protección e á mellora do medio natural, así como a realización de transferencias para levar a cabo obras e servizos hidráulicos.

Dous. A metade da dotación anual, que cos recursos do canon eólico corresponde ao Fondo de Compensación Ambiental, establecido pola Lei 8/2009, do 22 de decembro, financiará os gastos de investimento consignados nos programas 541B, 541D, 551B e 733A, así como neste último programa os gastos correspondentes co sinalado no artigo 13. Catro c).

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional primeira. *Información ao Parlamento*

Un. A Consellería de Facenda facilitará trimestralmente á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento a información referida ás seguintes actuacións:

a) As ampliacións de crédito realizadas para atender o pagamento de obrigas derivadas de crebas de operacións de crédito avaladas pola Comunidade Autónoma.

b) As operacións de endebedamento por un prazo superior a un ano, formalizadas pola Comunidade Autónoma, os seus organismos autónomos, as axencias públicas autonómicas ou as restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, conforme as autorizacións contidas nesta lei.

c) Os avais amortizados, os pagamentos efectuados por falidos, os importes recuperados e o risco acumulado, tanto no que respecta aos avais concedidos pola Comunidade Autónoma como aos concedidos polas entidades instrumentais do sector público autonómico.

d) As autorizacións de revisións de prezos en concertos ou convenios que superen o incremento do índice de prezos ao consumo.

e) A enumeración nominal e individualizada das concesións de subvencións ou axudas autorizadas polo Consello da Xunta a que se refire o artigo 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Dous. A Consellería de Facenda comunicará á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento, nun prazo de trinta días:

a) A realización das adaptacións técnicas dos orzamentos autorizadas consonte o previsto na alínea p) do artigo 5 desta lei.

b) As modificacións efectuadas conforme o indicado no artigo 9.

c) Os orzamentos dos organismos autónomos, das axencias públicas autonómicas, das entidades públicas empresariais e das sociedades mercantís públicas autonómicas que poidan entrar en funcionamento ao longo de 2019.

Tres. A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A., ou a entidade que se subrogue na súa posición, comunicará mensualmente á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento os plans económico-financeiros que subscriba no desenvolvemento da súa actividade.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional segunda. *Porcentaxes de gastos xerais de estrutura de contrato de obra*

En virtude da previsión establecida no artigo 131.1 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, determínase, con carácter uniforme para todos os contratos de obra que concerten os órganos de contratación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e do seu sector público, a seguinte distribución de gastos xerais de estrutura que sobre eles inciden:

a) O 13 por cento en concepto de gastos xerais da empresa, gastos financeiros, cargas fiscais (imposto sobre o valor engadido excluído), taxas da administración, que inciden sobre o custo das obras e os demais derivados das obrigas do contrato.

b) O 6 por cento en concepto de beneficio industrial do contratista.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional terceira. *Autorización de orzamentos en entidades instrumentais de nova creación*

Autorízase o Consello da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería de Facenda, a aprobar os orzamentos de explotación e capital das entidades públicas instrumentais con orzamento estimativo que se constitúan ou entren en funcionamento ao longo do ano 2019, e deberanse remitir tales orzamentos ao Parlamento de Galicia.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional cuarta. *Adecuación dos estados financeiros das entidades instrumentais*

Os órganos de goberno das entidades públicas empresariais, das sociedades mercantís públicas autonómicas, das fundacións do sector público autonómico e das demais entidades con orzamento estimativo incluídas no ámbito de aplicación desta lei deberán adecuar os orzamentos de explotación e capital e os demais estados financeiros ás transferencias de financiamento consignadas nos estados de gastos desta lei no prazo dun mes desde a entrada en vigor desta norma.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional quinta. *Orzamento inicial das axencias públicas autonómicas e requisitos de creación*

Un. Para as axencias públicas que se poidan constituír ata o 31 de decembro do ano 2019 e asuman funcións doutros centros directivos, organismos ou entidades, o Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da Consellería de Facenda e por iniciativa da consellaría de que dependa a axencia pública, establecerá as dotacións do seu orzamento inicial, que deberán remitirse para o seu coñecemento ao Parlamento de Galicia.

O orzamento financiarase mediante a minoración dos créditos que teña atribuídos o centro, o organismo ou a entidade cuxas funcións asuma, sen que supoña un incremento do gasto público, e terá a vinculación orzamentaria establecida para axencias na normativa vixente en materia de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Dous. Con todo, cando a axencia que se constitúa asuma na súa totalidade funcións dun organismo autónomo, procederase á adaptación do orzamento do organismo ao previsto para as axencias na normativa vixente en materia de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, de conformidade co seguinte:

a) A vinculación do orzamento a partir da entrada en vigor do estatuto da axencia será a prevista para as axencias na normativa vixente en materia de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

b) Para incorporar ao orzamento do organismo os recursos e as dotacións correspondentes ás operacións comerciais que, de ser o caso, realice, tramitarase un expediente de modificación orzamentaria que autorizará a persoa titular da Consellería de Facenda, manténdose o equilibrio orzamentario.

Tres. No caso de que polas datas de aprobación dos estatutos ou por calquera outra circunstancia que dificulte a aplicación do disposto nos puntos anteriores se considere procedente non alterar durante o ano 2019 a estrutura e o réxime orzamentario dos centros ou organismos afectados, esta circunstancia farase constar no decreto polo que se aprobe o correspondente estatuto.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional sexta. *Prestacións familiares por coidado de fillos*

Aquelas persoas que, teñan ao seu cargo fillas ou fillos nacidos entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 31 de decembro de 2017, terán dereito a percibir unha prestación de 360 euros pola primeira filla ou fillo, de 1.200 euros pola segunda ou segundo e de 2.400 euros pola terceira ou terceiro e sucesivos, nas condicións que estableza a consellería con competencia en materia de benestar social.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional sétima. *Alleamento de solo empresarial polo Instituto Galego da Vivenda e Solo*

Autorízase o Instituto Galego da Vivenda e Solo, nos supostos de alleamento de terreos destinados á creación de solo industrial e residencial, así como a parcelas ou a polígonos empresariais ou residenciais terminados que se realicen a favor das sociedades públicas con participación maioritaria polo anterior organismo, para que o alleamento se poida efectuar con pagamento aprazado non superior a dez anos e sen repercusión de xuros.

XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional oitava. *Prestacións extraordinarias para persoas beneficiarias de pensións e subsidios non contributivos*

No ano 2019 as persoas beneficiarias de pensións de xubilación e invalidez na súa modalidade non contributiva, de pensións do Fondo de Asistencia Social e do subsidio de garantía de ingresos mínimos terán dereito á percepción dunha prestación única non superior a 210 euros, nas condicións que estableza o Consello da Xunta por proposta da consellaría con competencias en materia de benestar social.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional novena. *Centros concertados*

Un. No ámbito do ensino privado concertado mantense a suspensión do Acordo do 24 de abril de 2008 polo que se autoriza o asinamento do acordo entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, as organizacións patronais e as organizacións sindicais do ensino privado concertado da Comunidade Autónoma de Galicia sobre condicións laborais e a calidade do ensino, publicado mediante a Resolución do 15 de maio de 2008, no relativo ao establecido na súa cláusula terceira sobre o incremento interanual do 2 por cento no complemento retributivo da Comunidade Autónoma e o incremento de 45 euros brutos mensuais para todo o profesorado en pagamento delegado e xornada completa.

Dous. No caso dos centros concertados, de se aprobar algún incremento nas contías dos módulos estatais de distribución de fondos públicos para o seu sostemento, aplicarase a mesma variación porcentual aos módulos fixados no anexo IV desta lei.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional décima. *Modificación dos cadros de persoal do Servizo Galego de Saúde*

Corresponde ao Servizo Galego de Saúde a autorización das modificacións, dentro de cada centro de xestión, dos cadros de persoal estatutario, de persoal MIR (médicas e médicos internos residentes) e de calquera outro tipo de persoal de institucións sanitarias dependentes do organismo non incluído nas relacións de postos de traballo, sempre que a modificación acordada non supoña un incremento dos créditos do artigo correspondente do devandito centro.

En idénticas condicións corresponde ao Servizo Galego de Saúde a autorización da modificación prevista no parágrafo anterior dos cadros de persoal funcionario sanitario pertencentes ás clases de médicos e médicas, practicantes e comadróns e comadroas titulares.

En todo caso, darase conta á Consellería de Facenda unha vez tramitada a correspondente modificación.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional décimo primeira. *Persoal contratado ao abeiro do Plan nacional de formación e inserción profesional*

O persoal contratado ao abeiro do Plan nacional de formación e inserción profesional (Plan FIP) nos centros de formación profesional ocupacional dependentes da Xunta de Galicia que continúe a prestar servizos como persoal laboral indefinido en cumprimento dunha resolución xudicial que declarase a devandita condición percibirá durante os períodos en que exerza a dita actividade as retribucións establecidas para o grupo profesional no Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia que lle corresponda en función da titulación mínima requirida do curso que imparta. No caso de que non exista categoría laboral concreta equiparable, aplicaránselle as retribucións xenéricas do grupo respectivo, e nos grupos III, IV e V as mínimas do grupo profesional.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional décimo segunda. *Medidas en relación co V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia e o Acordo polo que se establecen as condicións especiais de traballo do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais da Xunta de Galicia*

Durante o ano 2019 quedará suspendida a aplicación do artigo 19 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia. Ademais, durante as épocas de perigo baixo, quedará suspendido o primeiro parágrafo do punto 3.3.8 do Acordo polo que se establecen as condicións especiais de traballo do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (SPDCIF) da Xunta de Galicia.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional décimo terceira. *Normas de especial aplicación en materia de recursos educativos complementarios de ensino público*

Durante o exercicio económico do ano 2019 non serán aplicables aos contratos, convenios e demais expedientes de gastos que dan soporte aos recursos educativos complementarios do ensino público galego as actualizacións dos prezos, derivadas da variación de prezos ao consumo (IPC galego) anual, así como de calquera outra fórmula de revisión prevista normativa ou convencionalmente.

Concretamente, as contías globais derivadas da aplicación aos citados contratos e convenios do índice de prezos ao consumo do exercicio 2019, así como das contías globais pendentes dos exercicios 2013, 2014, 2015, 2016, 2017 e 2018 serán aboadas nun pagamento único no 2020, de acordo exclusivamente coa fórmula que se dispoña na lei de orzamentos para o exercicio 2020, actualizándose os prezos correspondentes ao exercicio 2020 tomando como referencia para o cálculo os prezos do exercicio base 2019 sen actualizacións, que serán os existentes a 31 de decembro de 2019

Para a determinación destas contías globais empregarase a seguinte fórmula .

$Q = N1 + N2 + N3 + N4 + N5 + N6 + N7$

Onde Q será o importe a que ascende a contía global pendente dos exercicios anteriores.

N1 será o resultado de aplicarlle a variación do + 2,6 % á que ascende a taxa de variación anual do IPC Galego de 2012, aos prezos existentes a 31 de decembro de 2012, segundo o previsto na normativa contractual ou convencional que resulte aplicable, multiplicado polos días de prestación do servizo durante o ano 2013.

N2 será o resultado de aplicarlle a variación do + 0,5 % á que ascende a taxa de variación anual do IPC Galego de 2013, aos prezos do exercicio base 2013 sen actualizacións, segundo o previsto na normativa contractual ou convencional que resulte aplicable, multiplicado polos días de prestación do servizo durante o ano 2014 . Os prezos do exercicio base 2013 sen actualizacións son os prezos existentes a 31 de decembro de 2013.

N3 será o resultado de aplicarlle a variación do - 1,0 % á que ascende a taxa de variación anual do IPC Galego de 2014, aos prezos do exercicio base 2014 sen actualizacións, segundo o previsto na normativa contractual ou convencional que resulte aplicable, multiplicado polos días de prestación do servizo durante o ano 2015. Os prezos do exercicio base 2014 sen actualizacións son os prezos existentes a 31 de decembro de 2014.

N4 será o resultado de aplicarlle a variación do - 0,2 % á que ascende a taxa de variación anual do IPC Galego de 2015, aos prezos do exercicio base 2015 sen actualizacións, segundo o previsto na normativa contractual ou convencional que resulte aplicable, multiplicado polos días de prestación do servizo durante o ano 2016 Os prezos do exercicio base 2015 sen actualizacións son os prezos existentes a 31 de decembro de 2015.

CONSELLERÍA DE FACENDA XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

N5 será o resultado de aplicarlle a variación do + 1,6 % á que ascende a taxa de variación anual do IPC Galego de 2016, aos prezos do exercicio base 2016 sen actualizacións, segundo o previsto na normativa contractual ou convencional que resulte aplicable, multiplicado polos días de prestación do servizo durante o ano 2017. Os prezos do exercicio base 2016 sen actualizacións son os prezos existentes a 31 de decembro de 2016.

N6 será o resultado de aplicarlle a variación do +1,2 % á que ascende a taxa de variación anual do IPC Galego de 2017, aos prezos do exercicio base 2017 sen actualizacións, segundo o previsto na normativa contractual ou convencional que resulte aplicable, multiplicado polos días de prestación do servizo durante o ano 2018. Os prezos do exercicio base 2017 sen actualizacións son os prezos existentes a 31 de decembro de 2017.

N7 será o resultado de aplicarlle a variación do porcentaxe á que ascenda a taxa de variación anual do IPC Galego de 2018, aos prezos do exercicio base 2018 sen actualizacións, segundo o previsto na normativa contractual ou convencional que resulte aplicable, multiplicado polos días de prestación do servizo durante o ano 2019. Os prezos do exercicio base 2018 sen actualizacións son os prezos existentes a 31 de decembro de 2018.

As empresas prestadoras dos servizos de transporte escolar na Comunidade Autónoma de Galicia desconformes coa previsión recollida nesta disposición, poderán renunciar á prórroga prevista no artigo 2 da Lei 5/2009, do 26 de novembro, de medidas urxentes para a modernización do sector do transporte público de Galicia, sempre que formalicen a súa renuncia expresa ante a Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional, no prazo dun mes natural dende a entrada en vigor desta Lei. Poren, seguirán a prestar os servizos contratados ata a data de remate sinalada para o curso escolar 2018-2019, logo da cal procederá á adxudicación destes mediante un procedemento aberto.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional décimo cuarta. *Adaptación do título II desta lei ao establecido na normativa básica estatal*

Un. As retribucións do persoal do sector público previstas para o ano 2019 serán obxecto de adecuación o previsto no II Acordo Goberno sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo, de 9 de marzo (BOE 26.03.2018), no momento en que se habilite pola normativa da Administración Xeral do Estado.

A consellaría competente en materia de facenda levará a cabo as accións necesarias para facer efectivo no menor prazo posible os aumentos retributivos establecidos.

Dous. Para a aplicación do artigo 12 desta lei, a oferta pública de emprego ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de persoal adaptarase aos límites máximos e aos restantes requisitos que se establezan na normativa básica estatal.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional décimo quinta. *Retribucións dos consellos de administración*

No ano 2019 as retribucións dos consellos de administración das sociedades mercantís públicas ou das entidades públicas empresariais non experimentarán incremento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2018.

As retribucións dos membros do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A deberán axustarse ao establecido no Acordo do Consello da Xunta do 21 de xaneiro de 2016.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional décimo sexta. *Prestación de axuda económica a través da Tarxeta Benvida*

As familias que no ano 2019 teñan un fillo ou filla ou adopten un neno ou nena, terán dereito a percibir unha axuda económica de 1.200 € durante un ano nas condicións que estableza a consellería con competencia en materia de benestar social. No caso de adopción ou garda con fins adoptivos o dereito á percepción da axuda producirase desde o mes en que se emita a resolución administrativa ou xudicial.

Para aquelas familias con renda igual ou inferior a 22.000 € a axuda ampliarase no segundo ano de vida e ata que o neno ou nena cumpra tres anos, ou ata que se cumpran tres anos do ditado da correspondente resolución para os supostos de adopción ou garda con fins adoptivos.

A axuda ampliarase nas seguintes contías:

a) 600 €/ano, a razón de 50€/mes, se o fillo/a que dá dereito á axuda é o primeiro.

b) 1.200 €/ano, a razón de 100€/mes, se o fillo/a que dá dereito á axuda é o segundo.

c) 2.400 €/ano, a razón de 200€/mes, se o fillo/a que dá dereito á axuda é o terceiro ou sucesivos.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional décimo sétima. *Retribucións adicionais ao complemento de destino*

A retribución adicional ao complemento de destino que se estableza no desenvolvemento regulamentario previsto no punto 4 da disposición transitoria oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, ten a consideración dunha retribución complementaria aos efectos do previsto nos artigos 18 e 21 desta Lei.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional décimo oitava. *Fiscalización de expedientes do Fondo Galego de Garantía Agraria na xestión do Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria*

Os expedientes do Fondo Galego de Garantía Agraria en que se exerza función de intermediación na xestión do Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria serán xestionados como operacións extraorzamentarias consonte o sinalado no artigo 46.4 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime orzamentario e financeiro de Galicia. Sen prexuízo do anterior, todos os actos e documentos de xestión deses expedientes susceptibles de produciren dereitos e obrigas de contido económico ou movementos de fondos e valores serán obxecto de fiscalización previa nos termos establecidos no artigo 95.1.a) do citado Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional décimo novena. *Remisión e control de información económico-financeira*

Un. Todas as entidades pertencentes ao sector público autonómico segundo a definición que realiza a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e mais todas as entidades clasificadas como «administracións públicas» segundo a definición que realiza o Sistema europeo de contas estatais e rexionais (SEC2010) están obrigadas a remitir á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma a información prevista na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, así como na súa normativa de desenvolvemento, nos termos e prazos que lles sexan requiridos por esta.

As entidades non incluídas no parágrafo anterior, calquera que sexa a súa forma e natureza xurídica, que teñan a súa sede na comunidade autónoma de Galicia están obrigadas a remitir á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma a información que esta lles requira para os efectos de analizar a súa posible clasificación como «administración pública» segundo os criterios fixados no Sistema europeo de contas estatais e rexionais (SEC2010).

Dous. Para os efectos de garantir a exactitude e coordinación da información económico-financeira subministrada pola Administración xeral e os organismos autónomos, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma verificará mediante técnicas de auditoría que os datos e a información con transcendencia económica proporcionados polos órganos xestores como soporte da información contable reflictan razoablemente as operacións derivadas da súa actividade. A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma establecerá o procedemento, o alcance e a periodicidade das actuacións que se deban desenvolver.

As auditorías das contas anuais das axencias públicas autonómicas e dos consorcios adscritos á Comunidade Autónoma realizaraas a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de conformidade co procedemento previsto no título V do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Para a execución das auditorías de contas anuais, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma poderá, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, solicitar a colaboración de empresas privadas de auditoría, que deberán axustarse ás normas e instrucións que determine aquela. A contratación da colaboración nos traballos de

CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

auditoría de contas anuais das axencias e dos consorcios que en cada caso se sinale realizaraa a Consellería de Facenda.

Toda contratación de empresas privadas de auditoría, no ámbito sinalado anteriormente, deberá ir precedida, con carácter anual, dunha orde por parte da Consellería de Facenda, na cal se especificará a insuficiencia dos servizos da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma que xustifique a dita contratación.

Os auditores serán contratados por un prazo máximo de dous anos, prorrogable por outros dous, e non poderán superarse os oito anos de realización de traballos sobre unha mesma entidade a través de contratacións sucesivas, incluídas as súas correspondentes prórrogas, nin poderán para os devanditos efectos ser contratados para a realización de traballos sobre unha mesma entidade ata transcorridos dous anos desde a finalización do período de oito anos antes referido.

As sociedades de auditoría ou os auditores de contas individuais concorrentes en relación con cada traballo para adxudicar non poderán ser contratados cando, no ano anterior a aquel en que van desenvolver o seu traballo ou nese mesmo ano, realizasen ou realicen outros traballos para a entidade, sobre áreas ou materias respecto das cales deba pronunciarse o auditor no seu informe.

No exercicio das súas funcións de control, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma poderá acceder aos papeis de traballo que servisen de base aos informes de auditoría de contas do sector público da Comunidade Autónoma realizados por auditores privados.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

# DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Disposición transitoria primeira. *Adecuación das entidades públicas instrumentais*

O disposto nesta lei para as entidades incluídas no punto Cinco da disposición transitoria terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, aplicarase ás axencias públicas autonómicas que resulten da adaptación das súas normas estatutarias de organización e funcionamento.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Disposición transitoria segunda. *Dotación do fondo de continxencia*

A dotación do fondo de continxencia de execución orzamentaria a que se refire o artigo 55 bis do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, realizarase gradualmente durante o período de consolidación orzamentaria. Para o ano 2019, a dotación será de 39.042.625 euros e poderá empregarse para financiar os axustes no capítulo I do Servizo Galego de Saúde, así como o previsto na disposición adicionaldécimo sétima desta lei.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

# DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento da lei*

Facúltase a Xunta de Galicia para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución de canto se prevé nesta lei.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira segunda. *Vixencia*

As disposicións desta lei terán vixencia exclusiva para o ano 2019, agás a disposición adicional décimo oitava, que terá carácter permanente.

O CONSELLEIRO DE FACENDA
XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2019.

Valeriano Martínez García

Conselleiro de Facenda

# ANEXOS

XUNTA DE GALICIA

# ANEXO I

## Artigo 3. Un

| Entidades públicas empresarias | Explotación | Capital |
|---|---|---|
| Portos de Galicia | 14.964 | 14.594 |
| Augas de Galicia | 32.409 | 58.932 |
—Núm. 12 (núm. de rexistro 39800) 129543

**SECCIÓN 15 Consellería do Mar**

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 29 (núm. de rexistro 39828) 129549
—Núm. 30 (núm. de rexistro 39829) 129552
—Núm. 31 (núm. de rexistro 39840) 129555

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 12 (núm. de rexistro 39861) 129557

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 13 (núm. de rexistro 39801) 129559

**Grupo II. Emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións (sen efectos devolutivos)**

**1. Emendas que modifican a contía global dos orzamentos**

A) Emendas do G. P. de En Marea
—Número 1 (núm. de rexistro 39816, primeira parte do documento) 129562

B) Emendas do G. P. dos Socialistas
—Número 1 (núm. de rexistro 39849 ) 129604

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego
—Números 1, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39 e 40 (núm. de rexistro 39903) 129624

**2. Emendas que transfiren créditos entre seccións**
**2.1. Observacións**
**2.2. Relación de emendas transversais presentadas polos grupos parlamentarios**

A) Emendas do G. P. de En Marea
A1) Número 1 (núm. de rexistro 39816, segunda parte do documento) 129562
A2) Observacións

B) Emendas do G. P. dos Socialistas
B1) Núm. 1 (núm. de rexistro 39849) 129604
B2) Observacións

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego
C.1) Números 1 a 33 (núm. de rexistro 39903) 129624
C.2) Observacións

**Cualificación das emendas á totalidade de devolución presentadas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas**

—1 emenda formulada polo G. P. de En Marea (doc. núm. 39844) 129676
—1 emenda formulada polo G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 39866) 129688
—1 emenda formulada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 39804) 129693

# 1. Procedementos parlamentarios

## 1.1. Procedementos de natureza normativa
### 1.1.2. Propostas de normas
### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei
### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

**Cualificación de emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2019**

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa reunión do 12 de novembro de 2018, examina a relación de documentos presentados dentro do prazo de formulación de emendas á totalidade que rematou ás 18:30 horas do 7 de novembro de 2018 e que foron rexistrados polos grupos parlamentarios de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego que se indican a continuación:

a) Documentos presentados polo G. P. de En Marea

Documentos cos números de rexistro: 39701, 39816, 39817, 39818, 39819, 39820, 39821, 39822, 39823, 39824, 39825, 39826, 39827, 39828, 39829, 39830, 39831, 39832, 39833, 39834, 39835, 39837, 39838, 39839, 39840, 39841, 39842, 39843, 39846, 39847, 39896, 39897 e 39904.

b) Documentos presentados polo G. P. dos Socialistas de Galicia

Documentos cos números de rexistro: 39848, 39849, 39850, 39851, 39852, 39853, 39854, 39855, 39856, 39857, 39858, 39859, 39860 e 39861.

c) Documentos presentados polo G. P. do BNG

Documentos cos números de rexistro: 39789, 39790, 39791, 39792, 39793, 39794, 39795, 39796, 39797, 39798, 39800, 39801, 39802, 39803 e 39903.

A Mesa, de conformidade co disposto nos artigos 112.3, 129 e 130 do Regulamento da Cámara e coas regras de tramitación do Proxecto de lei de orzamentos, adopta o seguinte ACORDO:

1º. Cualificalas como emendas á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2019.

2º. Clasificalas nos grupos que a seguir se indican e ordenalas mediante a asignación dunha numeración correlativa para cada tipo de emenda para facilitar a súa identificación, sen que esa numeración cuantifique necesariamente o número de emendas presentadas.

3º.Admitir a trámite as emendas seguintes:

**Grupo I**
**Emendas de devolución global ou de calquera sección ou axente xestor de gastos**
**(con efectos devolutivos)**

**1. Emendas de devolución global**

—Núm. 1 (núm. de rexistro 39701) do G. P. de En Marea.
—Núm. 1 (núm. de rexistro 39848) do G. P. dos Socialistas.
—Núm. 1 (núm. de rexistro 39789) do G. P. do BNG.

**2. Emendas de devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto**

**SECCIÓN 04 Presidencia da Xunta de Galicia**

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 1 (núm. de rexistro 39818), á sección 04.
—Núm. 2 (núm. de rexistro 39847), á Fundación Deporte Galego.
—Núm. 3 (núm. de rexistro 39904), á CRTVG.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 1 (núm. de rexistro 39850), á sección 04, á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e á CRTVG.

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 1 (núm. de rexistro 39793), á sección 04 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.
—Núm. 2 (núm. de rexistro 39792), á CRTVG.

**SECCIÓN 05 Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 4 (núm. de rexistro 39817), á sección 05.
—Núm. 5 (núm. de rexistro 39835), á Escola Galega de Administración Pública.
—Núm. 6 (núm. de rexistro 39837), á Fundación Galicia Europa.
—Núm. 7 (núm. de rexistro 39846), á Axencia Galega de Emerxencias.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 2 (núm. de rexistro 39851), á sección 05 e á Axencia Galega de Emerxencias.

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 3 (núm. de rexistro 39802), á sección 05 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

**SECCIÓN 06 Consellería de Facenda**

A) Emendas do G. P. de En Marea:

—Núm. 8 (núm. de rexistro 39819), á sección 06.
—Núm. 9 (núm. de rexistro 39833), ao Consello Económico e Social.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 3 (núm. de rexistro 39852), á sección 06 e á Axencia Tributaria de Galicia e ao CIXTEC.

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 4 (núm. de rexistro 39790), á sección 06 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

**SECCIÓN 07 Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 10 (núm. de rexistro 39820), á sección 07.
—Núm. 11 (núm. de rexistro 39830), a Augas de Galicia.
—Núm. 12 (núm. de rexistro 39839), ao Instituto Galego de Vivenda e Solo. As referencias á sección 08 e ao Servizo 80 deben entenderse feitas á sección 07 e ao Servizo 83.
—Núm. 13 (núm. de rexistro 39843), á Sociedade Galega de Medio Ambiente.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 4 (núm. de rexistro 39853), á sección 07, ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, á XESTUR, S. A., ao Consorcio Casco Vello de Vigo, á Sociedade Galega de Medio Ambiente e Augas de Galicia. Inclúese de oficio esta última entidade pública empresarial por depender da Sección 07, erroneamente incluída na emenda 5 (doc. núm. 39854).

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 5 (núm. de rexistro 39794), á sección 07 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

**SECCIÓN 08 Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 14 (núm. de rexistro 39821), á sección 08.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
Núm. 5 (núm. de rexistro 39854), á sección 08, á Axencia Galega de Infraestruturas e á Sociedade Pública de Investimentos de Galicia. Exclúese de oficio a referencia a Augas de Galicia e inclúese na emenda 4 (doc. núm. 39853) por depender da Sección 07.

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 6 (núm. de rexistro 39803), á sección 08 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

**SECCIÓN 09 Consellería de Economía, Emprego e Industria**

A) Emendas do G. P. de En Marea:

—Núm. 15 (núm. de rexistro 39822), á sección 09.
—Núm. 16 (núm. de rexistro 39841), ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.
—Núm. 17 (núm. de rexistro 39897), ao Instituto Galego de Promoción Económica.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 6 (núm. de rexistro 39855), á sección 09, á Axencia Galega de Innovación, ao Instituto Galego de Promoción Económica e ao Instituto Enerxético de Galicia.

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 7 (núm. de rexistro 39791), á sección 09 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

**SECCIÓN 10 Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 18 (núm. de rexistro 39823), á sección 10.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 7 (núm. de rexistro 39856), á sección 10.

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 8 (núm. de rexistro 39795), á sección 10.

**SECCIÓN 11 Consellería de Cultura e Turismo**

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 19 (núm. de rexistro 39824), á sección 11.
—Núm. 20 (núm. de rexistro 39834), á Fundación Pública Cidade da Cultura. A referencia á sección 10 debe entenderse feita á sección 11.
—Núm. 21 (núm. de rexistro 39896), á Axencia Galega de Industrias Culturais.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 8 (núm. de rexistro 39857), á sección 11 e á Axencia de Turismo de Galicia.

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 9 (núm. de rexistro 39796), á sección 11.

**SECCIÓN 12 Consellería de Sanidade**

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 22 (núm. de rexistro 39825), á sección 12.
—Núm. 23 (núm. de rexistro 39831), á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento da Saúde.
—Núm. 24 (núm. de rexistro 39832), á Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos.
—Núm. 25 (núm. de rexistro 39838), á Sociedade Mercantil Galaria, S.A.
—Núm. 26 (núm. de rexistro 39842), ao Servizo Galego de Saúde.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 9 (núm. de rexistro 39858), á sección 12 e ao Servicio Galego de Saúde. A referencia á sección 11 debe entenderse feita á sección 12.

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 10 (núm. de rexistro 39797), á sección 12 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

**SECCIÓN 13 Consellería de Política Social**

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 27 (núm. de rexistro 39826), á sección 13.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 10 (núm. de rexistro 39859), á sección 13, á Axencia Galega de Servizos Sociais e ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 11 (núm. de rexistro 39798), á sección 13 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

**SECCIÓN 14 Consellería do Medio Rural**

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 28 (núm. de rexistro 39827), á sección 14.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 11 (núm. de rexistro 39860), á sección 14, ao Fondo Galego de Garantía Agraria e á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 12 (núm. de rexistro 39800), á sección 14 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

**SECCIÓN 15 Consellería do Mar**

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 29 (núm. de rexistro 39828), á sección 15.
—Núm. 30 (núm. de rexistro 39829), a Portos de Galicia. A referencia á sección 14 debe entenderse feita á sección 15.
—Núm. 31 (núm. de rexistro 39840), ao Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 12 (núm. de rexistro 39861), á sección 15 e a Portos de Galicia.

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 13 (núm. de rexistro 39801), á sección 15 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

**Grupo II**
**Emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións**
**(sen efectos devolutivos)**

**1. Emendas que modifican a contía global dos orzamentos**

A) Emendas do G. P. de En Marea

—Número 1 (núm. de rexistro 39816, primeira parte do documento) do G. P. de En Marea, que incrementa os gastos por operacións non financeiras en 400 millóns de euros nas actuacións identificadas nas aplicacións sinaladas nela. O maior gasto fináncíase cun incremento dos recursos procedentes do sistema de financiamento autonómico, coa modificación de determinados tributos estatais cuxa recadación está cedida total ou parcialmente á Comunidade Autónoma de Galicia, coa creación de novos impostos, co reforzamento da inspección fiscal e coa minoración selectiva de determinados beneficios fiscais. De aceptarse, sería necesario modificar o dereito tributario substantivo.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Número 1 (núm. de rexistro 39849 ) do G. P. dos Socialistas, que prevé un incremento dos orzamentos consolidados ata a cantidade de 11.837.351.293 de euros.

O maior gasto fináncíase cunha redución de determinados gastos, coa modificación de determinados tributos estatais cuxa recadación está cedida total ou parcialmente á Comunidade Autónoma de Galicia, coa creación de novos impostos, co reforzamento da inspección fiscal e cunha mellora na xestión tributaria. De aceptarse, sería necesario modificar o dereito tributario substantivo.

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

—Números 1, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39 e 40 (núm. de rexistro 39903) do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, que incrementan os gastos en 220.600.000 de euros.

O aumento do gasto nas actuacións previstas nas emendas fináncíase mediante a modificación de determinados tributos estatais cuxa recadación está cedida total ou parcialmente á Comunidade Autónoma de Galicia, coa creación de novos impostos e coa supresión de beneficios fiscais. De aceptárense, sería necesario modificar o dereito tributario substantivo.

**2. Emendas que transfiren créditos entre seccións**
**2.1. Observacións**

Hai emendas que reducen o importe dos créditos destinados a ser transferidos para financiar, con cargo aos capítulos 4 «Transferencias correntes» e 7 «Transferencias de capital» do orza-

mento de gastos da sección correspondente ou do orzamento de gastos dunha entidade pública instrumental con orzamento administrativo (organismos autónomos e axencias públicas autonómicas), operacións correntes e de capital doutras entidades instrumentais que dependen da sección ou reciben fondos da entidade pública instrumental, concretamente entidades públicas instrumentais con orzamentos de explotación e de capital (entidades públicas empresariais, sociedades públicas mercantís e fundacións do sector público autonómico). Pero esas emendas non rebaixan os orzamentos de gastos das entidades instrumentais con orzamento limitativo nin os importes das contas correspondentes dos estados financeiros das que teñen orzamentos estimativos, afectados pola redución. Malia que estas operacións contables deberían facerse na propia emenda ou, no seu defecto, a través dunha emenda complementaria á principal, tendo en conta os precedentes, non existe atranco formal para admitilas a trámite, mais no caso de seren aceptadas sería necesario facer os correspondentes axustes na contabilidade orzamentaria das seccións e das entidades instrumentais con orzamento administrativo (concreción das aplicacións cuxos créditos habería que reducir) e tamén na contabilidade financeira (previsión de balance, previsión de conta de perdas e ganancias ou da conta do resultado económico-patrimonial e previsión de fluxos de efectivo) das entidades instrumentais con orzamentos de explotación e de capital para posibilitar o desenvolvemento da actividade da entidade afectada e evitar un resultado do exercicio que podería incidir negativamente no seu patrimonio neto coas consecuencias que a lexislación establece.

**2.2. Relación de emendas transversais presentadas polos grupos parlamentarios**

A) Emendas do G. P. de En Marea

A1) Número 1 (núm. de rexistro 39816, segunda parte do documento), que transfire crédito entre aplicacións de diferentes seccións. Considérase formalmente como unha emenda transversal e, igualmente, como unha emenda que incrementa o importe global dos estados de gastos e ingresos, razón pola que figura clasificada nos epígrafes 1 e 2 do grupo II.

A2) As observacións efectuadas no punto 2.1. poderían afectar as aplicacións seguintes: 04.10.571A.732.00, 08.01.512B.732.04, 09.30.751A.741, 10.40.561B.743.15, 11.20.432B.443 e 11.20.423B.743.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

B1) Núm. 1 (núm. de rexistro 39849), que transfire crédito entre aplicacións de diferentes seccións. Considérase formalmente como unha emenda transversal e, igualmente, como unha emenda que incrementa o importe global dos estados de gastos e ingresos, razón pola que figura clasificada nos epígrafes 1 e 2 do grupo II.

B2) As observacións efectuadas no punto 2.1. poderían afectar as aplicacións seguintes que figuran na alínea 5, «Movementos concretos de partidas orzamentarias»: 11.20.432B.441.19, 15.01.513A.740.02, 07.83.451B.441.17, 06.01.611A.732.02, 09.10.741A.732.16, 15.01.513A.440.02, 12.80.412A.441.15, 04.10.571A.732.00, 08.01.542A.740.01, 15.01.721A.443.20 e 0[7]8.01.542A.740.01.

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

C.1) Números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32 e 33 (núm. de rexistro 39903), que transfiren crédito entre aplicacións de diferentes seccións.

C.2) As observacións efectuadas no punto 2.1. poderían afectar as aplicacións seguintes: na emenda núm. 1, as partidas 08.01.512B.732.04, 08.01.542A.740.01, 09.10.741A.432.16 e 09.10.741A.732.16; na emenda núm. 2, a partida 15.01.513A.740.02; na emenda núm. 3, a partida 11.10.671A.432.12; na emenda núm. 4, a partida 11.10.761A.732.12 e na emenda núm. 8, a partida 10.40.561B.743.15.

Cuarto. Non admitir a trámite a parte da seguinte emenda:

A emenda número 1 do G. P. de En Marea (doc. núm. 39816) reduce en 20.000.000 € o importe do crédito da aplicación 22.01.[5]911A.950, dotada cun crédito por importe de 1.510.915.745€ destinado á amortización da débeda pública e de préstamos. A aplicación está desagregada do seguinte xeito:

*Sección 22: Débeda pública da Comunidade Autónoma.*
*Servizo 01: Débeda pública da Comunidade Autónoma.*
*Programa 911A: Amortización e gastos financeiros da débeda pública.*
*Concepto 950: Amortización de débeda pública e préstamos.*

Os Servizos Xurídicos informan que, ao abeiro do disposto no art. 135.3 CE, os créditos para satisfacer os xuros e o capital da débeda pública non poderán ser obxecto de emenda ou modificación xa que a súa finalidade é satisfacer prioritariamente as débedas pendentes por operacións financeiras.

Xa que logo, a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

Non admitir a trámite da emenda número 1 do G. P. de En Marea (doc. núm. 39816), a minoración de 20.000.000 € do crédito co que está dotada a aplicación 22.01.911A.950 «amortización de débeda pública e préstamos».

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018.
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

## Cualificación das emendas á totalidade de devolución presentadas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do día 12 de novembro de 2018, examina a relación de documentos presentados dentro do prazo de formulación de emendas á totalidade que rematou ás 18:30 horas do 7 de novembro de 2018 e que foron rexistrados polos grupos parlamentarios de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego que se indican a continuación:

a) Documentos presentados polo G. P. de En Marea
Documento co número de rexistro 39844: 1 emenda.

b) Documentos presentados polo G. P. dos Socialistas de Galicia
Documento co número de rexistro 39866: 1 emenda.

c) Documentos presentados polo G. P. do BNG
Documento co número de rexistro 39804: 1 emenda.

A Mesa, de conformidade co disposto no artigo 112.3 do Regulamento da Cámara, adopta o seguinte ACORDO:

1º. Cualificalos como emendas á totalidade de devolución ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

2º. Admitilas a trámite.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro no disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, coa expresa **petición de devolución**, **do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019**, polas razóns seguintes.

O proxecto de orzamentos xerais para o exercicio 2019 que elaborou a Xunta de Galicia supón consolidar nas contas publicas os duros recortes do gasto aplicados en anos anteriores, en especial no período 2010 a 2014, a fase da austeridade compulsiva. Velaí a razón principal na que se fundamenta a emenda á totalidade que formula En Marea ás contas para o ano que ven.

A economía galega, ao igual que a do conxunto do estado e a propia Unión Europea, iniciou unha fase alcista do ciclo a partires de 2014. Levounos cinco anos pero o PIB xa está por riba do nivel previo a dobre recesión, tanto en termos reais como sobre todo nominais. Unha década perdida como consecuencia da política neoliberal de recortes do gasto e devaluación salarial con efectos moi negativos sobre a vida das persoas que aínda continúan.

Ese é o motivo central do rexeitamento de En Marea aos orzamentos de 2019: a volta ao crecemento económico apenas se traslada ao benestar da cidadanía. Temos o mesmo nivel de riqueza pero menos benestar, porque a riqueza xerada está peor repartida, porque a xestión neoliberal da crise provocou unha redistribución da renda en contra da maioría social para beneficiar a élite.

Temos mais riqueza pero menos orzamento, isto é, menos recursos para o benestar da cidadanía e para a capitalización do noso pais. Expresado en valores nominais, o cadro macroeconómico que acompaña ao orzamento a Xunta estima en 66.120 millóns de euros o PIB de Galicia no exercicio 2019. Esta cifra supón o valor máximo da historia e supera en 9.500 millóns ao de 2009. Poren o orzamento de gasto non financeiro para o ano que ven é inferior en 611 millóns de euros ao de 2009.

Máis riqueza pero menos gasto público, máis riqueza pero menos recursos destinados a financiar a sanidade, o ensino, a protección social, política de emprego ou o investimento.

O resultado é unha perda de peso do público na economía medida a través do rateo gasto público/PIB: en 2009 a Xunta xestionou o 18,5% da riqueza producida en Galicia pero en 2019 esa porcentaxe vai ser do 14,9%. Un retroceso de 3,6 puntos de PIB que equivalen a 2.300 millóns de euros.

Os orzamentos de 2019 en ningún caso se poden cualificar de expansivos xa que o gasto non financeiro medra o 3,8% en comparación con 2018 e polo tanto medra por debaixo de crecemento nominal do PIB previsto para 2019. É un incremento decepciónante e moi insuficiente para recuperarnos dos recortes da fase aguda da austeridade.

Que o orzamento medre por debaixo do que o fai a economía supón dar continuidade as políticas de recortes baixo unha formula diferente: na recesión o orzamento caia en termos nominais agora medra por baixo do PIB. O proxecto de orzamentos para 2019 que presenta o goberno significa renunciar a recuperarnos dos recortes e dar continuidade ao proceso de redución do publico na prestación de servizos e na economía.

Para nós é unha evolución inaceptable porque desta forma os recortes se consolidan nos orzamentos, fanse permanentes, cronifícanse. Si despois de 6 anos de crecemento do PIB apenas avanzamos na recuperación dos recursos, cando o imos facer?

As cifras concretas permiten cuantificar o devalo do recursos públicos: en 2019 a Xunta disporá de 363 millóns de euros mais que en 2018 pero 2.500 millóns menos que en 2009 en termos reais. Por iso dicimos que os orzamentos de 2019 consolidan os recortes, o retroceso na cifra global que se fai mais evidente cando se analizan as diferentes funcións de gasto.

Porque o gasto en sanidade é inferior en 549,4 millóns de euros ao de 2009, unha redución equivalente ao 13% en termos reais sobre a cifra inicial. En

educación o retroceso é de 413,5 millóns de euros o que supón un recorte do 15% sobre 2009. Unha caída aínda maior en infraestruturas porque perden o 48% do seu importe en 2009, deixándose de investir 331,8 millóns de euros.

Unha cifra similar en termos relativos dáse tamén nas políticas de emprego, porque a pesares de ser o principal problema para a cidadanía a Xunta vai gastar en 2019 221,4 millóns menos que en 2009, un retroceso do 46% en termos reais nos recursos para combater ao desemprego e a precariedade laboral.

A política de vivenda practicamente desaparece en termos orzamentarios porque a Xunta recorta o gasto no 66% en 2019 en comparación con 2009 en termos reais, unha caída de 159 millóns de euros que deixa a función 45 en apenas 83 millóns de euros o próximo ano.

A evolución da función 71 demostra a realidade que se agocha detrás do discurso propagandístico da lexislatura do rural porque a dinamización económica do rural perde 151,9 millóns de euros en comparación con 2009 en termos reais, un retroceso do 32%. Un deterioro das políticas cara o rural que vese agravada polo retroceso da función 55, de actuacións e valoración do medio rural, que perde 64 millóns de euros en termos reais sobre a cifra de 2009.

O mesmo sucede na outra actividade relevante do sector primario, porque os recursos destinados a política pesqueira caen en case 100 millóns de euros, un retroceso do 49% en termos reais en comparación co 2009.

Menos orzamento tamén para a política económica porque os recursos destinados a industria, enerxía e minaría caen o 26%, o desenvolvemento empresarial o 31%, as políticas de apoio o comercio o 61% e o orzamento de turismo en 2009 vai ser o 32% menor que en 2009 en termos reais.

Retrocesos que tamén afectan gravemente a outros eidos non directamente económicos, como o que sofre a cultura que perde o 56% dos seus recursos, equivalente a un recorte de 90,8 millóns de euros en termos reais dende 2009 e

a normalización linguistica que sofre un recorte brutal de 16,9 millóns de euros, equivalente ao 68% do orzamento de 2009 en termos reais.

E o mesmo lle sucede ao territorio, porque a función 54 de actuacións medioambientaís perde o 65% dos recursos que tiña en 2009, un recorte de 220,5 millóns de euros ao que hai que engadir os 43 millóns de euros que se deixan de investir na función 52 de ordenación do territorio, que perde o 73% dos recursos de 2009 en termos reais.

Un recorte do gasto que ten a súa orixe nunha evolución dos ingresos inaceptable, tanto en 2019 como a senda que seguen dende 2015, porque crecen por debaixo do PIB nominal o que impide recuperar o nivel de recursos dispoñibles previo a recesión a pesares de que o PIB nominal xa é superior.

As razóns desta negativa evolución son varias, dende o mal funcionamento do sistema de finanzamento das CC.AA. ata o inaceptable devalo do FCI e outras transferencias de capital, cun papel determinante da política fiscal aplicada tanto polo goberno central como pola Xunta de Galicia.

A política fiscal neoliberal do PP provocou a desfiscalización das rendas de capital, dos beneficios empresariais e dos grandes patrimonios. Esta deserción fiscal dos ricos reduciu os ingresos públicos pero tamén desequilibrou o reparto da carga fiscal, de forma que a maioría social paga dúas veces porque soporta unha maior carga fiscal e porque reciben peores servizos públicos e unha protección social deteriorada.

No orzamento de 2019 a propaganda da rebaixa de impostos segue ocupando un lugar central. Poren, hai que facer o cadro completo da estratexia fiscal do Partido Popular nestes últimos anos: caeron os ingresos de forma significativa, aumentou a débeda como nunca na nosa historia, retrocedeu o gasto público que sufriu durísimos recortes pero, aínda así, di que hai marxe para baixar os impostos.

A nota oficial de presentación dos orzamentos di que ”os beneficios fiscais inclúen todos aqueles ingresos que a Xunta de Galicia decide non percibir”.

Dando por bos os datos do orzamento, en 2019 os beneficios fiscais chegan ata 430 millóns de euros, cifra á cal hai que sumar os 1.900 millóns acumulados dende 2012 a 2018, para acadar un total de 2.330 millóns de euros.

Canto da débeda pública se corresponde con estas rebaixas fiscais, con estes ingresos que a Xunta decidiu non percibir? Que recortes na sanidade e no ensino foron provocados por estes menores ingresos? Porque o que non se paga con impostos págase con recortes ou con débeda.

A política fiscal que se ten aplicado nestes anos e que se sigue presente no orzamento de 2019 ten un profundo sesgo ideolóxico conservador, porque reducir impostos sempre beneficia aos máis ricos e recortar gasto público sempre prexudica aos máis débiles. Esa é a opción: elixir fiscalidade e gasto público para a elite ou para a maioría social. O orzamento de 2019 é un claro exemplo desta política fiscal para ricos, porque a medida fundamental é rebaixar o Imposto de Patrimonio, isto é, a tributación das persoas que teñen un patrimonio superior a 700.000 euros.

O que non se paga con impostos págase con recortes ou con débeda e por iso, como consecuencia da política fiscal da Xunta, en 2019 a débeda publica non vai baixar senón que vai volver a subir noutros 238 millóns de euros máis.

O ano que vén a Xunta vai emitir nova débeda por un importe de 1.768 millóns de euros para pagar 1.530 millóns de euros que vencen ese ano. Esta é a realidade, pedir novos préstamos para pagar os préstamos que vencen.

Empregando os datos do orzamento, a función 91, a débeda pública, vai ter unha dotación de 1.675 millóns de euros, equivalente ao 14,5% do orzamento total. En 2018 destinamos o 11,4% ao servizo da débeda, en 2009 ó 3%: a función 91 multiplicou por cinco veces o seu peso no orzamento. Isto é, agora destinamos cinco veces máis recursos ao servizo da débeda. En 2018 debemos 7.500 millóns de euros mais que en 2008, isto é, a débeda por persoa aumentou en 2.864 euros na ultima década.

Un endebedamento que tamén reflicte o sobrecuste no que incorreu a Xunta por endebedarse con bancos en vez de acudir aos Mecanismos Extraordinarios de Finanzamento que o estado puxo á disposición das Comunidades Autónomas a partires de 2014 a un tipo de xuro mais baixo.

No orzamento de 2019 a Xunta gábase dunha redución da carga de xuros en comparación cos anos anteriores. Agora ben, debería explicar como é posible que con máis débeda baixe a carga de xuros: de 350 millóns en 2014 a 164 millóns para 2019, a pesares de que a débeda se incrementou en 2.500 millóns de euros nese período.

A razón é a redución do tipo de xuro grazas a que a partir de 2016 decidiron acudir aos mecanismos públicos de financiamento en vez de financiarse con bancos. Por iso hai que facer a conta completa: dende 2014 pagamos un sobre custe financeiro de 549 millóns de euros. O que a Xunta aforra en 2019 púidose ter aforado en 2014, 2015, 2016 e 2017. Se non o fixo foi pola soberbia do presidente Feijóo cando se gababa de que Galicia non precisaba acudir aos fondos estatais. Estes 549 millóns de euros son a campaña de marketing político máis cara e máis ridícula da historia.

A crise pero sobre todo a xestión neoliberal da mesma, ten provocado un profundo desequilibrio no reparto secundario da renda, o que se fai a través da actuación das administracións publicas, do sistema impositivo e do gasto publico pero tamén no reparto primario da renda, o que se produce entre salarios e beneficios.

Unha inxusta redistribución da riqueza que explica que esta vez o crecemento económico apenas se traslada ao benestar, tal e como o demostra que despois de cinco anos da fase alcista o 94% da cidadanía galega considere que a situación económica é regular, mala ou moi mala.

E teñen razón porque temos o mesmo nivel de riqueza, pero está peor distribuída. Temos o mesmo nivel de riqueza pero menos emprego, máis precariedade laboral e peores salarios. En Galicia hai 120.000 empregos menos

que antes da recesión e 60.000 menos que en 2009 cando empezaron a gobernar.

Menos emprego e de peor calidade porque a metade da clase traballadora xa é precaria. Hai 153.000 persoas desempregadas, 67.000 máis que antes da recesión, e moitas delas son paradas de longa duración. Hai mais de 53.000 fogares con todos os membros en paro, e dentro deles 32.000 que non teñen ningún ingreso laboral, nin salario, nin pensión nin prestación por desemprego.

Os salarios baixaron de media un 8%, pero os máis precarios perderon neste tempo o 25% do seu poder adquisitivo. Arredor de 450.000 persoas asalariadas teñen ingresos por debaixo de 900 euros. Un de cada tres asalariados galegos está en pobreza laboral, pobreza que afecta tamén aos autónomos porque o 55% declara ingresos por debaixo de 500 euros ao mes.

O 44 % dos fogares galegos ingresa menos de 1.500 euros ao mes sumando os ingresos de tódolos seus membros. En 2017 as familias gastaron de media 3.600 euros anuais menos que en 2008, unha caída do 25% do seu gasto real.

Hai 612.000 persoas en risco de pobreza ou exclusión social, temos unha taxa Arope do 23 % que implica que unha de cada catro persoas do noso país está nesa situación. O 63 % das pensións están por debaixo do limiar da pobreza, pensionistas pobres que no caso das pensións de viuvez chega ata o 81 %.

É disto do que fala cando fala de crecemento san? Un modelo de crecemento que deixa atrás a unha parte moi importante da poboación non é un crecemento san, é o contrario, é un modelo insán, excluínte, inxusto, insolidario, antisocial.

Xa temos o mesmo PIB que antes da recesión pero está moito peor distribuído, por iso temos unha sociedade máis inxusta, máis desigual, con máis pobreza, con menos dereitos laborais, menos emprego, máis paro, salarios devaluados e maior precariedade laboral que antes de caer no pozo da dobre recesión.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2018 12:03
Nº Rexistro: 39701
Data envío: 06/11/2018 12:03:42.242



O proxecto de orzamentos para 2019 que presenta a Xunta non serven para dar resposta a esta situación e por iso avaliámolos como decepcionantes, restritivos, mediocres, antisociais, continuístas e neoliberais, non serven para mellorar a vida da cidadanía, para empezar a darlle a volta aos recortes, nin para impulsar a actividade económica e recuperar o emprego.

O proxecto de orzamentos para 2019 é restritivo e polo tanto continúa a senda do axuste e recortes, o que unido o esgotamento dos factores externos vai provocar unha intensa desaceleración do crecemento económico, segundo as propias previsións da Xunta incluídas no cadro macroeconómico.

Un orzamento que se incrementa menos do que medra o PIB nominal e polo tanto reduce en termos reais os recursos dedicados os servizos públicos, as prestacións, á protección social e á capitalización do pais.

Fronte este modelo neoliberal nós propoñemos avanzar por una vía diferente, baseada nun modelo de crecemento inclusivo, que non deixe a ninguén á marxe, e po lo tanto máis xusto e sólido. Uns orzamentos que aposten pola mellora da actividade en sectores de máis valor engadido, en especial cun peso importante das ramas industriais, que faga da produtividade do conxunto dos factores —a do traballo incluída– o instrumento da competitividade das empresas e do país, o que permitiría recuperar o traballo estable e con dereitos como a norma e non a excepción, con salarios decentes sobre os que se poida soster o estado do benestar grazas aos impostos e as cotizacións.

Fronte ao modelo da devaluación salarial como factor de competencia, a nosa proposta é o impulso da demanda interna (con máis e mellor emprego, con salarios decentes e mellores prestacións sociais) como factor de crecemento e da produtividade como a vía sostible a medio e longo prazo da competitividade exterior do noso país.

O crecemento da actividade económica esta na lóxica do sistema, o papel das administración públicas ten que ser trasladar os incrementos do PIB a recuperación dos dereitos da xente: temos dereito a vivir mellor, a ter

empregos estables con salarios decentes que sexan a norma e non a excepción, a recuperar os niveis de calidade dos servizos públicos, a ter unha mellor protección social para pensionistas, persoas desempregadas ou dependentes, a reducir a pobreza e a desigualdade, a dispor dunha rede de protección pública que remate cos desafiuzamentos ou a pobreza enerxética. Temos dereito a un pais xusto.

Fronte a resignación, os recortes e o axuste permanente, nós demandamos e comprometémonos cunha posición ambiciosa da Xunta de Galicia co obxectivo de incrementar o orzamento en 400 millóns de euros, mellorando os ingresos coa finalidade de financiar unha política económica que impulse o crecemento, o transforme en desenvolvemento económico e social, baseado na economía produtiva, que traslade a maior riqueza o benestar da cidadanía combatendo a desigualdade, a precariedade, a pobreza e a exclusión.

A resultas do devandito, **o Grupo Parlamentario de En Marea** considera que hai razóns máis que dabondo para rexeitar o Proxecto de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para 2019 na súa totalidade e **solicitamos a súa devolución ao Goberno.**

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2018 12:03
Nº Rexistro: 39701
Data envío: 06/11/2018 12:03:42.242

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Luis Villares Naveira na data 06/11/2018 12:03:09**

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

**Á Mesa da Comisión 3.ª,**

**O Grupo Parlamentario Socialista,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019,** con expresa petición **de devolución,** en virtude das seguintes consideracións:

En poucos meses o actual presidente da Xunta de Galicia levará gobernando 10 anos, o que o inhabilita para apelar a herdanzas recibidas ou reclamar indulxencia sobre promesas incumpridas. Gobernou con maiorías absolutas, cun goberno da súa mesma cor política na Administración xeral do Estado. Con anos de intensa crise económica pero agora, tamén, con anos consecutivos de expansión e con taxas de crecemento superiores ou próximas ao 3 % real.

En primeiro lugar, solicítase a devolución destes orzamentos para o 2019 porque non coincidimos co diagnóstico que efectúa a Xunta de Galicia, que ten unha visión en exceso optimista da sociedade e da economía de Galicia.

En demografía, Galicia segue indo a menos. O ano 2017 ten o triste privilexio de presentar o menor número de nacementos en Galicia na serie histórica (18.312). Había 23.175 en 2008. As súas políticas de fomento da natalidade (as bonificacións no IRPF ou a Tarxeta Benvida) están lonxe de ocasionar os efectos agardados e merecerían ser revisadas para facelos máis eficaces e máis redistributivas. O ditame do Observatorio demográfico está feito na súa fase inicial e compartimos o diagnóstico: precisamos emprego dabondo e de calidade, servizos públicos e estratexias de conciliación para que a dinámica cambie. Non observamos que existan medidas no vindeiro orzamento da Xunta de Galicia que apunten á rectificación necesaria. O exercicio vixente tamén ten o récord en saldo vexetativo negativo: as cifras de saldo negativo acumuladas desde 2008 superan as 92.000 persoas. Non hai políticas públicas eficaces para corrixir estas derivas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:54
Nº Rexistro: 39848
Data envío: 07/11/2018 16:54:12.292

En economía, simplemente retornamos, dez anos despois, ao punto de partida. Pero con máis desigualdades, con menos emprego e con máis precariedade laboral.

A Xunta de Galicia limítase a tirar partido do impulso global de España e da acción dos axentes económicos. A permitir que a economía galega sexa impulsada polos ventos de cola do crecemento económico global, da expansiva política monetaria europea, que fixo posible unha notable redución dos tipos de xuro, e a queda dos prezos do petróleo. Hoxe algúns destes factores están desaparecidos ou amortiguados. En política industrial, en innovación, en formación, en infraestruturas, a política da Xunta de Galicia merece un xiro rotundo. A economía vai indo a pesar da ineficacia do Goberno autonómico en temas clave, que deberían reforzar as nosas capacidades de futuro.

Galicia nos últimos anos está expandindo o seu produto. A produtividade do traballo está recuperando o seu atraso e o comercio exterior evoluciona satisfactoriamente. Pero, na nosa apreciación, pouco ten que ver a Xunta de Galicia con este positivo comportamento empresarial. A expansión internacional da confección ou o automóbil depende directamente da fortaleza e o acerto das decisións corporativas, a recuperación do sector naval depende directamente do ciclo internacional de negocios, e así sucesivamente.

En relación coas políticas que inciden directamente no comportamento económico, o Igape está paralizado e resulta ineficaz. Só executa 1 de cada 2 euros dun orzamento minguante (de 345 millóns en 2010 a 121 millóns en 2019). Procedementos tortuosos, decisións lentas, cofinanciamento disuasorio, ...; sen que observemos ningún plan para a reforma do Igape que permita ver con maior optimismo a execución duns fondos que continúan a ser insuficientes e son deficientemente xestionados.

En I+D+i quedámonos atrás. Menos persoas investigadoras e menos recursos. Sen resolver as cuestións organizativas, coa segregación entre investigación básica e aplicada, cunha execución orzamentaria en Again baixa e en descenso. Cun gasto en 2017 que supuxo só o 0,87 % do PIB, cando, por ofrecer un exemplo, no País Vasco ascendía ao 1,82 %. A suba consignada no

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:54
Nº Rexistro: 39848
Data envío: 07/11/2018 16:54:12.292

orzamento do 2019 resulta insuficiente para recuperar o tempo perdido e estará sometida aos mesmos criterios e formas de xestión que dificultan o seu uso eficaz en anos anteriores.

En formación, chegamos tarde. Sectores en auxe como o metal (metal mecánico, construción naval, renovábeis,...) teñen unha grave insuficiencia de persoal cualificado. Recupérase para 2019 a partida de Formación Profesional das persoas desempregadas, dotada con 10 millóns adicionais, xustamente cando hai unha caída notable do número absoluto de parados polo negativo comportamento da poboación activa e un tímido crecemento do emprego. Pero en cambio a mellora na formación no emprego redúcese practicamente á metade.

En infraestruturas, co denominado Plan Move, a Xunta de Galicia simplemente tirou a toalla. Dito plan cifraba o investimento previsto en 3.622 millóns de euros, dos que aproximadamente 2.600 millóns eran para investimento en estradas. A licitación acumulada entre 2011 e 2017 nesta materia, sitúase en 425 millóns de euros. Na práctica, o plan está paralizado desde que foi aprobado. E incluso para o ano 2019 o programa 512-B de construción, conservación e explotación de estradas, experimenta un inexplicable descenso de 7 millóns de euros.

O fracaso da política industrial ten consecuencias dramáticas. A máis relevante, a grave fenda en emprego. No segundo trimestre de 2018 España tiña 200.000 persoas ocupadas máis que 9 anos antes. Galicia 77.000 menos. Existirían 90.000 persoas ocupadas adicionais de térmonos comportado como España na creación de emprego. A Iniciativa de Garantía Xuvenil foi un fracaso patente de xestión. A utilización dos fondos para o emprego merece de novo unha nítida reprobación.

Cae o emprego industrial. Créase un emprego máis precario. Coa reforma laboral reduciuse o poder de negociación dos sindicatos: baixan os salarios. A taxa de actividade da mocidade galega é inferior á española, a taxa de temporalidade superior. E iso que cada vez os grupos de idade relevante son máis reducidos. Precisamos darlle un horizonte á mocidade, con máis e mellor educación, que prepara para un mundo en cambio, e sobre todo, con maiores

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:54
Nº Rexistro: 39848
Data envío: 07/11/2018 16:54:12.292

oportunidades laborais onde o talento e o esforzo poidan amosarse. Por iso compre reformar as normas da FP dual para poder ampliala, eliminar as taxas de primeira matrícula nas universidades e facilitar o acceso aos mestrados cunha política de bolsas máis decidida. Por iso, en emprego, o noso empeño é que a Xunta de Galicia use os recursos de que dispón para favorecer a inserción laboral e a formación especializada.

Cómpre impulsar o diálogo social, co obxectivo, en primeiro lugar, de reducir substancialmente a precariedade. No emprego público é imprescindible un plan realista para que que en 2020 a Xunta de Galicia presente un nivel de precariedade por baixo do 5 %. E no ámbito da contratación pública, a demanda sindical de abrir un diálogo sobre as cláusulas sociais na contratación debería servir tamén para que nos servizos sociais, no transporte, nas actividades de limpeza e seguridade, nas obras públicas.... combatamos a precariedade, melloremos as condicións de traballo e favorezamos a protección do medio ambiente.

Os salarios ascendían ao 46,7 % do PIB en 2008, pero na actualidade son o 42,7 %, 2.400 millóns de euros de diferencia entre ambas porcentaxes. Aumentaron as desigualdades. Esta suba dos beneficios non produce máis riqueza social porque non dá lugar a unha expansión da capacidade económica vía investimento. Hai fuga de recursos financeiros por medio do sistema bancario ou en xeral financeiro.

Non seduce aos empresarios que xa están aquí para que invistan. E non seduce aos de fóra para que creen riqueza e emprego en Galicia. Só captamos un 0,27 % dos investimentos estranxeiros totais en España (1º semestre de 2018). Menos do 0,5 % nos últimos 5 anos. Non está funcionando a política fiscal de sedución de investidores. Porque choca coas dificultades da economía real. Os datos de creación de empresas, logo da aprobación da Lei de fomento de iniciativas empresariais en outubro de 2017, indican que houbo unha caída dun 6 % sobre os mesmos meses dos anos anteriores, continuando a tendencia á baixa.

O cadro macroeconómico que acompaña aos orzamentos cifra en a previsión de novos empregos para 2019 en 15.000. Unha cifra insuficiente para reverter a

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:54
Nº Rexistro: 39848
Data envío: 07/11/2018 16:54:12.292

tendencia diverxente con España e para configurar unha base humana sólida da nosa economía.

En segundo lugar, propoñemos a devolución do orzamento para 2019 pola súa política de ingresos.

Unha política de ingresos que reduce a autonomía da Xunta de Galicia e afonda no carácter regresivo da política tributaria. Que renuncia conscientemente a utilizar toda a dispoñibilidade de recursos por carencia de proxecto e falla de ambición por construír un país máis moderno e xusto.

O orzamento consolidado de ingresos está xa, en termos correntes, moi próximo ao do ano 2009. Os ingresos non financeiros previstos superan aos de 2018 nun 4,96 % na liña do PIB nominal.

Este resultado é froito da combinación de tres factores de índole diferente:

1. Os efectos do ciclo económico expansivo sobre os recursos tributarios globais de España, facilitando que a través do sistema de financiamento autonómico a Xunta de Galicia reciba fondos adicionais (+4 %). Certo é que ese incremento inclúe a compensación pola supresión do Imposto de Hidrocarburos. As entregas a conta do sistema, que reflicten directamente o ciclo, medran un 5,3 % (e as correspondentes ao IRPF aínda máis).

2. Unha previsión de maiores ingresos por transferencias finalistas, tanto correntes como de capital. O novo escenario político en España supón un maior compromiso coa atención ás feridas sociais e, en moitos casos, as competencias de execución corresponden ás comunidades Autónomas. Así a Xunta de Galicia percibe fondos para reforzar o cumprimento da Lei de dependencia ou para impulsar a política de vivenda ou para combater a violencia de xénero, entre outras. E, ademais, a liquidación do período 2007-2013 e unha previsión veremos si realista de xustificación de fondos europeos para este exercicio fai que se incrementen as transferencias de capital consignadas inicialmente no orzamento.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:54
Nº Rexistro: 39848
Data envío: 07/11/2018 16:54:12.292

Ambos elementos teñen pouco que ver con decisións autónomas da Xunta de Galicia –coa excepción da aceleración da xustificación de fondos, que veremos se ten lugar.

3. Os efectos do ciclo económico sobre os tributos que xestiona a Xunta de Galicia combinados coa introdución de beneficios fiscais presentados como unha nova baixada impositiva para os e as contribuíntes. A evolución recente á alza e as perspectivas do mercado inmobiliario alentan previsións de recadación maiores en ITP e AXD. Os criterios de valoración introducidos, as revisións catastrais e a auxe das sucesións en vida, alentadas por un tratamento fiscal favorable, explican o comportamento á alza da recadación no Imposto de Sucesión e Doazóns ou en Patrimonio.

Os beneficios fiscais anunciados son de escaso porte ou diferidos. Os efectos da rebaixa de tipos en patrimonio terán o seu efecto en 2020. As novas bonificacións en Sucesións entre irmáns ou en Actos Xurídicos Documentados apenas son unha anécdota, tal e como sucede con moitos dos beneficios fiscais introducidos nos últimos anos.

A nosa discrepancia coa política tributaria ten que ver coa necesidade de homoxeneizar a política tributaria, sometendo os beneficios fiscais existentes a un escrutinio rigoroso para avaliar a súa pertinencia e/ou eficacia; de reforzar o carácter progresivo da tributación propia ou cedida, usando a capacidade normativa autonómica; e de ampliar, modernizar e unificar os instrumentos tributarios de carácter extrafiscal, favorecendo un modelo económico máis sostible. Nada disto existe no Proxecto de lei de orzamentos para 2019.

Por outra parte, a Xunta de Galicia manifestou no Consello de Política Fiscal e Financeira a súa disconformidade coa proposta de déficit negociada polo Goberno de España coa Comisión Europea, que atribuía ás comunidades autónomas dúas décimas adicionais para 2019. Esta posibilidade adicional de endebedamento neto suporía aproximadamente 138 millóns de euros adicionais.

Os orzamentos presentados non recollen ningunha previsión para que este incremento da marxe de déficit, que está contemplado no Plan presupuestario

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:54
Nº Rexistro: 39848
Data envío: 07/11/2018 16:54:12.292

del Gobierno de España enviado á Comisión Europea en outubro de 2018, poida servir para reforzar os programas de formación de capital da Xunta de Galicia para 2019.

Precisamos ser rigorosos coas contas ao tempo que ambiciosos cos proxectos. Dentro dos límites de déficit acordados pero esgotándoos ao servizo dun proxecto de país. A Xunta de Galicia non o fai por falta de obxectivos definidos.

En terceiro lugar, propoñemos a devolución dos orzamentos de 2019 porque non compartimos algunhas das prioridades de gastos.

Os servizos básicos, tanto os sanitarios como os educativos, teñen unha previsión de gasto que evoluciona non só por baixo do gasto non financeiro global senón tamén por baixo das previsións do PIB en termos nominais. Tendo en conta a recuperación paseniña da inflación (prevista para o 1,4 %), os compromisos adquiridos en termos de recuperación da carreira profesional ou as cargas derivadas dos contratos de colaboración público-privada, as marxes orzamentarias en ambos servizos básicos son moi limitadas, defraudando as expectativas de que a recuperación económica poida trasladarse a unha mellora substancial da calidade dos servizos básicos prestados á cidadanía.

Así, as axudas complementarias ao estudo (que inclúen comedores escolares e outros servizos adicionais) só medran un 1,17 %, por baixo da evolución do índice de prezos. E na educación infantil, primaria e ESO o incremento é dun magro 2,28 %.

No ámbito sanitario a atención primaria está nun 2,8 % e a prevención nun 2,22 %, mentres que os gastos asociados aos servizos xerais de sanidade aumentan un 6,37 %.

Na percepción das persoas usuarias dos servizos, que neste caso son os e as cidadás, (Barómetro sanitario 2017, CIS) Galicia é a terceira peor sanidade das comunidades autónomas de España e o 75 % dos usuarios e usuarias consideran necesarios cambios no Sergas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:54
Nº Rexistro: 39848
Data envío: 07/11/2018 16:54:12.292

Os recortes e a xestión dos gobernos Rajoy e Feijóo están pasando unha dura factura a un sistema que resiste grazas ao empeño e calidade dos e das profesionais. Diminuíu o persoal na sanidade pública cando as necesidades crecen polo avellentamento. Hai 500 profesionais menos que no ano 2009 e a OPE prevista é un paliativo insuficiente, cando temos en conta as xubilacións e a estabilización de interinos. Existe unha precariedade excesiva que debilita o sistema e castiga aos e ás profesionais. A xustiza española e a europea condenaron ao seu Goberno a facer indefinidos moitos contratos precarios. Dos 2.500 titulados MIR nos anos Feijoo só se contratan de xeito estable un 15 % polo Sergas. En 2017 a Xunta de Galicia dedicou case 400 millóns de euros a pagar contratos eventuais. É algo máis do 20 % que se destina a persoal en todo o Sergas.

Un Goberno que di defender aos e ás profesionais en realidade está expulsando do sistema a aqueles que forma ou, no mellor dos casos, explotándoos miserablemente con precariedade abusiva. No Barómetro CIS 2017 son o triplo as persoas usuarias que din que as listas de agarda empeoraron fronte aos que creen que melloraron.... sen reflexo nas estatísticas que comunica. No tempo de espera para a primeira consulta, os e as usuarias que agardaron máis de 6 meses pasan do 8,6 % ao 14,4 % nun ano, o duplo que en España (Andalucía, 4,1 % e Asturias 2,4 %, por comparar).

En relación coas políticas sociais, compre recoñecer un incremento substancial nas cifras globais (6,48 %), aínda que con tres observacións críticas que invalidan os seus efectos. Unha excesiva concentración no reforzamento das estruturas directivas (+17,23 %) e unha excesiva dependencia das transferencias condicionadas procedentes da Administración central (tanto para a atención aos e ás dependentes como a protección e apoio das mulleres vítimas de violencia de xénero, con aumentos nestes último caso dun 160 % nas partidas). Se temos en conta ambos efectos, o esforzo feito con recursos de decisión propia para reforzar as políticas de atención redúcese de xeito moi considerable, situándose a súa evolución de novo por baixo do PIB nominal.

E, sen embargo, seguen existindo relevantes feridas sociais que suturar. Despois de anos de recuperación económica, 131.456 persoas nas últimas estatísticas con carencia material severa.

O número de perceptores da Risga e das axudas sociais de emerxencia baixan entre 2016 e 2017. Coa prevista publicación do Decreto de desenvolvemento da Lei de inclusión social, despois de 3 anos de retraso pode ser que se palíen parte dos problemas duna Risga nin suficiente nin digna, excesivamente burocratizada, non individualizada, con trabas excesivas para que aqueles que o merecen poidan ter esta renda de integración.

En relación á atención aos dependentes, o IGE dinos que hai en total 117.875 persoas que se consideran demandantes potenciais sen atender, 23.500 por riba de 2011. E, pese ao esforzo dos últimos anos, existe unha lista de agarda excesiva en moitas prestacións e embotellamentos nas avaliacións previas. O déficit máis acusado está nas prazas residenciais para persoas maiores e dependentes; fundamentalmente nas prazas públicas e financiadas. Produce frustración, molestias e dificultades económicas a moita xente. Abre un amplo espazo á lexítima oferta privada, que en condicións de demanda moi alta, sube os prezos. Poñendo contra as cordas en termos financeiros a moitas familias.

É necesario un esforzo público con un calendario realista, pero esas residencias non están consignadas concretamente nos orzamentos.

Ademais o esforzo investidor é insuficiente. Aumentan os gastos de capital nun 5,26 %. Pero é que os ingresos de capital mediante transferencias experimentan un fulgurante ascenso dun 20 %. Todo o esforzo investidor adicional deste ano, e un pouco máis, está financiado desde o exterior por medio de transferencias finalistas, ben sexa da Unión Europea, ben sexa da Administración xeral do Estado. Mentres, caen en termos absolutos os gastos de capital financiados con recursos propios, financeiros ou non. A Xunta de Galicia non foi quen de substituír os recursos procedentes de operacións financeiras con aforro interno na contía suficiente.

Como consecuencia, programas de gasto que carecen de financiamento externo ou que ven este reducirse experimentan unha caída en termos

absolutos que non está xustificada pola anterior satisfacción de necesidades: o programa de estradas reduce o seu importe nun 2,41 %, as infraestruturas para o medio rural nun 2,46 %, as actuacións ambientais relacionadas coa planificación e xestión hidrolóxicas, nun 4,74 %. E a promoción de solo para actividades económicas cae nun 45.78 % nun momento de recuperación económica.

Por todo o anterior, preséntase esta emenda á totalidade e solicítase a devolución do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, para a súa reformulación completa polo Goberno da Xunta de Galicia.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2018

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P Socialista

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2018 16:28:51**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:13
Nº Rexistro: 39789
Data envío: 07/11/2018 13:13:46.455

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019**, doc. núm. **39155 (10/PL-000010)**.

O Proxecto de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019 caracterízase polo seu continuísmo con respecto aos orzamentos aprobados nos anos anteriores durante os Gobernos presididos por Alberto Núñez Feijóo, que foron caracterizados polo impulso a políticas restritivas, pola desregulación como principio de organización económica e pola ausencia de prioridades destinadas a superar a desigualdade social. Deste xeito, a pesares do contexto económico máis favorábel que o do anterior lustro, este proxecto non servirá para incentivar a economía e fomentar un cambio de modelo produtivo que poida ser alicerce dunha recuperación laboral e demográfica; nin tampouco para reforzar os servizos públicos e as políticas sociais, indispensábeis para loitar contra as desigualdades agravadas pola crise e asegurar a cohesión social.

En liñas xerais, estes Orzamentos:

**1. Demostran que Galiza perde na súa relación económica co Estado español e que é precisa soberanía política e económica para satisfacer as necesidades da sociedade galega.**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:13
Nº Rexistro: 39789
Data envío: 07/11/2018 13:13:46.455

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un ano máis, se atendemos aos ingresos que forman a capacidade de gasto, vemos o peso insuficiente do sistema de financiamento. Evidénciase a perda de peso político experimentado baixo o mandato de Núñez Feijóo. Se collemos a última década vemos como o que achega o Sistema para o vindeiro exercicio (7.406 millóns de euros) sitúanos nun nivel aínda inferior ao do ano 2009. Máis aínda, cómpre termos en conta que estamos a falar en termos correntes, sen ter en conta o efecto da inflación. Este balance é totalmente inxusto xa que coas cifras oficiais de 2014 (último exercicio fiscal liquidado) Galiza achegou ao Estado vía impostos 11.131 M€, mentres este retornou pouco máis de 7.000M€. Polo tanto, Galiza perde recursos para financiar ámbitos tan importantes como os servizos públicos e sociais.

A isto hai que engadir a relación económica desigual dun reparto inxusto do pagamento do déficit, que segue a descansar maioritariamente nas comunidades autónomas e nos concellos, o que resulta lesivo para Galiza e ten consecuencias ao supoñer menos recursos económicos para as administracións responsábeis de subministrar servizos de primeira necesidade e furtar tamén capacidade de esforzo investidor.

Fican polo tanto demostradas as limitacións e o esgotamento do actual marco político así como do sistema de financiamento autonómico, xa que os ingresos procedentes do sistema de financiamento medran un escaso 1,5%, claro síntoma das debilidades dun modelo que resulta insuficiente para financiar os servizos básicos e desenvolver de forma plena as competencias asumidas por Galiza.

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**2. Non aproveitan o medre do cadro macroeconómico para sentar as bases dun novo modelo económico e produtivo alternativo á consolidación da pobreza e a terciarización da economía.**

Os orzamentos contemplan un incremento do PIB do 2,5% para o 2019, un incremento menor que o previsto para o presente ano, que se estima que medrará nun 2,8%. A previsión de crecemento sinala unha evolución positiva de todas as compoñentes do PIB. Porén, é precisamente a compoñente que depende da Xunta de Galiza e do Goberno do Estado, "*consumo final das administracións públicas*" a que presenta, a menor previsión de crecemento con respecto ás outras compoñentes, cun crecemento do 1,8%, ademais, decrecendo dende o 2017. Por contra, para o 2018, a compoñente do PIB que menos crecía era o consumo dos fogares.

Por outra banda, destaca a caída dun punto da achega das exportacións e, especialmente, a forte caída con respecto ao 2018 da formación bruta de capital fixo (isto é, investimento), que reduce a súa achega á metade, o que indica o esgotamento do colo económico crecente e a moderación das expectativas nas previsións de investimentos.

Neste contexto, alén de evidenciarse que non se aproveitou os anos de medre do cadro macroeconómico para tomar medidas estruturais que preparen Galiza para novos ciclos de recesión, resulta preocupante que un ano máis a previsión de redución estimada para o desemprego estea fundamentada nunha previsión de descenso da poboación activa, cuestión recoñecida de forma explícita no Informe económico financeiro que acompaña o proxecto presentado. Esta circunstancia dende logo non axudará a incrementar o dinamismo económico nun país cuxa taxa de actividade xa está entre as máis baixas do Estado e de Europa e dunha realidade

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:13
Nº Rexistro: 39789
Data envío: 07/11/2018 13:13:46.455

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

condicionada pola incidencia na poboación activa da emigración e do avellentamento.

Cumpriría, polo tanto, unha aposta diferente por novas políticas de estímulo económico orientadas a superar a temporalidade e a precariedade; e para iso sería preciso apostar por unha planificación de reindustrialización que recupere o peso dos sectores produtivos e aposte pola participación pública dos ámbitos estratéxicos e por unha inxección en investigación que compense os desinvestimentos da última década, que nos teñen situado á cola da innovación a respecto dos países da contorna. Porén, esa aposta non vén reflectida nin na distribución de recursos nin nos programas de gasto.

**3. Consolidan un fiscal afastado das necesidades de redistribución da riqueza.**

No que ten a ver cos ingresos, o proxecto de lei mantén unha orientación regresiva, que é a que está a caracterizar a política fiscal do goberno do Partido Popular. Deste xeito, non atopamos medidas que avancen cara outra concepción da fiscalidade e xa que logo aposten polos principios de progresividade e equidade como eixos principais do sistema fiscal para atender á súa función redistributiva.

Destaca negativamente a modificación do Imposto sobre Patrimonio contemplada no Artigo 3, xa que se suprime o incremento acordado no 2013. Esta medida, segundo estimacións do propio goberno, terá un custo recadatorio de 11,8 millóns de euros, que non entrará en vigor ate o 2020, deixando un baleiro de financiamento a medio prazo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:13
Nº Rexistro: 39789
Data envío: 07/11/2018 13:13:46.455

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As demais modificacións en material fiscal concrétanse en medidas de escaso impacto, onde a gran maioría de contribuíntes apenas notará o seu efecto, unha mostra máis de que a estratexia propagandística do goberno non ten traslado á realidade. En sentido contrario, non se contempla ningunha medida para, dentro das limitadas competencias galegas, configurar un sistema fiscal máis xusto. Entre estas medidas sería especialmente desexábel o incremento dos tipos para as rendas e patrimonios máis elevados ou o uso das capacidades normativas propias para a creación de novos tributos que afondasen nas funcións sociais e medioambientais dos mesmos.

No aspecto fiscal evidénciase novamente o salto cualitativo e cuantitativo que suporía para Galiza avanzar nunha facenda propia e soberana acompañada de mudanzas de orientación para corrixir a desigualdade social. Porén, o goberno galego ten ido en dirección contraria e neste exercicio consumarase unha nova recentralización dos impostos, a intromisión competencial nos tributos aos carburantes pactadas por Partido Popular e Partido Socialista nos Orzamentos do Estado para 2018 e que entrará en vigor no 1 de xaneiro de 2019. Salienta de forma negativa que pola contra non se teña demandado un aumento de competencias fiscais e tamén o continuísmo dun goberno carente de iniciativa que non ten impulsado outros novos impostos que poderían contribuír xa non a aumentar os recursos, tamén a incentivar ou desincentivar costumes e actuacións.

**4. Non apostan por impulsar a recuperación e blindaxe dos servizos públicos básicos nin impulsar a pola igualdade das mulleres.**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:13
Nº Rexistro: 39789
Data envío: 07/11/2018 13:13:46.455

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se atendemos ás partidas destinadas ao gasto social, o resultado é decepcionante. Canto á distribución do gasto cómpre salientar que nin a Consellaría de Sanidade nin a Consellaría de Educación, Universidade e Formación Profesional incrementan por debaixo da media de medre do orzamento total. Así mesmo

Ademais, atendendo á distribución orgánica dos gastos de persoal, observamos como as Consellarías de Sanidade e de Educación experimentan incrementos inferiores á media, xa que logo, non se reverterán os fortes recortes en persoal sanitario e profesorado que se veñen producindo durante os últimos anos. Isto tamén o podemos comprobar atendendo á distribución funcional e resulta de maior gravidade cando ano a ano o resultado das modificacións orzamentarias e de recurso ao fondo de continxencia constatan tanto a mala planificación do goberno galego como o infrafinanciamento dos servizos públicos esenciais.

No ámbito do persoal, os orzamentos tampouco avanzan na liña política de restitución completa dos dereitos recortados durante a crise nin na demanda pertinente de esixir do Goberno español a eliminación da taxa de reposición como norma de carácter  básico, xa que a mesma invade as competencias da Xunta de Galiza nin tampouco reflexa a intención de desenvolver plans de emprego ambiciosos para recuperar todas as prazas vacantes do Sistema Público da Xunta de Galiza.

**5. Son a constatación de que a meirande prioridade do Partido Popular é a débeda.**

Fronte á propaganda dos "bos xestores" que practica o goberno galego, dende que goberna Feijóo a débeda incrementouse nun 200%, é dicir, Feijóo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:13
Nº Rexistro: 39789
Data envío: 07/11/2018 13:13:46.455

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

triplicou a débeda do noso país. A débeda de Galiza está hoxe en máximos históricos e unha parte moi grande dos orzamentos van para ela.

Desta forma, no ano 2019 os ingresos por emisión de débeda increméntanse fortemente. Así, na distribución económica dos ingresos observamos como o capítulo 9, pasivos financeiros, pasan de representar 1.430 millóns de euros no presente 2018 a representar 1.789,3 no 2019, un forte incremento de 359,3 millóns de euros, isto é, un incremento do 25,1%

Doutra banda, os gastos por amortización de débeda tamén se incrementan dun xeito intenso con respecto ao orzado para o presente ano. Así os pasivos financeiros-isto é, o pago do principal da débeda- pasan de 1075,7 millóns a 1530,5. Deste xeito, o principal da débeda pública experimenta un espectacular incremento de 454,8 millóns de euros, o 42,3%, sendo o capítulo que, con diferenza, experimenta un maior crecemento, tanto en termos absolutos como relativos.

A débeda ascenderá no próximo ano en 184 millóns de euros con respecto a esa cifra, prevéndose rematar o 2019 nunha contía de 11.664 millóns de euros, sito é, 115 millóns máis que na actualidade. Polo tanto, a débeda segue a incrementarse no quinto ano consecutivo de crecemento económico e, sumando as colaboracións público privadas, a finais do ano 2019, Galiza estará endebedada en 14.111,4 millóns de euros.

En síntese, a pesares dun marco de crecemento económico e maior dispoñibilidade de recursos, as prioridades do goberno Feijóo seguen a ser o aumento da débeda, manter Galiza na irrelevancia política e cumprir cos ditados dunha axenda neoliberal contraria ás necesidades das clases populares. Esta

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:13
Nº Rexistro: 39789
Data envío: 07/11/2018 13:13:46.455

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

realidade pode constatarse nun proxecto de orzamentos atravesado carencia de proxecto para un desenvolvemento económico e de cohesión social así como a fala de vontade para a recuperación dos servizos públicos básicos.

Por todas estas razóns, o **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) SOLICITA A DEVOLUCIÓN DO PROXECTO DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALIZA PARA 2019**.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2018 11:11:31**

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, da **Sección 04**, **Presidencia**, **dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019,** atendendo ás seguintes razóns:

Unha vez mais a proposta de orzamentos da Xunta de Galicia para a súa consellería a de presidencia pretende adelgazar a xestión publica de determinadas secretarias, incrementado o peso partidista e do sector privado, incluso na capacidade que estes orzamentos dan para a potenciación do control de determinados medios externos mediante a utilización de partidas como as contidas no programa 461A.

Un orzamento que conxela na practica as partidas do ano pasado, e que sofre unha diminución global froito da transferencia do programa 761A potenciación e promoción do turismo, que aparece recollido noutra sección do orzamento.

Neste orzamento, aparecen coma sempre, prexudicados os colectivos mais vulnerables, a mocidade, os retornados e os colectivos migrantes, que non encontran neste proxecto de orzamentos, políticas nin recursos para atender as súa necesidades, nin a mellora das posibilidades de retorno, nin a acollida, nin a protección da mocidade parecen hoxe, a vista dos orzamentos, unha prioridade para o goberno.

Ademais os escasos recursos das partidas 441A Promoción da Actividade deportiva (24.259.012€), 311A Promoción social (3.707.583€) impiden crer que se poidan atender necesidades fundamentais para a nosa sociedade como a garantía do acceso a actividade deportiva para todos e todas, ou a atención de determinados colectivos en risco.

Por todo isto **solicitamos a devolución dos orzamentos da Consellería de Presidencia.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 09:52:23**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:44
Nº Rexistro: 39847
Data envío: 07/11/2018 16:44:55.187

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, dos orzamentos da Fundación Deporte Galego, Sección 04, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019,** atendendo ás seguintes razóns:

O deporte como elemento fundamental para proxectar o compromiso dos galegos e galegas con valores tan importantes como o esforzo, a cooperación ou o compañeirismo, debe recibir unha atención preferente nas políticas públicas.

Unha vez mais dende a administración esquecese a necesaria actuación transversal para garantir a practica do deporte, non so a profesional ou federada, se non aquela relacionada co deporte para todos que permita e fomenta hábitos saudables e actividades que enriquezan e melloren a calidade de vida da nosa cidadanía.
Esta visión curtoplacista e baseada no espectáculo que se pode observar neste proxecto, impide compartir o modelo nin os obxectivos. Dende En Marea cremos necesario incrementar o orzamento tanto na atención ao deporte para os nenos en idade escolar, como a poboación maior, como para todos aqueles que non teñen oportunidade de facer deporte en instalacións publicas, por mor das políticas de privatización, tamén da actividade deportiva

Por todo isto solicitamos **a devolución do proxecto de orzamentos para esta Fundación.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:44
Nº Rexistro: 39847
Data envío: 07/11/2018 16:44:55.187



Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 16:43:46**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 18:25
Nº Rexistro: 39904
Data envío: 07/11/2018 18:25:24.341



# Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do ente Publico CRTVG, Sección 04 do Proxecto de lei de Orzamentos de Galicia para o ano 2019**

Os orzamentos do ente público CRTVG constatan o camiño anunciado polo seu director xeral na comisión de control parlamentaria, constátase o adelgazamento da parte publica do ente, cada vez mais orientado a contratación externa da produción, co obxectivo de acabar xestionando unicamente os informativos, e a conversión do ente público no aparato de expresión política do Goberno.

O continuo incumprimento da lei de medios públicos de Galicia, que xa foi alterada ad hoc para deixar fora ao noso grupo do consello de administración durante esta lexislatura, ´é hoxe un dos elementos que impiden a aprobación deste proxecto orzamentario, continúan sen crearse tanto o consello de informativos como o estatuto profesional, non existe ningún interese en garantir que a elección do director xeral sexa realizada polo Parlamento Galego como recolle a norma, poro sobre todo o continuo incumprimento dos obxectivos do ente recollidos na lei 9/2011 transparencia, pluralidade e obxectividade.

Vimos de sufrir un ano funesto para a CRTVG. Non só padecemos a, por desgraza, habitual manipulación política dos seus contidos, senón que, ademais, foi vulnerado o dereito á folga das súas traballadoras durante a histórica xornada do 8 de marzo, tal é como constatou o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Ademais, suprimíronse as desconexións locais dos servizos informativos e suprimiuse o Diario Cultural, un programa de incuestionable calidade e valor

conducido pola poeta, xornalista e académica Ana Romaní. Na lista de agravios históricos hai que mencionar tamén o feito de que se segue sen crear o Consello de Informativos que os profesionais da corporación levan moitos anos reclamando, e con razón.

Os actuais orzamentos da CRTVG para o ano 2019 non ofrecen ningunha garantía de que o futuro vaia ser mellor. Nin blindan os seus contidos fronte as manipulacións políticas dos altos cargos, nin aseguran que se apostará por máis produción propia, e de maior calidade, nin garanten que se vaia a ofrecer información útil e veraz á cidadanía, algo que tería que ser un dos seus compromisos esenciais.

Os #VenresNegros da CRTVG demostraron que a corporación conta cun corpo de profesionais comprometidos que teñen o ánimo preciso para defender co seu traballo unha televisión e unha radio galegas de calidade á altura do que audiencia demanda, pero para que o poidan facer precisan duns orzamentos á altura, e estes non o son.

O Partido Popular, agora no Goberno, só sabe actuar de dous xeitos cando se trata de xestionar os medios públicos: ou ben trata de apropiarse deles ou ben trata de desmantelalos. Os #VenresNegros apostan por unha terceira vía que nos apoiamos. Os medios públicos teñen que ser independentes, profesionais e orientados á satisfacción das necesidades reais da cidadanía. Ao Goberno lle corresponde presentar agora uns orzamentos que sexan coherentes con iso.

**Por todas estas razóns solicitamos a devolución do orzamento da CRTVG xa que este proxecto non garante a súa función de servizo público.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 18:24:50**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:54
Nº Rexistro: 39850
Data envío: 07/11/2018 16:54:49.916

**Á Mesa da Comisión 3ª**

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade do **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019**, relativa á **Sección 04, Presidencia da Xunta de Galicia, así como das axencias Amtega e Corporación Radio Televisión de Galicia**, e con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

**Sección 04 – Presidencia, Amtega e Corporación Radio Televisión de Galicia.**

Como vimos sinalando nos sucesivos debates orzamentarios, esta Sección, co seu actual organigrama, abrangue competencias que van moito máis alá daquelas que serían específicas das necesidades da Presidencia da Xunta de Galicia; asumindo ámbitos competenciais propios dunha consideración excesivamente presidencialista da dirección política do Goberno da nosa Comunidade Autónoma.
Aínda que as competencias de Turismo integráronse na nova Consellería de Cultura e Turismo de recente creación, as competencias sectoriais sobre o Deporte ou a Emigración seguen a estar tuteladas polo presidente. Mención aparte merece o exercicio das competencias en materia de medios de comunicación.
Ao propio tempo que presidencialista, os orzamentos para 2019 da Presidencia presentan novamente un diagnóstico claro, e reiteradamente denunciado, de opacidade, de gasto excesivo, sobredimesionado e claramente dirixido á conformación dunha "única versión oficial" da nosa realidade; especialmente nuns momentos no que a sociedade esixe máxima credibilidade, pluralidade e exemplaridade pública.

Un ano máis, o gasto en persoal eventual e altos cargos da Presidencia da Xunta supón case un 25 % do total de custos de persoal desta sección orzamentaria (2 millóns dos 9,7 que figuran no capítulo I).

Así, en materia de Medios e Comunicación, esiximos, tamén unha vez máis, unha política de máxima transparencia e concorrencia competitiva na asignación das cantidades previstas no programa 461A para axudas a empresas xornalísticas e de radiodifusión (1,2 millóns de euros) e para programas de comunicación social (1,5 millóns de euros).

A sociedade galega, como calquera sociedade madura e avanzada na nosa contorna, necesita que as súas políticas de comunicación e medios garantan a pluralidade cultural, ideolóxica e política, coa participación activa e directa dos grupos sociais representativos no conxunto da programación. Pluralidade dos nosos medios públicos de comunicación por certo moi discutida, incluso polos seus propios profesionais.

Insiste o Goberno galego, e singularmente o propio presidente Feijóo, no flagrante incumprimento da propia Lei 9/2011, xa que nin se abordan os contratos-programa coa CRTVG, nin hai produción propia completa dos informativos, nin se poñen en marcha as necesarias medidas no eido do audiovisual. Porque sete anos despois da súa aprobación, segue sen cumprirse a *Lei 9/2011 de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia,* unha norma promovida para acabar coa manipulación política dos informativos, e que ten provocado a protesta pública do cadro de persoal a través dos denominados *venres negros*. É necesario proceder de acordo coa Lei ao nomeamento do seu director xeral, a partir dun acordo parlamentario, ademais de impulsar o Estatuto Profesional, o Consello de Informativos e o primeiro contrato – programa. Na actualidade o ente atópase nunha situación excepcional, co comité de Empresa asumindo as funcións contra a manipulación informativa competencia do Consello de Informativos.

Consolídase así a negación do necesaria pluralidade, neutralidade e veracidade da información en Galicia.

Polo que respecta aos orzamentos 2019 da Secretaría Xeral de Emigración, continúa o importante incremento dos gastos correntes en bens e servizos do capítulo II acadando unha cifra xa de 2,3 millóns de euros. A partida de bolsas de excelencia de mobilidade exterior aumenta ata 1,1 millón de euros. Deben explicitarse con maior claridade os resultados deste programas e analizar a oportunidade de estender as bolsas aos estudos de grao. Non se atopan referencias á situación crítica e futuro do Centro Galego de Bos Aires, unha referencia para toda a diáspora galega. Os compromisos para prestar unha atención integral e específica aos galegos e galegas retornados e que retornan cada día fuxindo da grave situación de Venezuela deben ser contundentes, tal e como se ten aprobado nos diferentes acordos parlamentarios de 2017 e 2018.

Polo que atinxe á Secretaría Xeral para o Deporte, un ano máis, dende 2012, segue sen facer efectivo o Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos de Galicia conforme require a propia Lei 3/2012 do deporte de Galicia, plan que debe de presentarse no Parlamento. Descoñecemos se o lixeiro incremento en 700.000

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:54
Nº Rexistro: 39850
Data envío: 07/11/2018 16:54:49.916

euros previsto para transferencias a entidades e federacións deportivas ten en conta o estudo de custos reais do exercicio de competencias delegadas por parte das federacións, tal e como acordou a Comisión 1ª de Política Institucional durante este pasado mes maio de 2018.

A Fundación Deporte Galego non é o instrumento axeitado para o exercicio das funcións que ten encomendadas, que deberían de xestionarse directamente pola Secretaría eral.

En materia de sociedade da información, cómpre facer unha referencia ás previsións da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), cuxo orzamento crece ata os 111,4 millóns de euros (un 8,6 % sobre 2018). Debe observarse que o seu capítulo II de gastos correntes en bens e servizos aumenta un 24 %, e especialmente as transferencias previstas a empresas privadas no capítulo VII, que aumenta nun 80 % (ata os 9,2 millóns de euros). Lembremos que na liquidación do exercicio 2017, esta axencia deixou de executar créditos por importe de 17,5 millóns de euros. Sen embargo, as transferencias a Corporacións Locais para colaboración en desenvolvemento tecnolóxico e de redes de comunicación mantense conxeladas en 782.000 euros. Reiteramos a necesidade de máxima transparencia e concorrencia pública en todos os investimentos, compras e transferencias de capital en materia TIC por parte da axencia.

Ademais, tras ser anunciado nos plan normativos para 2017 e 2018, segue sen entrar na Cámara o Proxecto de lei de administración dixital de Galicia. E sobre todo, segundo o último informe do ministerio sobre cobertura de banda larga en España - ano 2017 - Galicia segue a ocupar a terceira posición pola cola entre todas as comunidades autónomas en velocidade superior a 30 e a 100 Mbps, e a última a 10 Mbps, presentado a provincia de Lugo os peores datos de cobertura. Os compromisos en materia de apoio e fomento do software libre están claramente estancados. Razóns todas elas que levan a ter que rexeitar o conxunto das contas que presenta AMTEGA.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:54
Nº Rexistro: 39850
Data envío: 07/11/2018 16:54:49.916

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2018 16:29:17

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:14
Nº Rexistro: 39793
Data envío: 07/11/2018 13:14:33.149

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 04**, **Presidencia da Xunta, e organismos, consorcios, entidades, fundacións e sociedades públicas dependentes, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019**, polas razóns que se expoñen a seguir:

En primeiro lugar, entendemos que a estrutura de competencias da sección 4 non é coherente nin funcional senón que é resultado dunha amalgama que non responde a ningún criterio máis alá do control pola Presidencia da Xunta de materias como a comunicación institucional e social ou as novas tecnoloxías que teñen unha forte carga propagandística.

Os orzamentos desta sección non cumpren cos mínimos obxectivos en materia de comunicación institucional e medios de comunicación, promoción da actividade deportiva, fomento da sociedade de información e do coñecemento, e emigración.

Consideramos que se debe reducir nunha porcentaxe do 30 % as cantidades destinadas a persoal eventual de gabinete, co obxecto de destinar estes recursos a programas de promoción da actividade deportiva destinados ao conxunto da poboación.

Tamén consideramos necesario reducir gastos do capítulo II (cobertura informativa, comunicacións, reparacións, material de oficina, gastos diversos) para

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

destinalos a incrementar os orzamentos do programa de fomento da sociedade da información e do coñecemento.

No referente ao capítulo VI, consideramos necesario reducir a partida do programa 461A (Programas de comunicación social e outras actuacións) e incrementar as axudas a empresas xornalísticas e de difusión, con un vencellamento claro e directo ao apoio do uso da lingua galega nos medios de comunicación para cumprir a normativa vixente en materia de normalización lingüística.

Por último, o grupo de BNG considera necesario un cambio sustancial nos orzamentos e nos programas destinados á emigración, incrementando os créditos destinados á promoción do retorno e da integración sociolaboral.

Por estes motivos, solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 04**.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2018 11:13:49**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:14
Nº Rexistro: 39792
Data envío: 07/11/2018 13:14:23.776

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, dos Orzamentos do Ente Público "CRTVG" (Sección 04) no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019**, polas seguintes razóns.

Os orzamentos para 2019 en relación á Corporación da Radio e Televisión Públicas de Galiza (CRTVG) deben ser rexeitados na súa totalidade polo flagrante incumprimento que desde hai oito anos se está a producir da Lei 9/2011 de medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza como veñen denunciando as traballadoras e traballadores da Corporación desde hai meses a través dos denominados #VenresNegros.

Incumprimento referido ao desenvolvemento da propia lei na elección parlamentar da Dirección Xeral (artigo 23), en materia laboral coa elaboración do Estatuto Profesional e a creación do Consello de Informativos (artigo 36), en relación aos principios que deben rexer a Corporación (artigo 4) e que foron recollidos no seu Mandato Marco, así como en materia de xestión coa sinatura do Contrato Programa (artigo 33) ou de control profesional a través da creación da Autoridade Audiovisual (Disposición derradeira quinta) .

Unha Corporación que se mantén, de facto, á marxe da lexislación que a regula non pode ser debidamente xestionada, nin sequera cun orzamento ampliado a

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

respecto das contas de 2018, como tampouco cumprir coa súa función de servizo público.

Alén disto, as mudanzas introducidas ao longo de 2018 na programación da CRTVG están afastando a radio e televisión públicas de Galiza dos obxectivos e principios que as rexen desde a súa fundación hai máis de tres décadas. A presenza da cultura galega e da difusión do pluralismo cultural deste país, sexan cales for os ámbitos de creación, é cada vez máis testemuñal, especialmente na televisión.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos do Ente Público CRTVG (Sección 04)**.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2018 11:13:33**

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, da **Sección 05**, **Vicepresidencia e Administración Pública**, **dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019,** atendendo ás seguintes razóns:

A escaseza orzamentaria da Secretaria Xeral de Igualdade no seu programa ACCIÓNS PARA A IGUALDADE, PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA MULLER amosa a falta de compromiso económico, na necesaria loia contra a desigualdade de xénero que lastra a sociedade galega, para acadar unha conciliación real para as mulleres entre a súa vida laboral e persoal, os datos de fenda salarial, os teitos de cristal e, sobre todo, os datos de violencia machista que indican a necesidade de apostar de forma clara por políticas de prevención, formación e protección que deben ter a súa contrapartida orzamentaria para poder ser eficientes. Este orzamento non parece que se comprometa de xeito real no seu conxunto ca dura realidade que sofren as mulleres de Galicia, nin ca necesidade de intervir de forma transversal nesta vicepresidencia, nin posúe unha estratexía de influír no resto das consellerías en materia de igualdade no global da sección e do orzamento.

Entre as eivas evidentes do proxecto de orzamentos está a falta de garantía para que a asesoría xurídica xeral poida mellorar e incrementar a súa participación na elaboración de plans de prevención e loita activa contra a corrupción estructural no ámbito da administración autonómica, nin prevé a dotación de ferramentas e de formación aos empregados e empregadas públicas neste eido, ou oficinas ou unidades concretas para facer facer efectiva

e real a prevención de prácticas sospeitosas e perniciosas de converterse en delitos. Unha vez mais esquécese a necesidade de determinar os mecanismos e medios para este fin absolutamente necesario.

No que ten a ver coa dirección xeral de Administración local, botamos en falta recursos que permitan unha planificación ordenada dos recursos destinados aos concellos, tanto para os que procedan a mancomunar servizos, como aqueles que realizaron fusión, sistema que foi anunciado pola consellería pero que non acada unha execución concreta neste orzamento. Existen inconsistencias orzamentarias para mellorar os plans das áreas metropolitanas, das existentes, e das que deberan crearse no futuro, o que demostra que a súa formulación polo goberno é mais unha expresión de vontade con obxectivos electorais, que unha realidade a conseguir polo executivo galego.

En outros ámbitos como a cooperación, a pesar de existir un lixeiro incremento, este non chega para cubrir a demanda da sociedade civil organizada neste sector, como se puido demostrar na falta de unanimidade na aprobación da estratexia galega de cooperación exterior, que non foi compartida precisamente pola falta de compromiso orzamentario suficiente. Igualmente sería necesario establecer mecanismos e partidas que permitan estudiar e analizar os impactos das modificacións que se están a dar no seo da Unión Europea e que afectaran a nosa sociedade e economía, sobre todo en sectores como o mar ou o agro.

As previsións orzamentarias non permiten garantir o desenvolvemento da Lei 1/2015 no que ten a ver coas garantías cidadáns usuarias de servizos públicos. Os programas orzamentados de medición de calidade obvian o uso da lingua galega como indicador.

Non existe avaliación e seguimento programados do cumprimento dos obxectivos de modernización, cando os investimentos da materia están sendo moi elevados, o que imposibilita os xuízos de eficiencia na asignación de gasto.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39817
Data envío: 07/11/2018 16:16:27.779



**Neste orzamento contemplase un incremento retributivo para os emrpegados públicos, pero dentro dos dereitos expoliados a estos traballadores e traballadoras obvian incrementar a partida de acción social para os empregados públicos, nos niveis que tiñan antes dos recortes do PP, que este ano unha vez mais queda conxelada en 64.000€ absolutamente insuficientes.**

A oferta de emprego público tal e como está dotada non responde as necesidades do sector e da cidadanía no seu conxunto , xa que establecen no seu proxecto de orzamentos que d**urante o ano 2019 só se poderá proceder, no sector público, á incorporación de novo persoal con suxeición aos límites e requisitos establecidos na normativa básica que se estableza ao respecto, e en particular no referente á taxa de reposición de efectivos, respectando, en todo caso, as dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos. Excluíndo as sociedades mercantís públicas e entidades públicas empresariais, fundacións do sector público e consorcios participados maioritariamente polas Administracións e Organismos que integran o sector público autonómico, que terán que adecuarse ao previsto na normativa básica estatal. Isto** supón a vulneración do artigo 19.1 da Lei 6/2018, do 3 de xullo de orzamentos xerais do Estado, que claramente exclúe da incorporación as Ofertas de Emprego Público aos referidos Entes Instrumentais, establecendo un réxime particular para cada un deles (regulado mediante remisión ás Disposicións Adicionais 29ª, 30ª e 31ª.).

O referido apartado 1 do artigo 19 ten carácter de lexislación básica consonte ao expresamente sinalado no punto 7 do mesmo precepto legal.

**A maior abastanza, xa a propia Lei 3/2017 de orzamentos xerais do Estado, regulaba dita exclusión na súa Disposición Adicional 26ª na que literalmente se dispón:**

*"Limitaciones a la incorporación de personal laboral al sector público. Uno.*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39817
Data envío: 07/11/2018 16:16:27.779



*Con efectos desde la entrada en vigor de esta Ley y vigencia indefinida, las Administraciones Públicas del artículo 2 del texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, aprobado por el Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, no podrán considerar como empleados públicos de su artículo 8, ni podrán incorporar en dicha condición en una Administración Pública o en una entidad de derecho público:*

*(…) b) Al personal laboral que preste servicios en sociedades mercantiles públicas, fundaciones del sector público, consorcios, en personas jurídicas societarias o fundacionales que vayan a integrarse en una Administración Pública. Al personal referido en los apartados anteriores le serán de aplicación las previsiones sobre sucesión de empresas contenidas en la normativa laboral. "*

***(…)Tres. Lo establecido en esta disposición adicional tiene carácter básico y se dicta al amparo de lo dispuesto en los artículos 149.1. 13.ª y 18.ª, así como del artículo 156.1 de la Constitución."***

***No referente a contratación de persoal laboral temporal e nomeamento de persoal funcionario interino no ámbito da Comunidade Autónoma e os seus organismos autónomos e axencias públicas non inclúen ao persoal laboral ou interino para a cobertura de prazas na administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, que presenten especiais dificultades de cobertura, unha vez xustificada a necesidade da súa cobertura polo centro directivo de destino. O cal é tan inxustificable como irresponsable, porque non se pensa nas necesidades reais das unidades de xestión e centro directivo.***

***Estamos acostumadas aos "argumentos" ofrecidos polo goberno popular para amortización de prazas na negociación das RPT de "imposibilidade de cobertura" por motivos de non ser ocupada nos procesos de provisión. Unha mala exucsa para proceder á amortizacións case de***

***xeito automático afectando na maior parte dos casos a postos "base", os que sacan adiante o traballo directo do día a día. A obriga da Administración é a de ofertar ditas prazas na OEP correspondente, e evitar o efecto "pirámide invertida" que este "modus operandi" esta a producir en moitos centros directivos, onde hai unha desproporción, tendo en conta as necesidades reais, entre todos corpos sendo insuficientes os postos base, ao tempo que ten que a obriga do goberno é evitar que se siga afondando na destrución de emprego público apoiando as necesidades de persoal que en moitas ocasións solicitan os centros directivos. E todo iso sen necesidade de aumentar o gasto, tendo en conta que son prazas dotadas orzamentariamente.***

No relativo a dirección xeral de emerxencias, o igual que no ano 2018 o orzamento non garante a realización dos compromisos adquiridos en novembro do 2017 sobre todo en materias como:

- Implementación do mando único
- Equipos Forestais de Investigación para apoiar a Policía e a Garda Civil nas pescudas sobre a orixe dos lumes
- Equipos de Vixilancia de Incumprimento para supervisar que se leven a cabo as medidas de prevención
- Rexistro de investigación de incendios, con información á disposición dos equipos

No ámbito de unidade de policía adscrita non aparece consignación orzamentaria para reforzar a investigación de incendios, nin para mellorar as unidades asignadas, nin para redimensionar os departamentos de investigación

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Por iso, En Marea solicita a devolución do orzamento na súa totalidade da Sección 05.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 12:44:56**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39835
Data envío: 07/11/2018 16:26:05.521

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara,** presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao Servizo 80, Escola Galega de Administración Pública, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019,** polas seguintes razóns:

O Partido Popular é unha formación que dende este ano pasará a figurar nos libros de historia como o primeiro partido condenado por corrupción. Ademais disto é unha organización que non cree no sistema público nin na transparencia da súa xestión. Non cree no Estado de Benestar ao servizo da cidadanía se non na súa fragmentación e desmantelamento para ir repartindo contratos e servizos as empresas amigas estendendo a modelo de precarización aos empregados públicos, uns traballadores agraviados e espoliados como os demais polas políticas do Partido Popular. Proba disto é a esforzada labor que acometeu desmantelando a sanidade e a ensinanza públicas, externalizacións varias, tentar impor un modelo laboral de contratación temporal e precarios, e tamén patrimonializando as institucións para poñelas ao servizo dunha minoría privilexiada que nalgúns escandalosos casos descubrimos que financian as súas campañas electorais. Por isto, non é de estrañar que non invirta no orzamento da Escola Galega de Administración Pública. Para que vai formar ao corpo de traballadores públicos cando nin tan sequera cre nel e prefire traballadores precarios que obedezan sin chiar ao aparato do poder?

A Escola Galega de Administración Pública dedícase a formar e especializar ao persoal ao servizo da Administración pública de Galicia. A súas labores se centran na investigación e na divulgación coa finalidade de profesionalizar e formar de xeito continuado as persoas que traballan na Administración. Na

medida na que un país saudable precisa traballadores que estean ao día e sexan capaces de adaptarse aos novos retos que van xurdindo, a Escola encargase dunha labor de gran importancia. E debería investirse cunha gran partida concreta na formación dos traballadores públicos en materia de control e prevención da corrupción sistémica que sufrimos no conxunto do país, con énfase no eido loca, e en materia de xénero de xeito transversalizado.

Non obstante, a súa contribución a mellora dos servizos públicos, a loita contra a corrupción e o machismo estrutural a través da formación, non se ve recoñecida nos orzamentos, que se ven afectados polo estancamento. A mensaxe que o Partido Popular manda con isto aos traballadores da Administración é claro: non contamos con vós, non contamos con vós para erradicar a corrupción, erradicar o machismo e mellorar de xeito profundo dende a independencia da carreira e o servizo público a xestión pública dos cartos de todos os cidadás e cidadáns galegas.

Porque apostamos pola formación continúa dos traballadores da Administración, **solicitamos a devolución do proxecto de orzamentos para a Escola Galega de Administración Pública.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 12:53:16**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39837
Data envío: 07/11/2018 16:27:39.188

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao ente público Fundación Galicia Europa, Sección 05, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019,** polas seguintes razóns:

A Fundación Galicia Europa durante 25 anos leva traballando e dedicando os seus esforzos á defensa dos intereses de Galicia de cara a Europa, a informar sobre a UE en Galicia, a promover a participación das entidades galegas en proxectos europeos e a formar e sensibilizar sobre a Unión Europea na nosa terra sabendo que moitas das políticas que afectan, e inflúen, aos galegos e galegas principalmente no relativo aos sectores produtivos pasan por Europa. Todas estas acción terían que ser apoiadas polo Goberno da Xunta, pero Feijóo ben sabe que, tendo en conta o traballo que está a facer, beneficíalle moito máis pasar desapercibido que impulsalo.

Ao Partido Popular non lle interesa tender pontes co exterior e, moito menos, proxectar Galicia no mundo. Feijóo segue na súa política de facer turismo político, sen obxectivos claros e con total falta de transparencia sobre os gastos e sobre os resultados, porque os obxectivos reais están ocultos tras a maquinaria de marketing.

Polo demais, o PP quere que Galicia permaneza nun discreto segundo plano porque non cree en Galicia nin no seu potencial. Para Feijóo Galicia é un medio para outras cousas que pouco teñen que ver cos intereses e necesidades dos galegos e galegas. Un partido, e un goberno, que menospreza a cultura e o idioma de Galicia, e día tras día demostran que carecen dun proxecto de país nin gañas de telo. Como poderían, entón, apostar por Galicia no exterior, ou defendela,

cando non mostran o máis mínimo interese en defendela e potenciala ante os galegos e galegas?

Así, enténdense os orzamentos que o Goberno da Xunta pensa conceder á Fundación Galicia Europa. Este ano aumentan lixeiramente os cartos dedicados a fortalecer a acción exterior de Galicia, pero prevese xa que no futuro inmediato esa liña de acción vai ver diminuídos os seus fondos. É comprensible e coherente coa estratexia do Partido Popular. Mellor permanecer recollidos para que o mundo non coñeza as miserias das súas políticas.

Porque nós si apostamos pola defensa dos intereses de Galicia no exterior, **solicitamos a devolución do orzamento para a Fundación Galicia Europa**.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 12:49:06**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:44
Nº Rexistro: 39846
Data envío: 07/11/2018 16:44:23.508

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución,** da **Axencia Galega de Emerxencias (Sección 05), dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019,** atendendo ás seguintes razóns:

Os orzamentos da axencia son absolutamente continuistas sobre os presentados no 2018, se temos en conta que aqueles presentaban eivas evidentes no capítulo de inversións, por exemplo nos compromiso públicos adquiridos pola Xunta nesta materia cos concellos de Galicia,

Boa parte dos investimentos reais da Axencia van destinados a contratar a atención telefónica, en mans privadas, nunha estratexia política e orzamentaria que non podemos admitir por impoñer unhas condicións laborais precarias para as persoas prestadoras do servizo e unha merma dos recursos que poderían estar a disposición do cumprimento doutras funcións esenciais da Axencia e non o están porque deben satisfacer o beneficio empresarial da adxudicataria.

A realización dende o público destas tarefas non so é mais eficaz senon que incrementa a calidade do servizo, polo que non podemos compartir este modelo adaptado polo Goberno.

Por último, nos últimos tempos quedou clara a necesidade de incrementar os recursos públicos en materia de emerxencias en todolos seus ámbitos, incluso os que derivan desta axencia, dado o incremento de necesidades neste sentido que ten sufrido a poboación galega tanto no 2017 como no presente ano

**Estas razóns obríganos solicitar a devolución do orzamento da Axencia para que podan atender máis eficazmente os problemas detectados**.

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 16:42:01**

grupo socialista
Parlamento de Galicia
PSG PSOE

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:55
Nº Rexistro: 39851
Data envío: 07/11/2018 16:55:04.636

**Á Mesa da Comisión 3ª**

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **emenda á totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019**, relativa á **Sección 05, Vicepresidencia, e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e Axencia Galega de Emerxencia,** con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

**Sección 05 – Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza e Axencia Galega de Emerxencias.**

En relación ás políticas de igualdade e de loita contra a violencia de xénero que vai desenrolar a Secretaría Xeral de Igualdade, este ano o incremento é froito da aportación de algo máis de 8 millóns por parte do Estado pola aprobación do Pacto de Estado da Violencia de Xénero, deixando constancia da falla de intención da Administración autonómica para sumar esforzos e atallar este grave problema que afecta directamente ás mulleres galegas.

As medidas previstas para poñer en práctica para o 2019 na memoria deste organismo, responden en gran medida as recomendacións da propia ponencia desenrolada na Comisión de Igualdade, sen embargo chama poderosamente a atención como se obvia absolutamente algun tipo de medida ou acción directa no rural galego. Máxime cando do reparto que fixo o Estado de 10 millóns entre todas as Comunidades en función da condición rural, Galicia é a comunidade que recibe máis fondos: exactamente un 31,5 % dos fondos, o que supón practicamente o 40 % do total de 8.027.342,48€.

O gasto deses fondos recibidos do Estado ten que xustificarse coa posta en práctica de calquera das medidas reflectidas no Pacto de Estado, polo que parece que un 40 % das mesmas en coherencia cos criterios de adxudicación deberan ir destinadas especialmente á política de prevención da violencia de xénero no rural. Nin un só comentario na memoria de orzamentos ó respecto, nin un só.

A maiores dos 8.027.342,48€ se incrementan tamén 513.773€ procedentes duns fondos que quedaran sen repartir durante o 2018 por parte do Estado, para programas para a asistencia social integral , para plans personalizados de atención ás vítimas de violencia de xénero e para programas de apoio as vítimas de agresións e/ou abusos sexuais.

Isto significa que o esforzo de incremento da propia Xunta de Galicia en materia de Violencia de Xénero é de apenas un 1,03 %, exactamente cun incremento respecto ó 2018 de 145.224€ , cunha clara mensaxe de relaxación, falla de implicación e deixación de responsabilidades no Estado.

En materia xurídico-institucional, novamente, a falla de compromisos para a aprobación do plan antifraude na contratación pública autonómica acordado en sede parlamentaria, a inacción en materia de medidas anticorrupción para regular a actuación dos grupos de presión ou a protección integral das persoas denunciantes de prácticas corruptas, fan que non poidan ser aceptados os orzamentos para esta sección orzamentaria, sen que afonde en materia de transparencia, bo Goberno e calidade democrática e institucional.

Os créditos que se consignan para a Secretaría Xeral Técnica reducen a capacidade investidora no capítulo VI en case 10 millóns de euros. Pero o realmente preocupante é o nulo compromiso das actuacións que dende este servizo orzamentario se precisan en materia de Administración xeral, de persoal público e, en definitiva, de mellora na calidade dos servizos públicos autonómicos. Tanto as transferencias á EGAP como os recursos en materia de Avaliación e Reforma administrativa mantéñense conxelados, polo que dificilmente vaise poder contribuír dende esta consellería aos programas anunciados de formación e carreira profesional. Á incapacidade do Goberno galego para xestionar os concursos de traslados, as ofertas de emprego público e os procesos de funcionarización e de estabilización do persoal temporal, únese a permanencia da vixencia da Lei 1/2012, que unicamente se derroga en materia de prestacións por incapacidade temporal en consonancia cos acordos estatais, pero que mantén a suspensión de preceptos do V Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia que está a incidir nos programas de conciliación e, especialmente, na saúde e seguridade laboral de moitas traballadoras, especialmente dos centros de política social. Os créditos, polo de máis, do programa 324 B en materia de saúde laboral tamén permanecen conxelados.

Os Orzamentos destinados á Administración de Xustiza pola Xunta de Galicia para o ano 2019 revelan, como nos exercicios anteriores, falla de vontade política e incapacidade do Goberno, sobre todo considerando a folga indefinida de traballadoras e traballadores durante o primeiro semestre deste ano 2018. Con relación ao modelo de implantación da nova organización da Administración de Xustiza, medios económicos e materiais dos xulgados, fiscalías, rexistros civís, IMELGA e demais servizos, resalta a escaseza das cantidades destinadas ás novas oficinas Xudicial e Fiscal (70.000 euros) e á organización do arquivo xudicial e proceso de expurgo (98.375 euros). A maiores, non hai partida orzamentaria para o IMELGA.

Para a xestión do sistema de asistencia xurídica gratuíta as partidas específicas manteñense tamén conxeladas e iso que Galicia é unha das CCAA por debaixo da media estatal en investimento nesta área.

Respecto da relación de postos de traballo do persoal e a recuperación do traballo nos Xulgados, xa nunha segunda fase, a falla de planificación do Goberno galego é total, que precisa da vontade dos membros do Poder Xudicial na Comunidade para desenvolver esta segunda fase. O certo é que se precisan partidas suficientes para recuperar o traballo en xustiza, é dicir, actuacións e xuízos que terán lugar en 2019, ademais das que traian causa da recuperación en 2018.

En canto á planificación estratéxica e seguimento das medidas para o impulso das novas tecnoloxías e solucións informáticas, o Goberno segue a apostar por colaborar coa AMTEGA, descoñecendo absolutamente os problemas reais da implantación do expediente xudicial electrónico.

De novo, non hai partida para a promoción e desenvolvemento do Dereito Civil Especial de Galicia; e lamentablemente, o mesmo ocorre coa promoción do uso do galego no ámbito da Xustiza, con datos oficiais coñecidos do ano 2005.

En relación a novas infraestruturas xudiciais, cun Plan de Infraestruturas Xudiciais 2010-2015 sen apenas executar, as obras maiores son as mesmas que dende, polo menos, aquel ano inicial de 2010: a consellería promete concluír en 2019 a construción do novo edificio xudicial de Pontevedra, cunha partida orzamentaria de 2.814.408 euros (pero é que xa o prometera o Vicepresidente na súa comparecencia polos orzamentos de 2018); respecto da Cidade da Xustiza de Vigo hai 18.000.000 de euros e con relación á sede xudicial de Tui, a partida orzamentaria é de 973.630 euros (eran 2,2 millóns en 2017 e 2,1 millóns en 2018)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:55
Nº Rexistro: 39851
Data envío: 07/11/2018 16:55:04.636

e tamén a prometía o vicepresidente para comezos de 2019. Polo que respecta ás obras menores, hai unha partida que parece claramente insuficiente.

Por último, resulta cando menos curioso que, pese a telo aprobado como proposta de resolución no último Debate do Estado de Autonomía (por 68 votos a favor), ningunha partida faga referencia ao cumprimento do Decreto 124/2014, do 11 de setembro, ao respecto do número de oficinas e da ratio ideal por fiscalía, nin ao impulso dos cambios normativos necesarios para permitir o desenvolvemento dos procedementos ante as Forzas e Corpos de Seguridade e dos procesos xudiciais en lingua galega, conforme recomenda o IV Informe do Comité de Expertos do Consello de Europa para a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias. Unha partida de 70.000 euros e outra inexistente dificilmente van facer cumprir estas propostas.

En materia de Administración Local, e a pesar de algún lixeiro incremento nos fondos de cooperación, segue sen asumirse compromisos claros para avanzar nun novo marco, transparente e obxectivo, para o financiamento incondicionado dos nosos concellos, para a súa "maioría de idade". A forma de aplicar, con absoluta subxectividade, determinados plans que temos denunciado (infraestruturas rurais, Hurbe, creación e mellora de equipamentos de medio ambiente, etc...), o bloqueo sistemático aos procesos e servizos de carácter metropolitano ou os problemas denunciados nas fusións municipais de Cerdedo-Cotobade ou de Oza-Cesuras, non permiten validar as políticas nin polo tanto as previsións orzamentarias en materia de Entidades Locais para 2019.

Polo que respecta a Emerxencias e Interior, e pese aos compromisos que se anuncian por parte da consellería, os créditos para as transferencias á FEGAMP con destino aos GES e as destinadas ás asociacións de voluntarios de Protección Civil permanecen tamén conxelados. Non tendo ademais comparecido de forma diferenciada a AXEGA para dar conta das súas previsións para 2019 nunha materia da máxima sensibilidade social, non observamos compromisos firmes para dispoñer do novo Mapa de Emerxencias de Galicia nin da revisión do PLATERGA (Plan Territorial de emerxencias de Galicia). A falla tamén de compromisos específicos para mellorar a dotación de efectivos da Unidade de Policía Autonómica de Galicia, fan que debamos rexeitar as previsións que sobre este ámbito se conteñen nos orzamentos para 2019.

Finalmente, en materia de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, e diante do reto que Galicia ten no marco da UE ante o impacto do Brexit. o vindeiro marco financeiro da Unión a partir do 2021 en materia de cohesión e da PAC ou as necesarias políticas solidarias en materia de migracións, os créditos que se asignan á Fundación Galicia-Europa mantéñense tamén conxelados. Observando un lixeiro incremento do programa 331A (Cooperación ao desenvolvemento), reivindicamos que este compromiso debe de acadar, canto menos, o 0,2 % das contas anuais durante o presente mandato, segundo está recollido na propia Estratexia de Acción Exterior de Galicia.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2018 16:29:26**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:19
Nº Rexistro: 39802
Data envío: 07/11/2018 13:19:27.950

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 05**, **Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e organismos, consorcios, entidades, fundacións e sociedades públicas dependentes desta, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019**, polas seguintes razóns:

Son orzamentos que se caracterizan polo elevado gasto de funcionamento, nomeadamente os relativos a persoal de gabinete e gasto corrente.

No referente a cooperación exterior e ao desenvolvemento, o orzamento deste programa está moi lonxe da media do Estado e das previsións da avaliación final do III Plan Director e da Estratexia de Acción Exterior, polo que sería necesario aplicar un plan plurianual de incrementos maior do previsto neste orzamento.

No que se refire á acción exterior, o orzamento deste programa pon de manifesto unha visión limitada, pouco ambiciosa e rotineira da acción exterior, que non prioriza os esforzos nin persegue obxectivos claros desde o punto de vista da imaxe do país, a proxección da lingua e a cultura, a presenza política en foros e organismos internacionais, e a defensa dos intereses económicos de Galiza diante da UE. De especial relevancia é a carencia de prioridades e obxectivos na relación coa lusofonía e co desenvolvemento da lei Paz Andrade.

En materia de igualdade, entendemos que cómpre desenvolver un programa máis ambicioso promovendo un pacto galego que comprometa a todas as institucións e ao conxunto da sociedade e que mobilice maiores recursos e medios, ate chegar ao 1%

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do orzamento. Como base deste plan, é preciso ampliar e potenciar as medidas encamiñadas a combater a desigualdade, especialmente no eido da formación, a educación, a fenda salarial e o emprego.

No que atinxe á administración de xustiza, non existen dotacións orzamentarias para impulsar o uso do galego neste ámbito, incumprindo o establecido na Lei de normalización lingüística de 1983 e no Plan Xeral de Normalización do uso do galego de 2004. Tampouco existen dotacións orzamentarias suficientes para a creación de novos xulgados e para mellorar a actuación da xustiza fronte á violencia machista.

Neste proxecto de orzamentos mantense a opción política deste goberno por un sistema de atención ás emerxencias fragmentado, sen operativos eficaces de mando e coordinación, e con fortes desequilibrios territoriais. Non se prevén avances significativos na mellora da cobertura territorial, no funcionamento dos GES e no desenvolvemento da Lei de emerxencias.

Por estas razóns, solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 05**.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:19
Nº Rexistro: 39802
Data envío: 07/11/2018 13:19:27.950

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2018 11:12:49**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39819
Data envío: 07/11/2018 16:17:37.557

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no art. 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019**, relativa á **Sección 06, Consellería de Facenda,** con expresa petición de **devolución**, polas seguintes razóns:

Os orzamentos da Consellería de Facenda son irrelevantes en termos cuantitativos: os 57,5 millóns de euros dos que vai dispor en 2019 sitúana como a consellería con menor dotación orzamentaria, apenas o 0,6% do total do orzamento.

Dada a estrutura e as funcións da consellería, o 71% do gasto materializase no capítulo 1 de gastos de persoal e o outro 21% en investimentos, fundamentalmente no CIXTEC.

O orzamento da Consellería pódese caracterizar como exiguo, simple e rutinario, apenas dotado cos recursos suficientes para pagar ao persoal, cun incremento mínimo, por debaixo do orzamento total, explicado case exclusivamente polo aumento das retribucións salariais.

Neste escenario de escaseza de recursos e de falla de ambición, destacan de forma negativa a escasa dotación da Axencia Tributaria de Galicia e do Consello Económico Social, que rexeitamos de forma contundente.

A estratexia do goberno de reducir o papel do CES, de evitar que este organismo clave de participación dos axustes económicos e sociais de Galicia na

elaboración de análises, ditames, estudos e propostas, faise evidente co limitado orzamento do organismo que se quere asfixiar orzamentariamente, non dotándoo dos recursos necesarios para que faga o seu traballo.

E algo similar sucede coa ATRIGA, un órgano central na loita contra o fraude fiscal, un dos maiores problemas para a suficiencia financeira da Xunta e da equidade fiscal e que ano tras ano sufre de infradotación de recursos para levar a diante a súa tarefa de combater o fraude.

Pero a relevancia da Consellería de Facenda vai moito máis alá do seu cativo orzamento, porque nas súas funcións está a xestión dos ingresos públicos, tanto nos impostos propios como nos cedidos e os compartidos coa a Administración central.

Por iso, o rexeitamento de En Marea aos orzamentos da Consellería de Facenda ten como elemento central a decepcionante e inxustificada evolución dos ingresos, en 2019 dende logo, pero tamén nos últimos anos.

Unha cifra sintetízao: en 2019 imos ter o maior nivel de PIB da nosa historia pero os ingresos públicos aínda están moi por baixo dos previos ás políticas de austeridade.

Evolución decepcionante e negativa en todas as súas compoñentes: e inaceptable que os ingresos derivados do modelo de financiamento autonómico apenas medre nun contexto de incremento da recadación de figuras tributarias como o IVE e o IRPF.

Inaceptable a evolución das transferencias doutras administracións, e nomeadamente o Fondo de Cooperación Interterritorial (FCI) que teñen como finalidade o reequilibrio territorial.

Pero entre todas as medidas sobre ingresos as que suscitan o maior rexeitamento do Grupo de En Marea é a decisión da Xunta de agravar a estratexia de rebaixas fiscais en beneficio dos máis ricos.

No exercicio 2019 os beneficiarios fiscais acadan os 430 millóns de euros, a cifra máis alta da historia, cantidade que acumulada dende 2014 eleva a cifra total a 2.330 millóns de euros.

Canto da débeda pública se corresponde con estas rebaixas fiscais, con estes ingresos que a Xunta decidiu non percibir? Que recortes na sanidade e no ensino foron provocados por estes menores ingresos? Porque o que non se paga con impostos págase con recortes ou con débeda.

A política fiscal que se ten aplicado nestes anos e que se sigue presente no orzamento de 2019 ten un profundo sesgo ideolóxico conservador, porque reducir impostos sempre beneficia aos máis ricos e recortar gasto público sempre prexudica aos máis débiles. Esa é a opción: elixir fiscalidade e gasto público para a elite ou para a maioría social. O orzamento de 2019 é un claro exemplo desta política fiscal para ricos, porque a medida fundamental é rebaixar o Imposto de Patrimonio, isto é, a tributación das persoas que teñen un patrimonio superior a 700.000 euros.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 13:55:35**

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de EN MAREA**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a **seguinte emenda á totalidade da Sección 06 da Consellería de Facenda (Consello Económico e Social)** do **Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019,** atendendo ás seguintes razóns:

O Consello Económico e Social (CES) é un órgano consultivo das políticas públicas da Xunta de Galicia que cumpre un papel fundamental, no marco dunha sociedade que debe afondar no seu carácter democrático, sendo un foro permanente de diálogo e deliberación entre a sociedade civil organizada e a Xunta de Galicia para facilitar a participación dos axentes socioeconómicos e representantes da sociedade civil no proceso de toma de decisións, tendo o cometido tanto de analizar a actividade normativa gobernamental como de elaborar, por iniciativa propia, estudos e informes que dean lugar a propostas de acción política en calquera ámbito directamente vinculado ao desenvolvemento económico e social do País.

No Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da C. A. de Galicia para o ano 2019, os fondos previstos para o CES non acadan o mínimo necesario para reforzar o seu papel consultivo e de análise sociopolítica, quedando en 952.282 €, o que supón un aumento dun 3,18% dende o ano 2018, pero sendo aínda apenas un 73% do orzamento consignado ao organismo en 2008. Ademais, o Capítulo II, que representaba case o 60% dos Orzamentos do organismo en 2009, representa só o 13,7% do total dos fondos do CES para 2019, o que significa que o

organismo consultivo terá moitos menos medios para a realización de informes e estudos, aumentando así a porcentaxe sobre o total que representa o mantemento de persoal e estrutura. Os 5100 € para publicacións e 6.657 € son absolutamente insuficientes e testemuñais, non sendo posible para o CES, con este orzamento, realizar xornadas e cursos sen recorrer á colaboración con outros organismos. Por outra parte, o "reto demográfico" e as reunións do Observatorio Demográfico apenas se traducen nos Orzamentos do CES, salvo no capítulo 4, no que ten que ver con pago dos desprazamentos das persoas integrantes do Observatorio.

Así, os Orzamentos de 2019 consolidan o baleirado de contido que o Goberno da Xunta leva anos aplicando ao CES, ben a través de reducir os seus recursos para a elaboración de informes e a realización de xornadas e cursos, ben non sometendo a ditame do CES proxectos de lei e normativa da Xunta.

No momento actual de non superación da crise social, co mantemento da precariedade laboral, a consolidación da perda do peso dos salarios no conxunto da economía, o mantemento de preocupantes niveis de pobreza e desigualdade, o excesivo prezo de recursos básicos e o descenso da poboación activa – tal e como explica a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia de 2017, do propio CES– é fundamental reforzar a labor de análise do CES e a súa capacidade de proposta para que a sociedade civil galega se implique en dar solucións aos problemas estruturais do País como a propia precariedade laboral ou o devalo demográfico.

Por outra parte, nun escenario parlamentar de maioría absoluta, a labor consultiva do CES sobre a labor lexislativa do Goberno é fundamental para complementar a

tarefa dos grupos parlamentarios, implicando a sociedade na participación nas políticas da Xunta.

**Polo exposto con anterioridade, rexeitamos os orzamentos da Sección 06 da Consellería de Facenda** (**Consello Económico e Social**) do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 na súa totalidade e reclamamos a súa devolución para seren reformados tendo en conta a necesidade de reforzar o papel do CES como organismo consultivo e de análise socioeconómica, contando coa participación de distintas entidades e organismos da sociedade civil.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 10:48:21**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:55
Nº Rexistro: 39852
Data envío: 07/11/2018 16:55:27.489



**Á Mesa da Comisión 3ª**

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no art. 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019**, relativa á **Sección 06, Consellería de Facenda, Axencia Tributaria de Galicia e Cistec**, con expresa petición de **devolución**, en virtude das seguintes consideracións:

**Sección 06 – Facenda, Axencia Tributaria de Galicia e Cixtec.**

O Proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2019 experimenta un incremento xeral do 7,6 % (por importe 820.378 miles de euros) respecto do exercicio 2018, pero o gasto non financeiro se incrementa na metade das porcentaxe, nun 3,8 %. O maior aumento se contempla no incremento do 43,5 % do gasto financeiro (por importe de 458.159 miles de euros). Estes datos xerais non garanten a aposta firme que debería ter o Goberno da Xunta de Galicia, con crecementos en termos de PIB en torno ao 3 % durante os últimos anos, para restablecer os servizos públicos e a calidade no emprego a niveis anteriores á crise económica.

Cabe resaltar que a crise agudizou as desigualdades económicas e sociais das familias e a recuperación non está sendo uniforme, polo que a aposta das administracións para volver a recuperar uns servizos públicos de calidade ao tempo que compensar a situación socioeconómica das familias galegas que peor o están pasando, debe ser incuestionable.

O Goberno galego segue a falar dun Plan de Dinamización Demográfica que non acaba de establecer, sen facer realmente unha aposta polas medidas que revertirían a sangría demográfica que vemos padecendo en Galicia. A creación de emprego estable e de calidade, as facilidades para o acceso á vivenda, a recuperación dos servizos públicos de calidade, o despregue das telecomunicacións á práctica totalidade do territorio, as medidas para conciliar a vida laboral e familiar e o incremento de medidas que aposten claramente polo I+D+I deberían estar na folla

de ruta do Goberno galego para conseguir o asentamento da poboación así como o retorno das persoas que tiveron que emigrar.

Os últimos datos publicados nos indican que tanto as familias sen ingresos como as que teñen todos os seus membros no paro diminúen a un ritmo moi lento, sen que atopemos nestes orzamentos ningún plan de choque que atalle esta situación, máis aló da dotación para a Risga que, sendo absolutamente necesaria, evidencia o fracaso social e económico na xestión dos recursos da Xunta de Galicia.

Na previsión de ingresos, no que se refire a impostos directos (IRPF, Imposto sobre o Patrimonio, e Imposto sobre Sucesión e Doazóns) o Goberno galego prevé un incremento do 6,9 % cando ao mesmo tempo se anuncian unha serie de rebaixas fiscais que non  van ter impacto importante algún para a maioría da poboación e se renuncia, novamente, a exercer unha política fiscal progresiva, na que as rendas máis altas contribúan máis, na procura dunha mellor e máis equitativa redistribución da riqueza; pola contra, se rebaixa de xeito significativo o Imposto sobre a Patrimonio para os sectores de poboación que teñen maiores recursos económicos. Deste xeito os ao redor de 7.700 maiores patrimonios de Galicia verán reducida a súa imposición nunha media de 1.600 €. Mentres que se anuncia novamente unha revisión de valores que fará aumentar a imposición das cuestións relacionadas ca transmisión de vivendas, polo que aumentará o que fará que teñan que pagar máis pola súas adquisicións ou herdanzas.

O orzamento da Axencia Tributaria Galega ten un pequeno incremento para obras menores, sen que exista unha vontade real de loita contra a fraude fiscal, que se plasmaría nun incremento dos recursos humanos e materiais que contribuirán a elaborar un plan con obxectivos e indicadores contrastables e controlables, o que non acontece na actualidade nin se prevé cara ao exercicio do ano que vén.

A igualdade, como elemento vertebrador, non foi tido en conta neste documento, a pesar de que o informe sobre o impacto de xénero forma parte del, o que implica examinar o xeito en que a distribución de recursos orzamentarios afecta ás oportunidades económicas, sociais e persoais de mulleres e homes, e medir o impacto do gasto público en relación cos obxectivos de igualdade de xénero. Neste sentido non se pode compartir  a aduladora e pouco rigorosa conclusión do informe

que realiza a Secretaria Xeral de Igualdade ao respecto, que cualifica como de positiva a visión de xénero destes orzamentos para 2019.

En definitiva, non son uns orzamentos que respondan ás necesidades da poboación galega actual nin ás necesidades do noso territorio; non se teñen en conta as novas situacións socioeconómicas xurdidas nos últimos anos e non se arbitran medidas que eviten a exclusión social e a exclusión económica.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2018 16:29:34**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:14
Nº Rexistro: 39790
Data envío: 07/11/2018 13:14:04.907

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 06, Consellería de Facenda, e todas as entidades públicas, e instrumentais dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019**, polas seguintes razóns:

O Proxecto de lei de Orzamentos da Consellería de Facenda para 2019 non ofrecen cambios substanciais ás liñas seguidas durante o resto da lexislatura. Desta forma, estes terceiros orzamentos constatan a carencia de proxecto do goberno Feijoo para o desenvolvemento económico e social do noso país, a vontade de manter o deterioro dos servizos públicos e a renuncia a que a precariedade e o maior peso do sector servizos deixen de ser os elementos centrais do noso tecido laboral e económico. Novamente, as prioridades do goberno Feijoo son o aumento da débeda, continuar situando Galiza na irrelevancia política e cumprir cos ditados dunha axenda neoliberal contraria ás necesidades das clases populares.

Un ano máis, a Consellaría non introduce cambios de funcionamento significativos e a lectura da evolución até o 30 de setembro de 2018 ou a análise do último ano financeiro completo, 2017, demostran a falta de vontade para unha maior execución dos programas de impulso económico ou a corrección do abuso do recurso ao fondo de continxencia para gastos non excepcionais, como é o caso

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do persoal sanitario. Así mesmo, a planificación desta sección abala a renuncia a transformar a política de ingresos e facer realidade a desexábel redistribución da riqueza.

Esta política deficiente de planificación vén a agravarse polo impacto negativo do marco administrativo, financeiro e político sobre o que se asentan estes orzamentos: unha base centralista que nos impón un teito de gasto que limita a capacidade de actuación real do goberno galego e un sistema de financiamento insuficiente para exercer o noso autogoberno e garantir os servizos esenciais dos que somos responsábeis.

Un ano máis, se atendemos aos ingresos que forman a capacidade de gasto, vemos o peso insuficiente do sistema de financiamento. Evidénciase que unha década de goberno Feijoo só serviu para perder peso político no Estado e que o sistema de financiamento (que tiña que terse negociado novamente no 2014) é unha fraude para Galiza. Se collemos a última década vemos como o que achega o Sistema é menos diñeiro que o que achegaba no 2009. Isto é totalmente inxusto xa que, ademais de ter en conta a suba dos prezos, coas cifras oficiais de 2014 (último exercicio fiscal liquidado) Galiza achegou ao Estado vía impostos 11.131 M€, mentres este retornou pouco máis de 7.000M€. Polo tanto, Galiza perde recursos para financiar ámbitos tan importantes como a sanidade, nos que está obxectivamente demostrado que cómpren máis recursos que os que van nos papeis.

Por outra banda, un ano máis constátase que o crecemento sobre o que a Consellaría de Facenda estabelece as súas liñas de actuación dista de ser todo o san que indican na memoria que acompaña, baseándose nunha fraxilidade a costa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:14
Nº Rexistro: 39790
Data envío: 07/11/2018 13:14:04.907

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

das maiorías sociais. O exemplo máis diáfano é que prevén novamente unha baixada da taxa de paro causada pola perda de poboación activa, non por unha mellora real no emprego.

En síntese, desde a área responsábel do cumprimento e a organización da planificación económica non se ofrecen alternativas para avanzar na busca dun marco máis ambicioso que poida dar cobertura ás necesidades sociais e económicas de Galiza, nin se avanza nunha maior capacidade por parte dos instrumentos da facenda galega para mellorar o seu funcionamento e a súa capacidade. Polo tanto, as mesmas receitas levarannos aos mesmos resultados e á permanencia fun funcionamento de xestoría da que debera ser unha consellaría panca de impulso para a actuación económica propia dunha nación como a nosa.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 06**.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:14
Nº Rexistro: 39790
Data envío: 07/11/2018 13:14:04.907

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2018 11:11:15**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39820
Data envío: 07/11/2018 16:18:09.614

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Á Mesa do Parlamento**

**O Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 07, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019**, polas seguintes razóns:

Segundo datos do CXPX os desafiuzamentos incrementáronse en Galiza no 2017 con respecto ao 2016 e seguen a ser un problema de enorme magnitude xa que representan unha cifra duns 7 desafiuzamentos diarios.

Os resultados demostran que a política de vivenda da Xunta de Galicia, é puramente cosmética e superficial e non ten vontade de atacar as bases dun modelo que focaliza a vivenda como negocio e non como un dereito.

Non está garantido o dereito constitucional a unha vivenda digna para todos os galegos e galegas, a pesar de que consta como obxectivo prioritario na memoria do IGVS.

Tanto a lexislación coma os orzamentos son insuficientes para afrontar con éxito a solución a este drama que viven centos de familias ano tras ano.

O balance dos programas de prevención e de realoxo de persoas desafiuzadas é desolador e non se fai unha avaliación crítica nin cambios nas políticas e orzamentos que permitan mudar o rumbo.

Os orzamentos de vivenda manténense con respecto ao ano 2018 descendendo moito o programa 451A de fomento da rehabilitación, e sube o 451B, que tivo un

grado de execución no ano 2017 dun 41%, deixando sin executar 3 millóns dos 5 orzamentados.

Tanto o escasísimo orzamento como o deficiente grado de execución, nun ano no que aumentan os lanzamentos en Galiza, mostran a lamentable política de vivenda da Xunta de Galiza.

Outra mostra disto é o feito de que no ano 2017, no Programa de Vivenda Baleira, programa estrela do goberno galego para mobilizar vivenda só se executou o 3,2% dos 300.000 euros orzamentados.

Por outra banda, seguen moi lonxe do que en termos absolutos e relativos significaban os orzamentos de vivenda previos á chamada crise.

Nos anos 2009 e 2010 os orzamentos de Vivenda representaban o 0,37 e 0,29 do PIB galego, mentres que no 2019 serán só o 0,13.

Así é imposible xerar un parque público de vivenda con prezos sociais, imprescindible para combater a crise habitacional actual.

Non por casualidade Galiza está no furgón de cola de vivenda de protección.

Si os orzamentos son o principal instrumento da política dun goberno os datos mostran que a garantía do dereito á vivenda non está entre as prioridades da Xunta de Galicia.

Non moi diferentes datos presentan as políticas ambientais xa que si a función Actuacións ambientais eran no ano 2010 o 0,43% do PIB galego, no 2019 non será máis que o 0,18%.

O enorme descenso dos orzamentos pode explicar en parte, ademais da falla de vontade, o retraso no cumprimento de moitas das medidas necesarias para unha correcta conservación medioambiental en Galiza.

As Directrices da Paisaxe seguen sen aprobarse pese a estar prometidas para o ano 2017, e pese a que esta non aprobación está a favorecer ás eléctricas na implantación de parques eólicos sen as garantías que terían que cumprir no caso de que si estivesen aprobadas.

Tampouco hai rastro da proposta de ampliación da Rede Natura comprometida para o primeiro semestre de 2018.

Tampouco é casualidade que de 74 especies catalogadas como en perigo de extinción só dúas conten con plans de protección, contemplados na lei 9/2001 de Conservación da Natureza.

En canto á función de Ordenación do Territorio a perda de peso orzamentario tamén é evidente xa que en 2010 adicabanse 50 millóns a esta función mentres que no 2019 serán só 15.

Esta Consellería engloba unha serie de funcións que para o goberno do Partido Popular non son prioritarias, e iso refléxase tanto nos orzamentos, como na actividade lexislativa, como na pasividade da Consellería fronte ás agresións ambientais.

**Por todo isto solicitamos a devolución do orzamento da sección 07, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39820
Data envío: 07/11/2018 16:18:09.614



Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 10:05:05**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39830
Data envío: 07/11/2018 16:23:08.640

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, dos orzamentos de Augas de Galicia, Sección 07, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019,** atendendo ás seguintes razóns:

A lei 9/2010 que regula o Ente público Augas de Galicia recolle que as súas competencias serán conforme algúns destes principios que se enumeran.

Utilización sustentable e racional da auga. Garantía de calidade e subministración da auga. Eficacia na prestación de servicios. Previr a deteriorización do estado das masas e auga.

Analizando orzamento que se presenta é evidente que non se poden cumprir estes principios.

Non é posible garantir a calidade na subministración, cando o orzamento non recolle mecanismos para evitar que a maioría dos encoros do país, solucionen o seu problema coa microcistina, problema que fai que a día de hoxe, por exemplo, na comarca de Arousa, milleiros de usuarios teñan que consumir diariamente auga con esta alga, en niveis supostamente legais, pero existente na súa auga de consumo, non se entende que non recolla un plan para realizar as medidas que permitan paliar o problema.

Unha vez que pasou a terrible seca que soportou o pais a finais do 2017, parece que estes orzamentos se esquecen das necesarias actuacións, para garantir o

subministro, dende a eficiencia das redes de subministro ata novas medidas de acopio, existe unha evidencia que neste sentido a única política da Xunta é esperar que chova. Esta decisión de non investir nos nosos recursos hídricos é unha absoluta irresponsabilidade.

Ademais existe vairas actuación en materia de saneamento e depuración para cumprir os obxectivos da directiva marco da auga, ou a optimización dos sistemas de saneamento das rías, que se presentan absolutamente insuficientes.

**Porque non podemos aceptar recortes no coidado do noso medio natural, solicitamos a devolución do proxecto de orzamentos para Augas de Galicia**.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 13:04:41**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39839
Data envío: 07/11/2018 16:28:28.098

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara,** presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao Servizo 80, Instituto Galego de Vivenda e Solo, sección 08, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019,** polas seguintes razóns:

Os desafiuzamentos téñense incrementado en Galicia en 2017 con respecto ao 2016, segundo datos o CXPX, fronte a magnitude deste inmenso drama, o proxecto orzamentario para o IGVS non sirve para acabar con esta situación. En Galicia hoxe prodúcense 7 desafiuzamentos cada día.

A pesar da gravidade da situación o orzamento do instituto, realizouse como se non pasara nada, obviando a situación dramática das familias que viven os desafiuzamentos e a ameza da perda da súa vivenda, ademais de todas esas familias incapaces de atopar unha solución habitacional adecuada, polas enormes dificultades que hoxe teñen as familias para acceder a unha vivenda tanto en alugueiro como en propiedade.

Así este proxecto de orzamento apenas crece 1.300.000€ con respecto ao do 2018 pero reduce considerablemente programas tan importantes como as partidas destinadas as erradicación da infravivenda ou os ARI´s , así o orzamento conxelase de facto con respecto o ano anterior, xa que o incremento ten a ver coas partidas destinadas a solventar os danos pruducidos polos incendios ou a explosión de Tui, partidas necesarias pero claramente insuficientes.

Para que tódolos galegos e galegas podan acceder a un fogar e a unha vida digna, temos que mudar isto dotando ás políticas de vivenda do respaldo económico que merecen.

**Por todo isto, solicitamos a devolución do proxecto de orzamentos do IGVS.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 10:39:10**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39843
Data envío: 07/11/2018 16:30:36.620

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea** ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, dos orzamentos da Sociedade Galega de Medio Ambiente, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019**, polas seguintes razóns:

Os orzamentos de SOGAMA son unha aposta insuficiente para o cambio de modelo necesario para cumprir coas directrices e obxectivos europeos, co Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galiza 2010-2020 e as sucesivas actualizacións.

Estes orzamentos asumen o incumprimento de ditos obxectivos e polo tanto non contribúen a camiñar cara un modelo de xestión de residuos sustentable económica e ambientalmente.

Cos investimentos contemplados só se contribuirá a que no ano 2019 se xestionen 2140 de fracción orgánica, contribución moi pobre para as 245.000 tms de capacidade necesarias para que en 2020 se cumpra co obxectivo de valorizar o 50% da fracción orgánica.

Renúnciase a xenerar un sistema de tratamento descentralizado que reduza o transporte como defende incluso o PXRUG 2010-2020.

Pretende consolidarse un modelo baseado na incineración incluso de materiais que deberían de ser previamente reutilizados ou reciclados, e polo tanto , un modelo insustentable ambientalmente.

**Poro todo isto solicitamos a devolución do orzamento de SOGAMA**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 10:30:59**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:55
Nº Rexistro: 39853
Data envío: 07/11/2018 16:55:42.439

**Á Mesa da Comisión 3.ª,**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade** ao **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019**, relativa á **Sección 07 – Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Instituto Galego da Vivenda e Solo e Xestur, S.a., Consorcio Casco Vello de Vigo e Sogama S.A.**, con expresa petición de **devolución**, en virtude das seguintes consideracións:

**Sección 07 – Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Instituto Galego da Vivenda e Solo, Xestur S.A., Consorcio Casco Vello de Vigo e Sogama S.A.**

O orzamento da consellería para 2019, escasamente uns 300 millóns de euros, é moi inferior aos 878 millóns daquela macroconsellería de 2009 (MATI). A maiores, a execución en investimentos reais foi de pouco máis dun 50 %, a 30 de setembro.

De novo, o artigo 45 da Constitución española de 1978 é vulnerado nos orzamentos de 2019 para o medio ambiente. Lamentablemente, o ente Augas de Galicia pasa a depender da Consellería de Infraestruturas, o que significa que o ciclo da auga (recurso imprescindible no mantemento dos ecosistemas) e as rías deixan de pertencer ao medio ambiente en Galicia. Nunha sociedade do século XXI cómpre unha xestión integral do ciclo da auga como recurso público estatal que garanta o acceso de todos os cidadáns a este recurso. Garantía que debera abarcar o abastecemento, a calidade e a seguridade para a saúde das persoas, o mellor tratamento posible para os vertidos das augas residuais e a protección dos ecosistemas acuáticos, arbitrando especiais medidas de protección para aqueles territorios que sexan depositarios de masas de auga para abastecemento. E iso non pode estar ao marxe de Medio Ambiente.

Continúase ca elaboración da Estratexia galega de cambio climático 2050, cando o seu borrador fora comprometido para maio deste ano 2018, con malas previsións de chuvia e con Galicia sen plan de adaptación ao cambio climático que conteña, como mínimo, a promoción eficaz do aforro de auga nas industrias e nos fogares e a creación de provisións de auga a nivel local para poder satisfacer a demanda de auga no caso dunha seca prolongada. Agora o Goberno manifesta que se vai partir da Estratexia Galega de Cambio Climático 2050 e da Estratexia de Sustentabilidade, que non existen. A única partida para adaptación ao cambio

climático é de 742.508 euros e só hai orzamentados 14.520 euros para Meteogalicia.

O mesmo ocorre coa elaboración dunha Estratexia de Economía Circular, tan inexistente como as outras dúas.

De novo se fala dunha Lei de patrimonio natural, que xa ía estar no Parlamento no primeiro período de sesións deste ano 2018, pero que tampouco existe.

A Memoria recolle que se rematará coa tramitación dos Plans Reitores de Uso e Xestión de todos os parques, que fora iniciada no ano 2018 e que culminará coa publicación dos decretos de aprobación dos PRUX dos seis Parques Naturais e do Parque Nacional e que, durante o ano 2019, seguirase coa implantación das medidas aprobadas no plan reitor de uso e xestión. Inexistentes. Máis en concreto, o Parque Natural da Serra do Xurés ardeu en 2017 e neste outubro de 2018: A única partida orzamentaria ("Fortalecer a entidade e identidade propia da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés (RBTGX) mediante o fomento da protección e conservación do seu patrimonio natural e cultural") é de 195.800 euros.

Ao respecto do control de especies exóticas invasoras recollese que "continuarase co desenvolvemento de medidas encamiñadas á erradicación ou ao control destas poboacións, así como a metodoloxía de avaliación de riscos destas especies, priorizando as actuacións de acordo coa análise de riscos e o Plan estratéxico galego de xestión das especies exóticas invasoras". Inexistente na súa plasmación orzamentaria.

O mesmo ocorre en gran medida ca Lei de benestar animal, que non recolle partidas suficientes para o seu desenvolvemento; unha norma de xaneiro de 2018 que o Goberno xa promove cambiar a través da Lei de acompañamento.

Tampouco recolle ningunha partida que faga referencia ás campañas de sensibilización sobre as consecuencias negativas para o medio ambiente do consumo de macro e microplásticos, pese a ter aprobada tal cuestión por unanimidade como proposta de resolución no último Debate do Estado de Autonomía.

En materia de vivenda se constata unha vez máis que non existe intención algunha de mellorar os nefastos resultados dos últimos anos tanto en acceso á vivenda como en fomento da rehabilitación e de calidade de vivenda. Como tampouco se contribuirá á creación de emprego nin servirá para reactivar a economía, posto que continúan coa liña de parálise dos últimos exercicios.

O Instituto de Vivenda e Solo rebaixa o seu nivel de investimento de forma preocupante, aínda logo de asumir compromisos nas resolucións do pasado Debate de Estado da Autonomía, como foi o do incremento do parque público de vivenda en 3.000 unidades en 5 anos.

O obxectivo dentro dos investimentos reais para a construción de vivendas que fixa a consellería para o ano 2019 é de 3 vivendas: un obxectivo que só pode acadar o cualificativo de ridículo.

Unha clara mensaxe da súa falla de implicación no cumprimento dos compromisos que ten adquirido, é a preocupante descarga de responsabilidades no Estado, quen a través do Plan Estatal de Vivenda se convirte no principal axente das políticas de vivenda, pese a ser unha competencia exclusiva autonómica.

A falla de execución dos últimos anos, con resultados do 41,3 % no programa 451B de acceso á vivenda, tampouco parecen ser un motivo de reconsideración seria das medidas e accións previstas para o vindeiro ano para esta consellería. O incremento dun 2,75 % no programa 451A, por debaixo do índice de crecemento xeral dos orzamentos, fala ben da pouca confianza que este Goberno ten nas súas propias medidas, sempre entre os peores resultados de execución de todas as consellerías.

Sorprendente resulta tamén a rebaixa no investimento en solo empresarial, que se reduce nun 32,5 % , con 2,42 millóns menos, e un 58 % menor da previsión para este ano.

En canto á Ordenación do Territorio, na Memoria da consellería, se fai referencia á intención de conseguir que un 65 % dos concellos de Galicia sexan ao menos beneficiarios dunha axuda para actuacións en materia de equipamentos e contornos urbanos. Unha intención que parecería axeitada se fose acompañada de convocatorias en concorrencia competitiva co fin de que poidan participar todos os concellos que cumpran os requisitos, o que non aconteceu en exercicios pasados.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:55
Nº Rexistro: 39853
Data envío: 07/11/2018 16:55:42.439

Chama a atención tamén a considerable baixada dun 17,75 % do investimento no programa de 521A de Urbanismo, máxime cando se ten presentado unha modificación no regulamento da Lei de patrimonio cultural para dotar de maior tempo ós concellos para a reelaboración dos seus plans especiais de protección co fin de poder seguir mantendo as competencias á hora de informar as licencias. Medida tomada pola incapacidade de moitos concellos para poder elaborar e financiar os novos Plans, polo que entendemos sería necesario poñer a disposición novas partidas que apoien esas redaccións, así como se apoia a redacción de plans básicos municipais nos concellos máis pequenos de Galicia.

O mesmo ocorre co programa 531A de Promoción de solo para actividades económicas, no que a baixada respecto ó executado o pasado ano é de case un 46 %, con preto de 15 millóns menos de investimento. Un programa que é vital para fomentar o emprego e poboación e mellorar o carácter competitivo de Galicia.

Cabe tamén facer mención á escasa aportación da Administración autonómica ao Consorcio Casco Vello de Vigo, cunha contía de unicamente 200.000 euros, que debera ser ampliada considerablemente.

E con relación á empresa pública Xestur Galicia SA, as previsión conteñen uns ingresos propios nunha contía de cerca de 25 millóns de euros que, aínda no pouco probable caso de acadarse, faría que esta sociedade tivera un resultado novamente negativo por importe de 7 millóns de euros no 2019; e cunha débeda soamente con entidades de crédito, de 80 millóns de euros.

Galicia ten dúas linguas, galego e castelán, e unha lei de normalización lingüística dende o 15 de xuño de 1983. O Comité de Expertos do Consello de Europa para a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias ten considerado, no seu IV Informe sobre o grao de cumprimento do texto, que hai carencias no uso do galego e que as Administracións española e galega deben introducir os cambios lexislativos necesarios para permitir o desenvolvemento de procesos en lingua galega. O Goberno galego manifestou a toma en consideración das recomendacións, mais non o fai no orzamento de SOGAMA para o exercicio 2019: Parte da Memoria (“Inversións”, “Servizos Exteriores” e “Adquisicións de Inmobilizado non Financeiro”) está redactada en castelán.

O orzamento para SOGAMA caracterízase por dous desfases: O do plan de Viabilidade (que fora revisado en 2013 para os anos 2015 a 2025 pola empresa “PWC” por encargo do Goberno e que estimara perdas millonarias cando ao ano

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:55
Nº Rexistro: 39853
Data envío: 07/11/2018 16:55:42.439

seguinte xa foron un 85 % inferiores) e o do propio Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia (PXRUG) 2010-2020 (que precisa ser mudado dende hai anos para cumprir as directrices europeas de maior reciclaxe e vertido cero).

Así, despois da suba do canon nun 33,55 % na lei de orzamentos de 2013 e cunha primeira baixada dun 10 %, para o exercicio 2019 prevese, como medida estrela, unha nova baixada nun 10 %. Aquel incremento sen aviso previo aos concellos e, teoricamente, sen obriga de traslado á cidadanía pretende convertelo o Goberno galego nun logro propio. En concreto, o importe desta minoración ascenderá a 5.600.000 euros segundo a propia valoración da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda. Mais, tendo en conta que o resultado positivo dos dous últimos exercicios (2016 e 2017) foi de 9.492.571 euros e 12.217.271 euros, respectivamente, o importe da baixada debería ser moi superior, da orde de algo máis do 22 %, para ter unha conta de resultados equilibrada.

Curiosamente, na Memoria de orzamentos xa non se promete unha nova Lei de residuos de Galicia, senón que agora se di que se vai dar continuidade á progresiva consecución do PXRUG 2010-2020, atendendo de xeito decidido ás demandas comunitarias en materia de prevención da xeración de residuos e á promoción da reutilización, reciclaxe e recuperación dos xerados, co fin de acadar un modelo de xestión sostible, que reduza o seu impacto ambiental. O que vai ser imposible cos datos reais na man: mentres a UE está nunha media do 45 % na reciclaxe de residuos e España nun 29 %, Galicia, Canarias e Madrid non chegan nin ao 20 % na reciclaxe dos residuos municipais. E non hai que esquecer que no ano 2020 os Estados deberán reciclar, polo menos, o 50 % dos residuos municipais; en 2025, polo menos, o 55 % e, en 2035, esa porcentaxe deberá chegar ao 65 %.

Como ano tras ano, séguese a manter silencio sobre a retribución do presidente da entidade e chama poderosamente a atención que, dentro dos gastos da sociedade, se inclúan máis de 28 millóns de euros en dietas por asistencia ás sesións do Consello de Administración de 11 conselleiros (dos cales 6 pertencen a Xunta de Galicia e 5 a “Gas Natural FENOSA Renovables, SLU”).

O apartado de servizos exteriores (cun orzamento de máis de 92 millóns de euros e cunha variación do 5,57 % con respecto ao orzamento do ano 2018) non está suficientemente explicado e a explicación que dá sobre o incremento do prezo dos combustibles e, polo tanto, do contrato de transporte de residuos, semella de broma, cando todos sabemos que a maior parte dos residuos é auga e podería non ser transportada se a xestión dos residuos estivese feita de acordo á normativa comunitaria e se Galicia contase cunha rede de transporte por ferrocarril completa.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:55
Nº Rexistro: 39853
Data envío: 07/11/2018 16:55:42.439

Por último, de novo se fala das dúas novas plantas: Unha de recuperación de materias valorizables presentes na fracción resto, que leva anos rematándose, e outra de compostaxe cunha capacidade de 15.000 toneladas, supoñemos que nos propios terreos de SOGAMA. Xa estaba prevista no orzamento de 2016, mais aínda non existe.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2018 16:29:44**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:14
Nº Rexistro: 39794
Data envío: 07/11/2018 13:14:42.381

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 07, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e organismos dependentes da mesma, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019**, polas seguintes razóns:

Os orzamentos da Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do territorio e organismos dependentes da mesma non responden ás necesidades do noso país en materia de ordenación e xestión sustentábel do territorio, loita contra a contaminación e o cambio climático, conservación do medio natural e da biodiversidade, intervención no mercado da vivenda e configuración dun sistema racional e avanzado de tratamento dos residuos urbanos.

O orzamento prevé a consolidación do sistema SOGAMA e a incineración, en contra das directrices europeas, do PEMAR e do propio Plan de Xestión dos Residuos Sólidos Urbanos de Galiza. A Xunta de Galiza segue a apostar por un sistema do pasado, ineficiente, con elevados custos sociais, económicos e ambientais, e que non cumpre as determinacións da lexislación europea e estatal en materia de redución, reciclaxe e recuperación e reutilización dos residuos urbanos. O proxecto de orzamentos exclúe a posibilidade (que si está no PXRSU de Galiza) de promover un modelo descentralizado que aposte pola compostaxe como sistema de tratamento dos biorresiduos, que representa arredor do 50% dos residuos sólidos urbanos. E non ten en conta a modificación a lei de residuos que prevé a obriga da recollida separada dos biorresiduos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:14
Nº Rexistro: 39794
Data envío: 07/11/2018 13:14:42.381

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O proxecto de orzamentos non incorpora dotacións para desenvolver as Directrices de Ordenación do Territorio e o Plan de Ordenación do Litoral, que prevén instrumentos e medidas concretas para actuar nestes ámbitos. Tampouco de desenvolven axeitadamente os Plans Territoriais Integrados como ferramenta de planificación, ordenación e xestión integral dos equipamentos, as infraestruturas e os servizos.

Ademais, nos orzamentos non se establecen mecanismos e programas eficaces para afrontar o grave problema da carestía da vivenda e a burbulla do alugueiro, nin medidas para impulsar a rexeneración de áreas urbanas degradadas e a rehabilitación de vivendas.

Por último, o documento incorpora novas modificacións legais, como o artigo 117 bis da lei do solo, deseñadas para favorecer intereses privados en contra do interese xeral.

Por estes motivos, solicítase a **devolución dos orzamentos da sección 07**.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:14
Nº Rexistro: 39794
Data envío: 07/11/2018 13:14:42.381

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2018 11:14:07**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39821
Data envío: 07/11/2018 16:18:41.122

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade de devolución da Sección 08, Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, do **Proxecto de lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019**, atendendo ás seguintes razóns:

O cambio climático e as continuas agresións ós recursos hídricos en forma de contaminación comezan a debullar unha situación de alarma no referente ó dereito ó acceso ó auga, e polo tanto, da propia vida. Precísanse medidas decididas de conservación do ciclo da auga; actuacións medioambientais no territorio, medidas de eficiencia das infraestruturas hidráulicas, cultura do aforro, control das verteduras incontroladas…, cuestións que non se están abordando de maneira decidida dende A Xunta de Galicia e estos orzamentos continuistas tampouco emendan, polo que aínda que Augas de Galicia cambie de Consellería, Ineficiente era e ineficiente se queda.

No tocante á mobilidade, as políticas da Consellería de Infraestruturas seguen a apostar pola creación de infraestruturas destinadas á utilización do transporte privado e individual, sen ter unha estratexia coherente cos retos da loita contra o cambio climático, ao que hai que sumar a desastrosa política sobre transporte público desenvoltas polo goberno galego. A implantación da primeira fase do Plan de Transporte Público de Galiza foi un sonoro fracaso e un desastre en canto a planificación e previsión. As innumerables queixas de usuarios e concellos son

a mostra, provocándose unha situación na que no mellor dos casos voltouse á situación anterior, deixando arranxar as cousas a concellos e empresas ante a incapacidade da Consellería. Despois de tan sonoro fracaso, a Consellería segue sen querer escoitar a ninguén, negándose a crear a mesa do transporte, onde todos os axentes implicados poidan elaborar o mellor Plan de Transportes posible para Galicia, que defenda o dereito á mobilidade e mellore a nosa vertebración territorial.

Segue ausente dos orzamentos a vontade de ter unha política propia de promoción do tren, que debería de comezar pola reclamación da transferencia das competencias das políticas ferroviarias, e por iniciar proxectos de adecuación de vías ou construción de novas infraestruturas que conecten as principais cidades e vilas do país que aínda non o están ou non o están en condicións mínimas para un medio de transporte propio do século XXI. Galicia é unha das CCAA que carecen de servizo de cercanías, a pesar de que se trata dunha reclamación histórica e a pesar de contar coa infraestrutura ferroviaria precisa para crear un tren de proximidade. A aposta por esta infraestrutura debería ser unha das prioridades desta Consellería pero pasan os anos e segue sen aparecer nos orzamentos a plasmación de liñas políticas neste senso. O ferrocarril é a mellor das opcións para o transporte colectivo e de mercadorías, fundamental na loita contra o cambio climático, e sen embargo, novamente queda fora dos plans da Xunta de Galicia nos orzamentos.

Tamén é decepcionante a falta de sensibilidade nestes orzamentos pola seguridade viaria, que á marxe de contar cunha subida orzamentaria, esta é insuficiente para abordar a magnitude do problema e non aborda actuacións

necesarias para mudar a tendencia ascendente de sinistralidade e mortalidade nas estradas galegas.

En infraestruturas repítense promesas dos últimos anos que falan dos moitos incumprimentos da Xunta de Galicia, que ano tras ano aparecen como prioridades nos orzamentos, máis nunca se chegan a executar.

Decepcionante é ver tamén como mingua a partida dedicada a creación e mantemento de estradas, sendo o mal estado da rede de estradas de Galicia un dos problemas máis evidentes ós que se ten que enfrontar esta Consellería, cuestión que afecta directamente á alta sinistralidade nas vías galegas.

Polo tanto, debido a que as políticas que pretenden desenvolver estes orzamento son contrarios á lóxica ambiental, económica e social, e non debuxan un cambio de orientación necesario para o futuro, e por elo **SOLICITAMOS a devolución dos orzamentos da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para o ano 2019.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 13:11:04**

**Á Mesa da Comisión 3.ª**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade** ao **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019**, relativo a **Sección 08 – Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Axencia Galega de Infraestruturas, Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. e Augas de Galicia** con expresa petición devolución, en virtude das seguintes consideracións:

**Sección 08 – Infraestruturas e Mobilidade, Axencia Galega de Infraestruturas, Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. e Augas de Galicia.**

Os orzamentos da consellería veñen fondamente limitados polo incrementos das partidas orzamentarias que se destinan ao pago da débeda.

No que se refire a ordenación e inspección do transporte, máis alá dun hipotético incremento do número de viaxes realizadas en transporte metropolitano, o proxecto de orzamentos carece de medidas concretas sobre aspectos tan relevantes como a intermodalidade, as melloras nas estacións de autobuses existentes, etc.

Ademais, contemplan unha cantidade que non xustifica no que se refire ao desenvolvemento dun sistema de xestión de transporte á demanda, sen que se mencione ni minimamente o que se pretende facer, que obxectivos se pretenden acadar, etc.

Con respecto á construción, conservación e explotación de estradas, atopamos un proxecto de orzamento que contempla unha redución de sete millóns de euros, polo que xa non é que se manteña o xa de por si escaso nivel construtivo, se non que irá a menos; polo tanto, non se lle dará o necesario impulso ao Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020, nin a mobilidade alternativa atraveso das Sendas de Galicia, nin, por suposto, resulta verosímil un desenvolvemento minimamente aceptable do coñecido como Plan Move, obxectivo fundamental para a Axencia Galega de Infraestruturas e tamén, en menor medida, para a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:55
Nº Rexistro: 39854
Data envío: 07/11/2018 16:55:57.192

A planificación e xestión hidrolóxica, instrumentalizada atraveso de Augas de Galicia, experimenta unha fortísima redución orzamentaria con respecto ao ano 2018: un 22,86 % e iso pese a tratarse dun ente que prevé na súa conta de explotación 91,3 millóns de euros de ingresos. Seguimos a ver como a consellería considera como unha dádiva as axudas aos concellos da nosa comunidade autónoma e non aposta orzamentaria e regulamentariamente por apoiar ás administracións locais.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2018 16:29:52**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:19
Nº Rexistro: 39803
Data envío: 07/11/2018 13:19:40.497

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 08, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e organismos dependentes da mesma, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019**, polas seguintes razóns:

O orzamento da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e os seus organismos dependentes son repetitivos e apostan por medidas que non responden aos retos que ten o noso país e o mundo en materia de desenvolvemento sostíbel e loita contra o cambio climático.

Os orzamentos desta sección adoecen de amplitude de miras e ambición na planificación e xestión da mobilidade. Botamos en falta unha aposta decidida pola mobilidade sustentábel, saudábel e segura, primando os modos de mobilidade natural, o ferrocarril, o transporte de ría e a intermodalidade no transporte. Non existe investimento de ningún tipo nas comunicacións para apostar pola posta en marcha das cercanías na Galiza, non se dota de fondos a Compañía Ferroviaria galega, nin se aposta pola creación e mantemento de liñas de proximidade.

No que atinxe ás infraestruturas predomina a filosofía do nefasto Plan Move, isto é, o investimento en infraestrutura gris, baseada no cemento e no asfalto, en detrimento da infraestrutura verde. Ademais, non se contemplan investimentos imprescindíbeis para mellorar a seguranza viaria e a accesibilidade, para combater a violencia viaria e para promover un modelo de mobilidade segura na rede de estradas

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de titularidade autonómica, que teña en conta a protección dos usuarios máis vulnerábeis, as persoas que camiñan e circulan en bici.

Por último, non existe un plantexamento global en materia de saneamento e rexeneración das rías galegas, para combater a contaminación por vertidos urbanos e industriais, as agresións no litoral, as consecuencias do desaugamento e contaminación dos encoros, os efectos nocivos das especies invasoras e a perda de produtividade nas rías no relativo á pesca artesanal e marisqueo.

Por todas estas razóns solicitase a **devolución dos orzamentos da Sección 08**.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2018 11:13:07**

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 09, Consellería de Economía, Emprego e Industria** dos **Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019**, atendendo ás seguintes razóns:

Analizando os orzamentos da Consellería observamos que estes no van na liña do que Galicia necesita para desenvolver un sector industrial competitivo. O importante, o que lle interesa a cidadanía son os resultados concretos deses mais de 500 M€ que as galegas e galegos puxeron nas mans do Goberno para que mellorara a súa vida e a da súas familias.

E cales son os resultados no que respecta as políticas industriais:

Imos facelo revisando dous aspectos fundamentais, a evolución do emprego e da súa calidade e o Índice de Produción Industrial que mide a evolución da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, de produción e distribución de enerxía eléctrica, auga e gas e a captación, depuración e distribución da auga.

A mellor proba do fracaso da súa política industrial é a evolución do emprego: hoxe hai 50.000 empregos industriais menos que en 2008. Esa é a realidade.
Nunca na historia ningún Goberno en Galicia tivera un balance tan negativo.

Destrución de emprego que non é algo do pasado, porque a EPA recen coñecida da un dato moi preocupante: no último ano en Galicia volvéronse a destruír 8.500 empregos industriais, mentres que no resto do Estado a industria xerou máis de 60.000 postos de traballo. Como se pode explicar este diferencial tan negativo para o nos país?

E no que respecta a precariedade os datos non poden ser mais desalentadores: os novos contratos foron nun 91% temporais cun índice de rotación, é dicir número de contratos firmados nun ano de media por cada traballador de 4,21 e crecendo. Onde as estatísticas son mais demoledoras e na temporalidade total dos menores de 30 anos que chegou ao 63,4%. Quen pode facer proxectos de futuro con estes datos, como vai medrar a natalidade en Galicia.

Todavía é mais desalentador o resultado do Índice de Produción Industrial. En 2008 estabamos nun índice de 140,071 e no que vai de 2018 en 110,054 é dicir perdemos 30 puntos na evolución histórica. Pero o problema é que nos estamos a recuperar de maneira moito mais limitada que a media do estado. O incremento en este último ano é de 0,6 puntos a metade que na media no estado. Ademais o incremento ben marcado pola aportación da enerxía que medra 6,7 puntos debido ao desaforado e inasumible incremento dos prezos. Non parece esta causa moi positiva, xa que supón unha carga inasumible para os fogares e deteriora a competitividade das empresas. Por contra os índices que mais representan o desenvolvemento industrial retroceden. Este é o caso dos bens de consumo duradeiro que retroceden 7,5 puntos ou os bens de equipo cun retroceso de 5 e os bens intermedios cun retroceso de 1,8 puntos.

E ante isto datos que plantexa esta Consellería nestes orzamentos:

Evolución da función 32 de políticas de Emprego:
En valores nominais as políticas de Emprego descenderon dende 2009 dos 421 M€ a 263 M€ nestes orzamentos, pero é que en termos reais, é dicir tendo en conta a inflación, o recorte foi do 46%. Como se vai crear emprego con este tipo de orzamentos?
Pero aínda o mais sangrante non é só que descendan os orzamentos, se non que nin sequera se executan, isto coas cifras de emprego e precariedade que temos é absolutamente inadmisible e irresponsable:
Nos últimos anos só se executaron entre o 54% e o 71% do orzamentado para políticas de emprego. Entre 2011 e 2017 deixaron sen executar 756 M€.

Pasemos as partidas que mais inciden na competitividade e no desenvolvemento industrial de futuro como son as de I+D+i:
Aínda que o orzamento medra en termos nominais con respecto a 2009 en concreto en 34,7 M€ en termos reais, é dicir tendo en conta a inflación, so medra 13 M€ e dicir un 8%, supoñendo o 0,28% do PIB de Galicia. Pensa o Conselleiro que unha economía pode avanzar e ter futuro cunha inversión pública en I+D+i do 0,28%? Esta é unha partida onde En Marea propoñerá mais incrementos na nosa emenda a totalidade dos seus orzamentos.

A realidade é que o esforzo da Xunta de Galicia con fondos propios nas partidas orzamentarias con mais impacto como son os Investimentos Reais e as Transferencias de Capital a empresas, entidades e universidades, redúcense en

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39822
Data envío: 07/11/2018 16:19:02.957



4,9 M€. Polo que o orzamento nestas partidas medra grazas ao incremento dos fondos FEDER nun importe de 20,3 M€. Está moi ben captar mais finanzamento europeo, pero o que non pode ser é que a Xunta en vez de reforzalo, aproveite para reducir as súas aportacións de fondos propios.

Consideramos que os investimentos deberían estar moito mais repartidos entre os sectores con maior capacidade de crear valor engadido en Galicia a curto e medio prazo.
Hai que centrar os investimentos en I+D+i nos sectores estratéxicos da industria galega como:

- Agroalimentación e produtos do mar.
- Automoción .
- Enerxías Renovables .
- Madeira, Forestal sustentable e industria do moble.
- Naval e Industria marítima .
- Pedra Natural .
- Téxtil e Moda.

Por contra a Xunta de Galicia segue a apostar case de maneira absoluta polos Vehículos Aéreos Non Tripulados. Aínda que queremos crer que vai ser verdade, algún día, un gran sector xerador de emprego ao nivel dos antes mencionados, por moita propaganda que fagan non parece que despois de 3 anos apostando por elo esto comece a ser unha realidade. Por elo dedicar o 86% do total de Investimentos Reais ao Polígono de Rozas segue a parecernos totalmente desmesurado e non axeitado a realidade industrial de Galicia.

Preocúpanos moito que ante a retirada dos fondos FEDER da UE ao Impulso a Centros Tecnolóxicos e Organismos de Innovación, a Xunta de Galicia non o mitigue con fondos propios. Desta maneira esta importante e imprescindible partida redúcese en 4,4 M€ un 38% menos.

Por último seguemos co mesmo problema de sempre, orzamento insuficiente e falta de execución. No último exercicio pechado, 2017, a execución só chegou ao 59%.

Os orzamentos do INEGA increméntanse este ano en 4,8 M€ pero a maioría deste incremento vai para dúas accións concretas e particulares: a creación dun ecobarrio en Ourense por importe de 2,4 M€ e un convenio de colaboración con Reganosa por importe de 1,1 M€. É dicir que para accións xerais de política enerxética, para fomentar o uso de enerxías renovables e para combater a pobreza enerxética o incremento é mínimo e non se corresponde coas necesidades do País.

Parécenos totalmente escandaloso que se entreguen 1,1 M€ a Reganosa nun convenio para incrementar as liñas de negocio de Reganosa. Un novo regalo do Sr. Feijóo aos seus amigos. Se é para facer mais negocio que o paguen eles, non parece que Reganosa sexa unha empresa en dificultades.

Pero ademais duns orzamentos raquíticos, a execución histórica do INEGA é inadmisible.

| INEGA | CV | OR | % |
|---|---|---|---|
| 2017 | 39,07 | 15,6 | 39,93% |
| 2016 | 26,1 | 12,4 | 47,51% |
| 2015 | 16,1 | 8,6 | 53,42% |
| 2014 | 12,1 | 7,7 | 63,64% |

É dicir nos últimos 4 exercicios pechados deixáronse sen executar 49 M€ mais do dobre do orzamentado para este ano.

Increméntanse as axudas as empresas para eficiencia enerxética e produción de enerxía por métodos renovables nun 52%, 3,9 M€ e por contra redúcense as axudas a familias en 1,2 M€ case un 20%. Pensa o Goberno que as familias están en mellores condicións este ano para afrontar os seus gastos de enerxía, despois dos escandalosos incrementos de prezos?

As axudas a eficiencia enerxética nos fogares son inexistentes, ao marxe do mencionado ecobarrio de Ourense.

Non encontramos nestes orzamentos ningunha partida para a formación da cidadanía en eficiencia enerxética e en cultura enerxética en xeral, teoricamente competencia do INEGA.

Sabe o Goberno que só por non ter o contrato e a tarifa eléctrica e de gas mais axeitada os fogares galegos gastan entre 120 e 200 M€ de mais que si tiveran a mais idónea?.

Falemos agora dun dos sectores crave en toda Europa nas políticas de creación de emprego e de desenvolvemento dun novo modelo produtivo como é a Transición Enerxética, a Eficiencia Enerxética e as Enerxía Renovables.

Por exemplo Francia na súa Lei de Transición Enerxética prevé que nos próximos 5 anos poderán crearse neste sector 750.000 empregos, e 5 millóns nas UE. Moitos deles na parte de eficiencia enerxética nos fogares, que axudaría a encontrar emprego a moitos desempregados da construción.

E cal e a aposta orzamentaria do Goberno da Xunta neste eido, de 25,7 M€ o 0,04% do PIB de Galicia. É asombrosa esta falta de visión xa non de futuro, se non de realidade presente.

Está enterado o Goberno de Galicia que antes de fin de ano vai derrogarse ese esperpento que aprobou o Goberno de Rajoy do imposto ao sol? Avaliou a Consellería de Industria o formidable impacto que isto pode ter no desenvolvemento das instalacións de enerxía fotovoltaica nos fogares? Parece que non:

As dotacións orzamentarias para axudas as empresas son de 1 M€, e para as familias de 2 M€ absolutamente ridículo. Con estes orzamentos Galicia vai quedar fora do desenvolvemento inmediato desta industria de instalación de paneis fotovoltaicos e iso implicará que os miles de xoves que están formándose neste sector terán, outros mais, que emigrar.

Como diciamos antes, a Lei Francesa de Transición Enerxética contempla a creación de centos de miles de empregos nas accións de eficiencia enerxética sobre todo nos fogares. E canto dota a Xunta de Galicia nos seus orzamentos:

Para aforro e eficiencia enerxética nas empresas 4 M€, e nos fogares? 0 €, nada. O desenvolvemento da eficiencia enerxética nos fogares non existe para a Xunta de Galicia. Que pensarán os miles de traballadores da construción en paro, as arquitectas e arquitectos galegos que están no paro, en traballos precarios alleos a sua formación ou na emigración? Que lles conta a Xunta de Galicia? Nada!!!

Nos orzamentos que nos presentan parece que a Xunta de Galicia pensa que a Transición Enerxética vai pasar de largo en Galicia, por elo non hai nin un € orzamentado para paliar e prever as súas posibles consecuencias e transformacións que se van producir. Non pensa a Xunta de Galicia que as políticas europeas de transición enerxética van a afectar as comarcas de As Pontes e Meirama antes ou despois? Non considera que hai que ir desenvolvendo políticas, estratexias e inversións para afrontalas con tempo e con expectativas de éxito futuro? Parece que non. Deixan todo en mans das decisións das empresas que hoxe poden ser unhas e mañá as contrarias en función dos seus intereses particulares e meramente económicos, sen ter en conta as consecuencias para a s zonas afectadas.

De novo o Goberno da Xunta de Galicia móstrase totalmente insensible a Pobreza Enerxética que sofren mais de 400.000 persoas en Galicia según o IGE. Xa fai uns meses impediu que se debatera neste Parlamento a Proposición de Lei de En Marea para paliar a Pobreza Enerxética, e agora dotan as axudas con 1,3 M€ o que só dará para axudar a unhas 3.000 familias compare este obxectivo cas 400.000 persoas en pobreza enerxética. Iso si dotan 2,4 M€ para desenvolver un ecobarrio, onde?, en Ourense para que o seu alcalde poda ter unha baza electoral orfo como está de realidades que presentar aos seus cidadáns.

Por último imos mencionar as políticas de desenvolvemento empresarial, é dicir o apoio a modernización, internacionalización, mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial:

O orzamento recórtase en termos reais con respecto a 2009 nun 32%.

E cales son as consecuencias: os datos coñecidos de captación de investimento poñen en cuestión a efectividade da iniciativa máis relevante do Goberno, a lei de fomento empresarial.

Datainvex informa que no primeiro semestre de 2018, xa coa lei en vigor, Galicia captou 32,6 millóns de euros de investimento exterior, un 0,27% do total do Estado

Pero o máis importante é que o investimento recibido en 2018 e a terceira parte da cifra de 2017, antes da lei.

32,6 millóns captados en 2018 fronte e a 95,6 millóns en 2017.

En resumo presenten uns novos orzamentos, convenzan ao seu Presidente de que con estes orzamentos Galicia non vai medrar nin empresarial nin industrialmente, que non se crearán postos de traballo de calidade e que as actividades de maior futuro da economía pasarán de largo por Galicia.

Renuncien a seguir ca austeridade, incrementen os orzamentos como lles permite o Estado e a UE e doten os orzamentos desta Consellería en polos menos 100 M€ mais. Aportamos neste texto algunhas ideas xerais, no desenvolvemento desta emenda a totalidade explicaremos partida por partida onde En Marea considera

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

que a actividade industrial, o I+D+i, o emprego e a Transición Enerxética precisan mais implicación pública.

Por todo isto **SOLICITAMOS a devolución dos orzamentos para o ano 2019 da sección 09 Consellería de Economía, Emprego e Industria.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 13:19:48**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39841
Data envío: 07/11/2018 16:29:32.155

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao Servizo 81, seccion 09, Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019,** polas seguintes razóns:

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) ten por obxecto executar políticas de prevención de riscos laborais. Entre as súas funcións están as accións informativas, divulgativas e formativas en materia preventiva, o asesoramento e control de accións técnico-preventivas, e o fomento da prevención de riscos laborais.

Correspóndelle ao Instituto a xestión e a coordinación das políticas que en materia de seguridade, hixiene e saúde laboral establezan os poderes públicos galegos para a mellora das condicións de traballo co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos intrínsecos ao desenvolvemento do traballo.

**Queremos reflexionar sobre a relevancia da consideración do dereito de traballadoras e traballadores a desenvolver a súa actividade laboral sen merma para a súa saúde. Tamén avogamos por un rexistro exhaustivo e responsable das continxencias profesionais, cuestionando as dinámicas de infraconsideración que as diversas condicións laborais teñen sobre a aparición de patoloxías. A propia precariedade laboral non só condiciona a aparición de enfermidades, senón que limita a comunicación por parte das persoas empregadas e a consideración por parte das entidades responsables.**

**Isto redunda nunha merma de dereitos sociais nas persoas, pechando o círculo da precariedade.**

**As novas modalidades de contratación a través de empresas de traballo temporal, a liberalización do mercado laboral, a flexibilidade coa que as empresas poden manexar a continuidade de contratos son elementos que limitan a reivindicación por parte das traballadoras e traballadores dos seus dereitos en materia laboral.**

Durante o ano 2017 rexistráronse na Comunidade Autónoma de Galicia un total de 30.845 accidentes laborais con baixa, dos cales 27.730 (o 89,90%) se produciron durante a xornada laboral e 3.115 (o 10,10%) foron accidentes in itínere, é dicir, os ocorridos ao ir ou ao regresar do traballo. Dos accidentes laborais en xornada, 19.543 (o 70,48%) corresponderon a homes, e 8.187 (o 29,52%) sufríronos mulleres. Nos accidentes totais in itínere son as mulleres as que teñen unha maior proporción de accidentes co 58,81%, sendo lixeiramente menor a proporción de mulleres nos accidentes graves in itínere igual nos mortais.

Unha causa relevante de sinistralidade radica na precarización das condicións laborais, que obriga ás traballadoras e traballadores a asumir riscos elevados a cambio dunha remuneración maioritariamente precaria.

É preciso levar a cabo políticas preventivas cunha dotación orzamentaria suficiente, pero é tamén necesario elevar as sancións ás empresas que poñen en risco aos traballadores e traballadoras, visibilizar a súa condición de empresas

incumpridoras dos dereitos laborais e favorecer a actividade da Inspección de Traballo.

Os orzamentos do ISSGA non apuntan a unha digna consideración da saúde das e dos traballadores galegos . Lonxe de apostar polo reforzo económico das medidas oportunas, estes orzamentos delatan un infrainterese polo benestar colectivo, pola xustiza social e polo coidado das condicións de saúde das persoas traballadoras. Amosan así mesmo unha visión curtopracista, porque a o benestar das persoas redunda tamén

Entendemos que a mellora das condicións laborais das traballadoras e traballadores merecen un esforzo de investimento xusto e digno, superior ao constatado, por iso **solicitamos a devolución inmediata do proxecto de orzamentos para o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 12:56:25**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 17:57
Nº Rexistro: 39897
Data envío: 07/11/2018 17:57:46.113

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución,** do **Instituto Galego de Promoción Económica (Sección 09), dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019,** atendendo ás seguintes razóns:

O actual contexto económico ten demostrado que un dos problemas mais habituais para as pequenas e medianas empresas galegas ten a ver coa súa incapacidade para acadar financiamento no sistema bancario. Situación que se ve agravada pola liquidación do sistema financeiro Galego, sacada adiante pola oligarquía económica estatal coa inestimable axuda do goberno Feijoo

Esta incapacidade para acudir a financiamento que sofren os autónomos e as PEMES galegas, é hoxe xa estrutural e afecta en maior medida aos financiamento a longo prazo, esenciais para o crecemento , modernización e expansión destas empresas.

O espolio do aforro Galego non fixo mais que acrecentar esta situación, que puidera ser paliada con un IGAPE que ocupase unha parte deste espazo hoxe perdido en Galicia. Así este orzamentos non clarifican que futuro vai ter no espazo financeiro das empresas galegas o igape e parece esquecer definitivamente a posibilidade de converte este instituto  nun instrumento útil para o financiamento público Galego.

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Estas razóns obrígannos solicitar a devolución do orzamento do Instituto Galego de Promoción Económica.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 17:56:41**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:56
Nº Rexistro: 39855
Data envío: 07/11/2018 16:56:11.662

**Á Mesa da Comisión 3.ª**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade** ao **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019**, relativo a **Sección 09 – Economía, Emprego e Industria, Axencia Galega de Innovación, Instituto Galego de Promoción Económica e Instituto Enerxético de Galicia,** con expresa petición devolución, en virtude das seguintes consideracións:

**Sección 09 – Economía, Emprego e Industria, Axencia Galega de Innovación, Instituto Galego de Promoción Económica e Instituto Enerxético de Galicia**.

A saída da recesión chegou o seu límite cuantitativo no ano 2017, e se ben acadou taxas moi positivas de crecemento por riba do 3 %, a tendencia no 2018 e seguintes e xa descendente. Atopámonos ademais con fortes elementos de incerteza económica que afectan ao conxunto da orde económica mundial. O ataque ao libre comercio por parte da Administración de Donald Trump, o proceso do Brexit, os conflitos políticos e territoriais que afectan a Rusia, Turquía ou Ucraína, as derivas autoritarias en certos gobernos da Unión Europea, os problemas orzamentarios e políticos de Italia coa UE, a incerteza en torno ao problema político territorial en Cataluña. Así como o progresivo descenso e finalización na compra de débeda pública por parte do BCE.  Nun contexto tan volátil, os socialistas consideramos que uns orzamentos responsables e realistas son fundamentais.

Ante estas incertezas, as previsión continúan falando dunha diminución no ritmo de crecemento económico para o ano 2019 en Galicia; e polo tanto, os socialistas consideramos que o papel económico do sector público debería de ser reforzado. Entendemos que o orzamento desta consellería e das súas diversas entidades, resultan estratéxicos para axudar na reactivación económica e a creación de emprego de calidade. Sen embargo, este orzamento, que certamente incrementan as súas contías, reflicte unha clara falla de estratexia para abordar os problemas dos que falábamos ao comezo.

Esta falla de estratexia e dun proxecto coordinado e coherente, resulta especialmente grave neste momento, coas fortes incertezas políticas e económicas das que falábamos antes. Un exemplo mais das carencias estruturais do Goberno de Feijóo para atopar unha estratexia acaída a unha realidade económica, social e

laboral moi difícil; e o que é máis grave, profundamente volátil e cambiante no curto e medio prazo. Aínda que o Goberno segue na súa fuxida cara adiante de elaboración de plans estratéxicos, estes non se cumpren en absoluto, pero se maquilla con grandes doses de publicidade e propaganda.

A realidade é que si ben os orzamentos medran para o exercicio de 2019, en absoluto recuperan os fortes recortes que sufriron nos anos de crise entre 2010 e 2015, o certo é que dende o orzamento de 2010, esta consellería e os seus organismos, viu reducidos moi notablemente os seus orzamentos.

Unha evolución orzamentaria que se ten reproducido con moita intensidade en todos os ámbitos da consellería, pero que podemos visualizar no caso do IGAPE, cun comportamento difícil de entender dende calquera punto de vista, especialmente o anticíclico, nun contexto económico incerto a curto e medio prazo. Da mesma maneira, a recuperación do mercado laboral, centrada na cantidade, pero esquecendo a calidade.

Atopámonos cuns orzamentos, que no ámbito do reforzo da actividade económica e tendo en conta a debilidade da recuperación, mostran importantes carencias. Non sendo capaces de diminuír o diferencial de renda e riqueza co conxunto de España, e estando ademais sometidos a tensións económicas e xeopolíticas con consecuencias difíciles de prever. Neste contexto, vemos uns orzamentos conformistas, aínda que medran, pero que non ofrecen solucións sólidas e de futuro para unha recuperación da nosa economía que se presenta moi desequilibrada.

Os socialistas reclamamos nestes orzamentos a intervención da Consellería de Industria para impulsar o sistema económico e garantir o crecemento do emprego de calidade. O Goberno galego debería de rebaixar o seu optimismo nas previsións de creación de emprego, despois de crear 6.200 empregos en 2017 (medrando o PIB por riba do 3 %); polo que resulta demasiado optimista a previsión de crear 15.000 postos de traballo que defendeu o conselleiro de Economía na súa comparecencia para presentar os orzamentos de 2019, cando medraremos por debaixo do 2,5 %.

O Goberno galego debería de sumarse e defender a creación de emprego de calidade como a mellor política social, que ademais permite a redistribución da riqueza a través dos salarios. É imprescindible desenvolver e consolidar un sistema tributario que recade máis e de maneira máis eficiente, para que o sistema impositivo permita reforzar o Estado do Benestar e conseguir unha economía e unha sociedade máis igualitarias.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:56
Nº Rexistro: 39855
Data envío: 07/11/2018 16:56:11.662

Os datos non son tan optimistas, sería moi positivo que Galicia puidera crear os 25.000 postos de traballo en 2019 dos que fala o Goberno, pero o escenario non é tan optimista, especialmente en sectores fundamentais como o emprego industrial. No último ano, segundo a EPA, a ocupación industrial descendeu en Galicia un 5 % (mentres en España medrou un 2 % por cento), o balance Feijóo é pasar de 200.000 ocupados na industria en 2009 aos 167.000 que hai actualmente, a pesares do crecemento do PIB.

Se descendemos ao análise dos diversos programas, atopamos certamente incrementos orzamentarios, pero na nosa opinión carecen de coherencia interna e presentan unha articulación moi difícil de valorar. No caso do programa "741A–Apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial", que medra na media do orzamento, o máis relevante non é a contía dos fondos, senón a dispersión e a falla de coherencia interna nos incrementos, tendo en conta o discurso do Goberno galego sobre a internacionalización e a industria 4.0.

En termos sectoriais, os orzamentos seguen sendo incapaces de dar unha resposta axeitada ás necesidades dos sectores industriais da Comunidade Autónoma, tal e como sinalan os axentes económicos e sociais. Dende a industria naval, con dificultades obxectivas, tanto no sector público, como no privado, a pesar da propaganda oficial, a auxiliar da automoción, a metal-mecánica, as enerxías renovables, o granito, a lousa, o téxtil etc.

É imprescindible que este programa permita na súa concepción xeral reclamar garantías e compromisos explícitos as empresas que reciben axudas, como país non podemos permitir, que unha empresa logo de axudas millonarias de fondos públicos, non invista estes fondos na mellora dos seus procesos produtivos e diga dun día para outro que pecha.

Dentro deste programa, os orzamentos do Instituto Galego de Promoción Económica, mostran a falla de iniciativa e de proactividade do Goberno galego á hora utilizar os fondos públicos na saída da crise, xa que a pesar do incremento dos fondos, a memoria do mesmo é repetitiva e falla de ambición. A pesares da abafante presenza mediática anunciando a aposta pola internacionalización e a Industria 4.0; a carencia dunha verdadeira política industrial é sinalada por tódolos axentes económicos e sociais, dende empresarios, sindicatos e mesmo o CES.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:56
Nº Rexistro: 39855
Data envío: 07/11/2018 16:56:11.662

Os resultados das súas políticas de promoción da actividade económica, aínda difíciles de avaliar, mostran en todo caso, unha recuperación débil e vulnerable e comportan unha creación de emprego de moi baixa calidade. A xestión deixa moito que desexar, un exemplo é o feito de que o IGAPE xustifica a externalización do servizo de captación de investimentos foráneos en que non conta con medios propios suficientes.

No caso da enerxía, outro ano máis o sector eólico galego estivo practicamente paralizado no ano 2018 coas decisións políticas tomadas en períodos anteriores polo Goberno de España, e que o Goberno galego non ten rexeitado coa contundencia necesaria. Cabe esperar que o novo Goberno en España permita o seu relanzamento definitivo. Nin novos parques, nin plans industriais asociados, nin creación de emprego, por moito que a propaganda oficial siga falando de elevados porcentaxes de concesións que seguen adiante pero que ninguén ve, todo parece indicar que no 2019 continuaremos así.

No programa "751A–Ordenación regulación e promoción do comercio en Galicia", prodúcese un novo descenso que se engade ás fortísimas baixadas que se teñen producido dende o ano 2009, pasando de 35,2 millóns nese ano a 15,8 millóns para 2019, o que significa unha baixada de mais do 50 %. Ante a situación de dificultades que esta a vivir o comercio, as liñas de actuación previstas son insuficientes para a mellora da competitividade e dinamización do comercio, especialmente do comercio minorista e de proximidade, que xoga un papel moi relevante na articulación dos espazos urbanos en cidades e vilas medias. A pesar da nosa insistencia, seguen sen contemplarse créditos para adecuar a estrutura comercial ás características territoriais, sociais, culturais e económicas do territorio.

O orzamento da Axencia Galega de Innovación (basicamente, xunto coa universidade, o programa "561A – Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación tecnolóxica" medra en 2019 de maneira apreciable. Un crecemento que non pode ocultar o feito de que dende 2009 a Xunta tiña reducido case nun terzo os fondos dedicados a I+D+i. Estas reducións acumuladas nos orzamentos teñen producido que o gasto de I+D+i medido como porcentaxe do PIB, diminúa, situándonos nos niveis de Ucraína ou Turquía, por debaixo dun 0,9 % do PIB.

Certamente, vemos ao longo dos nove últimos anos, unha aposta pouco ambiciosa pola investigación e a innovación, que ten posto en evidencia a estratexia de publicidade e propaganda da Xunta de Galicia. Non resulta crible que a chamada "Estratexia de Especialización Intelixente – RIS3" teña a mais mínima posibilidade de acadar resultados satisfactorios.

E non é posible con esta aposta "simbólica" pola innovación basear a nosa recuperación na internacionalización e na coñecida como "Industria 4.0". O tecido industrial galego atópase nunha evidente dualización en termos de innovación que nunca é positiva en ningún territorio, e que supón o estancamento de certos sectores produtivos tradicionais. Un exemplo da improvisación das políticas orzamentarias deste Goberno, é a Axencia Galega de Industrias Forestais, que xa aparecía nos orzamentos de 2017, e que leva xa dous anos perdidos, tanto en termos económicos como de sinais efectivas aos axentes económicos involucrados. Estas cifras orzamentarias, a pesares dos aumentos para o ano 2019, despois de anos de intensos recortes, non van a permitir, na nosa opinión, acadar os obxectivos enunciados na Memoria dos orzamentos e no novo Plan Estratéxico, xa definido, pero incumprido de maneira reiterada ano tras ano. Resulta imposible que a innovación sexa o principal mecanismo de competitividade das empresas galegas, tanto no interior, como no exterior.

Lamentablemente as políticas dos gobernos conservadores levaron a un proceso de devaluación interna a pesar das taxas de incremento do PIB, cun estancamento dos salarios, un descenso da participación das rendas salariais no PIB e a unha perda de calidade no emprego e nos dereitos dos traballadores que xa ninguén pode negar, recoñecido tanto por organismos nacionais independentes, como internacionais.

Os orzamentos de emprego presentan tamén na Memoria da Xunta de Galicia un escenario pouco crible, cun incremento da poboación ocupada e un descenso do paro que non se corresponden co crecemento previsto do PIB polo Gobernos de Galicia, e por suposto non ten en conta o cambiante contexto, a baixa, da economía internacional, nin as propias previsións feitas polo Goberno na presentación dos orzamentos para 2019.

Galicia rexistrou pois un menor descenso de parados entre 2009 a 2018, apenas un 5 %, mentres o conxunto do Estado reduciu un 19,3% os desempregados. Respecto o ano anterior o emprego medra en Galicia por debaixo da media estatal, un 2,23 % fronte o 2,51%. Incluso os datos da última Enquisa de Poboación Activa (EPA) en termos interanuais, entre o terceiro trimestre de 2018 e o terceiro de 2017 (ocupados e parados), a ocupación medrou en Galicia en 24.000 empregos, a un

ritmo menor que o conxunto de España; mentres o desemprego diminuíu en 28.700 persoas, froito en boa medida dunha estrutura demográfica moi negativa.

Dado que estes orzamentos da Xunta de Galicia para 2019 se presentan como uns orzamentos de recuperación económica deberían de restablecerse tamén os dereitos arrebatados ós traballadores durante a crise. A recuperación económica debe servir para mellorar os ingresos, especialmente entre as persoas con niveis máis baixos.

Pero en Galicia segue a producirse unha crecente atonía do mercado laboral, sistematicamente a ocupación medra menos do que baixa o desemprego; o que mostra, mais alá de peculiaridades demográficas, que ou ben aumenta o desánimo de poboación en idade de traballar ou crece a emigración. A propia Xunta de Galicia o recoñece na súa presentación dos orzamentos esta disfunción, pero as medidas propostas nos orzamentos son escasas, nada novidosas e pouco sistemáticas.

Estes orzamentos para 2019 non fomentan emprego de calidade (que sirva para atallar a alta taxa de temporalidade así como abusiva contratación temporal) nin a recuperación de dereitos laborais previos á crise económica.

O contexto laboral segue sendo negativo, e si ben é certo que algúns programas estratéxicos como o "322A – Fomento da empregabilidade" ou o "323A – Formación profesional desempregados" melloran as súas dotacións, entendemos que non son suficientes para consolidar políticas activas de emprego, esquecidas durante anos, e que teñen por obxecto mellorar as posibilidades de acceso ao emprego as persoas desempregadas, por conta allea ou propia.

Nun marco cuantitativo desfavorable, o Goberno presenta un orzamento en materia de emprego, que aínda que medra lixeiramente, só alcanza os 262,7 millóns de euros (Función "32 – Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo"); contía que confrontada cos 421 millóns de euros do orzamento do 2009 (un descenso de case un 40%), indican que, con máis parados e menos ocupados, se destina menos orzamento á loita contra o desemprego.

No relativo á formación de emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo diminúe un 12, 69 % con respecto o ano anterior. A partida para a mellora de cualificación no emprego /formación profesional de ocupados descende respecto do orzamento de 2018 nun 47,17 % ( case 7 millóns).

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Tamén coñecemos que lamentablemente hoxe en día ter traballo xa non significa vivir dignamente. A pobreza laboral xa se instaurou neste país, e entre un 10 e un 15 % dos traballadores poden considerarse “traballadores pobres”. Máis do 40 % dos traballadores con contrato a tempo parcial están nesta situación de xeito involuntario; mais de 300.000 ocupados (un 30%) teñen salarios por debaixo do Salario Mínimo Interprofesional e en torno aos 180.000 cobran só a metade do SMI. As estatísticas e a realidade do día a día así o corroboran a pesar do crecemento do PIB, as administracións teñen que ser capaces de dar respostas e estes retos.

Tampouco apostan estes orzamentos por eliminar a siniestralidade laboral, así como rebaixar o número de accidentes laborais, que están a crecer en Galicia, xa que a Xunta só deixa na partida de mellora nos sistemas de seguridade e saúde no traballo unha contía de 775.520 € fronte os 15.809.502 € do ano 2009, cando un emprego seguro é un pilar fundamental para obter un emprego de calidade.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2018 16:29:59**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:14
Nº Rexistro: 39791
Data envío: 07/11/2018 13:14:14.614

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 09**, **Consellería de Economía, Emprego e Industria e de todos os organismos, institutos, consellos e sociedades públicas que dela dependen, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019**, polas seguintes razóns:

**Orzamentos conformistas coa precariedade e a temporalidade laboral.**

A programación destes orzamentos de 2019 fundaméntase no continuísmo dunhas políticas de emprego fracasadas, que se basean no modelo de subvención, na baixa execución e na inexistente aspiración de transformación dun modelo económico sostido polo aumento da precariedade e do peso do sector servizos en detrimento daqueles con meirande valor engadido.

Se avaliamos o último ano enteiro podemos observar como no plano do cumprimento da planificación do goberno volve salientar, e xa é unha cuestión permanente na política do goberno galego, a moi baixa execución dos programas ligados ao fomento do emprego. Así mesmo, constátase o seu fracaso e que Galiza continúa a ocupar os últimos postos do estado en recuperación de emprego e estamos lonxe das cifras de 2009 malia a redución do paro. Un mercado laboral no que cómpre mirar máis alá da cantidade de emprego, tamén da súa calidade, claramente deteriorada polas decisións económicas e laborais da última década na Xunta e no Estado. Con este caldo de cultivo temos un último ano enteiro no que observamos que

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:14
Nº Rexistro: 39791
Data envío: 07/11/2018 13:14:14.614

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o 92% dos contratos asinados foron temporais. De case 100.000 contratos asinados, máis do 35% teñen unha duración menor a unha semana, un indicador que aumenta a respecto de 2016. Polo tanto, a análise de 2017 demostra que aumenta o índice de rotación laboral e aumenta a taxa de temporalidade (máis nas mulleres e máis nos tramos de 25 a 29 anos) polo tanto malia o medre macroeconómico a translación á clase traballadora galega non está sendo acorde nin xusta, consolidando o modelo do traballador ou traballador pobre e da inestabilidade.

Diante desta situación, a previsión orzamentaria do goberno non introduce novidades significativas que poidan contribuír a un cambio de tendencia. Así mesmo, son preocupantes os descensos en *322C-Promoción do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo inclusivo* e a conxelación do programa *324B-Mellora dos sistemas de saúde e seguridade no traballo* nun contexto no que ten aumentado a sinistralidade laboral e sería preciso o impulso de novas políticas para a súa erradicación.

Finalmente, cómpre sinalar que estes orzamentos sitúan no 12,7% a taxa de paro prevista para o 2019, pero unha vez máis isto está vinculado non á creación de emprego neto, senón á previsión de redución da poboación activa que está en paro, por exemplo a través da emigración. Isto, nun contexto de crecementos consecutivos do PIB indícanos a fraxilidade dun medre que queda nas grandes cifras pero non chega aos fogares, e amosa a profundidade da crise e as súas consecuencias e como a axenda do PP está orientada a que se consolide este marco de desregulación e políticas neoliberais ao mandato da axenda que dita o capitalismo e os grandes lobbys económicos. Ademais, a previsión incremento do emprego para 2019, do 1,4%, é inferior ao contemplado para o presente ano, do 1,7%, reflectindo  a ralentización do ciclo de medre.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:14
Nº Rexistro: 39791
Data envío: 07/11/2018 13:14:14.614

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Non responden ao compromiso coa igualdade esixido nas mobilizacións do 8 de marzo de 2018.**

O pasado 8 de marzo Galiza de 2018 participou de forma ampla e activa nunha folga feminista internacional e histórica que esixía que nos planos laborais, económicos e de consumo foran postos en marcha compromisos esixentes coa axenda da igualdade así como que aqueles dereitos recollidos na teoría dos marcos legais foran cumpridos. Daquela, o goberno galego afirmou que "tomaba nota". Porén, o proxecto de orzamentos presentado sete meses despois continúa sen ofrecer compromisos coa igualdade, mantendo os seus obxectivos na retórica.

Mostra desta falta de compromiso é que a incorporación, despois de ano votando en contra das propostas ao respecto, de partidas específicas para a fenda salarial estas non cheguen nin ao medio millón de euros e estean motivadas en parte por unha transferencia finalista do Estado, o que demostra tamén a falta de iniciativa ao respecto. Nun país no que as mulleres cobran de media 5.480 euros menos que os homes por facer o mesmo traballo non se pode consentir a falta de investimento propio e planificado por parte do goberno galego, ao que se suma a falta de financiamento dun *Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021* que foi presentado diante da presión social da axenda mobilizadora feminista galega deste 2018 pero quen non evidencia unha rectificación críbel para o futuro, a comezar por estes orzamentos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:14
Nº Rexistro: 39791
Data envío: 07/11/2018 13:14:14.614

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Necesidade dun novo modelo de impulso ao I+D+i acompañado dun impulso económico suficiente para compensar unha década de parálise.**

Continúa a fallar a planificación e o compromiso económico do goberno galego coa innovación, como evidencian os datos.

Canto ao compromiso económico, cómpre salientar que se ben a Axencia Galega de Innovación experimenta un incremento do 21,7€ e o programa *561A-Plan galego de investigación,innovación e crecemento do* dun 17,89% este último segue a acumular un desinvestimento de máis de 150 millóns de euros desde o exercicio anterior á entrada do goberno Feijoo. Máis aínda, alén de non compensaren a falta de apoio económico do período 2009-2018, salienta a falta de credibilide do que amosa a teoría deste proxecto de orzamentos.

Neste sentido, cómpre recordar que na planificación orzamentaria para o exercicio 2018, os orzamentos específicos de investigación e innovación acadaban por primeira vez os niveis do ano 2009. Porén, os indicadores de execución a 30 de setembro de 2018 son desoladores xa que un ano máis amosan unha moi baixa execución. Por exemplo, do 23,5% para o programa *561A-Plan galego de investigación,innovación e crecemento*; tendencia que encaixa co evolución de programas doutras áreas, por exemplo, do 13, 5% para o *561B-Investigación universitaria* e tamén o *741A-Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade*, *innovación...* cun escaso 14,%. Máis aínda, tendo en conta que a organización de moitas das cuestións destes programas é complexo, cómpre ver a evolución do último ano financeiro completo. Xa que logo, que nos di 2017? destaca a baixa execución e, cuestión máis grave, destacan as modificacións á baixa dos programas ligados ao impulso da I+D, a investigación e da sociedade da información.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:14
Nº Rexistro: 39791
Data envío: 07/11/2018 13:14:14.614

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, os programas *561-A* e *741-A* reducen ambos o dous o seu crédito nun 13%, o que supón en total unha redución de 24,5 millóns de euros.

Hai que ter en conta que estes programas ademais tiveron unha escasa execución, polo que a combinación de ambos factores supón unha variación á baixa realmente intensa con respecto ao orzado inicialmente. Así, con respecto do crédito inicial, nestes dous programas quedaron sen executar 63,6 millóns de euros. Polo tanto, os presentes para 2019, malia supoñer un aumento, carecen de toda credibilidade alén de non ser suficientes para compensar a década de falta de compromiso na área de innovación.

Ao referido cómpre engadir o constante incumprimento da propia Xunta de Galiza a respecto do seu horizonte de esforzo económico. Neste sentido, tiña fixado acadar o obxectivo do esforzo do 2% do PIB no ano 2015, fixado no *Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011–2015*, obxectivo rebaixado para o actual Plan Innova. Froito desta política Galiza ficou no vagón de cola da innovación, nun baixísimo 0,89 do PIB para I+D+i malia estarmos nun momento no que van varios anos de crecemento económico. Froito desta situación Galiza fica nunha posición peor á do inicio da crise, tal e como amosan os indicadores relativos á evolución do I+D+i no noso pais. Por exemplo, os datos relativos ás empresas innovadoras en Galiza que ofrece o IGE amosan que o número de empresas con actividades innovadoras, de empresas innovadoras IEN e de empresas tecnoloxicamente innovadoras descenderon dende o 2008 ate o 2016 (último ano publicado) nun 56,9%, nun 55,6% e nun 57,6% respectivamente, polo tanto bastante máis da metade das empresas que realizaban estas actividades no 2008 xa non o fan na actualidade.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:14
Nº Rexistro: 39791
Data envío: 07/11/2018 13:14:14.614

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Diante desta situación, o proxecto de orzamentos e as directrices expostas na memoria que os acompañan, non ofrecen nin garantías nos compromisos económicos nin o cambio de rumbo que precisaría a orientación política, continuando sen apostar pola transversalidade, o peche de ciclos produtivos no país, a estabilización da carreira investigadora galega ou o retorno da fuga de coñecemento.

**Ausencia dun modelo enerxético propio que aproveite a nosa potencialidade como país produtor de electricidade.**

A planificación prevista pola Consellaría de Economía, emprego e industria renuncia a reorientar os obxectivos e prioridades de cara a situar Galiza en posicións vantaxosas nun contexto de globalización e agudización da desregulación do capitalismo no que non é viábel competir a costa do abaratemento da man de obra senón a través da especialización e do aproveitamento das nosas potencialidades. Porén, un ano máis o goberno galego renuncia a impulsar un novo modelo económico, que aposte polos sectores produtivos galegos, por pechar os ciclos no país e pola innovación.

Nesta falta de proxecto político e planificación gobernamental, volve estar ausente un modelo enerxético propio que aproveite a nosa potencialidade como país produtor de electricidade. Esta cuestión é grave, xa que a enerxía é un sector estratéxico para o noso país, polo que representa en termos económicos e polo seu impacto na vida das persoas e no tecido produtivo.

Así mesmo, salienta a falta de planificación propia nun contexto estatal e europeo preocupante diante dos cambios da transición enerxética e os obxectivos

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:14
Nº Rexistro: 39791
Data envío: 07/11/2018 13:14:14.614

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

climáticos, que teñen situado produtoras como Meirama e As Pontes no punto de mira no proceso de adaptación das térmicas. Preocupa, polo tanto, a falta de concreción neste sentido dos orzamentos, máis aínda diante da nova exclusión de Galiza do marco do novo Plan Carbón.

Máis aínda, uns orzamentos que coinciden no tempo coa ameaza de peche dunha empresa electrointensiva como Alcoa, non poden seguir permitíndose o luxo de obviar a necesidade dunha planificación enerxética propia que busque que a nosa condición de xeradores de electricidade beneficie a nosa competitividade.

Finalmente, despois do desinvestimento aplicado a instrumentos como o INEGA no exercicio anterior, así como a falta de recursos económicos para a nova lei de eficiencia enerxética, non se ven compensados polo lixeiro incremento deste proxecto, no que tamén está ausente unha liña de traballo e apoio económico para impulsar o autoconsumo diante da despenalización prevista desde o Estado, un ámbito o fotovoltaico onde Galiza debe recuperar a parálise que lle ocasionou a última década.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 09**.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:14
Nº Rexistro: 39791
Data envío: 07/11/2018 13:14:14.614

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2018 11:11:24**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39823
Data envío: 07/11/2018 16:19:20.218

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, Sección 10, Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, **dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019,** polas seguintes razóns:

En primeiro lugar porque consideramos que a proposta de orzamentos para o 2019 pretende, ante todo, dar un paso máis na consolidación dos recortes. O goberno fala de orzamentos expansivos pero a realidade é que as galegas e os galegos temos hoxe, en termos reais, é dicir, descontando o IPC, 413 millóns de euros menos para o ensino que cando o PP chegou ao goberno en 2009.

En segundo lugar porque, ao noso entender, son insuficientes. Dende a chegada do PP ao goberno o peso porcentual do ensino sobre o PIB non fixo máis que descender. De feito, de cumprirse as previsións macroeconómicas do goberno atoparémonos con que co nivel de PIB de Galicia mais alto da súa historia, o investimento porcentual en ensino vai ser o máis baixo da década. Así, se en 2009 o investimento no ensino supoñía un 4,62% do PIB, as previsións para o 2019 deixan esa cifra nun penoso 3,56%. Tres décimas por debaixo da media estatal, malia que o estado español é xa o quinto pola cola de toda Europa.

En terceiro lugar porque estes orzamentos son claramente neoliberais e antisociais. Un exemplo claro témolo na partida de bolsas universitarias, unha das partidas que máis padeceu a viraxe neoliberal nas políticas educativas do

Partido popular. Esa viraxe en virtude da que pretenden que unha ferramenta de equidade social e inclusión educativa sexa, cada vez máis, un premio á excelencia. Requisitos máis elevados e menos recursos, que implican, os números son claros, que máis persoas queden fóra por non poder asumir os custos dos estudos universitarios. Así, cando o PP chegou ao goberno esta partida era de catro millóns 137 mil euros. Hoxe é de 3 millóns 180 mil. A mesma partida que o ano pasado, e o anterior, e o anterior, por certo, o que implica, tendo en conta a variación de prezos, que malia o copia e pega, seguen reducindo diñeiro para garantir a igualdade de oportunidades. E é que nunha década, o Partido Popular reduciu nun 33,16 por cento o diñeiro dispoñible para bolsas universitarias.

O mesmo acontece co abandono escolar temperá, outra das partidas nas que insisten en aplicar a tesoira, cun 43% menos. A aprendizaxe de idiomas, que ten hoxe un máis dun 70% menos. O mantemento das escolas, cun 65% menos. As axudas aos concellos con CPIs, cun 98% menos. Ou as campañas para a igualdade de oportunidades, orzamentadas en 2009 con 1 millón de euros, teñen hoxe pouco máis de 200.000 euros. Ou o que é o mesmo, tiveron unha redución, en termos reais de do 81,67% menos.

E por último, porque insisten no desprestixio e desmantelamento do ensino público, ao tempo que favorecen a súa privatización. Mentres se pechan aulas públicas o diñeiro para os concertos aumenta en todos os niveis educativos. E faino especialmente na formación profesional. O que se traduce en dez millóns e medio de euros máis para quen fai negocios cos nosos dereitos.

**Todos estes feitos fan que solicitemos a súa devolución.**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39823
Data envío: 07/11/2018 16:19:20.218



Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 10:07:48**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:56
Nº Rexistro: 39856
Data envío: 07/11/2018 16:56:27.602

**Á Mesa da Comisión 3.ª**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade** ao **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019**, relativo a **Sección 10 - Educación, Universidade e Formación Profesional,** con expresa petición devolución, en virtude das seguintes consideracións:

**Sección 10 - Educación, Universidade e Formación Profesional.**

Os incrementos que se observan no capítulo de persoal débense aos incrementos retributivos dos docentes, pero aínda así supoñen a redución de 111 persoas, é dicir que non só non se incrementan en ningún corpo docente senón que se reducen, polo que resulta absolutamente imposible que se atendan de forma equitativa realidades singulares como son os centros rurais e mesmo institutos de educación secundaria con pouco alumnado.

No relativo á educación especial, temos que asumir que esa educación inclusiva que nos apoiamos decididamente, supón garantir uns dereitos de escolarización que case con total seguridade supoñen incrementar dotacións de recursos, tanto humanos como materiais, e iso é un dereito e un dereito é algo obxectivo, non depende (ou non debera depender) de vontades e polo tanto convertese en algo potestativo. Esa atención non se garante en absoluto no proxecto de orzamentos presentado.

O cumprimento da Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras- Edulingüe 2020 está lonxe de acadarse xa que, a nosa Comunidade Autónoma sitúase cinco punto por debaixo da media estatal en educación primaria e 10 no caso da ESO en cifras de aprendizaxe integrado de contidos e lingua estranxeira, polo que as partidas consignadas no proxecto de orzamentos resultan insuficientes.

O programa destinado a atender á escolarización do alumnado nos niveis de educación secundaria, bacharelato, formación profesional e educación de persoas adultas, que representan o 46 % do alumnado non universitario, presentan idénticas consignacións que no ano 2018 en programas tan relevantes como o recoñecemento e acreditación de competencias profesionais, a mellora da calidade ou a elaboración de materiais didácticos e multimedia para a ensinanza a distancia.

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

Os programas relativos ás ensinanzas artísticas e especiais están infradotados, xa que pese a incluír os conservatorios de música e danza, as escolas de arte e superiores de deseño, a Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais, a Escola Superior de Arte Dramática e as escolas oficiais de idiomas, tan só supoñen o 0,024 % do orzamento da consellería, incluíndo nesa porcentaxe os gastos de persoal; isto evidencia unha auténtica falla de compromiso con estas ensinanzas.

Os orzamentos destinados ao Sistema Universitario en 2019 seguen a manter a situación de debilidade económica das tres universidades de Galicia. Valga dicir que estes orzamentos aínda, dez anos despois, están lonxe dos de 2009. Ademais, existe unha evidente falta de impulso á equidade: a partida para bolsas universitarias segue conxelada en 3,8 millóns (un 23 % menos que en 2009).

Por último, a Investigación Universitaria non incrementa os seus recursos xa que se integran neste orzamento 2,5 millóns de euros que en realidade se destinan á construción do edificio Fontán.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2018 16:30:07**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:14
Nº Rexistro: 39795
Data envío: 07/11/2018 13:14:51.557

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 10**, **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, **do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019**, polas seguintes razóns:

Nas contas para 2019 o orzamento dirixido á Consellaría de Educación, Universidade e Formación Profesional, malia incrementárense en relación ao pasado exercicio, non reverten os recortes acumulados durante os últimos anos nin serven para paliar as carencias de persoal que están a mermar a calidade na prestación deste servizo público fundamental.

Malia que a Xunta de Galiza dispón para o vindeiro ano duns recursos económicos semellantes aos de hai unha década, o investimento previsto para a Consellaría de Educación, Universidade e Formación Profesional apenas representa un incremento do 3,2% a respecto de 2018, isto é, por baixo da suba media no gasto non financeiro da Xunta.

En relación a un dos principais programas desta área do Goberno, é dicir, aquelas partidas dirixidas ao Plan de Financiamento do Sistema Universitario Galego (PFSUG), as contías previstas no Proxecto de lei de orzamentos xerais son absolutamente insuficientes para atender as necesidades do SUG, nomeadamente no que ten a ver cos fondos estruturais das Universidades.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:14
Nº Rexistro: 39795
Data envío: 07/11/2018 13:14:51.557

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pola contra, malia as demandas de maior financiamento por parte do SUG para mellorar as condicións laborais do persoal docente e investigador, consolidar a carreira investigadora, así como para rexuvenecer o profesorado dos seus departamentos, esta proposta orzamentaria prevé desviar fondos dirixidos á promoción da investigación universitaria a financiar a construción dun novo edificio na Cidade da Cultura con 2,5 millóns de euros previstos no programa 561B.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 10**.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2018 11:14:30**

Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade de devolución da sección 11, Consellería de Cultura e Turismo**, do **Proxecto de lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019**, atendendo ás seguintes razóns:

En primeiro lugar porque consideramos que a proposta de orzamentos para o 2019 pretende, ante todo, dar un paso máis na consolidación dos recortes. O goberno fala de orzamentos expansivos pero a realidade é que as galegas e os galegos temos hoxe, en termos reais, é dicir, descontando o IPC, 57,8 millóns de euros menos para a cultura que cando o PP chegou ao goberno en 2009.

En segundo lugar porque, ao noso entender, son insuficientes. Dende a chegada do PP ao goberno o peso porcentual da cultura sobre o PIB non fixo máis que descender. De feito, de cumprirse as previsións macroeconómicas do goberno atoparémonos con que co nivel de PIB de Galicia mais alto da súa historia, o investimento porcentual en cultura non se corresponde. Así, se en 2009 o investimento na cultura supoña un 0,25 % do PIB, as previsións para o 2019 deixan esa cifra nun penoso 0,11 %. Non acontece o mesmo en Turismo.

En terceiro lugar porque estes orzamentos son neoliberais, desequilibrados e antisociais. Un exemplo claro témolo nas partidas de fomento da lingua, unha das partidas que máis padeceu a viraxe neoliberal nas políticas culturais do PP. Esa viraxe en virtude da que pretenden que unha ferramenta de equidade social e inclusión cultural sexa, cada vez máis, un castigo á resistencia. Requisitos máis

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39824
Data envío: 07/11/2018 16:19:38.826



elevados e menos recursos, que implican que máis persoas e grupos queden fóra por non poder desenvolver os seus proxectos e a distribución dos mesmos. Así, cando o PP chegou ao goberno esta partida era de 141,5 M€. Hoxe é de 71,9 M€ . O mesmo acontece coa política lingüística, outra das partidas nas que insisten en aplicar a tesoira, cunha variación real do 78% menos, (do 2009 ao 2017). Situación obviamente moi preocupante, que se traduce nunha perda de falantes, e que é necesario reverter. Sabemos que os orzamentos poden ser outros, que isto pasaría por un cambio fiscal activo, que este goberno podería impulsar se tivese outra política cultural, porque a Xunta ten ampla capacidade fiscal, tanto nos impostos transferidos como na recadación compartida, pero non utiliza esta capacidade para obter máis ingresos.  Interésalle ao PP o mercado turístico. O seu compromiso coa Cultura é mínimo.

Con respecto ás Axencias, fagamos unha comparativa que nos dará porcentaxes nidias que demostran que o Partido Popular observa a cultura como parte do mercado turístico, mentres continúan coa instrumentalización de eventos de toda tipoloxía pagados con diñeiro público, co obxectivo de seguir asentando a súa hexemonía. A AGADIC incrementa o seu orzamento nun 0,6%, cun orzamento de 11.721M€; a AGT, nun 10,4% cun orzamento de 64.184 M€.

Resulta ineludíbel falar da Cidade da Cultura. A Multinacional Indra ocupará a sala Eisenman cun centro de tecnoloxías no ámbito socio-sanitario.  Asinouse un convenio entre a Xunta e a empresa, que xa é socia do Goberno galego na base de drons de Rozas. Participa tamén Inaer, a empresa de cabeceira de alugueiro de helicópteros da Xunta.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39824
Data envío: 07/11/2018 16:19:38.826



A nova redacción da lei de saúde inclúe unha cobertura legal explícita para asinar "contratos ou convenios" con "entidades públicas ou privadas" para o "desenvolvemento conxunto" de "produtos ou tecnoloxías sanitarias". Isto permite, de ser o caso, encaixar no Servizo Galego de Saúde o labor de compañías privadas como Indra ou, como xa sucedeu nos últimos anos, a estadounidense Medtronic.

Pensado todo o complexo do monte Gaiás inicialmente para contidos exclusivamente culturais, como indica o seu propio nome, o Centro de Emprendemento ía ser inicialmente o Arquivo de Galicia, pero este incorporouse á Biblioteca e o seu edificio adícase agora a incubadora de empresas e coworking.

Nesta reformulación da que a Xunta vai informando a pingas e sen comunicar ningún plan de conxunto global.

A Cidade da Cultura é un saco sen fondo, exemplo paradigmático dunha nefasta política cultural que apostou por colectores grandiosos a costa de contidos culturalmente sostibles e interesantes.

Á inxente obra hai que sumar unha factura de gastos diarios desorbitada, que consume máis da metade do orzamento anual que recibe. Falamos de 9.092.989 €. Unha cifra que supón o 14,2% de todo o orzamento cultural e un de cada tres euros que se dedican ao fomento das actividades culturais.

Deste xeito, o orzamento da Cidade da Cultura condiciona enormemente o orzamento total da Consellería, supoñendo un enorme custo de oportunidade para o sector cultural de Galicia, toda vez que cada euro que se gasta da Cidade da Cultura supón un euro menos investido no ecosistema cultural galego.

Con respecto ao nove edificio administrativo FONTÁN hai que dicir que vai en detrimento do I+D+I. A medida non nos sorprende, xa que está claro que a Xunta de Galicia non sabe que facer coa partida dedicada á investigación. A execución orzamentaria en I+D+i no período 2009-2017 foi do 77%, o que significa que nestes anos deixáronse de executar máis de 215 millóns de euros. Que isto suceda nunha momento no que Galicia está a padecer un éxodo masivo de investigadores e investigadoras, e na que moitos dos nosos mellores académicos se ven abocados a precariedade permanente, é un absoluta irresponsabilidade.

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia debera acoller nos seus espazos "servizos e actividades destinados á preservación do patrimonio e a memoria, ao estudo, á investigación, á experimentación, á produción e á difusión nos ámbitos das letras e o pensamento, a música, o teatro, a danza, o cine, as artes visuais, a creación audiovisual e a comunicación, á vez que alberga proxectos como a Biblioteca de Galicia, o Arquivo de Galicia ou o Museo-Centro Gaiás".

O Gaias tiña un custe previsto de 100 millóns de euros, pero rematou custando 300. Os 200 millóns de sobrecustes foron en detrimento do investimento en cultura, unha das grandes damnificadas das políticas da Xunta. Porén, o Presidente Feijóo pretende facernos crer que o presunto aforro de 13 millóns de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39824
Data envío: 07/11/2018 16:19:38.826



euros nas instalación do CISUG supón unha fazaña digna de mención. Non compartimos as cifras que nos ofrecen, e aínda que non queiran escoitalo, aínda falta moito para que compensen o dano inmenso que durante estes anos lle fixeron á cultura, á Lingua Galega e ao I+D+i.

Por todo isto **solicitamos a devolución do orzamento da Sección 11, Consellería de Cultura e Turismo.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 10:11:40**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39834
Data envío: 07/11/2018 16:25:21.524

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, da **Fundación Pública Cidade da Cultura** (**Sección 10**), **do Proxecto de lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019,** atendendo ás seguintes razóns:

O orzamento en cultura foi un dos grandes damnificados polas políticas do Partido Popular. Nunha década, as partidas dedicadas a esta materia reducíronse á metade.

Porén, os recortes orzamentarios non foron aplicados a todos os ámbitos cultura por igual, sendo, a Cidade da Cultura, o exemplo paradigmático dunha nefasta política cultura que apostou por continentes grandiosos a costa de contidos culturalmente sostibles e xeradores de tecido cultural

Á inxente obra hai que sumar unha factura de gastos diarios desorbitada, que consume máis da metade do orzamento anual que recibe. Neste ano falamos de 11.592.989 euros transferidos das consellerías de cultura e educación. Tendo en conta que a partida destinada a fomento das actividades culturais é de 30 millóns de euros comprobamos como, un ano máis, un de cada tres euros destinados a este fin caen no pozo sen fondo da cidade da cultura. Deste xeito, o orzamento da Cidade da Cultura condiciona enormemente o orzamento total da Consellería, supoñendo un enorme custo de oportunidade para o sector cultural de Galicia, toda vez que cada euro que se gasta da Cidade da Cultura supón un euro menos invertido no tecido cultural galego.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39834
Data envío: 07/11/2018 16:25:21.524

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

En Marea consideramos que este diñeiro debería ser invertido na totalidade do tecido cultural galego, buscando a descentralización que espalle a cultura polo conxunto do noso territorio de xeito que se garanta este dereito fundamental.

Por outra banda, a derivación do investimento de 2.500.000 que saen da investigación universitaria para o edificio Fontán, é, para o grupo de En Marea, un paso máis no erro da política do cemento e a carencia de ideas para este país.

**Por todo iso, rexeitamos os orzamentos da Fundación Cidade da Cultura (sección 10) do proxecto de Orzamentos para o 2019 na súa totalidade e reclamamos a súa devolución**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 10:45:02**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 17:57
Nº Rexistro: 39896
Data envío: 07/11/2018 17:57:12.927



# Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, a AGADIC (Sección 11), dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019,** polas seguintes razóns:

O ano pasado formulamos una emenda de devolución á Axencia Galega de Industriais Culturais na que alertábamos de que a precariedade dos seus orzamentos non permitía desenvolver as súas competencias. Ese ano, a axencia recibe practicamente a mesma cantidade de diñeiro –só se produciu un leve incremento nos gastos en persoal–, polo que cómpre subliñar de novo que o Goberno da Xunta non se está tomando en serio a necesidade de reforzar e promover a cultura galega.

Entres os obxectivos da AGADIC atópanse, segundo a Consellería de Cultura e Turismo:

a) Impulsar a creación e o desenvolvemento de empresas que produzan bens e servizos culturais.
b) Favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia como elemento singularizador no mercado.
c) Promover a distribución e comercialización dos produtos culturais dentro e fóra do noso país.
d) Contribuír á mellora na preparación e cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos.

e) Estimular a creación, avivar o talento e a capacitación e incitar ao recoñecemento social e económico de artistas e autoras e autores no proceso de produción.

A industria do libro é un claro exemplo de que os orzamentos destinados á alcanzar estes obxectivos levan moito tempo sendo insuficientes. Na última década a edición de libros en lingua galega caeu un 33,6%. Así, mentres que fai dez anos superábase o milleiro de libros e folletos en lingua galega (1.472), agora estamos por debaixo dos 1.000. A tendencia é claramente á baixa e continúa ata hoxe. Nos últimos 12 meses estudados pasouse das 1.120 obras en galego ás 976, o que supón un descenso do 12,8%.

Os datos tamén son malos cando se repara nas publicacións bilingües. No 2016 houbo 269 libros en euskera e castelán, 266 en catalán e castelán e 140 en valenciano e castelán. Pola contra, só houbo 84 libros en galego e castelán, o que, como é lóxico, dificulta dar a coñecer a nosa lingua no resto do territorio do Estado.

Pero o dato máis preocupante é outro. O galego é a cuarta lingua en porcentaxe de libros infantís e xuvenís sobre o total do publicado. O euskera conta cun 34,7%, o valenciano cun 27,4% e o catalán cun 24%. En galego, en cambio, só se pública un 19,9% de obras dirixidas a poboación máis nova. Trátase dun problema serio, xa que é a xente moza a que máis de lado está deixando o noso idioma.

A industria do libro non é un caso illado, senón que é un síntoma máis do desleixo da Xunta cara a cultura en galego. O cine, o teatro, a música... no noso idioma esmorece pola falta de apoio institucional. É por iso que resulta tan difícil acceder a películas, obras e concertos no noso idioma.

Temos o potencial para ser un referente cultural no conxunto do país e no mundo, pero para iso hai que poñer sobre a mesa unha estratexia política a medio e longo prazo que conte coa suficiente financiación. Non chega cos actuais orzamentos, que un ano máis, volven quedar moi curtos.

Por iso, **solicitamos a devolución inmediata do proxecto de orzamentos para a Axencia Galega de Producións Culturais.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 17:55:06**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:56
Nº Rexistro: 39857
Data envío: 07/11/2018 16:56:44.317

**Á Mesa da Comisión 3.ª**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade** ao **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019**, relativo a **Sección 11 – Cultura e Turismo, Axencia de Turismo de Galicia,** con expresa petición devolución, en virtude das seguintes consideracións:

**Sección 11 – Cultura e Turismo, Axencia de Turismo de Galicia.**

A pesar da creación dunha Consellería individualizada, a Cultura segue a ser a grande abandonada pola Xunta de Galicia.

Os seus orzamentos crecen moito menos ca media dos do conxunto da Xunta de Galicia, manténdose, non só por debaixo dos que había en 2009, senón dos do ano 2012, cando a crise era evidente, e así ano 2019 Cultura ten aínda 10 millóns de euros menos que en 2012.

Son uns orzamentos absolutamente continuístas e seguen a ter as mesmas eivas que nos anos anteriores, non manteñen as infraestruturas culturais como é necesario, non garanten o acceso á cultura por toda a cidadanía e non apoian as industrias culturais nin aos creadores e creadoras.

Consideramos moi grave que se conxelen os fondos destinados a bibliotecas, arquivos e museos, producíndose incluso a rebaixa de partidas destinadas ao libro galego cando é evidente que a industria editorial galega está a pasar importantes problemas pero nestes orzamentos non hai nada para palialos. Tampouco impulsan o crecemento das bibliotecas nin o seus fondos nin o aumento dos índices de lectura.

Os orzamentos destinados a política lingüísticas son inaceptables. Tan só crecen un 2,9 %, e tendo en conta que a partida de persoal ascende un 2,3 %, a realidade é que están conxelados. O descenso destes fondos supera dende 2009 o 70 %, sen facer fronte aos importantes problemas que está a pasar a nosa lingua tal como denuncian tanto o Consello da Cultura galega, como a Real Academia Galega, ademais de universidades e asociacións e incluso o Consello de Europa. Problemas de perda grave de falantes que están reflectidos en todas as enquisas e que con estes orzamentos non serán solucionados.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:56
Nº Rexistro: 39857
Data envío: 07/11/2018 16:56:44.317

Os fondos destinados a Axencia Galega das Industrias Culturais tamén se estancan en 2019 sen poder dar resposta as necesidades do tecido industrial ni aos creadores e creadoras, ademais de abandonar un ano máis aos centros de produción cultural propios de Galicia, o centro Dramático Galego e o Centro Coreográfico.

Son pois uns orzamentos que reflicten o fracaso da política cultural da Xunta de Galicia, e este fracaso é evidente tamén na xestión e orzamentos da Cidade da Cultura para a que seguen a ser destinados máis de 9 millóns de euros, unha cantidade esaxerada en relación aos orzamentos totais. Ademais, o Plan Estratéxico da Cidade da Cultura 2012-2018, prevía que en 2015 a achega da Xunta para o Gaias fora de 4,5 millóns de euros, pero en 2019 esta achega é un 33 % maior. Por riba crecen os investimentos en obras na Cidade da Cultura fixando 7 millóns de euros para 2019.

En canto a Turismo, o orzamento crece máis que o de Cultura pero aínda é moi inferior ao de 2009 o que indica unha débil aposta por un sector que é, a día de hoxe, unha das actividades económicas máis importantes para Galicia, xa que está a representar o redor dun 11 % do PIB do noso país e xera o redor dun 12 % do emprego da nosa economía. Ninguén dubida de que é un gran motor de desenvolvemento económico, creación de riqueza, benestar e emprego, tanto polo seu impacto económico como polo seu carácter transversal e efecto multiplicador sobre o resto das actividades produtivas.

Por iso débese apostar por un desenvolvemento do turismo baseado na calidade, a diferenciación e a sustentabilidade. Algo moi difícil de alcanzar, debido á falta de compromiso orzamentario que reflicten as previsións orzamentarias para 2019, que novamente indican a ausencia dunha orientación estratéxica no turismo, o cal non se basea nun investimento real - fóra dos fondos para campañas publicitarias que se agochan baixo os cuantiosos investimentos inmateriais -, nin aposta pola modernización e adaptación do sector aos novos retos presentes na era da globalización e da economía 4.0 cos avances tecnolóxicos e a evolución do turismo.

Para elo, o que a Axencia Galega de Turismo debería facer, e tratar de construír unha gama diversificada e diferenciada de produtos turísticos, tratando de desestacionalizar o turismo para recibir turistas ao longo de todo o ano (turismo termal, turismo rural), e diversificalo por todo o territorio, evitando a concentración masificada, e conseguir así potenciar os lugares con menos turismo, lamentablemente, non se está a conseguir nin nos orzamentos para 2019 existan actuacións previstas en contía necesaria ao respecto.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:56
Nº Rexistro: 39857
Data envío: 07/11/2018 16:56:44.317

O feito de centrarse no Xacobeo 2021, e telo como eixo prioritario, é algo moi serio e cabe exixir algo máis que fogos de artificio e festivais musicais que, aínda que están ben, a xestión dun evento tan importante como o Xacobeo 2021 merece un traballo laborioso e meticuloso en tódolos aspectos. A mala xestión do turismo en Galicia non se pode ocultar soamente ca conta do número de peregrinos que chegan a Santiago e coa publicidade e propaganda sistemática por parte da Xunta de Galicia. O turismo merece uns orzamentos destinados á mellora real dos Camiños de Santiago e que se adapten ás actuais demandas do sector.

Os orzamentos para 2019 da Axencia de Turismo de Galicia, reflictan unha distribución de partidas moi xenérica, sen que se especifique nin queden clarificadas as accións a levar a cabo e cando non hai unha aposta pola consolidación das estruturas dun turismo de calidade.

Tampouco reflicten o necesario apoio á formación e mellora da calidade das empresas dedicadas ao turismo un factor clave do desenvolvemento do sector e tampouco se observa que estes orzamentos impulsen as medidas necesarias en coordinación das actividades turísticas cas entidades locais, os axentes do sector e outros departamentos da Xunta de Galicia

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2018 16:30:15**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:15
Nº Rexistro: 39796
Data envío: 07/11/2018 13:15:00.162

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 11**, **Consellería de Cultura e Turismo**, do **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019**, polas seguintes razóns:

O Proxecto de lei de orzamentos xerais da Xunta de Galiza para 2019, malia reflectir unha recuperación na capacidade de gasto non financeiro e contar con recursos semellantes aos de hai unha década, mantén a Consellaría de Cultura e Turismo coa metade do orzamento que investía daquela.

É máis, malia atoparse o país nun proceso de recuperación económica, o proxecto de Orzamentos prevé continuar a recortar nas xa exiguas partidas e programas dirixidas a un dos principais sectores culturais, o libro. Así as partidas dirixidas á edición do libro en galego recórtanse en 7.400 euros, a promoción do libro e da lectura en 38.000€, desaparece a partida dirixida ás Feiras do libro en Galiza e recortan 10.000€ na liña de axudas a entidades privadas para o apoio e promoción á produción e edición do libro en galego.

Unha decisión que contravén absolutamente a Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura en Galiza que obriga o Goberno galego a adoptar as medidas correspondentes para mellorar, modernizar e pular polo sector editorial do país, nomeadamente en lingua galega.

Así mesmo, o presente Proxecto de lei de orzamentos non prevé dotar de recursos económicos o deseño e implementación da anunciada Estratexia da Cultura

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:15
Nº Rexistro: 39796
Data envío: 07/11/2018 13:15:00.162

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galega 2021 o que evidencia que non ten pensado a Xunta de Galiza desenvolver políticas culturais integrais que contribúan a afortalar e pular polos ectores culturais do país que, cómpre lembrar, representan o 2% do PIB e o 3% dos empregos no noso país.

En relación ao programa de Fomento da lingua galega (151B) ademais de manter o brutal recorte orzamentario acometido nos últimos anos, evidencia que non hai intención ningunha de adoptar as imprescindíbeis mudanzas en materia de política lingüística que permitan dar cumprimento ao mandato legal de normalización de usos do galego.

Ao longo do 2018 institucións como a Academia Galega ou o Consello da Cultura Galega veñen alertando non só da perda constante de galegofalantes senón da ruptura na transmisión lingüística interxeracional e a desgaleguización da mocidade a causa da política lingüística actualmente imperante no ensino público galego. Cuestións ás que non atenden en ningún caso as contas previstas para 2019.

É evidente que o Proxecto de lei de Orzamentos para 2019 reduce a política desta importantísima Consellaría apenas á preparación do Xacobeo 2021 e á promoción turística do noso país.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 11**.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:15
Nº Rexistro: 39796
Data envío: 07/11/2018 13:15:00.162

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2018 11:15:09**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39825
Data envío: 07/11/2018 16:20:07.742

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, da **sección 12**, **Consellería de Sanidade**, dos **Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019,** atendendo ás seguintes razóns:

Os orzamentos da Xunta de Galicia demostran un ano máis, a consolidación de recortes laborais e sociais, coma escusa dunha crise iniciada polos poderes financeiros que só serviu para empeorar as condicións materiais de vida da clase traballadora, cunha eliminación progresiva de dereitos pola vía dos recortes nos investimentos dos servizos públicos.

A exigua recuperación económica que se preconiza dende a dereita, segue sen traducirse nunha recuperación do nivel de gasto en termos reais, en datos comparativos as partidas seguen sen acadar os niveis de investimento público previos a crise económica, non chegando nin sequera a igualar o 3% de crecemento do PIB. Tendo en conta que o "prezo da vida" xa non é o mesmo, estes orzamentos supoñen trasladar que seguimos coa perda de peso do gasto público e a persistencia na eliminación dos dereitos da clase traballadora.

Concretamente, o incremento de orzamento para a partida do Servizo Galego de Saúde, resulta insuficiente para cubrir as necesidades de persoal, polo que non se dotará con estas contas de medios suficientes para resolver as situacións existentes nos Puntos de Atención Continuada, o conflito da asistencia de POVISA, das urxencias hospitalarias ou no conxunto da Atención Primaria.

Evidenciase un ano máis, o cambio de modelo sanitario coa consolidación de recortes importantes en termos organizativos, na protección e promoción da saúde, mentres se favorece o negocio e a mercantilización da saúde a través de determinados servizos na Atención Especializada, producíndose ao tempo unha descapitalización do primeiro nivel asistencial.

Respecto á saúde mental, segue sen existir orzamento suficiente para poñer en marcha o plan de saúde ou o plan galego do suicidio, nun contexto de falta persoal e recursos materiais que permitan levar a cabo unha atención de calidade, con privatizacións encubertas no caso da psicoloxía e cun aumento de consumo de psicofármacos.

Os programas de saúde pública, con relación á prevención e tratamento da drogadicción ou VIH, conxelan as súas partidas, producíndose unha situación de desatención nunha materia tan importante, nun contexto de crise económica e perda de capacidade nas condicións materiais de vida que incrementan a vulnerabilidade.

Non se explica tampouco a redución da partida respecto aos programas de cribado, que diminúe nun 58% respecto ao ano anterior.

Seguimos sen orzamento suficiente para as partidas de investigación pública e sen que se leve a cabo a integración das Axencias no Servizo Galego de Saúde. Respecto ás axencias, seguen sen xustificarse os importes recursos destinados á ACIS, moi superiores aos existentes no pasado no EGAS. E todo aínda que non se ten mellorado a formación continuada do persoal.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39825
Data envío: 07/11/2018 16:20:07.742



En resumo, non se evidencia recuperación algunha respecto a todos estes anos de recortes e privatizacións nos servizos públicos, **por iso En Marea solicita a devolución do orzamento da Consellería de Sanidade.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 10:14:01**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39831
Data envío: 07/11/2018 16:23:37.308

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do orzamento da "Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde"** como organismo autónomo, **Sección 12, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019,** polas seguintes razóns:

A opacidade que amosan as empresas, fundacións e entes paralelos, son motivo suficiente, como así o considera o Consello de Contas, para leva a cabo a absorción dos mesmos dentro do Sistema Público, para unha Xestión directa e transparente dos mesmos.

Tendo en conta que están dotados de recursos públicos e que en teoría traballan para o Sistema Público, non existe xustificación para manter organización paralelas, facendo un traballo que debería prestarse dende a propia Consellería de sanidade ou o Servizo Galego de Saúde.

A Constitución da Axencia Galega para a Xestión e o Coñecemento á raíz da aprobación da Lei 14/2013 que viu a substituír á fundación pública "escola galega de administración sanitaria", puxo de manifesto a preferencia do Goberno por manter estruturas empresariais en lugar de dotar ao sistema público de medios para a xestión directa da formación e investigación.

O orzamento dedicado a esta axencia é moi superior ao que existía para o EGAS e se ben a priori puidera ser algo positivo, non se está a evidenciar unha mellora na calidade da formación continuada das e dos profesionais da sanidade pública.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39831
Data envío: 07/11/2018 16:23:37.308



Entendendo que os servizos sanitarios deben ser públicos e estar unicamente orientados á mellora continua do sistema, transparentes e de xestión directa, **solicitamos a devolución deste orzamento.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 10:52:42**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39832
Data envío: 07/11/2018 16:24:14.645



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, á "Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos"** como organismo autónomo, **Sección 12, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019,** polas seguintes razóns:

A opacidade tanto económica como administrativa que amosan os entes paralelos, fundacións e empresas como ten denunciado o Consello de Contas, supoñen un motivo suficiente para a absorción dos mesmos polo Sistema Público coa finalidade de levar a cabo unha xestión directa e transparente.

Tendo en conta que en teoría traballan para o Sistema Público e empregan recursos públicos na súa actividade, non ten xustificación algunha manter organización paralelas para facer un traballo que debería poder ser xestionado directamente pola Consellería de Sanidade ou polo Servizo Galego de Saúde, ao contrario, a Xunta de Galicia continúa defendendo este modelo empresaria en lugar da xestión directa e transparente dos mesmos.

A Constitución da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos tras a aprobación da Lei 14/2013 substituíu á fundación pública "centro de transfusións de Galicia", con diferentes atribucións.

Non contamos ademais con memorias públicas que poidan avaliar o funcionamento interno de esta axencia. Un ente que trata aspectos moi sensibles

a novel sanitario que se teñen ampliado ao incluírse nas súas atribucións as materias relacionadas cos transplantes de órganos e tecidos.

Entendendo que a creación de novos entes incrementa a opacidade e dificulta o acceso aos seus recursos, entendemos que as súas tarefas deberan ser asumidas mediante xestión directa e pública, polo que solicitamos a devolución destes orzamentos.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 10:50:16**

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sociedade Mercantil Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A., nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019,** polas seguintes razóns:

Galaria SA é a actual herdeira do antigo MedTec (Instituto Galego de Medicina Técnica SA). Unha empresa nacida para asesorar en torno ás innovacións e tecnoloxías sanitarias.

Como xa temos resumido en exercicios anteriores, o cometido de MedTec foi ampliado moi pronto, iniciando a provisión directa de servizos sanitarios que podería proporcionar o Servizo Galego de Saúde, privatizando moitos destes servizos como por exemplo a atención telefónica ou o asesoramento.

É coñecido que tanto a antiga MedTec, como a actual Galaria, foron foco de denuncia pública pola súa opacidade e portas xiratorias. Situación que describiu o Consello de Contas e que o pasado ano evidenciouse cando a a exconselleira Rocío Mosquera, cesada pola súa mala praxe, tomou posesión do cargo de xerente en Galaria.

Estas características, son as que explican a incompresible situación de que, tendo como obxecto social e principal motivación a innovación en alta tecnoloxía, dita innovación este subcontratada polo SERGAS, a través de múltiples contratos. Un de eles a colaboración público-privada, con Philips e Varian que custou 88

millóns de euros e que nin tan siquera serviu para cubrir a globalidade das necesidades en imaxe.

Outro exemplo foi a irregular subcontratación da Oficina Técnica dl novo hospital de Vigo. Traballo contratado cunha empresa, Effitiential Clinical Management, creada ad-hoc por unha alto cargo do PP para facerse co traballo.

Tendo en conta estas circunstancias, cabe preguntarse cal é a utilidade de manter Galaria como empresa pública e a súa actividade externalizada do Servizo Galego de Saúde, principalmente tendo en conta que ademais da súa opacidade, se está a nutrir de orzamento público.

Por todo o anterior, entendendo que debera procederse á súa absorción polo Sistema Público de Saúde, **solicitamos a devolución destes orzamentos**, xa que a seguen mantendo como unha Sociedade Anónima.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 10:43:18**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39842
Data envío: 07/11/2018 16:30:09.797

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao "Servizo Galego de Saúde"** coma organismo autónomo, **Sección 12, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019,** polas seguintes razóns:

O orzamento da Xunta de Galicia amosa un ano máis, que a suposta recuperación económica da que tanto fala a dereita, non ten unha repercusión real no incremento orzamentario, consolidando a política recortes no gasto público e polo tanto de perda de calidade nos servizos, por imposibilidade de dispor mediante estas contas do persoal e dos recursos materiais necesarios para que a asistencia sanitaria manteña un bo funcionamento.

En materia de persoal, non existe incremento que poda poñer solución as carencias que se veñen arrastrando ano tras ano e que xa teñen un carácter estrutural que se perpetúa. O incremento orzamentario nas partidas dedicadas ao persoal tanto nos programas 412A coma 412B non resulta suficiente nin para poder aboar a carreira profesional tan anunciada por parte da Consellería.

Na Atención Hospitalaria, o incremento do 3,18% no resulta suficiente para poñer solución a esas carencias estruturais que producen por exemplo, colapsos nas urxencias hospitalarias ou inflan as listaxes de agarda que tan segredamente mantén a Consellería.

gp-enmare@parlamentodegalicia.gal

Respecto a Atención Primaria, o incremento aínda é menor, non chegando ni ao 3%, o que evidencia a estratexia política de descapitalizar o primeiro nivel asistencial. Evidencia do cambio de modelos que tantas veces temos denunciado. Un modelo orientado ao hospitalocentrismo e alonxado da promoción da saúde.

Este elemento supón un problema engadido á perda de servizos sanitarios no rural. Con estas contas podemos prever a continuidade na perda de recursos accesibles e por tanto o empeoramento da equidade no sistema.

Continuamos ademais co incremento de gasto en farmacia, sen ter solucionado nin explicado os avisos que o Consello de Contas fai no seu último informe respecto da farmacia hospitalaria, na que se pon en evidencia un incumprimento dos procedementos legais establecidos na normativa en materia de contratación pública, o cal resulta dunha extrema gravidade, cando se seguen a manter os mesmos desordes xa denunciados en exercicios anteriores.

Respecto ao 061, segue a manterse un orzamento semellante aos pasados, polo que nada apunta a que exista vontade política de poñer fin aos conflitos xurdidos en relación ás emerxencias sanitarias, no caso das ambulancias ou o traslado da central do 061 á Estrada. Conflitos que teñen ocasionado folgas laborais.

No relativo ás infraestruturas existe unha reiteración das mesmas promesas de construcións ou reparacións de centros de saúde que en orzamentos anteriores. O mesmo sucede coa facultade de medicina que volve a aparecer un ano máis, ou con melloras e plans directores varios, o que amosa que non se cumpre coas promesas ni se executa o orzamentado.

Realmente preocupante é que exista unha ausencia total de partidas destinadas a combater as listas de agarda, o que fai que aumente o perigo de incremento e

estope da burbulla de agarda que se está a xerar dende fai algúns anos. Unha situación que tería consecuencias moi graves no Servizo Galego de Saúde e obviamente na saúde de galegas e galegos.

Ademais, tal e como ben denunciando o Consello de Contas ano tras ano, as partidas orzamentarias destinadas a concertos coa privada, non teñen diminucións significativas e seguen a manter o seu carácter estrutural no orzamento.

Tanto estas contas coma a propia memoria carecen de medidas encamiñadas a resolver a situación que se mantén en relación a POVISA.

A modo de conclusión, non se suplen os recortes en materia de persoal mantendo carencias que xa son estruturais, en materia de infraestruturas seguen a repetir o de anos anteriores evidenciando a falta de execución orzamentaria neste sentido e o conxunto dos orzamentos para o Servizo Galego de Saúde, fan prever que non se mellorarán as condicións necesarias para prestar unha asistencia sanitaria óptima e nas mellores condicións, con lastres orzamentarios importantes como a colaboración PFI do NHV e con graves deficiencias en canto á planificación económica e organizativa do SERGAS, cuestión que ven denunciando reiteradamente o Consello de Contas.

**Todos estes feitos fan que solicitemos a súa devolución.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 10:28:41**

gp-enmare@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:56
Nº Rexistro: 39858
Data envío: 07/11/2018 16:56:57.659

**Á Mesa da Comisión 3.ª**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade** ao **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019**, relativa á **Sección 11 – Sanidade e Sergas,** con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

**Sección 12 – Sanidade e Sergas.**

Os orzamentos de sanidade deben ser rexeitados e emendados na súa totalidade por varias cuestións:

En termos xerais porque existen numerosas advertencias, informe tras informe, do Consello de Contas sobre a opacidade e a dificultade de analizar uns orzamentos que son excesivamente alterados durante o desenvolvemento do ano orzamentario e que conteñen erros de partida. Así o Consello de Contas, no seu último informe, advirte de que "o sistema de control interno amosa limitacións" e que o SERGAS "continúa sen implantar un sistema integral de contabilidade tal e como esixe o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia", ademais de "non achegarse o Balance de situación nin a Conta do resultado económico-patrimonial".

De maneira concreta, en liña co anterior, as fundacións para a investigación vinculadas a centros hospitalarios da rede do SERGAS seguen sen estar incluídas no orzamento, co que non é posible realizar un análise e seguimento.

De maneira continuada, orzamento tras orzamento, hai partidas que son presupostadas de maneira incorrecta á vontade, e logo notoriamente alteradas durante o ano. Así acontece co caso do persoal, que absorbe a posterioridade o completo do fondo de continxencia ano tras ano, ademais de alterar partidas importantes doutras consellerías para completarse, ou outras partidas dedicadas a tratamentos ortoprotésicos ou farmacia, que durante o ano crecen sistematicamente todos os anos ata duplicar as contías iniciais.

No que corresponde ás formulacións estratéxicas, non responden ás necesidades do sistema. Máis do 80 % do gasto sanitario actual está focalizado nos enfermos crónicos, que todos os enfoques apuntan á necesidade de ser atendidos dende a Atención Primaria, postura que a consellería afirma asumir. Pola contra non existe

practicamente variabilidade nas partidas destinadas á Atención Primaria, que nos últimos anos viu recortados os fondos dedicados. A situación límite na que se atopa en termos de recursos materiais e humanos, e a súa perda de peso específico no funcionamento da consellería, non mudará con uns orzamentos que non apostan pola recuperación da súa relevancia, co que os obxectivos fundamentais non son comprometidos.

En relación á Atención Primaria, unicamente 12,6 millóns de euros destinados en toda Galicia para mellora e construción de centros de saúde (só se presuposta en concreto o relativo ao centro de saúde de Narón e o Barrio da Residencia en Lugo), resulta absolutamente insuficiente. Non se corresponde nin coas necesidades reais de Galicia nin sequera cos anuncios do propio Goberno galego. Unha enorme parte desta partida orzamentaria está xa comprometida para centros de saúde en marcha novos ou en reforma (A Illa de Arousa, A Estrada...) polo que non haberá investimentos novos reais que poidan mellorar a rede publica de centros que necesita un plan contundente de aposta.

No mesmo sentido de descoordinación entre as supostas formulacións e os compromisos inseridos nos orzamentos, os investimentos están centrados na actividade hospitalaria, en contra dos avances estratéxicos doutros sistemas sanitarios, e condicionados á vontade pola existencia das vindeiras eleccións municipais, utilizando os orzamentos como ferramenta propagandística e electoralista.

Outros espazos de necesario investimento son tamén esquecidos nestes orzamentos. Non existe incremento de partidas reais para a promoción de hábitos de vida saudables, limitándose ás cuestións formuladas noutros anos de maneira idéntica coas mesmas promesas e compromisos. Tampouco existe este incremento no referido ao combate das condutas aditivas, que se esta a converter nun problema de primeira magnitude, especialmente no relativo ás condutas de menores.

A saúde mental sigue profundamente esquecida nos orzamentos, que non recollen ningunha problemática das apuntadas neste eido, a pesares das continúas novidades que se producen sobre a capacidade asistencial do sistema evidenciadas nos últimos tempos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:56
Nº Rexistro: 39858
Data envío: 07/11/2018 16:56:57.659

Cabe destacar tamén a diminución da partida dedicada á investigación sanitaria, xa de por si pequena e insuficiente. Hai unha redución de máis do 5 % da partida respecto dos orzamentos do ano anterior, cando resultaría necesario unha aposta forte pola investigación sanitaria, como arma fundamental a medio e longo prazo no combate contra enfermidades graves ou raras, ademais de como aposta polo cambio do modelo produtivo autonómico.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2018 16:30:23**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:17
Nº Rexistro: 39797
Data envío: 07/11/2018 13:17:52.960

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 12, Consellería de Sanidade e de tódalas entidades públicas, instrumentais dependentes, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019**, polas seguintes razóns:

Os orzamentos mostran a folla de ruta do goberno que os presenta; deberían servir para solucionar os problemas que ten a xente, deberían reflectir que o goberno toma nota de cales son os grandes problemas que ten a xente e actúa a través dos orzamentos para solucionalos.

Dende o ano 2009 o PP, con Nuñez Feixóo á cabeza, impulsou todo tipo de medidas que afondaron no desmantelamento da sanidade pública: Redución de orzamentos, eliminación de profesionais, redución de máis de 700 camas, privatización masiva de servizos, repagamento de medicamentos, fechamento de camas, colapsos de urxencias, sobrecarga laboral d@s traballador@s, aumento das listas de espera.

Estes orzamentos para o ano 2019 preséntanse nun contexto de enorme preocupación tanto profesional como social, nun estado de conflitividade laboral permanente por demandas máis que xustas, nunca atendidas e no que a sanidade pública galega non fai máis que baixar postos nas enquisas nas que se valora o recoñecemento por parte dos cidadáns da súa calidade.

Neste contexto o orzamento para sanidade baixa por debaixo da media e tamén baixa a súa posición relativa no conxunto do orzamento.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:17
Nº Rexistro: 39797
Data envío: 07/11/2018 13:17:52.960

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No que respecta ao persoal o aumento aínda é menor, un 2.3%, o que significa que non hai ningunha intención de devolverlle os dereitos roubados @s profesionais, os acordos asinados en 2008 e suspendidos polo PP ao chegar ao Goberno en 2009.

As chamadas colaboracións público-privadas seguen lastrando o orzamento, máis de 75.5 millóns de euros en canóns polo hospital de Vigo e a alta tecnoloxía que detraen recursos para outros investimentos.

O orzamento para Atención Primaria confirma a folla de ruta do PP. Nuns orzamentos que presumen de expansivos, medra un 1,62% menos que atención hospitalaria. Ten un 13.13% menos do que tiña en 2009, 2000 millóns de euros acumulados menos. Unha aposta clara polo hospitalicentrismo, concentración do gasto nos grandes hospitais para así facilitar a privatización.

Non se contemplan medidas destinadas a baixar as listas de espera, para solucionar o escándalo de persoas durante meses e anos agardando por unha cita para consulta ou proba diagnóstica e por unha intervención.

A saúde mental segue sendo a gran ausente nos orzamentos, partidas para entidades e asociacións, mais nada para dotar de recursos dentro da sanidade pública. Medran as listas de espera até límites insostíbeis, a situación nos hospitais é dramática evidenciada pola denuncia do Valedor del Pueblo sobre a situación no hospital de Conxo. A prevención do Suicidio en Galicia, un ano despois de ter presentado o Plan no Parlamento non se contempla ningunha partida neste orzamento para poñer en marcha o mesmo.

Seguen destinándose grande cantidade de recursos para pagar prestacións sanitarias con recursos alleos, máis de 200 millóns.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:17
Nº Rexistro: 39797
Data envío: 07/11/2018 13:17:52.960

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A promoción e prevención da saúde, só é unha prioridade no discurso, logo a realidade é que non só non se reflexan partidas acordes a unha aposta real, senón que se fan modificacións orzamentarias á baixa dos orzamentos de 2018 en máis dun millón de euros.

Os orzamentos de sanidade para 2019 son unha total continuidade é nada novo para a sanidade pública, é absoluto continuísmo.

Neste orzamento non se introduce ningún elemento para combater os graves problemas que ten a sanidade pública deste país.

Por todas estas razóns solicitase a **devolución dos orzamentos da Sección 12**.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2018 13:17:27**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39826
Data envío: 07/11/2018 16:20:36.586



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de EN MAREA**, ao abeiro do disposto no Artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a **seguinte emenda á totalidade da Sección 13 (Consellería de Política Social)** do **Proxecto de lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019** atendendo ás seguintes razóns:

Con só o 8,1% dos Orzamentos da Xunta, 774,4 m €, o investimento público destinado ás políticas sociais é insuficiente tendo en conta os graves problemas estruturais que padece o pobo galego no eido social.

A crise deixou un aumento da desigualdade social, consolidou a precariedade laboral e persiste unha intolerable taxa de risco de pobreza e exclusión no noso País, que se configura como unha anomalía no norte do Estado: o 22,6% da poboación galega atopábase en risco de pobreza e/ou exclusión en 2017 (AROPE), o que supón máis de 600.000 persoas.

Esta realidade social é máis negativa para as mulleres galegas que, ademais, son quen, de xeito maioritario, se ocupan dos coidados e de atender as necesidades sociais onde a Administración non chega, como recoñece a última enquisa do IGE sobre dependencia.

Outro elemento estrutural da realidade social galega é o empobrecemento da xente maior, que recoñece a propia Memoria dos Orzamentos da Xunta para 2019, pero para o cal a Xunta non aposta nin polo aumento das pensións nin pola diminución de "copagos" ou o incremento de complemento de ingresos, como é

o complemento autonómico para as persoas perceptoras de pensións non contributivas, que permanece estancado.

O nivel de risco de pobreza e desigualdade sigue sendo inaceptable e, nese contexto, a Consellería de Política Social só ofrece "coidados paliativos" ante unha realidade que precisa políticas públicas moi potentes para o desenvolvemento dos sectores produtivos.

Son uns Orzamentos continuístas que persisten nunha Renda de Inclusión Social (RISGA) que non garante a subsistencia material digna e que non vai permitir elevar as súa contía nin desenvolver axeitadamente os tramos de transición ao emprego que deben derivarse do Decreto que desenvolve a Lei de Inclusión Social, con catro anos de retraso, pois o orzamento para a RISGA só medra en apenas 2 millóns de euros a respecto de 2018.

A dotación orzamentaria para novas prazas públicas en residencias e centros de día sigue a ser insuficiente, tendo en conta que en Galicia a rateo de prazas residenciais por cada 100 persoas de 65 ou máis anos é só de 3,06 prazas, sendo a quinta Comunidade Autónoma do Estado cunha rateo máis baixa e cun maior nivel de privatización das prazas (67% das mesmas son privadas). Precísase, asemade, aumentar as prazas en centros de día, fronte a aposta polos concertos con entidades privadas. Neste sentido, o plan "Coma na Casa", das residencias de maiores nas sete cidades, está insuficientemente dotado e apenas chega para facer os "concursos de ideas" sobre estes centros.

Tampouco hai un plan de atención integral ao senfogarismo, sendo a segunda CA en número de persoas sen fogar, mantense a precariedade de medios materiais e humanos da FUNGA, pese a que aumentou o número de persoas tuteladas, non hai plans específicos de atención a menores con trastornos de conducta nin

programas efectivos de Educación familiar, nin protocolos nin plans específicos para persoas maiores e dependentes que viven soas, a pesares de que a Memoria orzamentaria recoñece estes problemas.

A dotación orzamentaria para novas prazas de Escolas Infantís da rede autonómica é notoriamente insuficiente, persistindo a Xunta na súa aposta pola financiación do sector privado das garderías, en lugar de facer unha transición cara a universalización do ensino infantil.

A situación social de Galiza fai preciso un sistema de protección social amplo e público, colaborando coas entidades sociais sen que esta colaboración leve aparellada a inhibición das políticas públicas de atención, para posibilitar o despregamento da atención social por todo o territorio galego, evitando a desigualdade de recursos sociais segundo a localidade de residencia. Neste sentido, son insuficientes os fondos para Atención Temperá (1,9 m € fronte aos 10 m € que se precisarían para desenvolver a rede comunitaria en todo o País), para prazas públicas residenciais en centros de atención á diversidade funcional (os fondos para o CAPD de Ourense seguen a ser insuficientes), para un verdadeiro sistema galego de asistencia persoal, para programas de acollemento de menores e para atención sociosanitaria a persoas drogodependentes.

Os Orzamentos de 2019 tampouco dan resposta ás necesidades de persoal que se precisaría para reducir as listas de agarda na valoración da discapacidade e dependencia, así como nos centros de Política Social, continuando como Consellería que ten un maior volume de accidentabilidade laboral, practicamente a metade debida ao sobreesforzo de traballadores e traballadoras.

**Polo exposto con anterioridade, rexeitamos os orzamentos da sección 13 (Consellería de Política Social) do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 para seren reformados** tendo en conta a necesidade de aumento dos seus recursos para atender as crecentes necesidades sociais do pobo galego, incluíndo a posta en marcha dunha verdadeira renda galega de cidadanía, no marco dun urxente plan de rescate cidadán.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 10:23:11**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:57
Nº Rexistro: 39859
Data envío: 07/11/2018 16:57:13.826

Á Mesa da Comisión 3.ª

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade** ao **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019**, relativa á **Sección 13 – Política Social, Axencia Galega de Servizos Sociais e Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar,** con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

**Sección 13 – Política Social, Axencia Galega de Servizos Sociais e Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.**

Os orzamentos para o ano 2019 da Consellería de Política Social, así como para as entidades dela dependente, como son a Axencia Galega de Servizos Sociais e Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, seguen a ser de mantemento de servizos mínimos na atención aos maiores, ás persoas con discapacidade, para combater a pobreza, para a mocidade..., en resumo unha política social que cronifica un ano máis o esquecemento deste Goberno con quen máis o necesita.

Con respecto á natalidade existe unha tremenda fenda entre desexos e decisións que cómpre encher, debendo actuar sobre diferentes factores (condicións laborais, conciliación, reparto das tarefas domésticas, dispoñibilidade de servizos, axuda á infancia) que non son considerados nestes orzamentos. Mentres as escolas infantís públicas seguen tendo graves eivas de recursos humanos e materiais, as de nova creación xa se recollían na Memoria de orzamentos do ano pasado, e esa gran promesa electoral de Feijóo que quedou convertida nun novo fiasco: as escolas infantís en polígonos industriais, con máis do 70 % sen executar, e que no vindeiro exercicio orzamentario verán reducido o seu orzamento á metade a respecto do que figuraba no primeiro exercicio desta lexislatura.

Ao respecto da política de atención aos nosos maiores, cabe destacar que a atención residencial segue sendo un imposto non declarado. O informe do Consello de Contas a respecto desta materia publicado este ano alerta de que nestes nove anos de Goberno de Feijóo non se creou ningunha praza de xestión directa da Xunta de Galicia en residencias de maiores, que non se cubriron as baixas e as vacacións do persoal nos centros residenciais públicos, e que nin sequera se

sanciona ás residencias privadas con graves incumprimentos. Pola contra, o Goberno galego leva anos prometendo sete residencias máis (900 prazas), pero seguen na ficción, aínda non comezaron, e moitos dos seus potenciais usuarios van falecer sen ter a oportunidade de residir nelas. Na previsión dos orzamentos que se facía no 2018 para o 2019 había previstos 8 millóns de euros, e resulta que o investimento que se contempla agora é de 3,7 millóns de euros unicamente, a metade do que prometeron. Ademais, antes de poñer unha pedra destas residencias, xa introduciron o copago para persoas maiores con demencia e/ou trastorno psiquiátrico, coa participación no financiamento do custo que se inclúe na Lei de medidas. Consolídase pois o retallo, por terceiro ano consecutivo, dos complementos ás pensións non contributivas.

A suba do orzamento dedicado á RISGA, é unha mostra máis do fracaso das políticas sociais e económicas do PP, que ten un custe para a calidade de vida de milleiros de persoas, e ademais non cobren as necesidades de moitos galegos e galegas. Segue sen publicarse o Decreto de desenvolvemento da Lei de inclusión social, despois de tres anos de retraso, e mentres tanto o Goberno galego mantén unha RISGA que non é nin suficiente nin digna, excesivamente burocratizada, non individualizada, e con trabas excesivas para que aqueles que o merecen poidan ter esta renda de integración.

A pesares de que a taxa AROPE baixou, esta fíxoo moi lentamente ao respecto do crecemento económico, consolidando as desigualdades, e aínda hai en Galicia 131.456 persoas que sofren carencia material severa. Ademais, a taxa reduciuse tres veces menos nas mulleres que nos homes, entre 2016 e 2107 saíron da pobreza 30.507 homes, e pola contra entraron 20.913 mulleres, sen que estes orzamentos intenten combater esta feminización da pobreza.

En materia de discapacidade, continúan as vergoñentas listas de agarda nas valoracións, unha situación que non vai mudar no próximo ano posto que non hai orzamento en materia de persoal dedicado a incrementar o número de prazas de empregados públicos. Ademais, centros que ían estar dedicados á atención ás persoas con discapacidade seguen sen poñerse en marcha: coma o Cegadi, sito en Santiago de Compostela, que leva cinco anos de retraso segundo o previsto na Estratexia Galega sobre Discapacidade 2010-2013, ou o centro de atención a persoas con diversidade funcional para maiores de 21 anos de Ourense, que tiña que estar a pleno rendemento neste 2018, e do que ata o de agora non se puxo nin unha pedra, retrasando de maneira deliberada unha infraestrutura fundamental para estas familias, na única provincia galega que non conta cun centro destas

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:57
Nº Rexistro: 39859
Data envío: 07/11/2018 16:57:13.826

características, mentres os centros privados fan o seu agosto aproveitándose desta situación.

O orzamento dedicado aos servizos de atención temperá, a nenos e nenas con trastorno no seu desenvolvemento ou con risco de padecelo, sitúanos un ano máis á cola de España. O investimento previsto é de 1,9 millóns de euros, o que suporá unha cobertura de soamente o 18,89 % da poboación infantil de 0-6 anos, ao que hai que engadir un emprego pouco equitativo dos recursos entre os diferentes centros.

Os galegos e galegas somos solidarios, e témolo demostrado en numerosas ocasións, pero estes orzamentos non o son tampouco nesa partida específica que volve un ano máis a baixar, xa que o investimento previsto é exactamente sete veces menor que o do Goberno presidido por Touriño: de 9,8 millóns de euros rebaixase a 1,4 millóns de euros, ao mesmo tempo que os plans para a mocidade non conteñen novidades, son obsoletos e non están adaptados aos tempos, para os que dez anos despois se van investir 4 millóns de euros menos.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2018 16:30:30**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:18
Nº Rexistro: 39798
Data envío: 07/11/2018 13:18:19.137

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 13, da Consellería de Política Social e de todos os organismos, institutos, consellos e sociedades públicas que dela dependen, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019**, polas seguintes razóns:

Os orzamentos deben ser un instrumento para cambiar a realidade na que teñen que actuar, a realidade sobre a que teñen que incidir é a dunha Galiza na que en 2017 segundo o informe Arope 612.006 persoas, o 22,6% da poboación estaba en risco de pobreza, dun aumento da feminización da pobreza, entre 2016 e 2027 30.507 homes saíron da pobreza mentres entraron20.913 mulleres; fraxilidade das persoas maiores de 65 anos, 0 39% das pensións en Galiza teñen un importe inferior ao limiar da pobreza e case o 12% do limiar de pobreza severa. No seu conxunto as pensións seguen a ser das máis baixa do estado.

Estes son os décimos orzamentos que presenta a Xunta de Galiza desde que o Partido Popular volveu ao Goberno no 2009, e faino dun xeito rutineiro, sen impulso, sen ningunha vontade de cambiar esa realidade dunha parte da poboación, moi vulnerábel sobre á que ten que actuar.

A aplicación da Lei de Dependencia en Galiza é claramente insatisfactoria, tanto para as persoas usuarias como para as que agardan unha avaliación, que significa o recoñecemento á prestación, e para as que tras serlle recoñecido o dereito, agardan meses e anos a recibir as prestacións económicas ou os recursos aos que teñen dereito.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:18
Nº Rexistro: 39798
Data envío: 07/11/2018 13:18:19.137

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mesmo sendo Galiza unha das comunidades máis envellecidas do estado, o gasto do sistema de dependencia é inferior á media Estado. Mentres no Estado en 2017 o investimento por persoa dependente foi de 6.664 en Galiza foi de 5.779, 885 euros menos por persoa, especialmente grave, xa que descende con respecto a 2026 que foi de 6.041 euros. Igualmente o gasto por habitante é menor en Galiza, 108 euros fronte aos 129,7 do Estado.

O aumento do número de persoas atendidas é porque están ofertando sobre todo recursos de baixo custe e apostando pola privatización, non creando prazas públicas senón "prazas sostidas con fondos públicos".

Hai unha oferta claramente insuficiente de prazas de residencias de maiores e de persoas dependentes, coa porcentaxe de prazas privadas máis alta a nivel do Estado sobre o total. Non crearon nin unha soa praza pública e prezo das prazas concertadas é un 8% máis caro que as que se realizan de xeito directo. Recorte de persoal do 7.1% cando houbo un aumento das persoas atendidas o que significa sobrecarga de traballo e mingua da calidade do servizo.

As medidas contempladas nestes orzamentos son claramente insuficientes, ademais de ser xa varios os orzamentos nos que foron contempladas e non realizadas, coa demanda actual e menos tendo en conta que a demanda aumenta continuamente.

A contía que se contempla para a Risga confirma que non vai ser reformulada en aspectos fundamentais como unha auténtica contía de referencia, que seguirá a ser de 403,38 euros, o complemento do alugueiro seguirá fixado no 10% do IPREM, é dicir, uns 54 euros ao mes, as moitas dificultades para compatibilizar cun emprego... Queda moi lonxe dunha RISGA entendida como Dereito cidadán e non como subsidio condicionado.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:18
Nº Rexistro: 39798
Data envío: 07/11/2018 13:18:19.137

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non se contempla ningunha medida para aumentar os máis que axustados cadros de persoal, na súa maioría mulleres, de idade elevada, no que non se substitúen permisos, nin vacacións; nin aumentos de persoal para permitir o desfrute das libranzas por traballar en domingos ou festivos.

Mantense a mesma contía para as pensións non contributivas, negándose a Xunta do PP a aumentalas, cando son o único ingreso de moitos fogares.

A partida destinada á atención temperá é absolutamente insuficiente, mostra o escaso esforzo inversor e que está a incrementar a distancia entre Galiza e o resto do Estado, que segundo os datos que nos facilitan desde a Asociación de Atención Temperá AGAT , no noso país o investimento por nen@ é de 14 euros mentres en Cataluña é de 91 ou 74 en Navarra ou 84 en Aragón.

Por todas estas razóns solicitase a **devolución dos orzamentos da Sección 13**.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:18
Nº Rexistro: 39798
Data envío: 07/11/2018 13:18:19.137

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2018 13:18:08**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39827
Data envío: 07/11/2018 16:21:01.466

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 14, Consellería de Medio Rural** dos **Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019**, atendendo ás seguintes razóns**:**

En termos xerais, estes orzamentos son case unha repetición idéntica dos do ano pasado, e esta é unha situación moi preocupante, porque tendo en conta que está demostrado que non están funcionando as políticas que están pondo en marcha, entendemos que apostar por uns orzamentos continuístas non é ningunha boa nova.

A realidade é que se levan moitos anos pondo en marcha políticas que, por desgraza, o que están favorecendo é o abandono do rural, a degradación das condicións materiais das persoas que viven no rural, e non se está conseguindo ese obxectivo que din perseguir, que é un rural máis competitivo e un rural máis vivo. Entendemos dende En Marea que estes orzamentos non van a servir para conseguir estes supostos obxectivos, porque son practicamente unha copia e o aumento insignificativo dalgunhas partidas orzamentarias non chega para a realidade na que nos atopamos e a diminución de moitas outras partidas fan que aparezan dúbidas sobre o alcance que a Xunta de Galicia quere que teñan estes orzamentos.

Dende que goberna o Sr. Feijoo...

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39827
Data envío: 07/11/2018 16:21:01.466



- Cantos empregos se destruíron no rural galego?
- Cantas explotacións agrogandeiras pecharon?
- Canto aumentou o grao de despoboamento que sofre Galiza?

Estes son datos, non convidan o optimismo e cos orzamentos que aquí nos presentan non lle vemos unha maneira fácil de poder darlle a volta.

O gasto en Dinamización económica do Medio rural, aumenta nun 4%, isto é, en 12,3 millóns de euros. O incremento mais significativo prodúcese nos programas de: Mellora na calidade da produción agroalimentaria, aumentando en 2,7 millóns (27,2%), Regulación das producións agrarias e apoio á renda dos agricultores, cun aumento do orzamento de 1,4 millóns (22,4%), Modernización e diversificación do tecido produtivo rural, que recibe 13,1 millóns mais (13,1%) e Fixación de poboación no medio rural, que aumenta en 5,4 millóns (12,6%). Pola contra, no ano no que se está debatendo o que será o novo Plan Forestal de Galiza, cae o orzamento nos programa de Ordenación das producións forestais en 12 millóns (15,7%), así como noutras partidas de especial interese como pode ser a 712C Fomento do asociacionismo agrario e divulgación da tecnoloxía agraria.

Parémonos un intre no que atinxe o Plan Forestal.

1. Cos datos dos orzamentos do 2019, temos unha perda de 7.462.975 € no que respecta ás obras de licitación en actuacións sobre montes xestionados.

A análise da merma nos orzamentos, vén dada principalmente por un 42% menos de inversión no programa 551B, que depende da Subdirección de Prevención de Incendios, cunha perda de 3.400.000 € en traballos de prevención de incendios

Sobre o total dos presupostos no capítulo VI, no que afecta á Dirección Xeral de Ordenación Forestal, temos unha perda de 15.746.482 €, o que supón un 29,24% menos que no ano 2018.

2. Esta contía de 2019 corresponde a un 30% estimado da cifra total, xa que é equivalente ao reparto do 100% do ano 2018 con proporcións a todas as provincias. Para o ano 2019 os orzamentos modifican os % de reparto, incrementando en demasía a provincia de A Coruña. Seguindo a proporcionalidade, debería corresponder unha cifra similar ao reparto de outros anos, polo que un 70'% quedaría ao dispor da Dirección Xeral (Santiago), e o 30% a repartir entre provincias. Obviado isto, no programa 551B, concepto 601 (prevención de danos causados por incendios), a merma presupostaria é de 3.400.000 €, o que supón unha redución do 42% con referencia ao ano anterior.

3. Nos presupostos do 2019, tal e como se aprecia, no capítulo VII (transferencia de capital), no que afecta á subdirección de prevención de incendios, aparece como novidade o convenio Concello-Seaga, cun total de 7.500.000 €, todos procedentes de fondos propios. Ademais, incrementase en investimentos de prevención para concellos, cerca de 500.000 €, que fan que os concellos, non sendo titulares na súa inmensa maioría de propiedades forestais, e cumprindo unha dubidosa labor na prevención-extinción, alcanza un presuposto de case 25.000.000 €, o que supón un incremento para o ano 2019 do 48%.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39827
Data envío: 07/11/2018 16:21:01.466



Para estes 25.000.000 € que corresponden aos 3 convenios cos concellos, aproximadamente 18.900.000 € proceden de fondos propios da Xunta de Galicia, e só 5.250.000 € proceden de fondos FEADER, e 525.000 € e de fondos do Estado. Para fuxir do control que supón a utilización de fondos europeos, que esixe concorrencia e transparencia, utilízase a "caixa" de Fondo Propio para fomentar o clientelismo.

4. No que se refire á Subdirección de Recursos forestais, o dato máis significativo é a desaparición, con relación ao 2018, de 5.692.303 €, que se desvían á Axencia Forestal Galega, como xestora de ditos fondos.

Analizando o resto do presuposto, temos unha merma de máis de 200.000 € no destinado a axudas de forestación, cando seguimos sen cumprir o pactado no reparto anual dos fondos PDR. Tamén se reducen cerca de 700.000 € as axudas ao castiñeiro.

E algo non comprensible é tamén a merma de 1.833.998 € nos fondos destinados a axudas para a silvicultura de coníferas, cando é unha das axudas máis demandadas no territorio galego.

Tamén, máis de 500.000 € se descontan no dedicado a silvicultura de frondosas.

Os datos volven ser negativos neste apartado para a foresta galega. Non tendo en conta o correspondente á Axencia Forestal Galega, temos unha perda en comparación co ano 2018, de 3.836.218 €, un 11% menos que o presuposto do ano pasado.

Os incendios forestais e o SPDCIF:

Esa desidia por parte da Xunta deu e segue dando lugar a que cada concello, deputación e incluso a propia Xunta teñan que crear diferentes corpos para prestar estes servizos, dando lugar a un conglomerado difícil de entender e de xustificar, precario e desorganizado, conformado por: bombeiros públicos en concellos de máis de 20.000 habitantes (funcionarios de carreira), bombeiros comarcais -públicos e privados-, Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES), bombeiros forestais do SPDCIF, municipais, da empresa SEAGA, da empresa TRAGSA, exército, protección civil, CIAE 112, etc.

Esta atomización fai moi complicado realizar unha xestión rápida, eficiente e coordinada, producindo problemas graves de comunicación (mesmo entre os distintos entes que operan nun incendio), burocracia excesiva, tempos inadmisibles de resposta, etc. Ao que se lle debe engadir unha formación precaria e desregulada, a falta de protocolos de promoción e procedementos unificados de traballo, etc.

Durante o Pleno do Debate do Estado da Nación, o presidente da Xunta manifestou que "que a extinción e prevención dos incendios sexa pública recórdame aos soviets da Unión Soviética", deixando claro que a idea do seu goberno é continuar sometendo aos servizos de emerxencias a unha progresiva perda de dereitos laborais a través de externalizacións.

Galicia arderá mentres haxa empresas que saquen beneficio do lume. Nin os medios aéreos nin os parques de bombeiros poden ser privados. O servizo de prevención e loita contra o lume en Galicia debe ser único e público.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39827
Data envío: 07/11/2018 16:21:01.466



A Xunta debe facer autocrítica e poñer en marcha medidas urxentes que aborden o problema dos incendios forestais de maneira global e que aposten por unha ordenación territorial sostible, un cambio de modelo forestal e un rural vivo. De non facelo, situacións como a desa dramática fin de semana do outubro pasado poderían repetirse.

Para En Marea, estes orzamentos, van a dar como resultado que Galiza fique cada vez mais vulnerábel e dependente, impedida de dispor dunha política agro-rural propia, feita en función das súas necesidades.

En concreto a crise que levan padecendo durante anos os nosos sectores produtivos agrarios está na orixe desta situación. Comezase por imposibilitar que a xente poda vivir do seu traballo, mediante a imposición de prezos ridículos e obstruíndo toda posíbel alternativa, para logo lle ofrecer como a mellor saída o abandono e o monocultivo forestal de crecemento rápido nas terras agrarias abandonadas.

A dinamización económica do medio rural, diminúe este ano en maís de 150.000 millóns de Euros, e diminúe dende o ano 2009 máis dun 26%.

O Banco de Terras, ferramenta que están dispostos a potenciar para darlle saída a terra improdutiva con unha cifra totalmente ridícula. Non chega a 90.000€.

Producións agricolas:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39827
Data envío: 07/11/2018 16:21:01.466



Galicia sofre unha perda de poboación no rural desde hai varias décadas. A poboación arrímase á costa nun éxodo sen precedentes do rural, en busca do maná prometido como son as oportunidades de traballo e a consecución dunhas mellora na calidade de vida. Isto dáse nas provincias do interior Lugo e Ourense cara as zonas costeiras de Pontevedra e da Coruña, onde tamén se produce esta marcha desde o interior cara as cidades.

Porén o maná está no rural e sempre estivo alí. As condicións de vida son inmellorables e incomparables sempre que as administracións se impliquen e axuden á poboación coa garantía de servizos ao igual que ocorre nas grandes urbes. É necesario ver e potenciar a necesidade de habitabilidade do rural: a cidade non come se o campo non traballa.

A perda de cultivos en Galicia amosa esta realidade do éxodo en busca do maná. Así desde o inicio da crise, segundo un artigo publicado na Opinión da Coruña, máis de 33.364 hectáreas de terras de labor abandonáronse. É a superficie dedicada a cultivar cereais, forraxes, hortalizas e legumes.

Nunha táboa publicada polo Instituto Galego de Estatística o 11 de setembro de 2018 vese o avance inexorable do éxodo e da perda de cultivos. Así, no ano 2006 producíanse 1.985.590 toneladas de millo forraxeiro que pasaron no ano 2017 a 1. 936.384. no ano 2006 había 5.983.521 toneladas de pradería polifita que pasaron no ano 2017 a 3.218.426.

Tamén se reduciu o cultivo de pataca, afectado nos últimos anos pola couza guatemalteca.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39827
Data envío: 07/11/2018 16:21:01.466



Esta perda tamén é visible no sector vitivinícola. É posible reverter esta situación creando novas oportunidades de traballo e de negocio para a xuventude no rural, que permita reverter o éxodo e que fixe poboación no rural que permitirá un gran avance socioeconómico en Galicia.

Gustaríanos, a En Marea, que estes orzamentos se comprometeran a:

1. Crear un plan estratéxico para reverter a situación dun déficit nas principais producións agrícolas e dotalo de orzamento.

2. Elaborar, xunto coas produtoras, liñas específicas de implantación de cultivos estritamente agrarios en coordinación coas actividades agrícolas e gandeiras existentes.

Non están recollidas nos orzamentos.

**Por todo o exposto, solicitamos a devolución dos orzamentos da Consellería de Medio Rural para o ano 2019.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39827
Data envío: 07/11/2018 16:21:01.466

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 13:26:16**

gp-enmare@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:57
Nº Rexistro: 39860
Data envío: 07/11/2018 16:57:26.655

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa da Comisión 3.ª

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade** ao **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019**, relativa á **Sección 14 – Medio Rural, Fondo Galego de Garantía Agraria e Axencia Galega de Desenvolvemento Rural,** con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

**Sección 14 – Medio Rural, Fondo Galego de Garantía Agraria e Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.**

A Consellería do Medio Rural presenta uns orzamentos para o ano 2019 conservadores e que non se axustan ás necesidades do país. A sabendas de que nos atopamos na tan propagandística campaña da "Lexislatura do rural", seguimos a ver como os orzamentos non reflicten tal compromiso. Continuamos a ver como as contas para o ano carecen de proxectos novos que provoquen profundas transformacións e carecen da necesaria implicación como demostra o feito que o aumento dos seus gastos non correntes (para investimentos e axudas, fundamentalmente) soamente aumentan unha porcentaxe do 1,4 % , pasando dos 343.129 miles de euros do ano 2018 aos 348.471 miles de euros deste ano. Unha porcentaxe que en termos reais implican un descenso e inferiores ao aumento xeral que se producen nos orzamentos da Comunidade.

Respecto ao sector lácteo, cando a situación na que se atopan os gandeiros e gandeiras segue unha evolución negativa, no se afronta polo que se continuará co peche de explotacións que ano tras ano asolan a Galicia, sen que se produza o necesario relevo xeracional, con axudas insuficientes tamén para o ano 2019. A Xunta tería que mobilizar os activos dos que dispoñe para tratar de transformar o leite en Galicia, conseguir cambiar a nosa cadea de produción e ser máis competitivos, sumando valor engadido durante toda a cadea de produción lácteo. Sen embargo, os orzamentos non parecen reflectir ese impulso suficiente como para darlle un xiro a esta situación.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:57
Nº Rexistro: 39860
Data envío: 07/11/2018 16:57:26.655

Se falamos de prevención e extinción de incendios forestais, vemos que a pesares dos resultados do Ditame da Comisión relativa á extinción de incendios, as partidas que se presupostan correspondentes aos investimentos para a ordenación forestal, descenden nun 28 %, con 15 millóns de euros menos que o ano pasado. O modelo da Xunta de Galicia parece que segue a apostar máis pola extinción que pola prevención, amosando unha incapacidade real ante a lacra dos lumes en Galicia. As políticas de prevención deberían ser as prioritarias para poder prever e non lamentar.

En canto á mobilidade de terras vemos como os orzamentos previstos para o 2019 non realizan os esforzos suficientes para darlle a volta a estas situacións que merecen maiores esforzos por parte da Xunta de Galicia. O fomento da mobilidade de terras é unha prioridade para o rural galego, e precisa maiores investimentos dos propostos pola Xunta de Galicia., sendo esencial para asentar a poboación.

A despoboación e envellecemento, sumado á falta de oportunidades laborais e de servizos, supoñen para o rural galego unha debilidade que temos que converter en oportunidade. Sen embargo, vemos que non se fan os esforzos suficientes por parte da Administración autonómica para reverter isto. Aspectos como a formación de traballadores e traballadoras agropecuarios estanse a descoidar, perdendo así unha oportunidade esencial para reverter a situación poboacional e conseguir un relevo xeracional necesario ademais dunha revitalización do rural. Tendo en conta o proceso de urbanización cada vez máis acelerado e a pirámide demográfica inversa galega, o mantemento da poboación activa, dinámica e próspera no eido rural é esencial para a fixación da poboación, conservación do medio ambiente e relevo xeracional.

En canto as mulleres do rural, temos que sinalar que os orzamentos non parecen mostrar a suficiente contundencia para que, malia a súa relevancia no rural, deixe de atoparse infrarrepresentada, fóra dos espazos de toma de decisións, invisibilizada e con máis dificultades para o acceso ao mercado laboral en comparación cos homes. A consolidación da identidade de xénero rexional, o cal é un obxectivo fundamental para o empoderamento da muller en tódolos ámbitos, e especialmente no rural, non parece vir acompañado dun impulso serio por parte da Administración autonómica.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:57
Nº Rexistro: 39860
Data envío: 07/11/2018 16:57:26.655

Os orzamentos non contemplan melloras necesarias para poder tomar as decisións adecuadas con políticas enfocadas á solución de diversos problemas, como unha maior información estatística, esencial para a mobilidade de terras.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2018 16:30:37**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:18
Nº Rexistro: 39800
Data envío: 07/11/2018 13:18:49.915

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 14**, **Consellería de Medio Rural, e Organismos, Consorcios, Entidades, Fundacións e Sociedades Públicas dependentes desta, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019**, polas seguintes razóns:

Iniciamos o terceiro ano e tampouco lle toca ó rural. Propagandas aparte e un querer facer pra se quedar na intención, caso de habela, é todo a mesma cousa. O proceso de desagrarización non ten cabo porque o abandono e o desinterese da Administración por frealo e darlle a necesaria recuperación económica, social e demográfica son patentes.

Visibilizamos pois nestes orzamentos para o 2019 un País sen SAU (un escaso 21%) que lle poida dar certa soberanía alimentaria e que estructure a sociedade nun todo desexable de equilibrio e de utilidade nos que individuo a individuo e grupo social por grupo social se sintan participes e participados do todo canto a nación dos galegos debe significar.

A desestruturalización da nosa economía vese agravada por un sector primario onde a única preocupación son o forestal de inframadeira en expansión constante, o agrogandeiro en retroceso tamén constante e unhas cantas IXPs coas que xustificar un orgullo, de corte propagandístico de calidade, para consumiren elites mentres a xeneralidade da poboación consome produtos alimenticios e

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

forestais de importación de baixa calidade, cando podería producilos e elaboralos aquí.

Non son pois estes Orzamentos os que serían de agardar dun goberno sensato en beneficio da maioría da poboación do galego. O declive poboacional, o declive acusado na actividade económica, o declive esaxerado na actividade produtiva, a invasión e forestación de terras agrarias e de monte tradicional son unha boa mostra da situación crítica do noso sector primario. Esta situación arrastra ás xentes que quedan no rural a unha desesperación e falta de horizontes de futuro que supón un perigo para a boa saúde colectiva dos galegos.

Desde esta realidade obxectiva, os orzamentos para o rural que o Bloque propón pasan ineludiblemente por elaborar, orzamentar e poñer en práctica un Plan Integral Plurianual de Desenvolvemento Rural que active a economía do rural orientándoa a producir, en cantidades cada vez máis significativas, nun proceso progresivo, alimentos de calidade, potenciando o mercado destruído , poñendo terra agraria a disposición dos mozos/as que se queiran incorporar, dinamizando e prestixiando a actividade agrícola e gandeira de produción alimentaria coa meta non só de frea-la caída demográfica, senón mesmamente de inverti-lo proceso fixando poboación nova, a protección e incentivación das pequenas explotacións agrogandeiras baseadas na recuperación paulatina de terras de labor e terras de monte para actividades de pastoreo dentro doutras actividades alternativas á forestación con especies predadoras e invasoras reducindo significativamente a superficie das mesmas. En definitiva, unha aposta decidida por redinamizar a fixación de poboación desenvolvendo parellamente a pequena industria transformadora e comercializadora que dimensione de novo os espazos actualmente desérticos ou semidesérticos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:18
Nº Rexistro: 39800
Data envío: 07/11/2018 13:18:49.915

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Incentiva-lo cooperativismo e as microempresas que poñan en valor o minifundismo patente superando as súas carencias e dando valor social e económico á s potencialidades dos nosos microclimas, dos nosos solos agrícolas e á sabedoría ancestral dos nosos campesiños dando así servizo e utilidade á sociedade rural, hoxe en forzado declive demográfico e económico con fondas fracturas culturais de relación e estrutura, recuperando así, este maltreito sector primario, a presenza e o protagonismo perdido a respecto da estrutura social do seu País de referencia: Galicia.

Dentro deste Plan Integral Plurianual merecería especial atención o Bantegal, orientado ó aluguer das terras agrarias abandonadas en primeiro termo e logo á recuperación das perdidas e das susceptibles de selo . Esta especial atención pas a ría a convertelo no instrumento estrela que nun prazo de cinco anos poña a disposición dos gandeiros un mínimo de 150.000 Has. de terra para muda-la tendencia á intensificación das explotacións lácteas e cárnicas , dependencia de insumos esóxenos, peche de unidades por escasa ou negativa rendibilidade, e dotar así de base territorial suficiente que abarate costes de produción e dea características de especial calidade ó s produtos lácteos galegos reforzando e dando prestixio á súa presenza nos mercados estatal e internacional.

Este Banco de Terras proporcionaría superficie agraria útil a aquelas novas incorporacións á actividade agrogandeira que non conten con terras de labor de seu.

Dentro deste Plan Integral desde o BNG falamos da imperiosa necesidade de ordenación do territorio devolvéndolle ó noso monte a multifuncionalidade perdida e orientando a súa produción forestal á diversidade con madeiras de ciclos medios e longos que garantan a sostibilidade do mesmo e freen e invirtan o caos provocado

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:18
Nº Rexistro: 39800
Data envío: 07/11/2018 13:18:49.915

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

polo *"todo vale"* e a eucaliptización poñendo así freo ás vagas periódicas de lumes catastróficos, a erosión que provocan e o gasto inxente (1/3 do orzamento total aproximadamente da Consellería) no dispositivo de extinción.

Est a reorientación irá incardinada nunha nova política forestal orientada a supera-los atrancos que supón para o desenvolvemento do noso monte a atomización da propiedade condonando as mal chamadas débedas históricas, abrindo liñas sinceras de colaboración e incentiva ción d os Montes Veciñais en Man Común nas súas modalidades de propiedade xermánica e romana de cara a unha explotación multifuncional sustentable.

As í mesmo onde a propiedade privada atomizada impida unha ordenación razonable e unha explotación rendible, o goberno de Galicia desenvolverá as UXFOR como modelo de ordenación e aproveitamento multifuncional do monte acorde ó noso medio e ás características da propiedade nunha boa parte do territorio de Galicia dando con elas solución permanente ó problema de xestión das franxas de seguridade e proporcionando unha saída ó minifundismo do noso monte ordenando o mesmo e dándolle rendibilidade sen detrimento da propiedade privada da terra tan arraigada aínda na actualidade

Faise absolutamente necesario redefinir o dispositivo de prevención e loita contra os incendios forestais , apostando pola prevención a o longo de todo o ano. Un dispositivo integrado na súa totalidade no sector público autonómico, incrementando o período de contratación das brigadas de persoal fixo-discontinuo que actualmente teñen contratos de 4 meses como mínimo a 9 meses e eliminando as brigadas municipais. Un dispositivo estable, homologado e formado, isto é, profesionalizado e efectivo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:18
Nº Rexistro: 39800
Data envío: 07/11/2018 13:18:49.915

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Uns orzamentos que crecen practicamente na mesma intensidade que o conxunto de gasto non financeiro amosan que non son os do "terceiro ano do rural" nin abren horizontes de esperanza, moito menos cando a 30 de setembro o grao de execución dos mesmos no presente 2018 era dun exigüo 37,9%.

Volvemos estar pois diante duns orzamentos que agravan o declive do medio rural cando deberían iniciar un alto na tendencia do mesmo e dar paso a unha planificación a longo prazo firme e consensuada orientada á dinamización e revitalización do espazo agro-gandeiro-forestal que estimulase e alimentase unha numerosa industria de transformación dos recursos aí xerados contribuíndo á fixación de poboación e recuperación dunha aceptable normalidade na pirámide poboacional.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 14**.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:18
Nº Rexistro: 39800
Data envío: 07/11/2018 13:18:49.915

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2018 11:12:30**

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade**, **de devolución, da Sección 15, Consellería do Mar**, dos **Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019,** atendendo ás seguintes razóns:

Estamos ante uns orzamentos que continúan sen atender ás necesidades reais do sector, que está afrontando nos últimos anos unha posición de desvantaxe.

A proposta de orzamento non demostra unha preocupación real por solucionar a complexa situación que atravesa o sector do mar, senón que supoñen unha continuidade coas políticas levadas adiante nos últimos anos, que non fixeron máis que dificultar a situación das traballadoras e traballadores do mar.

Hai demasiadas ausencias nestes orzamentos que cómpre sinalar, posto que non atenden as demandas dos traballadores e traballadoras do mar.

En primeiro lugar, non se conta con partidas para sufragar os necesarios paros biolóxicos, unha realidade cada vez máis habitual que se produce para recuperar especies como o polbo, ou aqueles derivados da incapacidade de pescar determinadas especies por mor da redución de TAC e cotas.

Tampouco se contemplan as compensacións necesarias para adoptar medidas que permitan aos mariñeiros obter ingresos en caso de que non poidan saír o mar por razóns de mal tempo.

Tamén é escasa ou inexistente, a aposta orzamentaria para a modernización, mellora, potenciación e eficiencia das artes tradicionais que permitan a estas, de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39828
Data envío: 07/11/2018 16:21:29.952



acordo coas directrices da UE, dar o paso e gañar o peso necesario dentro do modo de explotación dos nosos recursos mariños.

Non existen incrementos suficientes en investigación, sendo esta unha das necesidades fundamentais para o sector.

Constátase a inexistencia dunha política decidida de saneamento das nosas Rías, que se atopan nunha situación moi preocupante, especialmente na desembocadura dos cursos de auga. Ás necesidades de recuperación integral das nosas rías requiren dunha planificación global. Os parches e a falta de planificación levan a situacións como as vividas na Ría de Muros e Noia, onde as actuacións executadas non deron ningunha solución.

Chama a atención que a pesar do acordo unánime recentemente adoptado polo Parlamento de Galicia, o orzamento desta Consellería non contemple partida algunha para mellorar á loita contra o furtivismo e dotar de vixilancia profesional pública os areais de forma que deixe de recaer sobre as traballadoras do mar.

Tamén hai que constatar que unha parte importante do orzamento vai dedicado a unha partida maquillada, en operatividade de gardacostas, xa que a operatividade e os custes deste servizo durante o 2018 xa foron sufragados cunha modificación orzamentaria a pesar de que o contrato levaba anos asinado. Así tanto o orzamento do 2018 como este teñen nesta partida un elemento distorsionador.

Con este proxecto de orzamentos, demóstrase que en termos de gasto e inversión o mar continúa sen ser unha prioridade para o Goberno.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39828
Data envío: 07/11/2018 16:21:29.952



**Por todo isto rexeitamos os orzamentos da Consellería do Mar e solicitamos a súa devolución.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 10:26:41**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39829
Data envío: 07/11/2018 16:22:36.139

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución** ao Ente público **Portos de Galicia (Sección 14), dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019,** atendendo ás seguintes razóns:

Estes orzamentos teñen como obxectivos estratéxicos a modernización os portos de Galicia, cunha redución na partida orzamentaria nun 47%. Pensamos que dita previsión vai imposibilitar cubrir as necesidades que xa ata agora nos estiveron suficientemente dotadas. Contrariamente e como xa remarcaramos na emenda no 2018, partidas pola ampliación de infraestruturas e a atracción de novo tráfico de mercadorías cun incremento de ata un 66% nas partidas destinadas a tal fin. Cremos que isto é necesario, pero da man da cooperación e creación de sinerxías entre os distintos portos: unha cooperación e ordenación dos servizos lóxica. Consideramos necesaria a creación dun estudo previo a fin de optimizar as infraestruturas e sobre todo o roles que cada porto debe asumir. Entendemos que existe un alto risco de competencia contraproducente entre Portos que deberían colaborar buscando sinerxías e optimización dos recursos. Redución global de 13 millóns de €.

Botamos en falta a previsión de fondos nestes Orzamentos para obras e mantemento enfocado á prevención de futuros danos a maiores para o exercicio de 2019.

Varias das obras enumeradas no orzamento para executar no 2019, xa estaban nos orzamentos de outros exercicios. Por exemplo na Illa de Arousa, a mellora das defensas e medio de amarre no porto de Muxía/Camariñas, o dragado de Laxe, posiblemente o propio clima impida o desenvolvemento de moitas delas, como xa aconteceu no pasado, cunha redución nos orzamentos do 13%.

Está recoñecida a merma económica que os estragos dos temporais, ou a falta de adecuación dalgunha infraestrutura, ven xerando aos traballadores do sector. Paliativamente debería contemplarse nos orzamentos este tipo de cuestións a futuro.

A Lei de Portos de Galicia posiblemente ten moito que ver con estes orzamentos, nos que se está a tratar de dotar de facilidades aos diferentes Portos para facelos mais atractivos para os inversores. Creemos na necesidade de mellora, pero poñendo por diante a prestación pública de servizos fronte á atracción de empresas privadas.

No referido ás redes de servizos (subministración de electricidade) deberíase orzamentar adecuadamente para desenvolver solucións ao "cool ironing", imprescindible para minimizar o impacto da contaminación acústica, ambiental e sonora nos núcleos urbanos de moitos portos do pais. A solución non pasa por crear instalacións e xeradores baseados no GNL para xerar electricidade para os buques nas instalacións portuarias. Debe buscarse o modo de que isto non proveña de enerxías fósiles e contaminantes. Contrariamente, nos obxectivos operativos de mellora de calidade medioambiental, instalacións portuarias e eficiencia enerxética e térmica (001) teñen previsto un terzo do orzamentado no 2018 e tamén da previsión que se fixo para o orzamento 2019. Parécenos incomprensible dada a importancia tamén que poden ter este tipo de investimentos no aforro futuro.

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Por último unha vez mais os orzamentos esquecen as inversións necesarias para atender ao sector pesqueiro artesanal do país, fortemente discriminado en canto a atención das necesidades destes profesionais con respecto a outros sectores de frota, sobre todo a deportiva. No punto de modernización e adecuación das instalacións existentes para adecuar as necesidades do mercado e sustentabilidade na pesca, pasa de 14 a menos de 2 millóns de euros.

**Por todo o exposto solicitamos a devolución do orzamentos de Portos de Galicia.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 13:01:18**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39840
Data envío: 07/11/2018 16:28:49.562

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a presenta a seguinte **emenda á totalidade**, do ente público **Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño INTECMAR (Sección 15), dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019,** polas seguintes razóns:

O Sector do mar en Galicia produce máis de 1.250 millóns de euros no que ten a ver coa produción marisqueira, pesqueira e mitícola, por iso toda a inversión destinada a entender os perigos aos que está sometida e investigar mecanismos de protección e mellora da produción, deben ser unha prioridade para o goberno.

O orzamento deste instituto demostra esta falta de compromiso pois descende un 33% o orzamento destinado a investimento, é dicir a proxectos que permitan mellorar e incrementar as liñas de investigación do instituto, que pasa dos 912.000€ do 2018 aos 671.000 previstos para o vindeiro exercicio, esta rebaixa non vai permitir investigar mais e mellor a situación das mareas vermellas, coñecer mellor as súas causas e mellorar as predicións anticipándonos mellor as súas consecuencias ou establecer mais liñas de investigación sobre os parásitos que afectan os nosos produtos marisqueiros, e recoñecer as causas e as solucións, mellorar polo tanto a produción científica e a colaboración con institutos similares en calquera parte do mundo, isto hoxe con este orzamento non é posible.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39840
Data envío: 07/11/2018 16:28:49.562



**Poro todo isto solicitamos a devolución do orzamento do INTECMAR**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 10:32:42**

**Á Mesa da Comisión 3ª**

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade do **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010**, relativa á **Sección 01 - Consellería do Mar e Portos de Galicia,** con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

**Sección 15 – Mar e Portos de Galicia.**

Os orzamentos da Xunta previstos para o ano 2019 no que se refire á Sección de Pesca, seguen a ser fondamente continuístas e non contan ca mínima transparencia exixible en canto á información dispoñible. Para acadar os obxectivos que se establecen na Memoria non se dotan as partidas orzamentarias cas suficientes cantidades, o que pon de manifesto a falta de vontade política do Goberno galego de cara a afrontar os novos retos do sector pesqueiro.

Un destes retos fundamentais debera corresponder á continuidade da actividade, para o cal sería preciso contar co necesario relevo xeracional. Non obstante, existen problemas para atopar persoas formadas, e xa se están a producir casos de barcos amarrados por falta de patrón. O Goberno segue sen presentar unha aposta firme e decidida pola formación, deixándoa nun segundo plano, incluída a dirixida ás persoas menores de 30 anos, e que reflíctese de xeito claro na diminución da correspondente partida no ano 2017, en 2018 e, novamente, volven a facelo para 2019.

Estamos ademais ante un investimento opaco e sen apostas concretas, agás a acuicultura, que parece ser o obxectivo prioritario deste Goberno; mentres se reducen partidas fundamentais como a saúde e a seguridade, melloras das zonas de produción., etc.

Ademais da experiencia de anos anteriores, nada xustifica que as partidas presentadas vaian a ser executadas. Así do programa 723A, deixaron sen executar 6 de cada 10 euros no ano 2017.

Tampouco se dá resposta aos problemas do sector marisqueiro, tales como: a rexeneración das rías, dada a dramática situación propiciada pola caída de capturas

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:57
Nº Rexistro: 39861
Data envío: 07/11/2018 16:57:42.137

nos bancos de libre marisqueo. Nin dragados, nin sementeiras, nin actuacións contra os depredadores, nin novos estudos sobre as causas da mortalidade dos bivalvos para saber como actuar contra deles.

En I+D+i, continúan a destinar unicamente un 3 % do orzamento para acadar o obxectivo no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, de fomentar o sector primario, baseado na innovación e na calidade do produto galego, para fixar a poboación ao medio rural. Tampouco contempla medidas suficientes para a eficiencia enerxética das embarcacións, nin para a mitigación do cambio climático a pesar dos efectos inminentes que está a ter na pesca.

Os motivos de rexeitamento tamén se estenden ás cuestións relativas aos portos galegos, por canto continúan sen executarse cuestións fundamentais de seguridade, como o plan de sinalización de bateas ou dragaxes pendentes. Repítense as mesmas obras ampliando os prazos e non se avanza cara a outros investimentos importantes que non están recollidos.

Pazo do Parlamento, 07 de novembro de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2018 16:30:43**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:18
Nº Rexistro: 39801
Data envío: 07/11/2018 13:18:58.533

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 15, da Consellería do Mar, e axencias, entidades e fundacións públicas dependentes desta, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019**, polas seguintes razóns:

Despois de levar dez anos á fronte da Consellaría do Mar preséntanse uns orzamentos un 40% máis baixos que os que había no ano 2019, e aumentan por debaixo da media dos orzamentos para o 2019. Non contempla políticas destinadas a potenciar un sector primario fundamental para a creación de emprego e o desenvolvemento económico en Galiza e logo ano tras ano presentan un nivel de execución baixo.

O balance deste período e dos orzamentos precedentes que foron na mesma dirección é desolador:

-Galiza nestes 10 anos perdeu arredor dun terzo dos pesqueiros do Gran Sol por déficit de cota ou por abandeiramento noutros países que si a teñen.

-O enorme potencial marisqueiro do noso país veuse dramaticamente minguado en especies propias, serva como exemplo os datos dos bancos de libre marisqueo na ría de Arousa no que desde principios de outubro o volume de extraccións foi de 11 toneladas de xapónica, 3.5 de berberecho e 8 de babosa, cando por exemplo na

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:18
Nº Rexistro: 39801
Data envío: 07/11/2018 13:18:58.533

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

campaña 2010-2011 nos Lombos do Ulla na primeira semana foron 20 toneladas de cada especie, ou 13 toneladas de babosa no Bohído.

-No período 2009-2018 as persoas afiliadas á seguridade social no réxime de pesca e acuicultura descenderon en 3.769.

-Sectores como a baixura, a pesca artesanal, o xeito, abandonadas, obxecto da desidia da Xunta que volve a primar os intereses do gran capital, dunha elite económica, en detrimento das xentes do mar.

-As infraestruturas portuarias seguen repetíndose ano tras ano cunha execución máis que lenta, non respondendo este ritmo nas infraestruturas a facilitar e apoiaran a actividade produtiva do mar, a contribuír a mellorar a capacidade de xerar emprego.

-Non hai un plan galego para producir semente propia, apoiase un modelo asociativo obsoleto e continúa na dirección da atomización do sector.

-Non contempla medidas para solventar a caída das rendas das persoas que viven do mar, nin para o relevo xeracional. A situación de indefensión que acaba provocando acoso, cansazo e a conseguinte expulsión da actividade e o despezamento tampouco se enfronta nestes orzamentos.

-Non se adoptan medidas para a recuperación de zonas improdutivas, aumento da produción dos bancos, proxectos de coxestión, etc. Obxectivos imprescindíbeis para enfrontar o drama dos baixos ingresos das mariscadoras e do problemas como a mortaldade do berberecho, as escasas capturas ou un modelo de comercialización obsoleto.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 13:18
Nº Rexistro: 39801
Data envío: 07/11/2018 13:18:58.533

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Multiplícanse os fondos para o sector da transformación, sen vinculación co produto autóctono nin con marcas vinculadas a Galiza.

En definitiva, estes orzamentos non só non serven para solucionar os graves problemas que ten o sector, senón que van supor empeorar aínda máis a precaria situación.

Por todas estas razóns solicitase a **devolución dos orzamentos da Sección 15**.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2018 13:18:40**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39816
Data envío: 07/11/2018 16:15:40.980

**Á MESA DO PARLAMENTO**

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019**, sen efectos devolutivos, que afecta á contía global dos estados de ingresos e gastos.

A previsión de crecemento da economía galega para ano 2018 é do 3,9% nominal o que sitúa o PIB galego previsto para o 2019 nos 66.120 millóns de Euros, fronte os 63.180 do 2018, poren incremento do PIB non se traslada ao benestar da cidadanía. Esta estimación do PIB da Xunta supón o valor máximo da historia e supera en 9.300 millóns ao de 2009. Poren o orzamento de gasto non financeiro para o ano que ven é inferior en 1.500 millóns de euros ao de 2009.

Temos maior nivel de riqueza pero menos benestar, xa que a riqueza está peor repartida, porque a xestión da crise estafa feita polos gobernos neoliberais provocou unha redistribución da renda en contra da maioría social en favor duns poucos.

Os Orzamentos do ano 2019 supoñen que a porcentaxe do gasto público sobre PIB sitúase no 14.34%, catro puntos e medio inferior ao do ano 2009 e 0,5 puntos inferior ao 2018, o que supón unha redución de mais de 2.000 millóns de euros respecto do 2009.

En Sanidade o gasto cae do 6,21% ao 5,72%, en Educación pasa do 4,24% ao 3,86% , é dicir, mais riqueza pero menor gasto público, mais riqueza pero menos recursos destinados a nosa sanidade ao noso ensino, e as políticas de emprego e investimento.

Que o orzamento medre por debaixo do que o fai a economía supón dar continuidade as políticas de recortes baixo unha formula diferente: na recesión

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39816
Data envío: 07/11/2018 16:15:40.980

o orzamento caia en termos nominais agora medra por baixo do PIB. O proxecto de orzamentos para 2019 que presenta o goberno significa renunciar a recuperarnos dos recortes e dar continuidade ao proceso de redución do publico na prestación de servizos e na economía.

Como vimos advertindo nos últimos anos  estes datos veñen a indicar que a austeridade adquire unha nova dimensión. Se nunha primeira fase a austeridade supoñía fortes recortes nominais e reais do gasto públicos, agora, a contención do gasto público, implica que este aumenta en menor medida do que o fan os recursos dispoñibles. Deste xeito, lévase a cabo unha forte redución da redistribución da riqueza e polo tanto promóvese, dende o público, unha maior desigualdade.

As cifras concretas permiten cuantificar o devalo do recursos públicos: en 2019 a Xunta disporá de 363 millóns de euros mais que en 2018 pero 2.500 millóns menos que en 2009 en termos reais. Por iso dicimos que os orzamentos de 2019 consolidan os recortes.

Este proxecto de orzamento non sirve para mudar situacións que se tornan dramáticas para o país, froito dun modelo económico que permite que ao mesmo tempo que temos mais riqueza esta estea peor repartida provocando que en Galicia teñamos hoxe  120.000 empregos menos que antes da recesión e 60.000 menos que en 2009 cando empezaron a gobernar.

Menos emprego e de peor calidade porque a metade da clase traballadora xa é precaria. Hai 153.000 persoas desempregadas, 67.000 máis que antes da recesión, e moitas delas son paradas de longa duración. Hai mais de 53.000 fogares con todos os membros en paro, e dentro deles 32.000 que non teñen ningún ingreso laboral, nin salario, nin pensión nin prestación por desemprego.

Os salarios baixaron de media un 8%, pero os máis precarios perderon neste tempo o 25% do seu poder adquisitivo. Arredor de 450.000 persoas asalariadas teñen ingresos por debaixo de 900 euros. Un de cada tres asalariados galegos está en pobreza laboral, pobreza que afecta tamén aos autónomos porque o 55% declara ingresos por debaixo de 500 euros ao mes.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39816
Data envío: 07/11/2018 16:15:40.980

O 44 % dos fogares galegos ingresa menos de 1.500 euros ao mes sumando os ingresos de tódolos seus membros. En 2017 as familias gastaron de media 3.600 euros anuais menos que en 2008, unha caída do 25% do seu gasto real.

Hai 612.000 persoas en risco de pobreza ou exclusión social, temos unha taxa Arope do 23 % que implica que unha de cada catro persoas do noso país está nesa situación. O 63 % das pensións están por debaixo do limiar da pobreza, pensionistas pobres que no caso das pensións de viuvez chega ata o 81 %.

O proxecto de orzamentos para 2019 que presenta a Xunta non serve para dar resposta a esta situación e por iso avaliámolos como decepcionantes, restritivos, mediocres, antisociais, continuístas e neoliberais, porque non serven para mellorar a vida da cidadanía, nin para empezar a darlle a volta aos recortes, nin para impulsar a actividade económica e recuperar o emprego.

O proxecto de orzamentos para 2019 é restritivo e polo tanto continúa a senda do axuste e dos recortes, o que unido o esgotamento dos factores externos vai provocar unha intensa desaceleración do crecemento económico, segundo as propias previsións da Xunta incluídas no cadro macroeconómico.

Un orzamento que se incrementa menos do que medra o PIB nominal e polo tanto reduce en termos reais os recursos dedicados os servizos públicos, as prestacións, á protección social e á capitalización do pais.

Fronte este modelo neoliberal nós propoñemos avanzar por una vía diferente, baseada nun modelo de crecemento inclusivo, que non deixe a ninguén á marxe, e po lo tanto máis xusto e sólido. Uns orzamentos que aposten pola mellora da actividade en sectores de máis valor engadido, en especial cun peso importante das ramas industriais, que faga da produtividade do conxunto dos factores —a do traballo incluída– o instrumento da competitividade das empresas e do país, o que permitiría recuperar o traballo estable e con dereitos como a norma e non a excepción, con salarios decentes sobre os que se poida soster o estado do benestar grazas aos impostos e as cotizacións.

Fronte a resignación, os recortes e o axuste permanente, nós demandamos e comprometémonos cunha posición ambiciosa da Xunta de Galicia co obxectivo de incrementar o orzamento en 400 millóns de euros, mellorando os ingresos coa finalidade de financiar unha política económica que impulse o crecemento,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39816
Data envío: 07/11/2018 16:15:40.980

o transforme en desenvolvemento económico e social, baseado na economía produtiva, que traslade a maior riqueza o benestar da cidadanía combatendo a desigualdade, a precariedade, a pobreza e a exclusión.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, **PROPÓN a seguinte emenda de totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, que afecta á contía global dos estados de ingresos e gastos, e que transfire créditos** entre seccións nos seguintes termos:

**PRIMEIRO.- O incremento do teito de gasto non financeiro dos Orzamentos Xerais de Galicia 2019**, fixado polo Parlamento, **en 400 millóns de euros**, amparado na utilización das marxes legais que confiren tanto a Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sostenibilidade financeira, coma a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, en relación ao seu financiamento a través do incremento de ingresos non financeiros de carácter permanente.

**Unha proposta articulada a través de catro eixos:**

> **1 .- Incremento dos recursos procedentes do Estado**, estimación rigorosa dos ingresos derivados do financiamento autonómico.
> **2.- Medidas fiscais** co obxectivo de incrementar a recadación, actuando sobre os tipos das figuras tributarias que xa existen e utilizando a creación doutras novas.
> **3.-** Unha **minoración selectiva** e ponderada do actual nivel de **beneficios fiscais** que actúe unicamente sobre as **rendas e patrimonios elevados**
> **4.-** Reforzando o Plan de Inspección e de **Loita contra a Fraude Fiscal**.

Estes catro eixos estratéxicos, que teñen como obxectivo incrementar de forma permanente os ingresos da Xunta de Galicia en 400 millóns de euros, son desenvolvidos da seguinte forma:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39816
Data envío: 07/11/2018 16:15:40.980

**1. Un incremento dos recursos procedentes do Estado, actuando sobre o modelo de financiamento autonómico e os seus instrumentos para o reequilibrio territorial.**

**1.1** A Compoñente fundamental dos ingresos públicos autonómicos**,** ten que ver coas **previsións de ingresos que derivan do modelo de financiamento autonómico**.

O presente proxecto de orzamento contén, en canto ao calculo de tributos cedidos e a participación de Galicia nestes, un calculo que non parece coherente co expresado na memoria, que textualmente recolle a mellora das expectativas de recadación, pero ao mesmo tempo diminúe o cadro de participación en tributos como o IBE.

Xa nos Orzamentos do ano 2017, as previsións realizadas dos ingresos derivados do financiamento autonómico foron considerablemente mais baixas dos ingresos reais acadados finalmente, dándolle a razón ao grupo Parlamentario de En Marea, que defendeu dende un principio que as previsións estimadas eran erróneas. Como consecuencia disto, a Xunta de Galicia tivo que levar a cabo una modificación orzamentaria no mes de xullo de 228 millóns de euros.

Obsérvase que anualmente prodúcese un erro reiterado na estimacións dos ingresos, e polo tanto, da contía dos anticipos a conta que recibe a Xunta de Galicia. Por exemplo, no cadro de execución orzamentaria do 2017 publicado no DOG figura en este concepto un montante próximo aos 292 millóns de euros .

Ante isto resulta fundamental **unha estimación rigorosa dos ingresos derivados do modelo de financiamento autonómico** que teña en conta as previsións de crecemento económico e, polo tanto, das bases impoñibles das diferentes figuras tributarias corrixindo as desviacións entre as previsións e a recadación final efectiva dos últimos anos que se

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39816
Data envío: 07/11/2018 16:15:40.980

materializa en liquidacións positivas sobre os ingresos a conta moi significativas.

**1.2** Por outra banda cómpre levar a cabo unha revisión e modificación do **Fondo de Compensación Interterritorial**, que resulta un instrumento clave do requilibrio territorial. Se o ano pasado denunciábamos a súa descapitalización esta vez a situación é mais grave, xa que supón o 6,7% das transferencias de Capital fronte o 7.6% do ano anterior. Estas cuantías son insuficientes para acadar o seu obxectivo de reequilibrio territorial e debe volver, cando menos, **ao nivel do ano 2009 en termos reais.**

**A posta en práctica da revisión dos ingresos procedentes do modelo de financiamento autonómico e do FCI**, daría lugar aos seguintes incrementos nas previsións iniciais de ingresos dos Orzamentos Xerais de Galicia para o ano 2019 de acordo co seguinte desglose por partidas orzamentarias de ingresos.

| MEDIDA | CONCEPTO | CONTÍA | DENOMINACIÓN |
|---|---|---|---|
| 1.1 | 400 | 213.000.000 | Participación modelo de financiamento |
| 1.2 | 700 | 25.000.000 | Fondo de Compensación Interterritorial |
| | **TOTAL** | **238.000.000** | |

**2. Elaborar un paquete de medidas fiscais co obxectivo de incrementar a recadación, actuando sobre os tipos das figuras tributarias que xa existen e creando outras novas.**

Galicia é na actualidade, unha das Comunidades Autónomas cun dos sistemas fiscais menos progresivos de todo o Estado. A Xunta de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39816
Data envío: 07/11/2018 16:15:40.980

reivindica constantemente a baixada de impostos, pero esta beneficia principalmente ás rendas mais altas, un exemplo é a insultante rebaixa do tipo impositivo de patrimonio, que so afectará aos patrimonios superiores aos 700.000€, un auténtico insulto para as traballadoras deste país.

Debemos utilizar as posibilidades que ofrece o modelo de financiamento autonómico, outórganos capacidade de introducir tributos

O paquete de medidas fiscais que se propón para a súa incorporación aos Orzamentos Xerais de Galicia 2019, intégrase polos seguintes elementos:

2.1 Incremento dos tipos impositivos nos tramos mais altos e incremento dos tramos da tarifa autonómica do **imposto da Renda das persoas físicas**

2.2 **Mantemento do Imposto de Patrimonio** eliminando a redución proposta polo executivo, con elevación da actual escala de gravame dos tipos impositivos.

2.3 Incremento do tipo de gravame do **Imposto sobre o dano Medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada.**

2.4 Creación do **Imposto Autonómico sobre as Grandes Superficies Comerciais.**

2.5 Creación dun **Imposto Autonómico sobre Bebidas de Alto Contido en Azucres.**

2.6 Implantación dun **Imposto Autonómico sobre os Pisos Baleiros ou turístico para os Grandes Propietarios unicamente.**

2.7 En relación coa participación no **Imposto sobre os Depósitos nas Entidades de Crédito, considérase que a estimación da recadación debería incrementarse polo menos nun volume de recursos adicionais de 10 millóns de euros**.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39816
Data envío: 07/11/2018 16:15:40.980

O Seguinte cadro recolle as cuantía que poderían acadarse con cada unha das medidas anteriores

| MEDIDA | CONCEPTO | CONTÍA | DENOMINACIÓN |
|---|---|---|---|
| 2.1 | | 10.000.000 | IRPF, incremento da tarifa autonómica nos tramos superiores |
| 2.2 | | 20.000.000 | Imposto de Patrimonio |
| 2.3 | | 50.000.000 | Imposto sobre Dano Ambiental Auga Ancorada |
| 2.4 | | 4.000.000 | Imposto sobre Grandes Superficies Comerciais |
| 2.5 | | 500.000 | Imposto Bebidas Alto Contido en Azucres |
| 2.6 | | 2.000.000 | Imposto sobre Pisos Baleiros Grandes Propietarios |
| 2.7 | | 10.000.000 | Imposto sobre Depósitos Entidades de Crédito |
| | **Total** | **96.500.000** | |

**3. Minoración selectiva e ponderada do actual nivel de beneficios fiscais**

Ademais do feble marco fiscal que presenta Galicia, a política de beneficios fiscais que exerce o Goberno Galego, en moitos casos unicamente para favorecer a determinadas elites económicas debilita aínda mais os recursos públicos da Administración Autonómica. Detraendo recursos para servizos públicos que son a verdadeira renda indirecta que necesita a maioría social Galega

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39816
Data envío: 07/11/2018 16:15:40.980

Sinalamos de forma mais detallada, as deducións previstas nos orzamentos por figuras tributarias na seguinte táboa.

| | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **IRPF** | 19.125.000 | 21.373.000 | 28.899.900 | 24.755.000 | 23.151.000 | *26.211.000* |
| **IP** | 804.000 | 804.000 | 804.000 | 94.514.000 | 200.000 | *800.000* |
| **ISD** | 88.289.500 | 76.691.075 | 117.477.350 | 144.249.900 | 142.367.350 | *148.185.875* |
| **ITP-AXD** | 15.309.000 | 20.567.000 | 30.469.500 | 103.085.244 | 44.366.500 | *59.469.000* |
| **Hidrocarburos** | 14.717.977 | 19.078.177 | 6.483.000 | 8.745.000 | 8.975.000 | *4.62.5000* |
| **Taxas e prezos** | 171.958.908 | 173.985.672 | 179.757.994 | 178.087.743 | 186.079.123 | *191.148.405* |
| **Total** | **310.204.385** | **312.498.924** | **363.891.744** | **553.436.887** | **405.138.973** | ***430.439.280*** |

Fonte: Orzamentos de Galicia. Euros.

Nos Orzamentos que presenta a Xunta para o ano 2019, os beneficios fiscais supoñen un total de 430,5 millóns de euros  Ante isto, cómpre unha minoración selectiva e ponderada sen afectación do principio de equidade e redistribución do actual nivel de beneficios fiscais previstas nos Orzamentos do ano 2019.

Unha revisión dos beneficios fiscais, daría lugar aos seguintes incrementos nas previsións inicias do estado de ingresos dos Orzamentos Xerais de Galicia para o ano 2019, de acordo co seguinte desglose por partidas orzamentarias de ingresos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39816
Data envío: 07/11/2018 16:15:40.980

| MEDIDA | CONCEPTO | CONTÍA | DENOMINACIÓN |
|---|---|---|---|
| 3.1 | 100 | 5.000.000 | Incremento Minoración Selectiva Beneficios Fiscais |
| | 110 | 46.500.000 | |
| | 200 | 1.000.000 | |
| | 201 | 1.000.000 | |
| | **Total** | **53.500.000** | |

**4. Mellora do Plan de Inspección e de Loita contra o Fraude Fiscal**

Aínda sen existir un dato concreto do coste do fraude fiscal no conxunto do estado, segundo o sindicato de técnicos do ministerio de Facenda, este pode estar entre os 40.000 e 72.000 millóns de euros anuais.

Ante a magnitude do problema, do que Galicia non é allea, compre incentivar os mecanismos que permitan controlar e reducir a fraude fiscal, de forma que se incrementen os recursos que perde Galicia por mor desta lacra.

Estreitamente relacionado coas deficiencias que presenta o sistema fiscal español, atópase as implicacións que ten sobre este a economía somerxida. A FUNDACIÓN DAS Caixas de Aforro (FUNCAS), ven de publicar o estudo titulado: "Economía sumergida y fraude fiscal en españa: ¿qué sabemos? ¿qué podemos hacer?" Neste traballo realízase un cálculo do que representa a economía somerxida, en termos do PIB, en cada unha das Comunidades Autónomas así coma tamén o seu impacto fiscal. Os resultados indican que en Galicia a economía somerxida acada o 22% do noso PIB, o que equivale a un volume de 12.400 millóns de euros e que sitúa a Galicia como a terceira Comunidade Autónoma con mais economía somerxida, soamente superada por Canarias e Andalucía. Pero ademais, cando se observan os datos por provincias, as porcentaxes de Lugo e Ourense empeoran

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39816
Data envío: 07/11/2018 16:15:40.980

significativamente situándose no ranking das provincias do estado con maior porcentaxe de economía somerxida. Por exemplo, outros estudos diferentes o aquí mencionado, como o elaborado polo sindicato de inspectores de facenda, sinalan que a porcentaxe na provincia de Lugo pode acadar o 30% e en Ourense superaría o 28%.

Un plan contra o fraude, daría lugar, como mínimo, aos seguintes incrementos nas previsións inicias do estado de íngreos dos Orzamentos Xerais de Galicia para o ano 2019.

| MEDIDA | CONCEPTO | CONTÍA | DENOMINACIÓN |
|---|---|---|---|
| 4.1 | 110 | 4.000.000 | Incrementos derivados reforzamento Plan de Inspección e Loita contra o Fraude Fiscal |
| | 111 | 2.000.000 | |
| | 200 | 3.000.000 | |
| | 201 | 3.000.000 | |
| | **Total** | **12.000.000** | |

Así pois**, a adopción das medidas descritas anteriormente, isto é, a actuación sobre o modelo de financiamento autonómico, o paquete de medidas fiscais, unha revisións dos beneficios fiscais e o plan de loita contra o fraude fiscal,** permitirán o achegamento ás arcas da Facenda galega dun volume adicional de recursos de **400 millóns de euros**.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39816
Data envío: 07/11/2018 16:15:40.980

**CADRO RESUMO EIXOS ACHEGA ADICONAL DE RECURSOS**

| EIXO | CONCEPTO | CUANTÍA |
|---|---|---|
| 1 | Participación Modelo de Financiamento e Fondo compensación Territorial | 238.000.000 |
| 2 | Novas Medidas Fiscais | 96.500.000 |
| 3 | Minoración Selectiva beneficios fiscais rendas Altas | 53.500.000 |
| 4 | Plan loita contra fraude Fiscal | 12.000.00 |
| | TOTAL | 400.000.000 |

**Segundo.- Reasignación das prioridades de Gasto Público**

Xunto co anterior, propóñense as seguintes variacións (**Baixas**) das distintas seccións do Orzamento por un importe global de **292.258.000 €**, que supoñen unha **reasignación das prioridades do gasto público** sen alteración do montante global dos Orzamentos:

| ***Minoracións, Baixas das seguintes Partidas de gato contidas no anteproxecto de Orzamentos 2019*** ***#Sección, Servizo, Programa, Capítulo, Concepto ->Importe#*** | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 01 | 01 | 111B | 22200 | 100.000 |
| 01 | 01 | 111B | 22799 | 150.000 |
| 01 | 01 | 111B | 6400 | 50.000 |
| 01 | 02 | 111B | 10000 | 10.000 |

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39816
Data envío: 07/11/2018 16:15:40.980

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 01 | 02 | 111B | 11000 | 30.000 |
| 02 | 01 | 111C | 100 | 40.000 |
| 03 | 01 | 111D | 100 | 6.000 |
| 04 | 10 | 111A | 100 | 10.000 |
| 04 | 10 | 111A | 110 | 90.000 |
| 04 | 10 | 111A | 22699 | 100.000 |
| 04 | 11 | 111A | 100 | 6.000 |
| 04 | 20 | 461A | 100 | 6.000 |
| 04 | 20 | 461A | 110 | 60.000 |
| 04 | 20 | 461A | 22001 | 10.000 |
| 04 | 20 | 461A | 226 | 200.000 |
| 04 | 20 | 461A | 6400 | 250.000 |
| 04 | 21 | 461A | 1000 | 6.000 |
| 04 | 30 | 312C | 1000 | 6.000 |
| 04 | 30 | 312C | 110 | 15.000 |
| 04 | 40 | 441A | 100 | 6.000 |
| 04 | 40 | 441A | 110 | 7.000 |
| 05 | 11 | 311A | 100 | 6.000 |
| 05 | 11 | 311A | 110 | 7.000 |
| 05 | 12 | 121B | 100 | 6.000 |
| 05 | 21 | 121A | 100 | 10.000 |
| 05 | 21 | 121A | 110 | 50.000 |

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39816
Data envío: 07/11/2018 16:15:40.980

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 05 | 21 | 121A | 622 | 600.000 |
| 05 | 21 | 324B | 22706 | 100.000 |
| 05 | 22 | 131A | 100 | 6.000 |
| 05 | 23 | 141A | 100 | 6.000 |
| 05 | 24 | 121C | 100 | 6.000 |
| 05 | 24 | 121C | 22706 | 10.000 |
| 05 | 24 | 121C | 6400 | 10.000 |
| 05 | 25 | 212A | 100 | 6.000 |
| 05 | 26 | 11E | 100 | 10.000 |
| 05 | 27 | 122A | 100 | 6.000 |
| 05 | 28 | 121A | 100 | 25.000 |
| 05 | 28 | 121A | 110 | 35.000 |
| 06 | 01 | 611a | 100 | 12.000 |
| 06 | 01 | 611A | 110 | 25.000 |
| 06 | 01 | 612A | 6 | 250.000 |
| 06 | 02 | 621A | 100 | 6.000 |
| 06 | 03 | 612A | 100 | 6.000 |
| 06 | 04 | 612A | 100 | 6.000 |
| 06 | 05 | 124A | 100 | 6.000 |
| 07 | 01 | 541A | 100 | 12.000 |
| 07 | 01 | 541a | 110 | 25.000 |
| 07 | 01 | 541a | 526 | 40.000 |

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39816
Data envío: 07/11/2018 16:15:40.980

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 07 | 02 | 541D | 100 | 6.000 |
| 07 | 03 | 541B | 100 | 6.000 |
| 07 | 03 | 541B | 470 | 250.000 |
| 07 | 04 | 521A | 100 | 6.000 |
| 04 | 10 | 571A | 73200 | 27.000.000 |
| 08 | 01 | 511A | 100 | 12.000 |
| 08 | 01 | 512B | 73 | 45.000.000 |
| 08 | 01 | 511A | 110 | 30.000 |
| 08 | 01 | 512B | 73204 | 20.000.000 |
| 08 | 01 | 511A | 6400 | 200.000 |
| 08 | 01 | 512B | 432 | 1.000.000 |
| 08 | 02 | 512A | 100 | 6.000 |
| 08 | 02 | 512A | 640 | 2.000.000 |
| 08 | 03 | 511A | 100 | 6.000 |
| 09 | 10 | 731A | 100 | 12.000 |
| 09 | 10 | 731A | 110 | 50.000 |
| 09 | 10 | 731A | 222 | 100.000 |
| 09 | 10 | 731A | 640 | 1.400.000 |
| 09 | 20 | 732A | 100 | 6.000 |
| 09 | 20 | 732A | 6330 | 10.000 |
| 09 | 20 | 734A | 7810 | 600.000 |
| 09 | 30 | 751A | 100 | 6.000 |

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39816
Data envío: 07/11/2018 16:15:40.980

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 09 | 30 | 751A | 741 | 50.000 |
| 09 | 40 | 322C | 4706 | 2.000.000 |
| 09 | 40 | 322c | 640 | 70.000 |
| 09 | 40 | 324a | 100 | 6.000 |
| 09 | 40 | 324C | 4703 | 180.000 |
| 09 | 40 | 324A | 4816 | 100.000 |
| 09 | 40 | 324a | 640 | 250.000 |
| 09 | 41 | 322A | 22706 | 750.000 |
| 09 | 41 | 323A | 100 | 6.000 |
| 09 | 41 | 323A | 212 | 35.000 |
| 09 | 41 | 323A | 2706 | 150.000 |
| 09 | 41 | 323a | 64001 | 300.000 |
| 09 | 41 | 323B | 471 | 1.000.000 |
| 10 | 10 | 423A | 42706 | 50.000 |
| 10 | 30 | 421A | 100 | 30.000 |
| 10 | 30 | 421A | 110 | 30.000 |
| 10 | 30 | 422A | 482 | 24.530.000 |
| 10 | 30 | 422A | 780 | 5.500 |
| 10 | 30 | 422M | 482 | 1.950.000 |
| 10 | 30 | 422A | 132 | 15.946.290 |
| 10 | 30 | 423A | 482 | 1.000 |
| 10 | 30 | 423A | 484 | 600 |

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39816
Data envío: 07/11/2018 16:15:40.980

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 10 | 30 | 423A | 485 | 3.000 |
| 10 | 30 | 423A | 486 | 7.000 |
| 10 | 40 | 561B | 74315 | 1.500.000 |
| 11 | 10 | 431A | 100 | 12.000 |
| 11 | 10 | 431A | 110 | 30.000 |
| 11 | 10 | 432A | 100 | 6.000 |
| 11 | 20 | 432B | 443 | 5.707.846 |
| 11 | 20 | 423B | 743 | 1.500.000 |
| 11 | 30 | 433A | 10 | 6.000 |
| 11 | 40 | 151A | 10 | 6.000 |
| 11 | 40 | 151A | 10 | 3.000 |
| 12 | 01 | 411A | 10 | 12.000 |
